PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Ámbito científico-tecnolóxico	3º ESO	8	280

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 4

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 6

4.1. Concrecións metodolóxicas 18

4.2. Materiais e recursos didácticos 20

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 20

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 20

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 22

6. Medidas de atención á diversidade 22

7.1. Concreción dos elementos transversais 22

7.2. Actividades complementarias 24

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 24

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 25

9. Outros apartados 25

1. Introdución

Esta programación didáctica, elaborada para a materia de PDC - Ámbito Científico-Tecnolóxico do 3º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, DOG 26/09/2022, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que xira en torno a tres materias: Matemáticas, Física e Química e Bioloxía e Xeoloxía.
Na materia de Matemáticas os contidos centraranse na aplicación sobre numeración e cálculo en diferentes contextos, a comprensión de aspectos xeométricos, a linguaxe alxébrica e, por último, a interpretación e comprensión de datos e fenómenos aleatorios. Na materia de Física e química abordaranse contidos sobre a estrutura da materia e as súas transformacións así como as interaccións entre os sistemas fisicoquímicos. Completarse o ámbito coa materia de Bioloxía e Xeoloxía permitindo analizar a anatomía e fisioloxía do ser humano adoptando hábitos saudables, finalizando co funcionamento dos sistemas biolóxicos e xeolóxicos.
Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica nun IES, O IES Luís Seoane, situado nun barrio o noroeste da cidade de Pontevedra, da que dista 3 km. Destacar que o nivel socioeconómico e cultural da poboación é baixo. Dentro da súa diversidade ten relevancia a presenza de habitantes de etnia xitana e de inmigrantes de orixe marroquí e suramericana. O centro tamén recibe unha alta porcentaxe de alumnado procedente da Escola Fogar Príncipe Felipe que acolle a nenos e xoves en situación de risco ou de exclusión social. Por todo isto, unha alta porcentaxe presenta carencias familiares que repercuten negativamente no eido académico. Para moitos deles o IES supón a única oportunidade de aprender, coñecer e levar a cabo actividades. O noso alumnado presenta pouca motivación e un nivel insuficiente nas competencias en comunicación, matemática e científica que conclúe en máis casos dos desexados de abandono educativo temperán.
O grupo seleccionado, está composto por 9 alumnas e alumnos nos que se pretende desenvolver no alumnado a madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma. Tamén poñeremos especial énfase na atención a diversidade do alumnado que conforma o grupo orientada a que cada alumno e alumna desenvolva ao máximo o seu potencial.
Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer os motivos polos que ocorren os principais fenómenos naturais, a partir de situacións cotiás, e explicalos en termos das leis e teorías científicas adecuadas, para poñer en valor a contribución da ciencia á sociedade.	1		1-2-4	1	4	3		
OBX2 - Interpretar e modelizar en termos científicos problemas e situacións da vida cotiá aplicando diferentes estratexias, formas de razoamento, ferramentas tecnolóxicas e o pensamento computacional, para achar e analizar solucións comprobando a súa validez.	2		1-2	1-3	4		1	
OBX3 - Utilizar os métodos científicos, facendo indagacións e levando a cabo proxectos, para desenvolver os razoamentos propios do pensamento científico e mellorar as destrezas no uso das metodoloxías científicas.			1-2-3	1-3	4-5		1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Analizar os efectos de determinadas accións cotiás sobre a saúde, o medio natural e social, baseándose en fundamentos científicos, para valorar a importancia dos hábitos que melloran a saúde individual e colectiva, evitan ou minimizan os impactos ambientais negativos e son compatibles cun desenvolvemento sustentable.			5	4	2	4		
OBX5 - Interpretar e transmitir información e datos científicos, contrastando previamente a súa veracidade, e utilizando linguaxe verbal ou gráfica apropiada, para adquirir e afianzar coñecementos da contorna natural e social.	1-2-3		4	1	4	4		3
OBX6 - Identificar as ciencias e as matemáticas implicadas en contextos diversos, interrelacionando conceptos e procedementos para aplicalos en situacións da vida cotiá.			1-2-5	5	5	4	1	2
OBX7 - Desenvolver destrezas persoais identificando e xestionando emocións, poñendo en práctica estratexias de aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e adaptándose ante situacións de incerteza, para mellorar a perseveranza na consecución de obxectivos e a valoración da aprendizaxe das ciencias.			5	2	1-4-5	1	1-3	
OBX8 - Desenvolver destrezas sociais e traballar de forma cooperativa en equipos diversos con roles asignados que permitan potenciar o crecemento entre iguais, valorando a importancia de romper os estereotipos de xénero na investigación científica, para o emprendemento persoal.	5	3	2-4	3	3	2	2	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O traballo científico na sociedade.	Nesta unidade abórdanse distintos aspectos sobre o traballo científico na sociedade.	10	12	X	X	X
2	Niveis de organización do ser humano.	Nesta unidade imos estudar os diferentes niveis de organización do ser humano dende a célula ata os tecidos, órganos e aparatos. Ademáis estudaremos os virus, tan importantes na sociedade actual.	5	12	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	A estrutura e composición da materia.	Nesta unidade tratarase a estrutura atómica da materia, así como a ordenación dos elementos na táboa periódica. Tamén se aprenderá a formular e nomear compostos binarios seguindo as normas IUPAC.	8	18	X		
4	Números e operacións.	Nesta unidade trabállanse os números enteiros, naturais, racionais e decimais, as operacións combinadas, proporcionalidade e as porcentaxes.	15	36	X		
5	Funcionamento do corpo humano.	Nesta unidade estudaremos como funciona o corpo humano. Para iso, centrarémonos nas funcións vitais: nutrición, relación e reprodución.	10	36	X		
6	Ecuacións e sistemas.	Nesta unidade trátase a linguaxe alxébrica, a resolucion de ecuacións e sistemas.	10	38		X	
7	Os cambios na materia. As reaccións químicas.	Nesta unidade analizaránse os diferentes cambios nos sistemas materiais así como as súas causas e consecuencias. Remataráse a unidade coa interpretación das reaccións químicas e o análise da influencia de determinados factores na velocidade das reaccións químicas.	8	16		X	
8	Funcións e gráficas.	Nesta unidade trabállanse as funcións e as súas representacións.	10	20		X	
9	Saúde e enfermidade.	Nesta unidade veremos que é unha enfermidade, clasificándoas en infeccionas e non infecciosas. Tamén faremos principal fincapé nos transplantes e doazóns así como nos principais hábitos saudables.	5	20		X	
10	Estatística.	Esta unidade xira arredor do tratamento de datos de cara á elaboración, análise e interpretación de táboas e gráficos.	4	20			X
11	Xeometría.	Esta unidade traballa as áreas e perímetros de figuras planas e tamén as figuras xeométricas planas e tridimensionais.	5	25			X
12	A paisaxe. Os procesos xeolóxicos externos.	Nesta unidade imos estudar cales son os axentes, proceso e factores que condicionan o modelado do relevo. Tamén veremos que e cales son os riscos naturais.	5	15			X
13	A enerxía.	Nesta unidade trataráse a natureza eléctrica da materia relacionándoa coa construcción de circuítos eléctricos sinxelos. Ademáis tamén se incidirá na importancia de realizar un consumo responsable das fontes enerxéticas.	5	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O traballo científico na sociedade.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Formular preguntas e hipóteses que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando o método científico, a observación, a información e o razoamento explicando fenómenos naturais e realizando predicións sobre eles.	Formular preguntas e hipóteses que poidan ser respondidas utilizando o método científico.	TI	100
CA1.2 - Deseñar e realizar experimentos e obter datos cuantitativos e cualitativos sobre fenómenos naturais no medio natural e no laboratorio utilizando os instrumentos, ferramentas ou técnicas adecuadas con corrección para obter resultados claros que respondan a cuestións concretas ou que contrasten a veracidade dunha hipótese.	Deseñar e realizar experimentos e obter datos cuantitativos e cualitativos sobre fenómenos naturais no medio natural e no laboratorio.		
CA1.3 - Interpretar os resultados obtidos en proxectos de investigación utilizando o razoamento e, cando sexa necesario, ferramentas matemáticas e tecnolóxicas.	Interpretar os resultados obtidos en proxectos de investigación.		
CA1.4 - Organizar e comunicar información científica e matemática de forma clara e rigorosa de maneira verbal, gráfica, numérica etc. utilizando o formato máis adecuado.	Organizar e comunicar información científica e matemática de forma clara e rigorosa de maneira verbal, gráfica, numérica etc.		
CA1.5 - Empregar e citar de forma adecuada fontes fiables seleccionando a información científica relevante na consulta e creación de contidos e mellorando a aprendizaxe propia e colectiva.	Empregar e citar de forma adecuada fontes fiables.		
CA1.6 - Asumir responsablemente unha función concreta dentro dun proxecto científico utilizando espazos virtuais cando sexa necesario, achegando valor, analizando criticamente as contribucións do resto do equipo respectando a diversidade e favorecendo a inclusión.	Asumir responsablemente unha función concreta dentro dun proxecto científico.		
CA1.7 - Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos colaborativos orientados á mellora e á creación de valor na sociedade.	Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos colaborativos.		
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela, destacando o papel da muller e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución influída polo contexto político e os recursos económicos.	Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela.		
CA12.1 - Mostrar resiliencia ante os retos académicos asumindo o erro como unha oportunidade para a mellora e desenvolvendo un autoconcepto positivo ante as ciencias.	Mostrar resiliencia ante os retos académicos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA12.2 - Asumir responsablemente unha función concreta dentro dun proxecto científico utilizando espazos virtuais cando sexa necesario, achegando valor, analizando criticamente as contribucións do resto do equipo respectando a diversidade e favorecendo a inclusión.	Asumir responsablemente unha función concreta dentro dun proxecto científico.		
CA12.3 - Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos colaborativos orientados á mellora e á creación de valor na sociedade.	Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos colaborativos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Proxectos de investigación. Metodoloxía da investigación científica.
- Identificación e formulación de cuestións.
- Elaboración de hipóteses.
- Comprobación mediante experimentación.
- Análise e interpretación de resultados.
- Espazos e recursos de aprendizaxe científica (como o laboratorio e os espazos virtuais): utilización adecuada, que asegure a conservación da saúde propia e a comunitaria, a seguridade e o respecto ao medio ambiente.
- Linguaxe científica: interpretación, produción e comunicación eficaz de información de carácter científico no contexto escolar en diferentes formatos.
- Valoración da ciencia e da actividade desenvolvida polas persoas que se dedican a ela e recoñecemento da súa contribución aos distintos ámbitos do saber humano e no avance e a mellora da sociedade.
- Estratexias para o recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe propia para incrementar a curiosidade, a iniciativa, a perseveranza e a resiliencia, así como o pracer de aprender e comprender a ciencia.
- Estratexias de fomento da flexibilidade cognitiva: a apertura a cambios de estratexia cando sexa necesario e transformación do erro en oportunidade de aprendizaxe.
- Selección de técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo, uso de condutas empáticas e estratexias para a xestión de conflitos.
- Promoción de actitudes inclusivas e da igualdade efectiva de xénero, así como respecto polas minorías e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade.

UD	Título da UD	Duración
2	Niveis de organización do ser humano.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA9.1 - Recoñecer e describir a célula como unidade estrutural e funcional dos seres vivos identificando as estruturas básicas dos diferentes tipos de células, utilizando diferentes estratexias de observación e comparación e relacionándoas coas súas funcións.	Xustificar a célula como unidade estrutural e funcional dos seres vivos. Identificar as partes dos distintos tipos de células.	PE	100
CA9.2 - Determinar os distintos niveis de organización das células para formar tecidos, órganos e aparatos dun ser vivo utilizando diferentes estratexias de observación.	Coñecer os distintos niveis de organización dos seres vivos.		
CA9.3 - Describir os virus como formas acelulares causantes dalgunhas patoloxías nos humanos, utilizando fontes fiables adoptando unha actitude crítica e escéptica cara a informacións sen unha base científica como pseudociencias, teorías conspiratorias, crenzas infundadas, bulos etc.	Describir os virus como formas acelulares causantes dalgunhas patoloxías nos humanos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Niveis de organización. - A célula: estrutura básica e tipos de células. - Os tecidos, órganos e aparatos. - Os virus.

UD	Título da UD	Duración
3	A estrutura e composición da materia.	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA7.1 - Identificar e comprender fenómenos naturais relevantes, para explicalos a partir de teorías, leis e principios científicos adecuados como estratexia na toma de decisións fundamentadas.		PE	100
CA7.1.1. - Comprender a estrutura atómica da materia e a existencia de isótopos recoñecendo os modelos atómicos como instrumentos interpretativos das distintas teorías.	Comprender a estrutura atómica da materia e a existencia de isótopos.		
CA7.1.2. - Interpretar a ordenación dos elementos na táboa periódica a partir dos seus símbolos recoñecendo os máis relevantes.	Interpretar a ordenación dos elementos na táboa periódica a partir dos seus símbolos.		
CA7.2 - Elaborar representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas.			

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA7.2.1. - Identificar os elementos químicos máis comúns así como as súas propiedades diferenciando entre átomos e moléculas.	Identificar os elementos químicos máis comúns así como as súas propiedades.		
CA7.3 - Atopar a solución dun problema utilizando os datos e información achegados, os propios coñecementos e as estratexias e ferramentas apropiadas.			
CA7.3.1. - Formular e nomear compostos sinxelos e binarios seguindo as normas IUPAC.	Formular e nomear compostos sinxelos e binarios.		
CA7.4 - Comprobar a corrección das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto exposto.	Comprobar a corrección das solucións dun problema.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Teoría cinético-molecular: aplicación e explicación das propiedades máis importantes dos sistemas materiais. - Composición da materia. - Aplicación dos coñecementos sobre a estrutura atómica da materia para entender a formación de ións, a existencia de isótopos, o desenvolvemento histórico do modelo atómico e a ordenación dos elementos na táboa periódica. - Valoración das aplicacións de elementos e compostos químicos de relevancia, a súa formación e as súas propiedades físicas e químicas. - Formulación e nomenclatura de substancias químicas simples e compostos binarios inorgánicos segundo as normas da IUPAC.

UD	Título da UD	Duración
4	Números e operacións.	36

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Elaborar representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas.	Elaborar representacións que axuden na procura dunha solución problematizada con números e operacións, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas.	PE	100
CA2.2 - Atopar a solución dun problema utilizando coñecementos, datos e información achegados, estratexias e ferramentas apropiadas.	Atopar a solución dun problema de números e operacións utilizando a xerarquía de operacións, os datos e información achegados.		
CA2.3 - Comprobar a corrección das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto exposto.	Comprobar a corrección das solucións dun problema aritmético.		
CA2.4 - Organizar e comunicar información científica e matemática de forma clara e rigorosa de maneira verbal, gráfica, numérica etc. utilizando o formato máis adecuado.	Organizar e comunicar información científica e matemática de forma clara en problemas aritméticos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Analizar e interpretar información científica e matemática presente na vida cotiá, mantendo unha actitude crítica.	Identificar a informacion científica e matemática presente na vida cotiá relacionada coa aritmética.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Números e operacións.
- Identificación e representación de cantidades con números naturais, enteiros, decimais e racionais.
- Representación e ordenación de números na recta numérica.
- Selección da representación máis adecuada dunha cantidade e utilización en distintos contextos.
- Operacións ou combinación de operacións con números naturais, enteiros, racionais ou decimais (suma, resta, multiplicación, división e potencias con expoñentes enteiros).
- Propiedades das operacións con números naturais, enteiros, racionais ou decimais.
- Resolución de problemas elixindo a representación máis adecuada dunha cantidade.
- Estratexias de cálculo mental, de forma manual ou con calculadora.
- Relacións inversas (adicción e subtracción, multiplicación e división, cadrado e raíz cadrada): utilización na resolución de problemas.
- Utilización do cálculo para resolver problemas da vida cotiá, adaptando a estratexia e o tipo de cálculo ao tamaño dos números.
- Interpretación de números grandes e pequenos.
- Recoñecemento da notación científica.
- Orde de magnitude.
- Uso da calculadora na representación de números en notación exponencial e científica.
- Factores e múltiplos: relacións e uso da factorización en números primos na resolución de problemas.
- Razóns e proporcións: comprensión e representación de relacións cuantitativas.
- Relacións de proporcionalidade directa e inversa.
- Recoñecemento das relacións de proporcionalidade directa e inversa.
- Interpretación da constante de proporcionalidade no contexto dado.
- Resolución de problemas de proporcionalidade: escalas, cambio de divisas etc.
- Porcentaxes.
- Comprensión e uso en diferentes contextos.
- Aumentos e diminucións porcentuais. Aplicación en contextos cotiáns, como rebaixas, descontos, impostos, taxas etc.
- Toma de decisións a partir da información numérica relevante: consumo responsable, relaciones calidade-prezo e valor-prezo en contextos cotiáns.

UD	Título da UD	Duración
5	Funcionamento do corpo humano.	36

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA9.4 - Recoñecer e identificar órganos, aparatos e sistemas que participan en cada unha das funcións vitais describindo os principais procesos que interveñen nelas e establecendo o seu papel e importancia.	Recoñecer e idescribir a función dos órganos, aparatos e sistemas que participan en cada unha das funcións vitais.	PE	100
CA9.5 - ecoñecer o sexo e a sexualidade desde a perspectiva da igualdade entre homes e mulleres respectando a diversidade sexual e promovendo a responsabilidade nas prácticas sexuais seguras.	Coñecer os métodos anticonceptivos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- As funcións vitais no ser humano. - Función de nutrición. Dixestión, respiración, circulación e excreción. - Función de relación. Os órganos sensoriais. Sistema nervioso e endócrino. - Función de reprodución. Métodos anticonceptivos e prácticas sexuais responsables.

UD	Título da UD	Duración
6	Ecuacións e sistemas.	38

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Elaborar representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas.	Elaborar representacións que axuden na procura dunha solución problematizada con ecuacións e sistemas, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas.	PE	100
CA5.2 - Atopar a solución dun problema utilizando coñecementos, datos e información achegados, estratexias e ferramentas apropiadas.	Atopar a solución dun problema alxébrico utilizando métodos de resolución de ecuacións e sistemas, os datos e información achegados.		
CA5.3 - Comprobar a corrección das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto exposto.	Comprobar a corrección das solucións dun problema alxébrico.		
CA5.4 - Organizar e comunicar información científica e matemática de forma clara e rigorosa de maneira verbal, gráfica, numérica etc. utilizando o formato máis adecuado.	Organizar e comunicar información científica e matemática de forma clara en problemas alxébricos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.5 - Analizar e interpretar información científica e matemática presente na vida cotiá mantendo unha actitude crítica.	Identificar a informacion científica e matemática presente na vida cotiá relacionada coa álxebra.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Linguaxe alxébrica. - Comprensión do concepto de variable. - Expresión de relacións sinxelas mediante linguaxe alxébrica. - Equivalencia de expresións alxébricas de primeiro grao. - Resolución alxébrica e gráfica de sistemas de ecuacións lineais en problemas de contextos diferentes. - Interpretación da solución dun problema e comprobación da coherencia no contexto. - Uso de ferramentas tecnolóxicas na resolución de problemas e interpretación das solucións.

UD	Título da UD	Duración
7	Os cambios na materia. As reaccións químicas.	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA7.1 - Identificar e comprender fenómenos naturais relevantes, para explicalos a partir de teorías, leis e principios científicos adecuados como estratexia na toma de decisións fundamentadas.		PE	100
CA7.1.3. - Distinguir entre os cambios físicos e químicos na vida cotiá relacionándoos coas causas e as consecuencias que teñen.	Distinguir entre os cambios físicos e químicos na vida cotiá.		
CA7.1.4. - Deducir a Lei de conservación de masa e comprobar a influencia de determinados factores na velocidade das reaccións mediante experiencias sinxelas no laboratorio ou aplicacións virtuais interactivas.	Deducir a Lei de conservación de masa e comprobar a influencia de determinados factores na velocidade das reaccións.		
CA7.2 - Elaborar representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas.			
CA7.2.2. - Identificar os reactivos e produtos de reaccións químicas sinxelas interpretando a representación esquemática dunha reacción química.	Identificar os reactivos e produtos de reaccións químicas sinxelas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA7.3 - Atopar a solución dun problema utilizando os datos e información achegados, os propios coñecementos e as estratexias e ferramentas apropiadas.	Atopar a solución dun problema utilizando os datos e información achegados.		
CA7.4 - Comprobar a corrección das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto exposto.	Comprobar a corrección das solucións dun problema.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Análise dos diferentes tipos de cambios que experimentan os sistemas materiais para relacionalos coas causas que os producen e coas consecuencias que teñen. - Reaccións químicas. - Interpretación das reaccións químicas no ámbito macroscópico e microscópico. - Aplicación da lei de conservación da masa. - Análise dos factores que afectan á velocidade das reaccións químicas de forma cualitativa. - Experimentación cos sistemas materiais: coñecemento e descrición das súas propiedades, composición e clasificación.

UD	Título da UD	Duración
8	Funcións e gráficas.	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Elaborar representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas.	Elaborar representacións que axuden na procura dunha solución problematizada con funcións e gráficas, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas.	PE	100
CA5.2 - Atopar a solución dun problema utilizando coñecementos, datos e información achegados, estratexias e ferramentas apropiadas.	Atopar a solución dun problema utilizando as funcións e as súas representacións gráficas para interpretar os datos e a información achegados.		
CA5.3 - Comprobar a corrección das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto exposto.	Comprobar a corrección das respostas dadas e a coherencia das conclusións extraídas na análise de representacións gráficas de funcións.		
CA5.4 - Organizar e comunicar información científica e matemática de forma clara e rigorosa de maneira verbal, gráfica, numérica etc. utilizando o formato máis adecuado.	Organizar e comunicar información científica e matemática de forma clara dando resposta a cuestións variadas relacionadas con funcións e as súas representacións gráficas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.5 - Analizar e interpretar información científica e matemática presente na vida cotiá mantendo unha actitude crítica.	Identificar a informacion científica e matemática presente na vida cotiá relacionada coas funcións e as súas representacións gráficas, mantendo unha actitude crítica.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Padróns e sucesións. - Identificación de estruturas numéricas e gráficas. - Determinación da regra de formación de diversas estruturas en casos sinxelos. - Identificación de padróns en diferentes contextos: mosaicos, frisos, calzadas etc. - Relacións e funcións - Formas de representación dunha relación: enunciado, táboas, gráficas e expresión analítica. - Relacións lineais: interpretación en situacións contextualizadas descritas mediante un enunciado, táboa, gráfica ou expresión analítica. - Estratexias para a interpretación e modificación de algoritmos. Formulación de problemas susceptibles de ser analizados utilizando programas e outras ferramentas.

UD	Título da UD	Duración
9	Saúde e enfermidade.	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA10.1 - Analizar conceptos e factores relacionados coa saúde e a enfermidade interpretando información en diferentes formatos mantendo unha actitude crítica e obtendo conclusións fundamentadas.	Analizar conceptos e factores relacionados coa saúde e a enfermidade.	PE	100
CA10.2 - Analizar o funcionamento do sistema inmunitario e comparar as enfermidades infecciosas e non infecciosas identificando as medidas de prevención e tratamentos que existen ata o momento, concienciando sobre a vacinación e o uso responsable de antibióticos, utilizando fontes fiables adoptando unha actitude crítica e escéptica cara a informacións sen unha base científica como pseudociencias, teorías conspiratorias, crenzas infundadas, bulos etc.	Analizar o funcionamento do sistema inmunitario e comparar as enfermidades infecciosas e non infecciosas.		
CA10.3 - Recoñecer a importancia da doazón de sangue e órganos valorando a súa mellora na calidade de vida.	Recoñecer a importancia da doazón de sangue e órganos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA10.4 - Avaliar os efectos de determinadas accións individuais sobre o organismo reflexionando sobre a importancia de adquirir hábitos saudables como método de prevención de enfermidades.	Avaliar os efectos de determinadas accións individuais sobre o organismo.		
CA10.5 - Recoñecer as drogas, legais e ilegais, considerándoas como causa de prexuízos non só para as persoas que as consomen senón tamén para as que están na súa contorna próxima.	Recoñecer as drogas, legais e ilegais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Concepto de saúde e enfermidade. - Enfermidades infecciosas e non infecciosas. - O sistema inmunitario. - Prevención e tratamento das enfermidades infecciosas: a vacinación e o uso responsable de antibióticos. - Os transplantes e a doazón de órganos. - Hábitos saudables: postura adecuada, dieta equilibrada, exercicio físico, hixiene do sono, uso responsable dos dispositivos tecnolóxicos... Prevención do consumo de drogas legais e ilegais.

UD	Título da UD	Duración
10	Estatística.	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Atopar a solución dun problema utilizando coñecementos, datos e información achegados, estratexias e ferramentas apropiadas.	Atopar a solución dun problema utilizando ferramentas estatísticas para interpretar os datos e a información achegados.	PE	100
CA6.2 - Organizar e comunicar información científica e matemática de forma clara e rigorosa de maneira verbal, gráfica, numérica etc. utilizando o formato máis adecuado.	Organizar e comunica as respostas a problemas estatísticos de forma clara.		
CA6.3 - Analizar e interpretar información científica e matemática presente na vida cotiá mantendo unha actitude crítica.	Identificar a informacion científica e matemática presente na vida cotiá relacionada coa estatística, mantendo unha actitude crítica.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Características dunha poboación. - Formulación de preguntas adecuadas.

Contidos
- Estratexias de recollida de datos. - Organización dos datos: frecuencias e táboas de frecuencia. - Medidas de centralización e dispersión. - Cálculo, interpretación e obtención de conclusións razoadas. - Uso das ferramentas tecnolóxicas adecuadas a cada situación. - Comparación de dous conxuntos de datos atendendo ás súas medidas de centralización e de dispersión. - Elaboración das representacións gráficas máis adecuadas mediante diferentes ferramentas tecnolóxicas (calculadora, folla de cálculo, aplicacións...). - Análise e interpretación de táboas e gráficos estatísticos de variables estatísticas en contextos cotiáns.

UD	Título da UD	Duración
11	Xeometría.	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Atopar a solución dun problema utilizando coñecementos, datos e información achegados, estratexias e ferramentas apropiadas.	Atopar a solución dun problema utilizando o cálculo de áreas interpretando os datos e a información achegados.	PE	100
CA3.2 - Analizar e interpretar información científica e matemática presente na vida cotiá mantendo unha actitude crítica.	Identificar a informacion científica e matemática presente na vida cotiá relacionada coa xeometría presente na vida cotiá mantendo unha actitude crítica.		
CA3.3 - Aplicar procedementos propios das ciencias e das matemáticas en situacións diversas establecendo conexións entre distintas áreas de coñecemento en contextos sociais.	Aplicar coñecementos xeométricos en situacións diversas establecendo conexións entre distintas áreas de coñecemento en contextos sociais.		
CA4.1 - Elaborar representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas.	Elaborar representacións que axuden na procura dunha solución problematizada coa xeometría, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas.		
CA4.2 - Organizar e comunicar información científica e matemática de forma clara e rigorosa de maneira verbal, gráfica, numérica etc. utilizando o formato máis adecuado.	Organizar e comunicar información científica e matemática de forma clara dando resposta a cuestións relacionadas coa xeometría plana e cos corpos xeométricos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estimación, relacións e conversións: toma de decisión xustificada do grao de precisión en situacións de medida. - Obtención de fórmulas para o cálculo de perímetros e áreas de figuras planas.

Contidos
- Aplicación do cálculo de perímetros e áreas na resolución de problemas. - Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións. - Descrición de figuras planas e tridimensionais e os seus elementos característicos. - Clasificación das figuras xeométricas planas e tridimensionais en función das súas propiedades ou características. - Construción de figuras xeométricas con ferramentas manipulativas e dixitais, como programas de xeometría dinámica, realidade aumentada etc. - Coordenadas cartesianas: localización e descrición de relacións espaciais.

UD	Título da UD	Duración
12	A paisaxe. Os procesos xeolóxicos externos.	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA11.1 - Describir o modelado do relevo, analizando os diferentes axentes, procesos e factores que favorecen a formación da paisaxe, investigando o relevo en Galicia e observando a paisaxe próxima.	Describir o modelado do relevo, analizando os diferentes axentes, procesos e factores que favorecen a formación da paisaxe.	PE	100
CA11.2 - Clasificar os riscos, empregando como criterio as causas naturais que os producen.	Clasificar os riscos.		
CA11.3 - Valorar a importancia da análise dos riscos xeolóxicos externos potenciados por determinadas accións humanas recoñecendo as medidas de predición e prevención para minimizar os seus efectos.	Valorar a importancia da análise dos riscos xeolóxicos externos potenciados por determinadas accións humanas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Xeomorfoloxía externa. - Axentes, procesos e factores que condicionan o modelado do relevo. - Riscos naturais. - Definición e clasificación. - Riscos xeolóxicos externos.

UD	Título da UD	Duración
13	A enerxía.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA8.1 - Identificar e comprender fenómenos naturais relevantes, para explicalos a partir de teorías, leis e principios científicos adecuados como estratexia na toma de decisións fundamentadas.	Identificar e comprender fenómenos naturais relevantes.	PE	100
CA8.2 - Elaborar representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas.	Elaborar representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada.		
CA8.3 - Atopar a solución dun problema utilizando os datos e información achegados, os propios coñecementos e as estratexias e ferramentas apropiadas.			
CA8.3.1. - Construír circuitos eléctricos sinxelos interpretando o significado das magnitudes eléctricas.	Construír circuitos eléctricos sinxelos.		
CA8.4 - Comprobar a corrección das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto exposto.	Comprobar a corrección das solucións dun problema.		
CA8.5 - Relacionar con fundamentos científicos a preservación da biodiversidade, a conservación do medio ambiente e a protección dos seres vivos da contorna, con desenvolvemento sustentable e a calidade de vida.			
CA8.5.1. - Valorar a importanciada enerxía na vida cotiá, identificando as diferentes fontes, comparando o seu impacto medioambiental e recoñecendo a importancia do aforro enerxético nun desenvolvemento sustentable.	Valorar a importanciada enerxía na vida cotiá.		
CA8.6 - Analizar e interpretar información científica, e matemática presente na vida cotiá mantendo unha actitude crítica.	Analizar e interpretar información científica, e matemática presente na vida cotiá.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Natureza eléctrica da materia: electrización dos corpos. - Enerxía eléctrica: obtención. Circuítos eléctricos simples. - O aforro enerxético e a conservación sustentable do medio ambiente.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Para o desenvolvemento desta materia, seguirase a seguinte metodoloxía:
As sesións teóricas intercalaranse con sesións de resolución de cuestións e problemas, con lecturas de diversos textos relacionadas cos contidos que se vaian tratando, con sesións de repaso mediante presentacións de PowerPoint, e co manexo de diversas páxinas web.
Intentarase achegar os contidos á realidade próxima do alumnado, mediante exemplos relacionados coa vida cotiá e a realización de prácticas de laboratorio (cando sexa posible), nas que se empreguen, materiais e reactivos dispoñibles no laboratorio do centro ou caseiros.
Apostarase por unha metodoloxía activa e participativa centrada no interese do alumnado realizando un seguimento

o máis personalizado posible.
Coa metodoloxía aplicada tentarase contribuír a desenvolver a competencia científica do alumnado e capacitalo para construír e aplicar os coñecementos de forma autónoma, creativa, responsable e crítica (tanto no plano persoal da vida cotiá como no social da participación cidadá).
O ámbito Científico-Tecnolóxico está secuenciado en 13 unidades didácticas que se van intercalando e nas que se desenvolven as tres materias constituíntes (Matemáticas, Bioloxía e Xeoloxía e Física e Química). Ademais, consta dunha primeira unidade didáctica que será impartida de maneira transversal ao longo de cada unha das 12 unidades didácticas restantes.
Dada a plasticidade do ámbito o profesor poderá dar simultaneamente as UDs dedicándolle un peso proporcional semanal/trimestral conforme ás sesións que figuran en PROENS.

* PRINCIPIOS METODOLÓXICOS
No proceso de ensino e aprendizaxe téñense que asegurar distintos tipos de aprendizaxe:

1º: Aprendizaxe significativa. Partindo dos coñecementos previos, as alumnas e os alumnos teñen que ser quen de aprender a aprender, para poder establecer relacións entre a materia e a súa propia realidade.
2º: Aprendizaxe funcional. Os novos contidos deberán ser empregados polo alumnado cando así estes o precisen. Para iso débese facer unha memorización comprensiva e razoada.
3º: Aprendizaxe cooperativa. Traballar a materia en grupo, no laboratorio, no desenvolvemento de proxectos de investigación ou mediante debates, aumentará o interese pola mesma.
4º: Aprendizaxe mediante o emprego das novas tecnoloxías. Coa utilización de Internet, de vídeos divulgativos e do encerado dixital, que será utilizado como apoio constante ás explicacións

* TIPOS DE ACTIVIDADES E PROXECTOS
A metodoloxía didáctica adaptarase ás características de cada alumna/o, favorecendo a súa capacidade para aprender por si mesma/o e para traballar en equipo, iniciándoo no coñecemento da realidade de acordo cos principios básicos do método científico. Ademais terase en conta:
- Incorporación da dimensión práctica ás áreas.
- Fomentar o traballo en equipo.
- Fomentar a capacidade de autonomía do alumnado e desenvolver a capacidade de aprender a aprender.

* DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES
O fío condutor que se seguirá á hora de desenvolver as distintas unidades didácticas será o seguinte:

a) Introdución á unidade didáctica.
b) Análise dos coñecementos previos do alumnado.
c) Exposición de contidos e desenvolvemento da unidade.
d) Resumo e síntese dos contidos da unidade.
TIPOS DE AGRUPAMENTOS
As diversas formas de agrupamento que se utilizarán, divídense en tres tipos:
- Gran grupo.
- Equipos de traballo cooperativo.
- Traballo individual.

* CONTRIBUCIÓN A PLANS E PROXECTOS
Preténdese realizar unha adecuada contribución ao Plan Lector do Centro, coa proposta de lectura voluntaria de distintos libros relacionados coa materia, así como coa lecturas de artigos xornalísticos e textos do libro da/o alumna/o.

Así mesmo, contribuirase ao Plan TICs coa proxección de vídeos, traballos na aula de informática, clases expositivas empregando presentacións dixitais, avaliacións interactivas e kahoots.
A materia tamén deberá contribuír a outros plans incluídos no Proxecto Educativo do centro como o Plan de Actividades do Departamento de Orientación, o Plan de Acción Titorial, o Plan de Atención á Diversidade ou o Proxecto Lingüístico de Centro, tendo presente en todo momento a Programación Xeral Anual que se redactou a inicio de curso.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais impresos: - Xornais, revistas científicas e textos para o tratamento e a ampliación de información. - Esquemas mudos, táboas e gráficas para aplicar os contidos traballados. - Rúbricas, listas control e escalas de estimación, para o seguimento do proceso.
Materiais Visuais: - Pizarra e rotulador/xiz para as explicacións e exposicións. - Modelos clásicos para observar os órganos, sistemas e aparellos do ser humano.
Novas tecnoloxías: - Uso de aplicacións web como YouTube, ferramentas de presentacións como PowerPoint e aparellos tecnolóxicos como canón de proxección como axuda para as explicacións. - Uso da navegación por Internet, distintos tipos de software, do traballo na nube e ordenadores para a procura de información, a realización de actividades con ferramentas tecnolóxicas didácticas e para as rúbricas de coavaliación.
Laboratorio de ciencias, biblioteca e recursos independentes do centro (onde terán lugar as posibles actividades complementarias/extraescolares).
Material elaborado pola profesora dispoñible na aula virtual
Fichas de actividades de reforzo e de consolidación
Caderno ou portfolio do alumno/a

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo en parellas ou grupal.
O espazo empregado para as clases prácticas será o laboratorio de ciencias, dotado do instrumental e materiais presentes de xeito habitual nun laboratorio escolar.
No que se refire ás ferramentas que centrarán o traballo do alumnado na aula, as principais serán o material elaborado polas profesoras do Departamento de Ciencias do centro dispoñible na aula virtual do centro, o caderno ou portfolio e todos aqueles documentos impresos que lle sexan entregados ao longo do curso, así como os xerados por eles mesmos recurso indispensable que será solicitado periodicamente para a súa avaliación. Entre os recursos impresos mencionados destacan as fichas de comprensión lectora, os guións de prácticas, as fichas de actividades de consolidación e as actividades de reforzo e de ampliación específicas para cada alumno. Nalgúns casos estos recursos entregaránse na aula virtual.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias e contidos básicos. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como o seu coñecemento das destrezas da materia así como posibles dificultades de aprendizaxe. A dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias.

Os resultados da dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
Peso UD/ Tipo Ins.	**10**	**5**	**8**	**15**	**10**	**10**	**8**
Proba escrita	0	100	100	100	100	100	100
Táboa de indicadores	100	0	0	0	0	0	0

Unidade didáctica	UD 8	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**10**	**5**	**4**	**5**	**5**	**5**	**100**
Proba escrita	100	100	100	100	100	100	**90**
Táboa de indicadores	0	0	0	0	0	0	**10**

Criterios de cualificación:

En cada unidade didáctica realizaranse varias probas escritas cos contidos específicos asociados aos criterios de avaliación. En cada unha das tres avaliacións, realizarase unha media aritmética das notas das probas escritas. Esta media, representará o 60% da nota da avaliación.

O outro 40%, virá definido polos criterios de avaliación que se recollen nas táboas de indicadores. Estes criterios de avaliación, correspondentes á unidade didáctica 1, estarán asociados a distintas rúbricas e listas de cotexo que se analizarán en distintos procedementos de avaliación ao longo de todas as unidades:

- Prácticas de laboratorio
- Traballos cooperativos
- Traballos individuais
- Caderno de aula
- Proxecto científico
- Fichas de actividades de consolidación
- Fichas de actividades de reforzo
- Fichas de actividades de ampliación

Polo tanto, os pesos para o cálculo da nota final en cada avaliación estarán representados por:

60% probas escritas

40% táboas de indicadores

A nota da avaliación final será calculada como a media aritmética das notas das tres avaliacións parciais.

Criterios de recuperación:

Cando unha/un alumna/o non supere unha avaliación, realizaráselle unha proba escrita baseada nos criterios mínimos de consecución das unidades asociadas a esa avaliación. A avaliación será superada cando a súa nota sexa igual ou superior a 5.

Cando unha/un alumna/o teña dúas ou tres avaliacións suspensas, terá a oportunidade de facer unha proba extraordinaria, antes da avaliación final, baseada nos criterios mínimos de aceptación das unidades correspondentes.

A avaliación será superada cando a súa nota sexa igual ou superior a 5.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Para o alumnado que teña materias pendentes, realizarase un seguimento individualizado a fin de considerar a necesidade de establecer o preceptivo reforzo educativo.
Ao tratarse dun programa de diversificación curricular, atendendo á resolución do 26 de maio de 2022 pola que se ditan instruccións para o desenvolvemento das ensinazas de educación secundaria obrigatoria no curso 2022/23, considérase que no caso de que haxa alumnado coas materias de bioloxía, tecnoloxía, matemáticas, e física e química pendentes serán superadas se se supera o ámbito científico-tecnolóxico.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas actividades en cada unha das unidades didácticas (enunciados curtos, unir, completar, ordenar, sinalar...), así como probas escritas adaptadas ás súas características específicas. Estas probas, se ben presentarán os mesmos contidos en concordancia cos criterios de avaliación, estarán formuladas de xeito máis directo e compostas por cuestións análogas ás anteriormente comentadas. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.
Así mesmo serán tomadas as seguintes medidas:
Na aula:
Normas claras e coherentes.
Reforzo positivo.
Estar sentado cerca da mesa do profesorado e ao lado de compañeiras ou compañeiros que lle sirvan de modelo de tranquilidade, de orde e de axuda para aquel alumnado que sexa preciso.
Manter un ambiente estruturado, motivador e con rutinas predicibles axudaralle ao alumnado a sentirse seguro e a saber o que ten que facer en cada momento.
Antes de empezar unha actividade, explicala de xeito claro e sinxelo.
Alternar actividades teóricas con traballo práctico.
Nas probas escritas:
Deixar máis tempo para os exames ou probas escritas, incluso dividilas en dúas sesións, e ser flexibles na súa duración.
− Presentar escrito o texto dos exames, salientando as partes máis importantes de cada cuestión e, no caso de preguntas complexas, diferenciando ben cada tarefa.
− Deixar suficiente espazo entre as preguntas, e supervisar a súa comprensión e execución.
Teránse en conta os seguintes protocolos da Consellería de Educación
· Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/outras dificultades específicas da aprendizaxe
· Protocolo de Consenso sobre TDAH na Infancia e na Adolescencia nos Ámbitos Educativo e Sanitario
· Protocolo de Tratamento Educativo do Alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo (TEA).
· Protocolo para a Atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva
Para todo aquel alumnado que presente maior ritmo de aprendizaxe están previstas fichas de actividades de ampliación. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como na interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión da lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13
ET.1 - Comprensión da lectura	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:
- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita a Domus	Actividade relacionada coas unidades de Bioloxía e Xeoloxía.			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Metodoloxía empregada
Propoño situacións introdutorias previas á unidade que se vai a traballar (traballos, diálogos, lecturas...).
Estruturo e organizo os contidos dando unha visión xeral de cada tema (mapas conceptuais, esquemas, que teñen que aprender, o que é mais importante).
Distribúo o tempo adecuadamente: breve tempo de exposición e o resto do mesmo para actividades que o alumnado realice na clase.
Comprobo, de diferentes modos que o alumnado comprendeu a tarefa que deben realizar.
Controlo frecuentemente o traballo do alumnado.
Propoño actividades de reforzo e ampliación.
Teño en conta o nivel de habilidades do alumnado, os seus ritmos de aprendizaxes, as posibilidades de atención, etc, e en función deles, adapto os distintos momentos do proceso de ensino aprendizaxe.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Reviso e corrixo as actividades propostas.
Medidas de atención á diversidade
Propoño actividades que aseguran a adquisición das aprendizaxes previstas e as habilidades e técnicas instrumentais básicas.
Propoño ao meu alumnado actividades variadas.
Clima de traballo na aula
Manteño o interese do alumnado partindo das súas experiencias, cunha linguaxe clara e adaptada.
Favorezo a elaboración de normas de convivencia coa aportación de todos e reacciono de forma ecuánime ante situacións conflitivas.
Fomento o respecto e a colaboración entre as/os alumnas/os e acepto as súas suxerencias e aportacións, tanto para a organización das clases, como para as actividades de aprendizaxe.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Coordínome cos outros profesionais para modificar e/ou adaptar os contidos, actividades, metodoloxía e recursos aos diferentes ritmos e posibilidades de aprendizaxe.
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado.

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

De xeito periódico, analizarase o grao de avance da materia, en relación coa programación, así como diversos cambios propostos para adaptarse ás necesidades educativas da aula.
Cada avaliación revisarase o seguimento adecuado da programación didáctica, sobre todo analizando os resultados obtidos polo alumnado na avaliación.
Por outra banda, na memoria fin de curso, reflectiranse os contidos impartidos, cambios propostos para sucesivos cursos ou problemas o poñer en práctica o acordado nela.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Ámbito lingüístico social	3º ESO	12	420

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 6

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 6

4.1. Concrecións metodolóxicas 18

4.2. Materiais e recursos didácticos 20

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 21

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 21

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 22

6. Medidas de atención á diversidade 23

7.1. Concreción dos elementos transversais 24

7.2. Actividades complementarias 25

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 25

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 26

9. Outros apartados 27

1. Introdución

A presente programación didáctica, elaborada para o ámbito Lingüístico Social de 3º curso de educación secundaria obrigatoria, ten como referencia o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. No uso da autonomía que proporciona a dita normativa, a través desta programación didáctica adáptase o currículo do ámbito Lingüístico Social á realidade deste centro e a do seu alumnado no 3º curso.
O currículo da educación secundaria obrigatoria pretende garantir unha formación adecuada e integral, que se centre no desenvolvemento das competencias e que sexa equilibrada, porque incorpora na súa xusta medida compoñentes formativos asociados á comunicación, a formación artística, as humanidades, as ciencias, a tecnoloxía e a actividade física. Unha das finalidades da educación secundaria obrigatoria é lograr que as alumnas e os alumnos adquiran os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico e artístico, científico-tecnolóxico e motor.
O ámbito Lingüístico Social forma parte dun programa de atención a alumnado que presenta dificultades relevantes de aprendizaxe e para o cal, tras ter recibido medidas de atención á diversidade nos dous primeiros cursos da etapa, se considere que é a medida máis axeitada para a obtención do dito título, cuestión que é un dos obxectivos últimos do dito programa. Nesa dirección, o programa de diversificación curricular concíbese desde un enfoque metodolóxico funcional en que os contidos curriculares se deben tratar desde un punto de vista global, práctico, motivador e personalizado, dando prioridade ás aprendizaxes que resulten necesarias para outras posteriores e que contribúan ao desenvolvemento das competencias clave e dos obxectivos da etapa.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Identificar e comprender a natureza histórica das relacións sociais, das actividades económicas, das manifestacións culturais e dos bens patrimoniais materiais e inmateriais que compartimos, analizando as súas orixes e evolución e identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos, os problemas actuais e os seus valores presentes, para realizar propostas que contribúan a respectar os sentimentos de pertenza, o benestar futuro e o desenvolvemento da sociedade.	1-2-3		5	1-2-3	1-3	1-4	1	1-2-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Comprender as orixes e a evolución dos procesos de integración europea e a súa relevancia no presente e no futuro da sociedade española e das comunidades locais, destacando a contribución do Estado, as súas institucións e as entidades sociais á paz, á cooperación internacional, á cohesión social, á solidariedade territorial, ao desenvolvemento sustentable e á cidadanía global con base nos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, para contribuír a crear un mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto no que se recoñeza a conformación dunha realidade multicultural e se valore a contribución dos movementos en defensa da igualdade e da inclusión evitando discriminacións e violencias.	1-2-3		1	1-2-3	1-3	2-3-4	1-3	3
OBX3 - Valorar os principios básicos do sistema democrático e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, analizando de forma crítica as formulacións históricas e xeográficas, as institucións e as diferentes organizacións políticas e económicas en que se manifestan, para adecuar o comportamento propio ao cumprimento dos devanditos principios.	1-2-5	3	1	1-2-3	1-3	2-3-4	2	1-3
OBX4 - Comunicar en lingua castelá e galega de maneira cooperativa e respectuosa, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos e á súa adecuación a diferentes ámbitos e contextos, para dar resposta a necesidades concretas	1-2-4-5	1-2-3	1-4	1-2-3-4-5	1-2-3-4	1-3	1-3	1-2
OBX5 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala, adoptando un punto de vista crítico e persoal á par que respectuoso coa propiedade intelectual.	1-2-3-5	1-3	2	1-2-3-4-5	4	3	1-3	2-4
OBX6 - Ler, interpretar e valorar fragmentos literarios do patrimonio nacional e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais para establecer vínculos entre textos diversos co fin de conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozar da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4-5	1-2-3	1	1	1	1-3	1-3	1-2-3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX7 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de recepción crítica.	1-2	1-2-3	2-4	2-3	4-5	1-3-4	1-3	1-2-3
OBX8 - Comprender e interpretar, en lingua estranxeira, o sentido xeral e os detalles máis relevantes de textos expresados de forma clara e na lingua estándar, buscando fontes fiables e facendo uso de estratexias como a inferencia de significados, para responder a necesidades comunicativas concretas.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX9 - Producir, en lingua estranxeira, textos orixinais, de extensión media, sinxelos e cunha organización clara, usando estratexias tales como a planificación, a compensación ou a autorreparación, para expresar de forma creativa, adecuada e coherente mensaxes relevantes e responder a propósitos comunicativos concretos.	1	1-2	1	2	5			2
OBX10 - Interactuar en lingua estranxeira con outras persoas con crecente autonomía, usando estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a propósitos comunicativos concretos en intercambios respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1	3	3	3		
OBX11 - Mediar en situacións cotiás entre distintas linguas, usando estratexias e coñecementos sinxelos orientados a explicar conceptos ou simplificar mensaxes, para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable.	5	1-2-3	1		1-3	1-3		1
OBX12 - Ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando de forma crítica sobre o seu funcionamento e tomando conciencia das estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas.		2	1	2	1-5			

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Coñecemos o noso entorno	Dedicarase esta unidade ao estudo da transformación humana do territorio e á distribución desigual dos recursos e o traballo; á análise do espazo natural, rural e urbano e dos sectores e procesos produtivos; á análise da organización do Estado e ó estudo dos cambios sociais e políticos que posibilitaron a instauración do actual sistema económico, político e social.	25	105	X	X	X
2	Comunicación en lingua castelá e lingua galega	A presente unidade didáctica está destinada ao desenvolvemento dunha comprensión e expresión oral e escrita eficaz por parte do alumnado tanto en galego como en castelán. Para iso leremos e analizaremos en clase textos de diverso tipo (poesías, fragmentos de novelas, noticias, pezas teatrais...), visionaremos pequenos vídeos e fragmentos de películas, proporemos tarefas de escritura creativa e organizaremos debates, xogos e actividades que estimulen a expresión oral.	30	110	X	X	X
3	Observatorio lingüístico	Dedicarase esta unidade á reflexión metalingüística co fin de que o alumnado acade unha mellor comprensión das producións alleas e unha mellor expresión nas propias. Tamén estudaremos a diversidade lingüística de España e a situación e características das distintas linguas e dialectos.	10	50	X	X	X
4	Páxinas máxicas: viaxe ó mundo da literatura.	O propósito desta unidade reside na aproximación do alumnado a unha autonomía lectora como fonte de gozo e medio de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas.	10	50	X	X	X
5	Lingua estranxeira: inglés	O propósito desta unidade é que os alumnos melloren a súa competencia comunicativa en inglés, tanto oral como escrita e coñezan a diversidade cultural dos países anglófonos.	25	105	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Coñecemos o noso entorno	105

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar os elementos da contorna física e humana e comprender o seu funcionamento e analizar as súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico.	Identifica elementos da contorna física e humana en mapas e imaxes e comprende o seu funcionamento e interrelación.	PE	10
CA1.6 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos e xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente.	Coñece os principais feitos históricos do inicio da Idade Contemporánea e a súa contribución á instauración do sistema social, político e económico actual.		
CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos usando fontes fiables do presente e da historia contemporánea e xerar produtos orixinais e creativos como proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, como a interpretación de imaxes, e utilizar secuencias cronolóxicas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos.	Elabora, coa axuda da persoa docente, contidos propios sobre xeografía e historia en distintos formatos como presentacións dixitais, murais, resumos, esquemas, mapas conceptuais..., usando fontes fiables e empregando mapas, eixes cronolóxicos, e outras representacións gráficas.	TI	90
CA1.3 - Idear e adoptar, cando sexa posible, comportamentos e accións que contribúan á conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana, a través do respecto a todos os seres vivos e defendendo o acceso universal, xusto e equitativo aos recursos que nos ofrece o planeta.	Adopta comportamento que contribúan á conservación da contorna.		
CA1.4 - Coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, realizando propostas que contribúan ao seu logro.	Fai un traballo sobre algún dos ODS no que formula algunha proposta que contribúa ao seu logro.		
CA1.5 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais e o recoñecemento das súas expresións culturais.	Recoñece, coa axuda da persoa docente, os trazos que van conformando a identidade propia e do resto de persoas, a riqueza das identidades múltiples e o recoñecemento das súas expresións culturais.		
CA1.7 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da nosa identidade colectiva, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos e apreciando o legado histórico, institucional, artístico e cultural como patrimonio común.	Valora o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da nosa identidade colectiva, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos, e apreciando o legado histórico, institucional, artístico e cultural como patrimonio común.		
CA1.8 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade que conformou a sociedade globalizada e multicultural actual recoñecendo a achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados e xerando unha conciencia solidaria mediante o traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.	Rexeita actitudes discriminatorias recoñecendo a riqueza da diversidade da sociedade multicultural actual, e a importancia dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.9 - Coñecer, valorar e exercitar responsabilidades, dereitos e deberes e actuar en favor do seu desenvolvemento e a defensa dos valores constitucionais e democráticos.	Valora dereitos e deberes actuando en favor da defensa dos valores constitucionais e democráticos.		
CA1.10 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Coñece as distintas institucións estatais e supranacionais , as súas funcións e a súa importancia para promover un mundo máis xusto segundo os ODS.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Retos do mundo actual.
- Obxectivos e estratexias das ciencias sociais: procedementos, termos e conceptos e métodos de investigación no ámbito da xeografía e da historia.
- Procura de información en contornas dixitais e uso específico de léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico e elaboración de traballos ou proxectos nos que se faga uso de mapas, gráficas, imaxes¿
- O comentario de documentos escritos e gráficos. Exposición de ideas e argumentos sobre diferentes temas que se abordan no curso.
- A transformación humana do territorio. O espazo natural, rural e urbano e a súa evolución en España e Galicia.
- Os sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados.
- Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas.
- Sociedades e territorios.
- Os réximes demográficos e o reto demográfico en España e Galicia. Migracións, multiculturalidade e mestizaxe que dan como resultado a diversidade social, ético-cultural e de xénero .
- A distribución desigual de recursos e traballo. O emprego na sociedade actual.
- Do éxodo rural á concentración urbana e o problema do despoboamento rural. A importancia do espazo público.
- Organización política e económica das sociedades. Ordenamento normativo autonómico, constitucional e supranacional. Cidadanía europea e cosmopolita. España e Galicia na UE.
- A transformación política dos seres humanos: da servidume á cidadanía. Transicións, revolucións e resistencias: permanencias e cambios na época contemporánea. A conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea. Orixe, evolución e ada
- Revolucións industriais e nacemento dunha nova sociedade.
- A participación da muller nos procesos históricos do século XVIII.
- As características xerais das novas expresións artísticas e culturais ata a metade do XIX. A personalidade independente de Goya. O patrimonio como ben e como recurso.
- Compromiso cívico e social.

Contidos
- Implicación na defensa e protección do medio ambiente. Acción e posición ante a emerxencia climática.

UD	Título da UD	Duración
2	Comunicación en lingua castelá e lingua galega	110

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos, realizando as inferencias necesarias e atendendo a distintos propósitos de lectura.	Comprende o sentido global, a estrutura e a información máis relevante de textos de certa complexidade.	PE	12
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade, avaliando a calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos e lingüísticos empregados.	Valora a forma e o contido de textos orais, escritos e multimodais.		
CA3.10 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Coa axuda da persoa docente, explica e argumenta a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor.		
CA3.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza exposicións e argumentacións orais con fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado.	TI	88
CA3.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo e en situacións orais formais de carácter dialogado, con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participa de xeito activo en interaccións orais, empregando estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.		
CA3.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais de certa extensión atendendo á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta, e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado.	Planifica a redacción de textos escritos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Enriquece os textos grazas á precisión léxica e á corrección ortográfica e gramatical.		
CA3.7 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes, tanto analóxicas como dixitais, evitando os riscos de manipulación e desinformación e calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura; organizar e integrar a información en esquemas propios, e reelaborala e comunicala de maneira creativa adoptando un punto de vista crítico respectando os principios de propiedade intelectual.	Localiza, selecciona e contrasta información procedente de distintas fontes e, coa axuda da persoa docente, organízaa para reelaborala de xeito creativo, adoptando un punto de vista crítico.		
CA3.8 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social a partir da información seleccionada.	Elabora traballos de investigación sobre diferentes temas.		
CA3.9 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica, e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os textos propios e, coa axuda da persoa docente, fai propostas de mellora .		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo.
- Análise das compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise de textos orais, escritos e multimodais.
- Comprensión e creación de secuencias textuais básicas con especial atención ás expositivas.
- Emprego correcto das propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.
- Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa, con especial atención aos actos de fala que ameazan a imaxe do interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación).
- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo: a estrutura e as principais características dos textos científicos, técnicos e humanísticos (explicación, exposición...).
- Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital e riscos de desinformación, noticias falsas, manipulación e vulneración da privacidade. O ciberanzol. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos
- Procesos de produción, comprensión e análise de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter informal e formal. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. Comunicación emocional.

Contidos
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. - Produción oral formal. Planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto. - Produción escrita. Planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos etc. - Alfabetización informacional. - Busca e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios. - Fontes de información: criterios de procura e selección de información fiable, pertinente e de calidade. - Comunicación e difusión da información de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. - Estratexias de procura e selección de información. - Análise dos riscos e consecuencias da manipulación e da desinformación. - Estratexias de organización da información: a escritura como mecanismo para organizar o pensamento (notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos¿). - Achegamento ao emprego correcto do sistema de citación e uso das referencias bibliográficas nas creacións propias. - Utilización responsable das tecnoloxías da información e da comunicación. Dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais, tanto para a procura de información, como para a realización de proxectos escolares. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Identificación e emprego de recursos lingüísticos para amosar a implicación do emisor nos textos: formas de deíxe (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización. - Uso coherente das formas verbais nos textos. Os tempos de pretérito na narración. Correlación temporal no discurso relatado. - Uso coherente das formas verbais nos textos. Recoñecemento e utilización do infinitivo flexionado e do futuro de subxuntivo. Contextos de uso. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Emprego correcto dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.

UD	Título da UD	Duración
3	Observatorio lingüístico	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Explica e argumenta a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor.	PE	10
CA5.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da manipulación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	Formula xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua.		
CA2.1 - Recoñecer e valorar as linguas oficiais de España e as súas variedades dialectais, con atención especial ao galego e ao castelán, a partir da explicación da súa orixe e seu desenvolvemento histórico e sociolingüístico, contrastando aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas, así como trazos dos dialectos do español e do galego, diferenciándoos dos trazos sociolectais e de rexistro, en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Recoñece e valora as linguas oficiais de España e as súas variedades dialectais.	TI	90
CA2.2 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal a partir da análise da diversidade lingüística en contextos comunicativos cotiáns dos ámbitos persoal e profesional e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas e da indagación dos dereitos lingüísticos individuais e colectivos.	Identifica e cuestiona prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural.		
CA2.3 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Identifica e evita os usos discriminatorios da lingua.		
CA2.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos, tanto no ámbito persoal como educativo e social e profesional.	Emprega estratexias para a resolución dialogada de conflitos.		
CA2.5 - Aceptar e valorar a diversidade lingüística e cultural como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por compartir elementos culturais e lingüísticos que fomenten a sustentabilidade e a democracia.	Acepta e coñece a diversidade lingüística e cultural.		
CA5.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Enriquece os textos grazas á precisión léxica e á corrección ortográfica e gramatical.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica, e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os textos propios e, coa axuda da persoa docente, fai propostas de mellora.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos, interferencias.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do texto.
- Análise da diversidade lingüística do contorno. Biografía lingüística.
- Desenvolvemento sociohistórico das linguas de España, con especial atención ao galego e ao castelán.
- Desenvolvemento da reflexión interlingüística.
- Estratexias de construción guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico. Observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas (morfemas, palabras, oracións). Manipulación de estruturas, formulación de hipóteses, contraexemplos,
- Observación das diferenzas relevantes e interseccióǹs entre lingua oral e lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple).
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico das oracións coordinadas. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. Recursos tecnolóxicos para a aprendizaxe da lingua.

UD	Título da UD	Duración
4	Páxinas máxicas: viaxe ó mundo da literatura.	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos, realizando as inferencias necesarias e atendendo a diferentes propósitos de lectura.	Comprende o sentido global, a estrutura e ainformación máis relevante dos textos.	PE	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade, avaliando a calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos e lingüísticos empregados.	Valora a forma e o contido dos textos.		
CA4.3 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorpora procedementos para enriquecer os textos.	TI	90
CA4.4 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia de lectura.	Le de forma autónoma textos en función dos propios gustos.		
CA4.5 - Compartir a experiencia de lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	Comparte a experiencia de lectura.		
CA4.6 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo a configuración e evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Explica e argumenta a interpretación das obras lidas.		
CA4.7 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais e outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.	Establece vínculos argumentados entre diferentes textos e manifestacións artísticas e culturais.		
CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crea textos con intención literaria e conciencia de estilo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Lectura autónoma. - Expresión, a través de modelos, da experiencia lectora e de diferentes formas de apropiación e recreación dos textos lidos. - Lectura expresiva, dramatización e recitado dos textos escritos en lingua castelá atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados. - Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos escritos en lingua galega atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.

Contidos
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados. - Lectura guiada. - Lectura guiada de fragmentos de obras relevantes do patrimonio literario español a partir da Idade Media ata o século XVIII. - Lectura guiada de fragmentos de obras relevantes do patrimonio literario galego dende a Idade Media ata o século XIX. - Lectura guiada de fragmentos de obras relevantes do patrimonio literario universal da Idade Media ata o século XVIII. - Estratexias de construción compartida da interpretación das obras. Discusións ou conversacións literarias, debates e disertacións literarias. - Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias, en concreto, o achegamento ao contexto, á corrente literaria e ao autor ou autora, así como o establecemento de par - Relación e comparación dos textos lidos en lingua galega e lingua castelá con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, estruturas e linguaxes. - Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios, atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo feminino. Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, co - Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).

UD	Título da UD	Duración
5	Lingua estranxeira: inglés	105

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Extraer e analizar o sentido global e as ideas principais, e seleccionar de forma guiada información pertinente de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes.	Extrae o sentido global e as ideas principais e selecciona de forma guiada a información pertinente de textos sinxelos orais, escritos e multimodais sobre temas tratados na clase, expresados de forma clara e na lingua estándar.	PE	30
CA6.2 - Interpretar e, de forma guiada, valorar o contido e os trazos discursivos de textos progresivamente máis complexos propios dos ámbitos das relacións interpersoais, dos medios de comunicación social e da aprendizaxe, así como de textos literarios adecuados ao nivel de madurez do alumnado.	Interpreta o contido de textos progresivamente máis complexos sobre temas tratados na clase.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; inferir significados e interpretar elementos non verbais; e buscar e seleccionar información veraz.	Aplica estratexias para comprender o sentido xeral e os detalles máis relevantes dos textos.		
CA6.4 - Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximo á experiencia do alumnado co fin de describir, narrar e informar en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, control, compensación e cooperación básicas.	Expresa oralmente textos sinxelos de forma comprensible, coherente e adecuados á situación comunicativa sobre temas e situacións tratadas na clase.	TI	70
CA6.5 - Redactar e difundir textos de extensión media con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, seguindo pautas establecidas, sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio.	Redacta textos de extensión media con claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación á situación.		
CA6.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas, a características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das necesidades do interlocutor ou interlocutora potencial a quen vai dirixido o texto.	Selecciona, organiza e aplica estratexias para producir textos coherentes, cohesionados e adecuados á situación.		
CA6.7 - Planificar, participar e colaborar de maneira activa, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións dos interlocutores e interlocutoras.	Participa e colabora de xeito activo en situacións interactivas sobre temas cotiáns tratados na clase.		
CA6.8 - Seleccionar, organizar e utilizar de forma guiada estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, resumir, colaborar, debater e resolver problemas.	Utiliza de forma guiada estratexias para establecer un proceso de comunicación.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.9 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polos interlocutores e interlocutoras, así como polas linguas empregadas, e participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento na súa contorna, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Explica textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en diversas situacións, apoiándose en diferentes recursos e soportes.		
CA6.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplica estratexias que facilitan a comunicación e simplifiquen textos e mensaxes.		
CA6.11 - Comparar e, de forma guiada, argumentar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.	Compara as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas.		
CA6.12 - Utilizar de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utiliza estratexias e coñecementos para comunicarse en lingua estranxeira.		
CA6.13 - Rexistrar e analizar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e consolidar o seu progreso, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	Emprega estratexias para supera as dificultades da comunicación en lingua estranxeira.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais. - Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás. - Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares - Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación) - Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negació

Contidos
- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da infor - Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos padróns. - Convencións ortográficas de uso común e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, padróns e elementos gráficos. - Convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colabora - Recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc. - Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados. - Ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas et - Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do re - Estratexias de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, padróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico pers - Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas. - Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe). - Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Neste ámbito Lingüístico e Social poñerase en práctica unha metodoloxía flexible e aberta que permita abordar as materias que conforman o dito ámbito pois iso facilitará, grazas á combinación dos contidos dos bloques de comunicación e de ciencias sociais, que o proceso de ensino e aprendizaxe se conciba dun xeito global e unitario. Búscase un enfoque metodolóxico que evite a presentación de solucións únicas ás situacións ou problemas propostos que acaban por restarlle ao alumnado a posibilidade do descubrimento propio. Por iso, convén fomentar o deseño de actividades interdisciplinarias que integren os distintos contidos do ámbito para que o alumnado poida obter a máxima produtividade dos coñecementos impartidos en cada unha das materias.
O enfoque metodolóxico require partir, polo tanto, do nivel competencial previo do alumnado para acadar unha aprendizaxe significativa, eficaz, funcional e aplicable á realidade máis próxima das e dos estudantes. Trátase, pois, de deseñar unha metodoloxía activa, baseada fundamentalmente na dimensión investigadora do alumnado e na toma de decisións responsables, asentadas nun pensamento crítico e reflexivo, a través da elaboración de actividades que precisen dun proceso de descubrimento e análise progresivamente autónomos, así como do razoamento e a resolución lóxica de problemas. De aí a importancia de empregar métodos diferenciados para dar acollida e resposta aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorecendo e fomentando a capacidade de aprender por si mesmos.
As accións concretas favorecen a creación e organización de proxectos colaborativos e significativos para o alumnado. Neste sentido, o deseño de tarefas cooperativas basearase en contextos auténticos e recoñecibles que teñan en conta as vivencias particulares do alumnado, potenciando que cada estudante, dentro do grupo, dispoña dos tempos e os espazos necesarios para o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade para contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Estes principios metodolóxicos aplicaranse arredor de contidos concretos, polo que convén definir o seu campo de actuación en conexión coas actividades máis relevantes das materias que conforman o ámbito Lingüístico e Social. Polo tanto, programarase o traballo na aula a partir das seguintes concrecións metodolóxicas:
1) Deseño de actividades a partir de textos extraídos do ámbito persoal, social e académico do alumnado. Estas tarefas, diversificadas e organizadas por niveis de dificultade, permitirán o traballo competencial e favorecerán o desenvolvemento do pensamento crítico e creativo.
2) Distribución flexible dos espazos, sempre que sexa posible, propiciando o traballo colaborativo a través de distintos tipos de agrupamentos. Así, o gran grupo é axeitado para a posta en común e corrección de tarefas, a identificación dos coñecementos previos do alumnado á hora de iniciar unha nova unidade didáctica, a revisión e síntese final, os debates, a realización de exposicións orais ou multimedia ou o visionado de recursos audiovisuais. Os pequenos grupos son idóneos para o desenvolvemento de proxectos de investigación. Pola súa parte, o traballo por parellas enriquece as exposicións orais e as actividades de creación literaria e investigación social. Finalmente, as actividades individuais son aplicables ás probas escritas, ás actividades de reforzo ou á lectura interior.
3) Emprego de estratexias para a comprensión e a recomendación lectora:
• Lectura compartida de textos propios do ámbito persoal, social e académico para procurar a interacción entre iguais, posto que todo o alumnado participará na lectura en voz alta dos fragmentos escollidos, a escoita activa, a comprensión oral e a explicación e a argumentación arredor da interpretación dos mesmos.
• Lectura de textos adscritos aos distintos xéneros discursivos para captar a información esencial, realizar as inferencias necesarias para a súa correcta comprensión, recoñecer a idea principal e as secundarias, identificar a súa estrutura e interpretar os fragmentos propostos tendo en conta as súas características formais e temáticas.
• Lectura dixital (e-book, blogues, foros, wikis, textos procedentes das redes sociais), para o desenvolvemento dunha competencia lectora parcialmente diferente á empregada na comprensión e análise dos textos impresos. No caso dos xéneros dixitais, é necesaria a correcta observación e interpretación do hipertexto para asimilar completamente a multiplicidade de significados do fragmento base.
• Lectura comprensiva e expresiva de textos pertencentes aos distintos xéneros literarios (lectura compartida, recitado de poemas, dramatización de textos dialogados), arredor de temas próximos á realidade e aos gustos do alumnado, acompañados de estratexias de comprensión lectora, como a aclaración dos propósitos de lectura, a activación dos coñecementos previos das e dos estudantes, a atención aos contidos principais do texto e a formulación de predicións de lectura.
• Realización dun obradoiro de lectura e escritura creativa na aula para o desenvolvemento de actividades que vinculen as obras lidas con certos aspectos de actualidade, outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A partir da lectura das obras seleccionadas, deseñaranse catálogos ou menús literarios, produtos multimedia nos que se condensen as reflexións e conclusións de lecturas e coloquios literarios.
• Composición de recomendacións ou recensións das obras de lectura traballadas a través de exposicións orais, booktrailers e outras aplicacións multimedia de carácter compilatorio.
4) Utilización de recursos para mellorar a oralidade e a comprensión a través de actividades contextualizadas en situacións reais e próximas ao alumnado, mediante o emprego de audios, vídeos e recreación de conversas veraces que poidan producirse na contorna das e dos estudantes. Proporase, así, unha ampla variedade de situacións comunicativas espontáneas e planificadas e de contextos formais e informais, co fin de abordar desde un punto de vista eminentemente práctico os distintos rexistros, elementos e principios da comunicación.
5) Creación de textos escritos con diversas finalidades (narrar, describir, informar, expoñer, argumentar...) pertencentes aos ámbitos persoal, social e académico, seguindo as distintas fases da construción textual: a planificación das ideas a través dun borrador, determinando o propósito comunicativo e a persoa destinataria; a redacción; a revisión e a edición final, incidindo na corrección formal (puntuación, ortografía, estruturas gramaticais, ampliación de vocabulario e presentación).
6) Elaboración de resumos, esquemas, sínteses e mapas conceptuais a partir de textos orais e escritos para fomentar no alumnado a conciencia da propia comprensión textual.
7) Exercitación de comentarios e actividades de comprensión de textos escritos e multimodais literarios, non literarios así como históricos e sociais a través de tarefas secuenciadas e guiadas referidas á forma e ao contido dos fragmentos propostos.
8) Creación de textos con intención literaria e de explicación histórica e social a partir de modelos dados ou de discursos non literarios (noticias, reportaxes, crónicas, textos instrutivos...).
9) Emprego de dicionarios impresos e dixitais, propiciando o seu uso como unha forma de ampliar o caudal léxico do alumnado e de coñecemento histórico e social, así como para resolver as súas dúbidas. Realizaranse, ademais, actividades para a composición e deseño de glosarios temáticos.
10) Manexo dos recursos propios das tecnoloxías da información e a comunicación para a procura de datos, a realización de traballos multimedia, a consulta da prensa dixital e a creación de espazos virtuais con material didáctico integrado.
11) Traballo proposto dirixido á identificación e localización espacial e temporal de feitos xeográficos e históricos, de

personaxes, de ideas, de movementos, de manifestacións culturais, literarias e artísticas, recoñecendo e analizando de maneira crítica as grandes transformacións da sociedade ao longo dos períodos históricos máis significativos e no mundo cambiante da actualidade, pescudando e contrastando as informacións procedentes de distintas fontes co fin de procurar un coñecemento nítido da evolución histórica e social do ser humano. Por medio de actividades como o deseño de rutas (histórico-xeográficas), simulacións históricas, investigacións sobre temas curriculares, elaboración de xornais de época, redacción de pequenos comentarios históricos e artísticos, exposicións orais... incentívase a iniciativa do alumnado e a súa creatividade, sentíndose este parte activa do proceso de ensino e aprendizaxe.
12) Utilización dos fondos, servizos e recursos da Biblioteca escolar como espazo creativo de aprendizaxe e construción de novos coñecementos a través da consulta de libros, dicionarios, enciclopedias, xornais, materiais audiovisuais, potenciando tamén a lectura autónoma para a creación dunha identidade lectora sólida e definida, fundamentada no enriquecemento cultural e a interrelación entre as distintas áreas do saber

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Documentos e recursos elaborados ou facilitados polo docente.
Textos variados en diversos formatos (orais, escritos ou multimodais).
Ordenadores edixgal e encerado dixital.
Boletíns con actividades de reforzo, ampliación e recuperación.
Materiais de investigación e consulta.
Xogos didácticos.
Caderno ou cartafol de traballo do alumnado.
Libros de lectura.
Material funxible.
Mapas e globo terráqueo.
Aula virtual do centro.
Material de consulta online: diccionarios online, mapas, webs de organismos oficiais, de xornais, etc.

A selección dos materiais docentes que integran a programación didáctica do ámbito debe adaptarse ao modelo de intervención educativa proposto. Neste sentido, deberá dar resposta á adecuación e contexto do centro, a correspondencia cos obxectivos trazados, a coherencia cos contidos e temas transversais estudados e o seu grao de adquisición e dificultade, e aos criterios de avaliación definidos para cada curso. Ademais, debe abarcar unha grande variedade de actividades individuais ou e grupo que poñan en práctica os conceptos e procedementos estudados e aborden axeitadamente a atención á diversidade na aula. Finalmente, todos os recursos utilizados presentarán unha claridade expositiva que favoreza a inmediata comprensión oral e escrita do alumnado. En relación aos materiais e recursos didácticos recollidos, indicar o seguinte:
• Empregaranse diversos materiais e recursos dixitais ou en formato tradicional elaborados pola persoa docente. O uso de textos en diversos formatos e soportes tamén será esencial na metodoloxía deste ámbito e, finalmente, as ferramentas informáticas serán imprescindibles para alcanzar os obxectivos propostos.
• O emprego de fichas de traballo, actividades interactivas, animacións, vídeos e aplicacións multimedia permiten o reforzo, consolidación e afondamento das aprendizaxes adquiridas, a escoita activa, a empatía e o debate a través de tarefas de competencias próximas á realidade do alumnado. Favorece tamén a investigación sobre temas de actualidade e problemas reais e a activación de estratexias e mecanismos de comprensión lectora a partir de textos de diversas tipoloxías, posto que implica a procura de información, a interpretación e relación dos datos obtidos e a

reflexión sobre o contido e a forma.
• O uso das TIC constitúe un recurso ineludible, pois actúa como ferramenta fundamental para a obtención de información, a súa transformación en coñecemento propio e a difusión dos resultados de proxectos e traballos de investigación.
• Non se debe esquecer a aula virtual do centroa pois, ademais de ser un medio idóneo de conexión e comunicación entre o docente e o alumnado, permite, grazas ás ferramentas que contempla, deseñar diversas actividades facilmente corrixibles e puntuables coas que poder reforzar ou ampliar coñecementos

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso, realizarase unha avaliación inicial do alumnado co fin de detectar dificultades e adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación inicial permitirá valorar as diferenzas académicas do alumnado e, deste xeito, poder atender á diversidade que nos atopamos na aula.
Dita avaliación inicial consistirá en actividades orais e escritas de diferente índole. Farase unha proba escrita na que se avaliará a comprensión de textos escritos, unha actividade escrita que permita coñecer cómo se expresan os alumnos por escrito e, pola outra banda, desenvolverase unha avaliación máis lúdica e oral que nos permita coñecer as destrezas lingüísticas orais e tamén os coñecementos previos que teñen dos distintos ámbitos, a partir dos cales continuarán construíndo a súa aprendizaxe.
Así mesmo, contémplase facer unha avaliación dos coñecementos previos do alumnado comezo de cada secuencia temática para, partindo destes, seguir construíndo os seus saberes. Tamén facilita información sobre a predisposición do alumnado cara o tema que se vai a traballar, permitindo que realice algunha modificación no traballo previsto. Así mesmo, o docente poderá detectar as posibles confusións e incorreccións que os/as escolares teñen sobre os contidos a tratar e que precisan aclaración e rectificación.Esta avaliación inicial por temas consistirá, segundo a ocasión, na elaboración de cuestionarios, test, tormenta de ideas, entrevistas, asembleas, redaccións, visualización de pequenos audiovisuais, etc.
En inglés, farase unha presentación para avaliar os coñecementos previos e a capacidade de comunicación.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**25**	**30**	**10**	**10**	**25**	**100**
Proba escrita	10	12	10	10	30	**16**
Táboa de indicadores	90	88	90	90	70	**84**

Criterios de cualificación:

Débese ter en conta o caràcter modular deste programa de diversificación curricular á hora de avaliar: neste ámbito intégranse os aspectos básicos do currículo de catro materias (lingua castelá e literatura, lingua galega e literatura, xeografía e historia e lingua estranxeira) que se traballarán de forma conxunta xerando, polo tanto, unha única cualificación.
A cualificación do ámbito cualificarase de forma numérica en números enteiros nunha escala de 1 a 10. O ámbito estará aprobado cando a cualificación sexa 5 ou superior. Se o docente observa que o alumno ou alumna aprobou a avaliación pero ten algunha parte ou tema pouco afianzado, poderá poñerlle algún traballo de reforzo.

AVALIACIÓNS TRIMESTRAIS

As UNIDADES1, 2, 3 e 4 terán un peso do 75% na nota do módulo. Os criterios de cualificación destas unidades serán os seguintes:

- Probas escritas: 10%

- Pequenas probas tipo test ou de resposta corta para avaliar a adquisición de contidos teóricos básicos de cada unidade.
- Probas de comprensión de textos.

- Traballo diario: 90%

Para avaliar o traballo do alumnado utilizaranse os seguintes instrumentos:
- Rúbricas para avaliar as redaccións, as exposicións orais e os traballos de investigación ou sobre os libros de lectura.
- Diario de aula para avaliar a participación do alumnado nas tarefas propostas e a súa actitude na aula.
- Listas de verificación para avaliar a realización de exercicios e fichas de actividades.

Por outra banda, a UNIDADE 5 (INGLÉS) terá un peso do 25% na nota do módulo. Esta unidade corresponde ao bloque de comunicación en lingua estranxeira e será cualificada en base a diferentes destrezas desgolsadas do seguinte xeito:

- USO DO INGLÉS (USE OF ENGLISH): 25%

Instrumentos de avaliación: preguntas de resposta curta, preguntas de escolla múltiple, rúbrica de cotexo.

- COMPRENSIÓN E PRODUCCIÓN ORAL (LISTENING COMPREHENSION): 25%

Instrumentos de avaliación: preguntas de resposta curta, preguntas de escolla múltiple, rúbrica de cotexo, dictado, audios.

- COMPRENSIÓN ESCRITA (READINGA COMPREHENSION): 20%

Instrumentos de avaliación: pregunts de resposta curta, preguntas de escolla múltiple, rúbrica de cotexo.

- PROXECTOS DE CLASE / TRABALLO DE CLASE (CLASS PROJECTS / CLASS WORK): 20%

Instrumentos de avaliación: rúbrica de cotexo.

AVALIACIÓN FINAL

A nota final do módulo calcularase do seguinte modo:

- 1º trimestre: 30%
- 2º trimestre: 30%
- 3º trimestre: 40%

Criterios de recuperación:

Dado o carácter continuado e progresivo da materia, non existirán recuperacións de cualificacións negativas do dous primeiros trimestres. Unha cualificación negativa tanto no primeiro trimestre coma no segundo trimestre poderá ser recuperada cunha nota igual ou superior a 5 no terceiro trimestre. Neste caso, e a efectos de calcular a nota final do módulo, o alumno será calificado cun 5 no trimestre no que tivera unha cualificación negativa.
Logo das tres avaliacións trimestrais, o alumnado que non obteña unha cualificación positiva terá a oportunidade de recuperar a materia realizando unha proba final na que se avaliarán todos os criterios de avaliación de todas as unidades didácticas e non se terán en conta os traballos realizados ao longo do curso. Este exame poderá realizarse no número de sesións que o docente considere necesario. Novamente, a cualificación deberá ser 5 ou superior, nunha escala de 1 - 10 para ter o aprobado.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN
O artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 establece o Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar. Nel indícase que o/a alumno/a deberá seguir un plan de reforzo en cada unha das materias non superadas, destinado á súa recuperación e á súa superación.
O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente

de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.
O plan de reforzo debe incluír, cando menos:
a) Identificación da alumna ou do alumno.
b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
f) Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
g) Seguimento e avaliación.
h) Acreditación da información á familia.
Segundo o indicado, o alumnado coa materia pendente será convocado ao inicio do curso para explicarlle o plan de recuperación. O alumnado, guiado polo docente, irá facendo os exercicios e traballos incluídos no plan de recuperación e realizará dúas probas escritas parciais segundo convocatoria oficial marcada en data polo centro.
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
As notas parciais serán o resultado da ponderación seguinte:

- Nota das probas: 50%
- Nota dos traballos: 50%

A cualificación deberá ser superior a 5 (nunha escala de 1-10) para ter o ámbito aprobado. Establécese un sistema de redondeo tendo en conta que se o decimal é superior a 5 será á alza e será á baixa cando o decimal sexa inferior a 5.
A nota final de curso da materia pendente calcularase do seguinte modo:

- Nota do primeiro parcial (exame + actividades): 50%
- Nota do segundo parcial: (exame + actividades): 50%

A cualificación deberá ser superior a 5 (nunha escala de 1-10) para ter o ámbito aprobado.
En todo caso, o alumnado que aprobe o ámbito lingüístico e social de 4º ESO aprobará o mesmo ámbito de 3º ESO.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para a educación secundaria obrigatoria e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa. Nesa mesma liña maniféstase o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación así como na Orde do 8 de setembro de 2021, que as oriente a adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Os programas de diversificación curricular supoñen en si mesmos unha medida de atención á diversidade ao consistir nunha modificación e nunha adaptación do currículo desde o terceiro curso de educación secundaria obrigatoria e ao estar orientados á consecución do título de graduado en educación secundaria obrigatoria por parte do alumnado que presente dificultades relevantes de aprendizaxe e para o cal, tras ter recibido medidas de atención á diversidade nos dous primeiros cursos da etapa, se considere que é a medida máis axeitada para a obtención do dito título.
En relación a esas indicacións e ao perfil do alumnado que finalmente participa no programa de diversificación curricular, propóñense as seguintes medidas :
• Deseño de tarefas diversas, adaptadas a distintos ritmos de aprendizaxe e que alternen actividades teóricas con traballo práctico. Ademais, segmentaranse as actividades máis longas, limitando o número destas; e combinaranse actividades máis estimulantes con outras que puideran resultar menos motivadoras.
• Flexibilidade nos tempos de entrega de tarefas, supervisando de maneira frecuente a súa realización para reforzar positivamente ou para reconducir a execución ou as distraccións.
• Atención individualizada fóra das sesións lectivas a través de plataformas dixitais.
• Uso de recursos diferentes para achegar os contidos e as explicacións a todo o alumnado.
• Aplicación de diferentes instrumentos de avaliación adaptados ás necesidades do alumnado.
• Incorporación en determinadas secuencias didácticas de actividades de reforzo.

• Uso do traballo de investigación como instrumento favorecedor das técnicas de traballo autónomo que permiten a cada alumna e a cada alumno aplicar o ritmo e a forma de traballo máis axeitada ás súas características individuais.
• Uso dos comentarios de distintos tipos de textos, con diferentes graos de dificultade, para formar persoas críticas, mellorar a comprensión e a expresión e, ademais, aumentar as lecturas en función dos gustos ou intereses de cada alumna e de cada alumno.
• Listaxe de lecturas autonomas ao servizo da diversidade de alumnas e alumnos que poden confluír nunha aula.
PROTOCOLO DE SEGUIMENTO DO ALUMNADO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO:
En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.
O plan específico personalizado incluírá, cando menos:
a) Identificación da alumna ou do alumno.
b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
g) Acreditación da información á familia

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.1 - Educación para a igualdade	X	X	X	X	X
ET.2 - ODS	X	X	X	X	X
ET.3 - Prexuízos lingüísticos	X	X	X	X	X
ET.4 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación emocional	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento da creatividade	X	X	X	X	X
ET.7 - Competencia dixital	X	X	X	X	X
ET.8 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X
ET.9 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación en valores	X	X	X	X	X
ET.11 - Resolución pacífica de conflictos	X	X	X	X	X
ET.12 - Cooperación entre iguais	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Roteiros literarios	Actividades en colaboración coa biblioteca do centro levados a cabo en certas conmemoracións coma o Día do Libro ou nas Letras Galegas	X	X	X
Escape rooms, xincanas e outros xogos.	Actividades lúdicas para celebrar diferentes conmemoracións coma o Día da Poesía ou o Día de Rosalía	X	X	X
Concursos literarios	Actividades en colaboración coa biblioteca para fomentar o gusto pola escritura.	X	X	X
Rueiros históricos	Interdisciplinar. Realización de excursión a diferentes lugares de interese histórico da cidade ou de Galicia.	X	X	X
Visita do Parlamento de Galicia	Visita guiada do Parlamento de Galicia	X	X	X
Charlas e conferencias	Interdisciplinar. Asistencia a conferencias e charlas de interese histórico, literario ou artístico.	X	X	X
Visita de museos, arquivos, bibliotecas.	Interdisciplinar. Posibilidade de facer unha visita en cada trimestre.	X	X	X
Visita de empresas, fábricas	Coñecemento da contorna	X	X	X
Saídas ó cine ou ó teatro	Asistencia a espectáculos para fomentar o interese pola realización de actividades culturais	X	X	X
Contacontos	Asistencia a un espectáculo de contacontos no propio centro.	X	X	X

Observacións:

Todas as actividades propostas teñen relación directa co ámbito, polo que non se considerarán nin se inclúen aquí as actividades complementarias organizadas polo centro. Todas estas actividades axudan a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe; ao mesmo tempo que permiten a socialización, a creatividade e descubrir habilidades do alumnado fóra do ámbito escolar, ademais de que este saia da rutina.
O desenvolvemento destas actividades precisa desenvolver estas tres fases:
• preparación previa
• procedemento de recollida de datos (durante a actividade o alumnado traballará sobre un cuestionario que se lle ofreceu)
• feed-back na clase para comprobar o adquirido

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización.
Ao comezo de cada unidade, inf¿romase ao alumnado sobre os obxecrivos propostos, as competencias que se van desenvolver, as actividaes que se realizarán e os instrumentos e criterios de avaliación.

Metodoloxía empregada
Ao inicio de cada secuencia didáctica, realízase unha introdución sobre o tema e actividades de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado ao respecto.
As actividades propostas son variadas en canto á súa tipoloxía e sistema de traballo (individual, por parellas, en pequeno grupo e en gran grupo).
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Empregáronse recursos e materiais didácticos variados: impresos, dixitais, audiovisuais, aplicacións informáticas, etc.
Usáronse instrumentos de avaliación variados.
Medidas de atención á diversidade
Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas.
Leváronse a cabo medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe.
Os contidos e actividades de cada unidade didáctica parten dos coñecementos previos do alumnado, vinculándose cos seus intereses e necesidades, e favorecen a construción progresivamente autónoma de novas aprendizaxes.
Clima de traballo na aula
O alumnado amosouse motivado, existindo un bo ambiente de traballo na aula.
Potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula.
Respectouse o alumnado e demostrouse sensibilidade ante os seus problemas e as súas diferenzas.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Mantívose contacto regular coas familias para seren informadas de todo o proceso de ensino-aprendizaxe dos seus fillos.
Estableceuse unha comunicación fluída e constante con outros departamentos, equipos e grupos de traballo específicos.

Descrición:

Os indicadores de logro arriba enumerados pretenden avaliar a planificación, o proceso de ensino e a práctica docente. Recolleranse os datos en táboas de observación ao rematar o curso académico, indicando as propostas de mellora, e teranse en conta os resultados para cursos posteriores, modificando aqueles aspectos que non acadaron unha cualificación positiva

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens e os resultados serán recollidos nas actas de departamento. Para a avaliación do proceso de ensino, empregaranse os indicadores de logro recollidos na programación e tamén se terá en conta o seguimento das unidades didácticas (sesións previstas, graos de cumprimento...). Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora se fosen necesarias para poñer en práctica nos cursos sucesivos.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Bioloxía e xeoloxía	3º ESO	2	70

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 4

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 5

4.1. Concrecións metodolóxicas 14

4.2. Materiais e recursos didácticos 15

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 16

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 16

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 17

6. Medidas de atención á diversidade 17

7.1. Concreción dos elementos transversais 18

7.2. Actividades complementarias 19

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 19

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 20

9. Outros apartados 20

1. Introdución

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Bioloxía e Xeoloxía do 3º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que xira durante este segundo ciclo da ESO en torno á anatomía e a fisioloxía do corpo humano, incidindo na importancia de promover hábitos para o coidado da saúde.
Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica nun IES, O IES Luís Seoane, situado nun barrio o noroeste da cidade de Pontevedra, da que dista 3 km. Destacar que o nivel socioeconómico e cultural da poboación é baixo. Dentro da súa diversidade ten relevancia a presenza de habitantes de etnia xitana e de inmigrantes de orixe marroquí e suramericana. O centro tamén recibe unha alta porcentaxe de alumnado procedente da Escola Fogar Príncipe Felipe que acolle a nenos e xoves en situación de risco ou de exclusión social. Por todo isto, unha alta porcentaxe presenta carencias familiares que repercuten negativamente no eido académico. Para moitos deles o IES supón a única oportunidade de aprender, coñecer e levar a cabo actividades. O noso alumnado presenta pouca motivación e un nivel insuficiente nas competencias en comunicación, matemática e científica que conclúe en máis casos dos desexados de abandono educativo temperán.
Dende as materias impartidas polo departamento, además de mellorar a competencia STEM, fomentarase a comprensión lectora, a expresión oral e escrita e proporcionaráselle ao alumnado a oportunidade para mellorar a súa capacidade de utilizar as TIC. Todo elo para desenvolver no alumnado a madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma. Tamén poñeremos especial énfase na atención a diversidade do alumnado, orientada a que cada alumno e alumna desenvolva ao máximo o seu potencial.
No presente curso nesta materia están matriculados 51 alumnos/as distribuídos en dous grupos, 30 alumnos/as en 3ºA e 21 alumnos/as en 3ªB, con idades comprendidas entre os 13 e os 15 anos contando na aula con alumnado que presenta: TDAH, trastornos específicos da aprendizaxe e situacións de vulnerabilidade socio-educativa. Ademais aplicaranse aqueles protocolos que indique o Departamento de Orientación ao longo do curso e nos casos que sexan necesarios tamén se aplicarán reforzos educativos.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar e transmitir información e datos científicos argumentando sobre eles e utilizando diferentes formatos para analizar conceptos e procesos das ciencias biolóxicas e xeolóxicas.	1-2-5		4	2-3				4
OBX2 - Identificar, localizar e seleccionar información, contrastando a súa veracidade, organizándoa e avaliándoa criticamente para resolver preguntas relacionadas coas ciencias biolóxicas e xeolóxicas.	3	1	4	1-2-3-4-5	4			
OBX3 - Planificar e desenvolver proxectos de investigación, seguindo os pasos das metodoloxías científicas e cooperando cando sexa necesario para indagar en aspectos relacionados coas ciencias xeolóxicas e biolóxicas.	1-2		2-3-4	1-2	3		3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Utilizar o razoamento e o pensamento computacional, analizando criticamente as respostas e solucións e reformulando o procedemento, de ser necesario, para resolver problemas ou dar explicación a procesos da vida cotiá relacionados coa bioloxía e coa xeoloxía.			1-2	5	5		1-3	4
OBX5 - Analizar os efectos de determinadas accións sobre o medio ambiente e a saúde baseándose nos fundamentos das ciencias biolóxicas e da Terra para promover e adoptar hábitos que eviten ou minimicen os impactos ambientais negativos, que sexan compatibles cun desenvolvemento sostible e que permitan manter e mellorar a saúde individual e colectiva.			2-5	4	1-2	3-4	1	
OBX6 - Analizar os elementos dunha paisaxe concreta valorándoo como patrimonio natural e utilizando coñecementos sobre xeoloxía e ciencias da Terra para explicar a súa historia xeolóxica, propoñer accións encamiñadas á súa protección e identificar posibles riscos naturais.			1-2-4-5	1		4	1	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Os riscos xeolóxicos internos	Nesta unidade realizarase unha introdución aos riscos naturais e un estudo e análise dos riscos xeolóxicos internos.	8	4	X		
2	A organización do corpo humano	Nesta unidade estúdanse os distingos niveis de organización nos seres vivos e os tipos principais de tecidos.	15	10	X		
3	A función da nutrición	Nesta unidade estúdase a función de nutrición; os aparatos implicados e as enfermedades asociadas.	15	12	X	X	
4	Alimentos e nutrientes	Nesta unidade estúdanse os grupos principais de alimentos e a clasificación de nutrientes segundo a súa función.	10	8		X	
5	A función da relación	Nesta unidade estúdase a función de relación; os sistemas e órganos sensoriais implicados e as enfermedades asociadas.	15	12			X
6	Saúde e hábitos saudables	Nesta unidade analizase o concepto de saúde e a importancia de manter hábitos saúdables.	10	8		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	A función da reprodución	Nesta unidade estúdase a función de reprodución; os aparatos implicados e as enfermedades asociadas.	15	8			X
8	O traballo científico	Nesta unidade abórdanse distintos aspectos sobre o traballo nas ciencias.	12	8	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Os riscos xeolóxicos internos	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Clasificar os riscos empregando como criterio as causas naturais que os producen.	Clasificar os riscos xeolóxicos.	PE	90
CA2.2 - Analizar os riscos naturais a través dos factores de risco valorando a importancia das medidas de predición e prevención.	Analizar os riscos naturais.		
CA2.3 - Explicar a orixe e a distribución da actividade sísmica e volcánica na Terra e os tipos de erupcións volcánicas, integrándoas coa teoría da tectónica de placas.	Explicar a orixe e a distribución da actividade sísmica e volcánica na Terra.		
CA2.4 - Valorar a importancia da análise do risco sísmico e volcánico e as medidas de predición e prevención para minimizar os seus efectos, buscando e aportando exemplos.	Valorar a importancia da análise do risco sísmico e volcánico.	TI	10
CA2.5 - Localizar as áreas con risco sísmico en Galicia seleccionando información mediante o uso correcto de diferentes fontes.	Localizar as áreas con risco sísmico en Galicia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Riscos naturais: - Definición e clasificación. - Análise e planificación. - Actividade sísmica e volcánica na Terra en relación coa teoría da tectónica de placas: - Orixe e distribución global dos terremotos e do vulcanismo na Terra. - Tipos de erupcións volcánicas. - Análise do risco sísmico e volcánico. Medidas de predición e prevención. O risco sísmico en Galicia.

UD	Título da UD	Duración
2	A organización do corpo humano	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Recoñecer a célula como a unidade estrutural e funcional dos seres vivos a través do coñecemento dos postulados da teoría celular.	Recoñecer a célula como a unidade estrutural e funcional dos seres vivos.	PE	90
CA3.3 - Diferenciar as estruturas básicas dos diferentes tipos de células utilizando diferentes estratexias de observación e comparación e relacionándoas coas súas funcións.	Diferenciar as estruturas básicas dos diferentes tipos de células.		
CA3.4 - Describir os virus como formas acelulares causantes dalgunhas patoloxías nos humanos.	Describir os virus como formas acelulares.		
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos (modelos, gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos, páxinas web...), mantendo unha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	Analizar e explicar conceptos biolóxicos.	TI	10
CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información mediante a citación e o uso correctos de distintas fontes.	Resolver cuestións sobre bioloxía.		
CA3.1 - Analizar e comprender a información sobre procesos biolóxicos ou traballos científicos transmitíndoa de forma clara e utilizando a terminoloxía e o formato adecuados.	Analizar e comprender a información sobre procesos biolóxicos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estratexias para a elaboración do proxecto científico:
- Formulación de preguntas, hipóteses e conxecturas científicas.
- Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...).
- A resposta a cuestións científicas mediante a experimentación e o traballo de campo: utilización dos instrumentos e espazos necesarios (laboratorio, aulas, contorna...) de forma adecuada.
- A teoría celular. Recoñecemento da célula como unidade estrutural e funcional dos seres vivos:
- Estrutura básica da célula. Tipos de células: procariotas e eucariotas (animais e vexetais).
- Observación e comparación de tipos de células ao microscopio e outros medios (vídeos, fotografías...) mediante distintas estratexias e destrezas.
- Formas acelulares.

UD	Título da UD	Duración
3	A función da nutrición	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Identificar os aparellos e sistemas que participan na función de nutrición.	Identificar os aparellos e sistemas que participan na función de nutrición.	PE	90
CA4.5 - Explicar os procesos fundamentais da nutrición relacionándoos coas estruturas dos aparellos e dos sistemas que interveñen nela.	Explicar os procesos fundamentais da nutrición.		
CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información mediante a citación e o uso correctos de distintas fontes.	Resolver cuestións sobre bioloxía	TI	10
CA1.3 - Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos.	Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos		
CA4.1 - Resolver problemas ou explicar procesos biolóxicos utilizando coñecementos, datos e información achegados, o razoamento lóxico, o pensamento computacional ou recursos dixitais.	Resolver problemas ou explicar procesos biolóxicos.		
CA4.2 - Analizar criticamente a solución a un problema sobre fenómenos biolóxicos e xeolóxicos.	Analizar criticamente a solución a un problema sobre fenómenos biolóxicos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias para a elaboración do proxecto científico: - Formulación de preguntas, hipóteses e conxecturas científicas. - A resposta a cuestións científicas mediante a experimentación e o traballo de campo: utilización dos instrumentos e espazos necesarios (laboratorio, aulas, contorna...) de forma adecuada. - Función de nutrición: aparellos dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor. - Importancia da nutrición e relación entre a anatomía e a fisioloxía básica dos aparellos que participan nela. - Cuestións e problemas prácticos relacionados con coñecementos de fisioloxía e anatomía dos principais sistemas e aparellos do organismo implicados nas funcións de nutrición, relación e reprodución.

UD	Título da UD	Duración
4	Alimentos e nutrientes	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Reflexionar sobre a importancia da alimentación e da nutrición para o bo funcionamento do organismo recoñecendo as diferenzas entre alimentación e nutrición e diferenciando os nutrientes e as súas funcións básicas.	Reflexionar sobre a importancia da alimentación e da nutrición diferenciando os nutrientes e as súas funcións básicas.	PE	90
CA5.5 - Analizar a importancia dunha boa alimentación e actividade física percibíndoos como hábitos saudables para o individuo e a sociedade.	Analizar a importancia dunha boa alimentación e actividade física		
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos (modelos, gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos, páxinas web...), mantendo unha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos.	TI	10
CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información mediante a citación e o uso correctos de distintas fontes.	Resolver cuestións sobre bioloxía.		
CA1.3 - Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos.	Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos		
CA1.4 - Recoñecer a información sobre temas biolóxicos e xeolóxicos con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Recoñecer a información sobre temas biolóxicos con base científica.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estratexias para a elaboración do proxecto científico:
- Formulación de preguntas, hipóteses e conxecturas científicas.
- Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...).
- Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica.
- A resposta a cuestións científicas mediante a experimentación e o traballo de campo: utilización dos instrumentos e espazos necesarios (laboratorio, aulas, contorna...) de forma adecuada.
- Función de nutrición: aparellos dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor.
- Importancia da nutrición e relación entre a anatomía e a fisioloxía básica dos aparellos que participan nela.
- Hábitos saudables con relación á alimentación. Características dunha dieta saudable e análise da súa importancia.

UD	Título da UD	Duración
5	A función da relación	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Recoñecer os órganos, aparatos e sistemas que interveñen na función de relación establecendo as diferenzas e as funcións de cada un e describindo os principais procesos, órganos e estruturas implicadas.	Recoñecer os órganos, aparatos e sistemas que interveñen na función de relación.	PE	90
CA4.7 - Comprender a relación funcional entre o sistema nervioso e o sistema endócrino.	Identificar a relación funcional entre o sistema nervioso e o sistema endócrino		
CA5.7 - Recoñecer as drogas (incluídas as de curso legal) considerándoas como causa de prexuízos non só para as persoas que as consomen, senón tamén para as que están na súa contorna próxima.	Identificar as características das drogas		
CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información mediante a citación e o uso correctos de distintas fontes.	Resolver cuestións sobre bioloxía	TI	10
CA1.3 - Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos.	Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos		
CA1.5 - Deseñar e realizar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos e xeolóxicos de modo que permitan responder preguntas concretas e contrastar unha hipótese exposta.	Deseñar e realizar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos e xeolóxicos.		
CA1.6 - Presentar as conclusións do proxecto de investigación mediante as ferramentas dixitais e o formato adecuado (táboas, gráficos, informes...) interpretando os resultados e a información obtida a través da experimentación e da observación de campo.	Presentar as conclusións do proxecto de investigación.		
CA4.1 - Resolver problemas ou explicar procesos biolóxicos utilizando coñecementos, datos e información achegados, o razoamento lóxico, o pensamento computacional ou recursos dixitais.	Resolver problemas ou explicar procesos biolóxicos.		
CA4.2 - Analizar criticamente a solución a un problema sobre fenómenos biolóxicos e xeolóxicos.	Analizar criticamente a solución a un problema sobre fenómenos biolóxicos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias para a elaboración do proxecto científico: - Formulación de preguntas, hipóteses e conxecturas científicas.

Contidos
- Métodos de observación e de toma de datos de fenómenos naturais. - Deseño de controis experimentais (positivos e negativos) e argumentación sobre a súa esencialidade para obter resultados obxectivos e fiables nun experimento. - A resposta a cuestións científicas mediante a experimentación e o traballo de campo: utilización dos instrumentos e espazos necesarios (laboratorio, aulas, contorna...) de forma adecuada. - Función de relación: receptores sensoriais, centros de coordinación e órganos efectores. - Análise e visión xeral da función de relación. - Cuestións e problemas prácticos relacionados con coñecementos de fisioloxía e anatomía dos principais sistemas e aparellos do organismo implicados nas funcións de nutrición, relación e reprodución. - Efectos prexudiciais das drogas legais e ilegais, tanto para os consumidores coma para quen está na súa contorna próxima.

UD	Título da UD	Duración
6	Saúde e hábitos saudables	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.3 - Comparar as enfermidades infecciosas e non infecciosas identificando as medidas de prevención e os tratamentos que existen ata o momento.	Comparar as enfermidades infecciosas e non infecciosas.	PE	90
CA6.4 - Analizar o funcionamento e as estruturas que comprende o sistema inmunitario recoñecendo o seu papel na prevención e superación das enfermidades infecciosas.	Analizar o funcionamento e as estruturas que comprende o sistema inmunitario.		
CA5.1 - Resolver cuestións relacionadas con hábitos de vida saudables localizando, seleccionando e organizando información mediante a citación e o uso correctos de distintas fontes.	Resolver cuestións sobre hábitos saudables	TI	10
CA5.2 - Recoñecer a información con base científica sobre cuestións relacionadas coa saúde humana distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Recoñecer a información con base científica.		
CA5.4 - Reflexionar sobre a importancia da adquisición de hábitos e estilos de vida saudables como método de prevención de doenzas exemplificando con situacións próximas ao alumnado.	Reflexionar sobre a importancia da adquisición de hábitos e estilos de vida saudables.		
CA5.5 - Analizar a importancia dunha boa alimentación e actividade física percibíndoos como hábitos saudables para o individuo e a sociedade.	Analizar a importancia dunha boa alimentación e actividade física.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Analizar conceptos e procesos relacionados coa saúde e coa enfermidade interpretando información en diferentes formatos (modelos, gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos, páxinas web¿), mantendo unha actitude crítica e obtendo conclusións fundamentadas.	Analizar conceptos e procesos relacionados coa saúde e coa enfermidade.		
CA6.2 - Recoñecer a información con base científica en relación coa saúde e coa enfermidade distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Recoñecer a información con base científica.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Hábitos encamiñados á conservación da saúde física, mental e social (hixiene do sono, hábitos posturais, uso responsable das novas tecnoloxías, actividade física, autorregulación emocional, coidado e corresponsabilidade...). - Enfermidades infecciosas e non infecciosas: - Diferenciación en base á súa etioloxía. - Medidas de prevención e tratamento de enfermidades infecciosas. - O uso adecuado dos antibióticos. - Sistema inmunitario: análise dos diferentes tipos de barreiras e mecanismos de defensa que dificultan a entrada de patóxenos ao organismo. - Relación entre o sistema inmunitario e a prevención e superación fronte ás enfermidades infecciosas. - Importancia da vacinación na prevención de enfermidades e na mellora da calidade da vida humana. - Importancia dos transplantes e da doazón de órganos.

UD	Título da UD	Duración
7	A función da reprodución	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.8 - Recoñecer os procesos da reprodución humana identificando as estruturas do aparello reprodutor e endócrino implicadas.	Identificar as estruturas do aparello reprodutor e endócrino implicadas.	PE	90
CA4.9 - Reflexionar sobre a reprodución e a sexualidade valorando a súa propia sexualidade e a das persoas da súa contorna.	Identificar as diferencias entre a reprodución e a sexualidade		
CA5.3 - Analizar criticamente a solución a un problema relacionado coa alimentación saudable, coas drogas e coa sexualidade.	Analizar a solución a un problema relacionado coa alimentación saudable, coas drogas e coa sexualidade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información mediante a citación e o uso correctos de distintas fontes.	Resolver cuestións de bioloxía.	TI	10
CA1.3 - Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos.	Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos		
CA1.4 - Recoñecer a información sobre temas biolóxicos e xeolóxicos con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Recoñecer a información sobre temas biolóxicos con base científica.		
CA4.1 - Resolver problemas ou explicar procesos biolóxicos utilizando coñecementos, datos e información achegados, o razoamento lóxico, o pensamento computacional ou recursos dixitais.	Resolver problemas ou explicar procesos biolóxicos.		
CA4.2 - Analizar criticamente a solución a un problema sobre fenómenos biolóxicos e xeolóxicos.	Analizar criticamente a solución a un problema sobre fenómenos biolóxicos		
CA5.6 - Recoñecer o sexo e a sexualidade desde a perspectiva da igualdade entre homes e mulleres e respectando a diversidade sexual.	Recoñecer o sexo e a sexualidade desde a perspectiva da igualdade entre homes e mulleres e respectando a diversidade sexual.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estratexias para a elaboración do proxecto científico:
- Formulación de preguntas, hipóteses e conxecturas científicas.
- Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica.
- A resposta a cuestións científicas mediante a experimentación e o traballo de campo: utilización dos instrumentos e espazos necesarios (laboratorio, aulas, contorna...) de forma adecuada.
- Función de reprodución: aparello reprodutor e sistema endócrino.
- Relación entre a anatomía e a fisioloxía básicas do aparello reprodutor.
- Reprodución e sexualidade.
- Cuestións e problemas prácticos relacionados con coñecementos de fisioloxía e anatomía dos principais sistemas e aparellos do organismo implicados nas funcións de nutrición, relación e reprodución.
- Sexo e sexualidade desde a perspectiva da igualdade entre os homes e as mulleres e o respecto á diversidade sexual. Importancia da educación sexual integral como parte dun desenvolvemento harmónico:
- Infeccións de transmisión sexual (ITS).
- Métodos de anticoncepción e prácticas sexuais responsables. A asertividade e o autocoidado.
- As relacións afectivo-sexuais: ideas preconcibidas e estereotipos sexuais.

UD	Título da UD	Duración
8	O traballo científico	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos (modelos, gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos, páxinas web...), mantendo unha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos.	TI	100
CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información mediante a citación e o uso correctos de distintas fontes.	Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía.		
CA1.3 - Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos.	Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos.		
CA1.4 - Recoñecer a información sobre temas biolóxicos e xeolóxicos con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Recoñecer a información sobre temas biolóxicos e xeolóxicos con base científica.		
CA1.5 - Deseñar e realizar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos e xeolóxicos de modo que permitan responder preguntas concretas e contrastar unha hipótese exposta.	Deseñar e realizar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos e xeolóxicos.		
CA1.6 - Presentar as conclusións do proxecto de investigación mediante as ferramentas dixitais e o formato adecuado (táboas, gráficos, informes...) interpretando os resultados e a información obtida a través da experimentación e da observación de campo.	Presentar as conclusións do proxecto de investigación.		
CA1.7 - Cooperar dentro dun proxecto científico asumindo responsablemente unha función concreta, utilizando espazos virtuais cando sexa necesario, respectando a diversidade e a igualdade de xénero e favorecendo a inclusión.	Cooperar dentro dun proxecto científico asumindo responsablemente unha función concreta.		
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destacando e recoñecendo o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución.	Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
- Estratexias para a elaboración do proxecto científico: - Formulación de preguntas, hipóteses e conxecturas científicas. - Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...). - Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica. - Métodos de observación e de toma de datos de fenómenos naturais. - Deseño de controis experimentais (positivos e negativos) e argumentación sobre a súa esencialidade para obter resultados obxectivos e fiables nun experimento. - A resposta a cuestións científicas mediante a experimentación e o traballo de campo: utilización dos instrumentos e espazos necesarios (laboratorio, aulas, contorna...) de forma adecuada. - Métodos de análise de resultados. Diferenciación entre correlación e causalidade. - Modelado como método de representación e comprensión de procesos ou elementos da natureza. - O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ás ciencias biolóxicas e xeolóxicas e importancia social. O papel da muller na ciencia.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As propostas pedagóxicas elaboraranse tendo en conta a atención á diversidade e os diferentes ritmos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos e promovendo a aprendizaxe tanto individual coma en equipo. A metodoloxía didáctica será activa e participativa, favorecendo o traballo individual do alumnado e o traballo cooperativo.
Así mesmo, traballaranse os valores transversais fomentando especialmente a comprensión lectora e a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula.

* PRINCIPIOS METODOLÓXICOS
No proceso de ensinanza e aprendizaxe han de asegurar distintos tipos de aprendizaxe:
1º: Aprendizaxe significativa. Partindo dos coñecementos previos, os alumnos e alumnas han de ser capaces de aprender a aprender, para poder establecer relacións entre a materia e a súa propia realidade.
2º: Aprendizaxe funcional. Os novos contidos deberán ser empregados polos alumnos/as cando así estes o precisen. Para iso débese facer unha memorización comprensiva e razoada.
3º: Aprendizaxe cooperativa. Traballar a materia en grupo, no laboratorio, no desenvolvemento de proxectos de investigación ou mediante debates, aumentará o interese pola mesma.
4º: Aprendizaxe mediante o emprego das TICs. Coa utilización de Internet, aula virtual, vídeos divulgativos e do encerado dixital, que será utilizado como apoio constante ás explicacións

* TIPOS DE ACTIVIDADES E PROXECTOS
A metodoloxía didáctica adaptarase ás características de cada alumno/a, favorecendo a súa capacidade para aprender por si mesmo/a e para traballar en equipo, iniciándoo no coñecemento da realidade de acordo cos principios básicos do método científico. Ademais terase en conta:
- Incorporación da dimensión práctica ás áreas.
- Fomentar o traballo en equipo.
- Fomentar a capacidade de autonomía do alumnado e desenvolver a capacidade de aprender a aprender.

* DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES
O fío condutor que se seguirá á hora de desenvolver as distintas unidades didácticas será o seguinte:
a) Introdución á unidade didáctica.
b) Análise dos coñecementos previos dos alumnado.

c) Exposición de contidos e desenvolvemento da unidade.
d) Resumo e síntese dos contidos da unidade.

* TIPOS DE AGRUPAMENTOS
As diversas formas de agrupamento que se utilizarán, divídense en tres tipos:
- Gran grupo.
- Equipos de traballo cooperativo.
- Traballo individual.

* CONTRIBUCIÓN A PLANS E PROXECTOS
Preténdese realizar unha adecuada contribución ao Plan de Lectura do Centro, coa proposta de lectura voluntaria de distintos libros relacionados coa materia, así como coa lecturas de artigos xornalísticos e textos do libro do alumno/a.

Así mesmo, contribuirase ao Plan TICs coa proxección de vídeos, traballos na aula virtual ou edixgal, clases expositivas empregando presentacións dixitais, avaliacións interactivas e kahoots.
A materia tamén deberá contribuír a outros plans incluídos no Proxecto Educativo do centro como o Plan de Actividades do Departamento de Orientación, o Plan de Acción Titorial, o Plan de Atención á Diversidade ou o Proxecto Lingüístico de Centro, tendo presente en todo momento a Programación Xeral Anual que se redactou a inicio de curso.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material elaborado pola profesora dispoñible na aula virtual e edixgal
Fichas de actividades de consolidación
Fichas de actividades de reforzo
Fichas de actividades de ampliación
Caderno ou portfolio do alumno/a
Dotación da aula (encerado dixital, tradicional, pupitres...)
Laboratorio (instrumentación e materiais propios)

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo en parellas ou grupal.

O espazo empregado para as clases prácticas será o laboratorio de ciencias, dotado do instrumental e materiais presentes de xeito habitual nun laboratorio escolar.

No que se refire ás ferramentas que centrarán o traballo do alumnado na aula, as principais serán o material elaborado polas profesoras do Departamento de Ciencias do centro dispoñible na aula virtual do centro, edixgal e o caderno ou portfolio, recurso indispensable que será solicitado periodicamente para a súa avaliación.

No portfolio ou caderno o alumnado gardará e clasificará trimestralmente non só todos aqueles documentos impresos que lle sexan entregados ao longo do curso, senón tamén os xerados por eles mesmos. Entre os recursos impresos mencionados destacan as fichas de comprensión lectora, os guións de prácticas, as fichas de actividades de consolidación e as actividades de reforzo e de ampliación específicas para cada alumno. Nalgúns casos estos

recursos entregaránse na aula virtual ou edixgal.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias e contidos básicos. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como o seu coñecemento das destrezas da materia así como detectar posibles necesidades específicas de apoio educativo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados obtidos non terán peso na cualificación do alumnado.
Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación, levaranse a cabo as medidas de atención individualizadas pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	**UD 1**	**UD 2**	**UD 3**	**UD 4**	**UD 5**	**UD 6**	**UD 7**
Peso UD/ Tipo Ins.	**8**	**15**	**15**	**10**	**15**	**10**	**15**
Proba escrita	90	90	90	90	90	90	90
Táboa de indicadores	10	10	10	10	10	10	10

Unidade didáctica	**UD 8**	**Total**
Peso UD/ Tipo Ins.	**12**	**100**
Proba escrita	0	**79**
Táboa de indicadores	100	**21**

Criterios de cualificación:

Cada unha ou dúas unidades didácticas realizarase unha proba escrita cos contidos específicos asociados aos criterios de avaliación.
En cada avaliación, realizarase a media aritmética das notas das probas escritas realizadas. Esta representará o 90% da nota da avaliación. Se a media das probas escritas realizadas non é igual ou maior ca 3,0 puntos, senon menor, esta porcentaxe pasará a representar o 100% da nota desa avaliación.
No caso de que nunha proba se teña sospeita fundamentada ou de observarse a realización fraudulenta por parte do alumno/a da mesma, aplicarase a normativa vixente e dita proba escrita será cualificada con cero puntos.
O outro 10%, vén definido polos criterios de avaliación que se recollen nas táboas de indicadores. Se a cualificación acadada neste apartado é de cero puntos, o alumno ou alumna non superará a materia e entenderase ademais que non acada os obxectivos nin desenvolve as competencias clave. Estes criterios de avaliación estarán asociados a distintos instrumentos de avaliación como rúbricas e listaxes de cotexo que se analizarán en distintos procedementos de avaliación ao longo de todas as unidades:

- Prácticas de laboratorio
- Traballos cooperativos
- Traballos individuais
- Caderno de aula
- Proxectos científicos
- Fichas de actividades de consolidación
- Fichas de actividades de reforzo
- Fichas de actividades de ampliación

Polo tanto, os pesos para o cálculo da nota final en cada avaliación estarán representados por:
90% probas escritas
10% táboas de indicadores

A nota da avaliación final será calculada como a media aritmética das notas das tres avaliacións parciais, sempre e cando as notas dos períodos non sexan inferiores a 4,0 puntos. Para aprobar a materia será preciso obter 5,0 puntos.

Criterios de recuperación:

O alumnado terá superada cada unha das avalaciacións se a súa cualificación é igual ou superior a 5.
Se o alumno/a ten unha ou máis dunha avaliación suspensa e a media aritmética das tres é inferior ao 5 terá a oportunidade de facer unha proba final de recuperación baseada nos criterios mínimos de consecución das unidades desas avaliacións sen superar. A nota da avaliación final será calculada como a media aritmética das notas das tres avaliacións parciais, sempre e cando as notas dos períodos non sexan inferiores a 4,0 puntos. A proba escrita para recuperar a materia non superada realizarase no mes de xuño.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Co obxecto de facilitarlle ó alumnado a recuperación das materias pendentes do Departamento de Ciencias, e ter un seguimento das súas aprendizaxes o departamento acorda:
1º.- Dividir a materia en dúas partes.
2º.- Realizar dúas probas escritas da materia pendente que terán lugar segundo o calendario que estableza a Xefatura de estudos. É necesario que o alumnado obteña unha nota mínima dun 5 para superar a parte da materia correspondente. Se o/a alumno/a non aproba a proba escrita da primeira parte, terá que avaliarse na segunda proba de toda a materia, debendo obter unha nota mínima dun 5.
3º.- Un plan de traballo que consiste na realización por parte do alumnado dunha serie de boletíns de exercicios de repaso da materia pendente que terán que presentar nas datas establecidas. Para este fin crearase un curso de pendentes na aula virtual do centro, onde dito plan de traballo, estará a disposición do alumnado. Para os/as alumnos/as que presenten dificultades para o acceso aos medios tecnolóxicos, dito material se lle facilitará impreso.
4º.- A nota final do curso será calculada da seguinte forma:
-Media aritmética das notas obtidas en cada proba escrita ou de ser o caso, a nota obtida de toda a materia. Esta media representa un 80% da nota final.
- Nota media dos boletíns de exercicios, que representa un 20% da nota final.
5º.- Os alumnos/as terán a súa disposición cando así o soliciten unha reunión de seguimento profesor responsable (Xefe de Departamento) a realizar nun dos recreos, para atendelos e resolverlles dúbidas.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico actividades en cada unha das unidades didácticas (enunciados curtos, unir, completar, ordenar, sinalar...), así como probas escritas adaptadas ás súas características específicas. Estas probas, se ben presentarán os mesmos contidos en concordancia cos criterios de avaliación, estarán formuladas de xeito máis directo e compostas por cuestións análogas ás anteriormente comentadas. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os

necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

A maiores, levaranse a cabo as seguintes medidas dentro da aula:
Normas claras e coherentes.
Reforzo positivo.
Estar sentado cerca da mesa do profesorado e ao lado de compañeiras ou compañeiros que lle sirvan de modelo de tranquilidade, de orde e de axuda.
Manter un ambiente estruturado, motivador e con rutinas predicibles axudaralle ao alumnado a sentirse seguro e a saber o que ten que facer en cada momento.
Antes de empezar unha actividade, explicala de xeito claro e sinxelo.
Alternar actividades teóricas con traballo práctico.
En relación ás probas escritas tomaranse as seguintes medidas:
Deixar máis tempo para os exames ou probas escritas, incluso dividilas en dúas sesións, e ser flexibles na súa duración.
− Presentar escrito o texto dos exames, salientando as partes máis importantes de cada cuestión e, no caso de preguntas complexas, diferenciando ben cada tarefa.
− Deixar suficiente espazo entre as preguntas, e supervisar a súa comprensión e execución.

Teránse en conta ademais os seguintes protocolos da Consellería de Educación
· Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/outras dificultades específicas da aprendizaxe
· Protocolo de Consenso sobre TDAH na Infancia e na Adolescencia nos Ámbitos Educativo e Sanitario
· Protocolo de Tratamento Educativo do Alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo (TEA).
· Protocolo para a Atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión da lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:
No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:
- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita as Illas Cíes, Parque Nacional das Illas Atlánticas.	Visita para coñecer un dos Parques Nacionais que temos en Galicia			X
Visita a Domus	Actividade relacionada coas unidades de Bioloxía.		X	

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Metodoloxía empregada
Participación activa de todo o alumnado
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Combinación do traballo individual co traballo cooperativo
Medidas de atención á diversidade
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE na elaboración de probas escritas
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto.
O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Cultura Financeira	3º ESO	3	105

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 4

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 4

4.1. Concrecións metodolóxicas 8

4.2. Materiais e recursos didácticos 9

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 9

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 9

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 10

6. Medidas de atención á diversidade 10

7.1. Concreción dos elementos transversais 11

7.2. Actividades complementarias 11

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 12

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 12

9. Outros apartados 13

1. Introdución

A materia de Cultura Financeira da resposta as demandas dunha necesaria alfabetización básica financeira por parte da sociedade actual.
Sempre dende un enfoque baseado na sostibiidade e a xestión responsable dos recursos, tanto individuais como colectivos, trátase de concienciar ao alumnado das consecuencias que na sociedade teñen os actos individuais e a importancia de adoptar unha actitude solidaria.
O coñecemento e comprensión dos conceptos e riscos financeiros permitirá que o alumnado desenvolva habilidades, motivación e a confianza necesarias para poder tomar decisións financeiras responsables e racionais básicas coas que se atopará ao longo da súa vida como cidadán.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender as diferentes características do diñeiro, as formas de obtelo como ingreso e de intercambialo por bens e servizos, reflexionando sobre a contribución persoal e social do consumo ao benestar individual e colectivo.	2				3	3	1-2	
OBX2 - Elaborar plans financeiros sinxelos en contextos persoais ou familiares tendo en conta as consecuencias a curto, medio e longo prazo, valorando a importancia de xestionar de forma eficaz os ingresos e os gastos e as decisións de aforro, inversión e financiamento para dotarse de ferramentas e estratexias coas que lograr melloras no benestar financeiro.	1		1-4	1-2-3	1-5		1-2-3	4
OBX3 - Avaliar as vantaxes e as desvantaxes da asunción de riscos na toma de decisións financeiras comprendendo como mitigalos a través de estratexias de seguridade.	1-2-3	3		1-4	2		1-2-3	
OBX4 - Coñecer os dereitos e deberes asociados ao consumo e ao uso de produtos e servizos financeiros, así como os mecanismos de protección, de información e de asesoramento financeiro existentes para evitar estafas e fraudes, identificando patróns de consumo responsable.	2-3	3	5	1-3-4	4	1-2-3-4	2	4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	DIÑEIRO E TRANSACCIÓNS	Diñeiro e as súas formas. Diferenciar o diñeiro auténtico do falso. Diferentes modos de pagamento físico ou virtual. Os prezos. O poder adquisitivo e a inflación. A importancia das obrigas fiscais e sociais para o mantemento do estado de bienestar. As facturas e os tickets de compra. O recibo de salarios, diferenciar os ingresos netos e brutos.	23	24	X		
2	PLANIFICACIÓN E ORZAMENTO	Os orzamentos persoais. Técnicas de elaboración de orzamentos manuais e dixitais. O aforro. Formas de obtención de ingresos legais e criterios de priorización do gasto.	16	17	X		
3	A XESTIÓN BANCARIA DAS FINANZAS PERSOAIS	Os productos bancarios básicos e dixitais. Produtos financeiros de seguridade e investimento. Diferentes formas de estafa e fraude na xestión das finanzas persoais. O risco e os custos do endebedamento. Produtos financeiros de risco elevado.	31	33		X	
4	EDUCACIÓN PARA O CONSUMO	Estratexias de protección dos propios datos peroais. A ciberseguridade. Os dereitos e obrigas da consumidora e consumidor. Factores que inflúen no custo dun ben ou servizo. A etiqueta verde, de sustentabilidade e de consumo enerxético.. A economía social. O consumo ético e responsable. A responsabilidade social corporativa. O proceso de toma de decisión de compra: elementos e factores internos e externos que ter en conta. A influencia dos distintos tipos de publicidade na decisión de compra. A xestión das emocións ou dos riesgos cognitivos na toma de decisión de investimento	30	31			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	DIÑEIRO E TRANSACCIÓNS	24

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Considerar o valor global ou a utilidade dunha posible compra así como o seu prezo, comprendendo que o poder adquisitivo do diñeiro pode variar co tempo debido á inflación.	Saber definir o que son os prezos, o poder adquisitivo e a inflación e identificar cómo se realcionan estes conceptos.	PE	60
CA1.4 - Entender o contido dunha factura ou dun tícket de compra dentro dunha transacción comercial sinxela.	Saber identificar as partes do contido dunha factura e en que se diferencia dun simple ticket de compra.		
CA1.5 - Comprender o significado das partes básicas dun recibo de salarios tipo.	Saber identificar os diferentes conceptos nun recibo de salarios ou nómina e diferenciar salario bruto de neto.		
CA1.1 - Diferenciar as formas que pode adoptar o diñeiro de curso legal sabendo como identificar moedas e billetes auténticos e desenvolvendo a actitude adecuada ante o diñeiro falso.	O alumno debe identificar diferentes formas do diñeiro de curso legal e coñecer os pasos a seguir para detectar un billete falso e saber como proceder nese caso.	TI	40
CA1.2 - Comprender a diferenza entre os distintos métodos de pago, sabendo utilizalos de forma segura.	Identificar diferentes formas para poder realizar un pago e valorar a importancia de non compartir nin dar a coñecer os nosos datos e claves de acceso.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O diñeiro e as súas formas. Procedementos para diferenciar o diñeiro auténtico do diñeiro falso. - Os diferentes modos de pago nun entorno de compra física ou virtual. - Os prezos. O poder adquisitivo e a inflación. - A importancia das obrigas fiscais e sociais para o mantemento do estado de benestar. - As facturas e os tíckets de compra: contido básico e conservación como medio de proba de compra ou de garantía. - O recibo de salarios básico. - A diferenza entre ingresos netos e brutos.

UD	Título da UD	Duración
2	PLANIFICACIÓN E ORZAMENTO	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Elaborar orzamentos de finanzas persoais empregando diferentes técnicas e diferenciando os gastos fixos dos variables.	Saber resolver casos prácticos de elaboración de orzamentos partindo dunha información concreta.	PE	60
CA2.3 - Identificar diferentes formas de obter ingresos legais.	Saber enumerar as distintas procedencias de ingresos legais.		
CA2.5 - Entender o aforro como un compoñente básico do orzamento persoal.	Saber resolver casos prácticos de elaboración de orzamentos nos que o aforro planificado se plantexe como un gasto máis a ter en conta.		
CA2.1 - Valorar a elaboración de orzamentos de finanzas persoais como forma de resiliencia financeira.	O alumno debe valorar a importancia da planificación a través da realización dun orzamento para evitar tomar decisións erróneas no ámbito financeiro.	TI	40
CA2.4 - Comprender a necesidade de priorizar os gastos para adecualos aos ingresos.	Valorar a necesaria prioridade de atender aos gastos fixos por diante daqueles que poidan ser prescindibles.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Os orzamentos persoais. - Técnicas de elaboración de orzamentos manuais e dixitais. - O aforro como elemento esencial do orzamento para facer fronte a diferentes situacións. Aforros de emerxencia e de alta accesibilidade. - Formas de obtención de ingresos legais e criterios de priorización do gasto.

UD	Título da UD	Duración
3	A XESTIÓN BANCARIA DAS FINANZAS PERSOAIS	33

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar o funcionamento das prestacións dunha conta bancaria, especialmente unha conta bancaria de pago básica segundo a normativa europea.	Saber explicar como funciona básicamente unha conta bancaria e servicios que normalmente leva asociados.	PE	60
CA3.3 - Recoñecer posibles formas de roubos, estafas, fraudes en liña e riscos cibernéticos.	Dada unha situación real saber identificar o tipo de estafa ou fraude do que se trata e saber como proceder.		
CA3.4 - Valorar as consecuencias de pedir diñeiro prestado na renda dispoñible futura e a importancia de avaliar o custo total do crédito e a probabilidade de poder reembolsalo anticipadamente.	Saber definir que é un préstamo, tipos, garantías e funcionamento.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Comprender os riscos relacionados con certos produtos de investimento como os criptoactivos, aprendendo a cuestionar as ofertas de investimento sospeitosamente atractivas e tomando consciencia de que as emocións ou os nesgos cognitivos poden influír nas decisións de inversión de forma imprevista.	Saber diferenciar as criptomonedas do diñeiro de curso legal, as súas características e valorar os seus riscos.		
CA3.2 - Analizar as vantaxes e inconvenientes doutros produtos bancarios para unha mellor xestión das finanzas persoais.	Valorar as distintas posibilidades existentes na contratación de produtos bancarios.	TI	40
CA3.5 - Ser consciente do endebedamento que pode derivarse dun descuberto ou do uso de créditos de fácil acceso a custo elevado.	Valorar as consecuencias dunha situación de descuberto e os riscos que supoñen os créditos de fácil acceso.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Os produtos bancarios básicos e dixitais. - Outros produtos financeiros de seguridade e investimento. - Diferentes formas de estafa e fraude na xestión das finanzas persoais. - O risco e os custos do endebedamento. - Produtos financeiros de risco elevado.

UD	Título da UD	Duración
4	EDUCACIÓN PARA O CONSUMO	31

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Aplicar estratexias para manter seguros os datos persoais e a información financeira sendo consciente dos seus dereitos en materia de protección de datos.	Coñecer os nosos dereitos básicos en materia de protección de datos como consumidor e como proceder para manter seguros os nosos datos persoais e información financeira.	PE	60
CA4.2 - Coñecer os dereitos e obrigas ao adquirir un produto, servizo ou subscrición.	Saber enumerar dereitos e obrigas básicos dos consumidores.		
CA4.6 - Valorar o mercado de segunda man como unha alternativa sostible fronte ás novas compras así como a reutilización, a reparación e a reciclaxe dos produtos usados.	Valorar a sostenibilidade e saber enumerar posibilidades alternativas á compra de produtos de nova fabricación (compra de segunda man, reutilización, reparación ou reciclaxe).		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Entender que o custo real dun ben ou servizo depende de diversos factores como custos de produción, incluída a man de obra, impostos, tipos de cambio ou custos de envío.	Valorar a importancia dos distintos factores que inflúen na fixación do precio dos produtos.	TI	40
CA4.4 - Entender que ao comprar produtos ou servizos en liña, o prezo destes pode ser diferente dependendo, entre outras cousas, da web consultada, o historial de navegación, as condicións de envío aplicadas e o lugar desde onde se realiza a compra.	Valorar as características propias do proceso de compra online.		
CA4.5 - Ser consciente de que os bens ou servizos adquiridos poden ter diferentes repercusións medioambientais ou sociais en función da súa orixe, das súas condicións de produción ou da xestión que delas fai a empresa que os ofrece.	Valorar as consecuencias que poden ter na sociedade e no medioambiente as nosas decisións de consumo.		
CA4.7 - Analizar o proceso de compra tendo en conta que a existencia de factores que afectan ao desexo percibido pode levar a realizar compras impulsivas acentuando o exceso de gasto.	Valorar o proceso de decisión de compra e os factores que inciden nel tratando de eliminar as compras impulsivas e o exceso de gasto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- As estratexias de protección dos propios datos persoais. A ciberseguridade.
- Os dereitos e as obrigas da consumidora ou o consumidor.
- Factores que inflúen no custo dun ben ou servizo.
- O etiquetado verde, de sustentabilidade e de consumo enerxético.
- A economía social. O consumo ético e responsable.
- A responsabilidade social corporativa.
- O proceso de toma de decisión de compra: elementos e factores internos e externos a ter en conta.
- A influencia dos distintos tipos de publicidade na decisión de compra.
- A xestión das emocións ou dos nesgos cognitivos na toma de decisións de inversión.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As clases basearanse nas tarefas docentes de introdución, guía e explicación e resolución de dúbidas por parte da profesora, seguindo os apuntamentos proporcionados, xunto con todos os materiais dispoñibles na Aula Virtual, nos que figuran actividades de investigación e comprensión dos contidos que o alumnado deberá realizar e archivar por escrito no que será o seu dossier da materia, debidamente ordenado por unidades didácticas e que será obxecto de cualificación en cada trimestre.
Dado o dinamismo da materia será habitual comentar cuestións e noticias de actualidade relacionados cos contidos para potenciar a produción oral e non só escrita do alumnado. Asimesmo tratarase de participar en actividades que familiaricen ao alumnado coa posta en práctica das habilidades adquiridas.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador da profesora con conexión a internet e proxector (contamos cun novo panel táctil na aula).
Apuntamentos proporcionados pola profesora, actividades e material audiovisual na Aula Virtual correspondente á materia.
Ordenador E-DIXGAL do alumno.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Os alumnos e alumnas nos primeiros días de clase contestarán unha ficha de avaliación inicial, como exemplo a que segue, na que responderán a cuestións relacionadas coa materia e os seus intereses cuxos resultados teranse en conta para coñecer o nivel do alumnado e a súa motivación e para tomar decisións pedagóxicas que eviten a súa posible desconexión.
1.- Sabes en qué consiste unha nómina ou recibo de salarios?
2.- Que fago se no supermercado cando vou pagar me din que o billete que entreguei de 10€ é falso?
3.- Que quere dicir “domiciliar o recibo da luz”?
4.- Se hoxe deposito no banco 100€ e retiro o diñeiro dentro de 2 anos:
a.- Retirarei seguro máis de 100€.
b.- Retirarei seguro menos de 100€
c.- Retirarei o mesmo ou máis de 100€ dependendo do tipo de xuro (interese) pactado co banco no contrato.
5.- Qué dirías ti que é un préstamo.
6.- Se recibes un correo electrónico do teu banco pedíndote que lle indiques os teus datos persoais , usuario e contrasinal para acceder á túa banca online, qué farías?
7.- Das seguintes afirmacións indica con cales te identificas máis:
a.- Son moi curioso/a, gústame coñecer cousas novas.
b.- Prefiro traballar en equipo.
c.- Na miña casa se fala de prezos e salarios e do custo da vida.
d.- Cando vou ao supermercado reviso o ticket que me dan.
e.- Teño moito coidado con protexer os meus datos persoais, especialmente en redes sociais.
f.- Gasto segundo o necesito, non fago un grande control do que gasto.
g.- Prefiro traballar de forma individual.
h.- Nas miñas compras inflúe moito a publicida
i.- Planifico os meus gastos con ánimo de poder aforrar.
8.- Estás ao tanto de noticias de actualidade? A través de que medios acedes a elas (prensa e revista tradicional, internet,..)?

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**23**	**16**	**31**	**30**	**100**
Proba escrita	60	60	60	60	**60**
Táboa de indicadores	40	40	40	40	**40**

Criterios de cualificación:

O procedemento a seguir para a cualificación do alumnado e seu peso na nota trimestral do/a alumno/a será o seguinte:
En cada trimestre:

- Cuestionarios tipo test, preguntas cortas e pequenos exercicios dos contidos tratados no trimestre 60%
- Traballo na aula (resolución de actividades e problemas, produción oral, individual ou por grupo, e textos escritos, caderno de clase; prestarase especial atención á organización, claridade e limpeza de todo o material que iremos acumulando na materia) 40%.

Considérase aprobada ou superada a materia se obtén unha cualificación de 5 ou superior.
A cualificación final será a media aritmética das partes trimestrais.

Criterios de recuperación:

O alumnado que non supere algunha das avaliacións trimestrais poderá recuperar no mes de xuño repetindo, segundo o caso, un cuestionario tipo test e preguntas cortas por cada trimestre no que non acadara unha cualificación de 5. A valoración dada ao traballo na aula en cada trimestre non poderá ser modificada.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado de 4º de ESO con materia pendente de Cultura financiera de 3º ESO deberá superar un plan de recuperación baseado na realización de tarefas. A cualificación final xurdirá da seguinte ponderación:

- Exame por trimestre (60% da nota final): Realizarase un exame ao final de cada un dos tres trimestres, que avaliará os contidos das unidades didácticas traballadas nese período.
- Traballos pola aula virtual (40% da nota final): Realización e entrega periódica das actividades propostas para cada unidade a través da aula virtual.

A cualificación final calcularase do seguinte xeito:

1. Para cada trimestre, obterase unha nota (N) que será a media ponderada entre a nota do exame (60%) e a nota dos traballos (40%) dese período.
2. A nota final da materia pendente será a media aritmética das tres notas trimestrais (N1, N2 e N3)

6. Medidas de atención á diversidade

No mesmo momento da impartición dos contidos haberá unha atención á diversidade do alumnado, e nos contidos que poidan ser máis complexos de asimilar por algúns alumnos/as con dificultades, que adoitan estar relacionados coas partes prácticas de resolución e interpretación de problemas, proporanse numerosos exercicios de dificultade variable en función das propias necesidades do alumnado, así como actividades de ampliación e reforzo, atendendo aos diferentes ritmos de aprendizaxe.Teremos en conta os resultados da avaliación inicial.
Seguiremos as pautas do departamento de Orientación para aplicación de medidas ordinarias de atención a alumnos/as con TDAH, como colocación preto do profesor e secuenciación e subliñado dos conceptos máis relevantes nas preguntas nos exames, así como tempo de realización das probas e actividades, e, no seu caso, de medidas

extraordinarias.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión de lectura, expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.4 - Emprendemento social e empresarial.				X
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores.				X
ET.7 - Igualdade de xénero.	X	X	X	X
ET.8 - Concienciación sobre o cambio climático, a sustentabilidade e o consumo responsable.				X
ET.9 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais.	X	X	X	X
ET.10 - Prevención e resolución pacífica de conflitos.	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación en programas de innovación educativa da Consellería (tipo Eduemprende: Finanzas para mortais e Seguramente)	Desenvolvemento de sesións ou talleres por parte de empresas especializadas.	X	X	
Charla no centro por parte de representantes de institucións como o Banco de España.	Charla impartida por parte de responsables de formación do Banco de España en relación coas finanzas e información financeira.	X		

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Cumprimento da temporalización prevista e causas do desfase.
Motivación e resultados acadados polo alumnado.
Motivación do alumnado.
Valoración por parte do alumnado ao finalizar o curso dos recursos utilizados ao longo do mesmo.
Análise dos resultados das avaliacións iniciais.
Control estricto do absentismo e posible desconexión do alumnado coa materia.

Descrición:

Cada mes cmprobarase se imos cumprindo a temporalización prevista e reflectirase nas actas mensuais do departamento.
Valoraranse trimestralmente os resultados acadados polo alumnado e reflectiranse nas actas mensuais do departamento.
Valorarase a motivación do alumnado a través do grao de participación nas actividades propostas e o interese amosado.
Concectaranse os contidos a impartir con noticias de actualidade
Utilizaranse as tecnoloxías da información e da comunicación para presentar contidos e realizar actividades, tanto individuais como como grupais.
Haberá unha comunicación fluida co resto do equipo docente, especialmente co titor ou titora, e coas familias para tratar de evitar unha posible desconexión do alumnado coa materia.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Partindo de que o obxectivo desta programación é o seu cumprimento ó longo do curso, realizarase unha avaliación, cando menos, trimestral da mesma e dos resultados académicos obtidos polo alumnado e que se reflectirá nas actas correspondentes do departamento para finalmente poder incorporar melloras na mesma para o curso seguinte.
Utilizarase como instrumento tamén para a mellora da práctica docente a realización nos últimos días do curso dunha enquisa anónima ao alumnado da materia no curso EDIXGAL coa actividade Enquisa valoración da práctica docente curso 24/25 coas seguintes preguntas:

Considero que os contidos da materia son: . . . (Marca tantas opcións como consideres)
o Interesantes para entender a realidade.
o Interesantes para poder tomar decisións.
o Aburridos.
o Complicados.
o Fáciles de entender.
o Fanme pensar.
A asignatura cubriu as miñas expectativas? (Valora de 0 a 10)
A materia axudou a completar a miña formación? (Valora de 0 a 10)
Os apuntamentos son agradables e fáciles de entender? (Valora de 0 a 10)
Os materiais (fotocopias, vídeos, enlaces, ...) proporcionados polo profesorado resultan interesantes? (Valora de 0 a 10)
O profesorado coñece ben a materia que explica? (Valora de 0 a 10)
O profesorado utiliza exemplos útiles para explicar os contidos? (Valora de 0 a 10)

O profesorado comunícase dunha forma clara e fácil de entender? (Valora de 0 a 10)
O profesorado amosa entusiasmo pola materia que ensina? (Valora de 0 a 10)
En caso de non ter acudido a clases durante un tempo prolongado de maneira xustificada, o profesorado atendeu as consultas do alumnado dun xeito rápido e eficaz? (Valora de 0 a 10)
Cal é o teu nivel de satisfacción xeral coa materia? (Valora de 0 a 10)
Algunha recomendación para tratar de mellorar a docencia nesta materia?

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación Dixital	3º ESO	3	105

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 4

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 4

4.1. Concrecións metodolóxicas 9

4.2. Materiais e recursos didácticos 9

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 10

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 10

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 11

6. Medidas de atención á diversidade 12

7.1. Concreción dos elementos transversais 13

7.2. Actividades complementarias 15

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 16

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 17

9. Outros apartados 17

1. Introdución

A educación dixital desenvolve un papel fundamental na sociedade actual porque proporciona un conxunto de coñecementos e de técnicas que permiten satisfacer as necesidades individuais e colectivas. Neste sentido, esta materia achégalle ao currículo a capacidade de analizar e redeseñar a relación entre os dispositivos tecnolóxicos e as necesidades sociais, ámbito no que a innovación e a constante renovación que lle son propias dotan esta materia dunha gran relevancia educativa. Na resolución de problemas con ferramentas dixitais conxúganse, ademais da innovación, elemen-tos como o traballo en equipo ou o carácter emprendedor, que son imprescindibles para formar unha cidadanía autónoma e competente. Ademais, o coñecemento das tecnoloxías da información proporciona unha imprescindible perspectiva científico-tecnolóxica sobre a necesidade de construír unha sociedade formada por unha cidadanía crítica con respecto ao que acontece arredor dela.
A competencia dixital, que é a específica desta materia, desenvolverase co emprego constante das ferramentas dixitais para procurar e almacenar información, obter e presentar datos, simular sistemas, así como na elaboración de programas ou utilidades informáticas que sirvan para resolver problemas.
Esta materia ofrece un inmenso potencial para axudar a comprender o contorno social e para desenvolver un conxunto de competencias relacionadas tanto co contexto profesional como coas formas que a participación cidadá está a adoptar no contexto da dixitalización e que afectan por igual os ámbitos social e do desenvolvemento persoal

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos dixitais, identificando os elementos que os compoñen e a súa función no conxunto, configurando as súas características en función das necesidades persoais e mediante diferentes medios dixitais para poder organizar a información dun xeito eficaz.				2			3	
OBX2 - Organizar, deseñar e producir información dixital de forma individual e colectiva utilizando as ferramentas máis adecuadas para a súa publicación e difusión facendo un uso responsable e ético das tecnoloxías aplicadas.	3	2-3	4	1-2-3	3-4	1-2-3-4	3	4
OBX3 - Desenvolver algoritmos e aplicacións informáticas en distintas contornas, aplicando os principios do pensamento computacional para crear solucións a problemas concretos cunha actitude emprendedora, perseverante e creativa.				5	5			
OBX4 - Xestionar e protexer a pegada dixital aplicando medidas preventivas para identificar e reaccionar ante riscos e ameazas ao benestar persoal, facendo un uso responsable e ético da información e a comunicación dixital.	2	3	5	3-4	1-2-5	2-3	1	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Hardware.	Configuración de dispositivos dixitais.	10	10	X		
2	Software. Sistemas Operativos.	Configuración de sistemas operativos, organización da información	10	10	X	X	X
3	Edición e presentación de documentos.	Tratamento de textos	14	14	X		
4	Folla de cálculo.	Follas de cáclulo, gráficos e informes	14	15		X	
5	Presentacions Multimedia.	Presentacións dixitais con elementos multimedia	14	15		X	
6	Tratamiento dixital das imáxes.	Tratamento de imaxe dixital e deseño gráfico	14	14		X	X
7	Programación.	Programación, desenvolvemento de programas	12	15			X
8	Internet e Seguridade.		12	12	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Hardware.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar equipamentos informáticos, identificando os elementos que os configuran e a súa función no conxunto.	Identifica os principais compoñentes físicos dun computador, e coñece a súa función.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Arquitectura de computadores: elementos, montaxe e configuración.

UD	Título da UD	Duración
2	Software. Sistemas Operativos.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Manter sistemas operativos, configurando as súas características en función das súas necesidades persoais.	Configura elementos básicos do sistema operativo Manexa aplicacións e programas vinculados ao sistema operativo Resolve problemas vinculados os sistemas operativos e os programas e aplicacions vinculados as mismos	PE	50
CA1.3 - Organizar a información de maneira segura, utilizando diferentes medios dixitais para a procura rápida e eficaz na súa xestión.	Realiza operacions de mantemento de ficheiros, carpetas e unidades de almacenamento.	TI	50

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Sistemas operativos: configuración de usuario e operacións básicas de organización. - Almacenamento da información: operacións básicas de organización e copias de seguridade.

UD	Título da UD	Duración
3	Edición e presentación de documentos.	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Crear, integrar e reelaborar contidos dixitais de forma individual ou colectiva, seleccionando as ferramentas máis apropiadas para xerar novo coñecemento e contidos dixitais de maneira creativa.	Elabora documentos de texto e aplica opciones de formato a textos, párrafos e taboas, mellorando a apariencia do documento e utilizando de forma creativa as opciones dun procesador de textos.	TI	100
CA2.2 - Interactuar en plataformas dixitais, compartindo e publicando información e datos, cunha actitude participativa.	Realiza intercambio de información en distintas plataformas nas que está rexistrado/a e que ofrecen servizos de formación, lecer, etc		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Formatos de arquivos. Formatos abertos. Estándares de formato na produción de información dixital. - Procesos de produción de documentos con aplicacións ofimáticas e de deseño gráfico. Maquetación, aplicación de estilos e formatos. Índices interactivos. Importación de imaxes e gráficos. - Colaboración en rede. Ferramentas de creación de contidos e aprendizaxe colaborativa na Rede.

UD	Título da UD	Duración
4	Folla de cálculo.	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Crear, integrar e reelaborar contidos dixitais de forma individual ou colectiva, seleccionando as ferramentas máis apropiadas para xerar novo coñecemento e contidos dixitais de maneira creativa.	Produce informes que requiren o emprego de follas de cálculo, que incluian resultados textuales, numéricos e gráficos.	TI	100
CA2.2 - Interactuar en plataformas dixitais, compartindo e publicando información e datos, cunha actitude participativa.	Realiza intercambio de información en distintas plataformas nas que está rexistrado/a e que ofrecen servizos de formación, lecer, etc		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Formatos de arquivos. Formatos abertos. Estándares de formato na produción de información dixital. - Procesos de produción de documentos con aplicacións ofimáticas e de deseño gráfico. Maquetación, aplicación de estilos e formatos. Índices interactivos. Importación de imaxes e gráficos. - Operacións básicas en follas de cálculo. Creación de gráficos. Elaboración de informes sinxelos. - Colaboración en rede. Ferramentas de creación de contidos e aprendizaxe colaborativa na Rede.

UD	Título da UD	Duración
5	Presentacions Multimedia.	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Crear, integrar e reelaborar contidos dixitais de forma individual ou colectiva, seleccionando as ferramentas máis apropiadas para xerar novo coñecemento e contidos dixitais de maneira creativa.	Integra elementos multimedia, imagen e texto na elaboración de presentacions adecuando o diseño e maquetación o mensaxe e o público objetivo o que vai dirixido	TI	100
CA2.2 - Interactuar en plataformas dixitais, compartindo e publicando información e datos, cunha actitude participativa.	Realiza intercambio de información en distintas plataformas nas que está rexistrado/a e que ofrecen servizos de formación, lecer, etc		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
- Formatos de arquivos. Formatos abertos. Estándares de formato na produción de información dixital. - Presentacións en distintas plataformas dixitais, integrando elementos multimedia. - Colaboración en rede. Ferramentas de creación de contidos e aprendizaxe colaborativa na Rede.

UD	Título da UD	Duración
6	Tratamiento dixital das imáxes.	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Crear, integrar e reelaborar contidos dixitais de forma individual ou colectiva, seleccionando as ferramentas máis apropiadas para xerar novo coñecemento e contidos dixitais de maneira creativa.	Emprega dispositivos de captura de imaxe, audio e vídeo, e edita a información mediante software específico como gimp, audacity, windows make	TI	100
CA2.2 - Interactuar en plataformas dixitais, compartindo e publicando información e datos, cunha actitude participativa.	Realiza intercambio de información en distintas plataformas nas que está rexistrado/a e que ofrecen servizos de formación, lecer, etc		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Formatos de arquivos. Formatos abertos. Estándares de formato na produción de información dixital. - Tratamento básico da imaxe dixital. - Presentacións en distintas plataformas dixitais, integrando elementos multimedia. - Colaboración en rede. Ferramentas de creación de contidos e aprendizaxe colaborativa na Rede.

UD	Título da UD	Duración
7	Programación.	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Comprender o fundamento básico dos algoritmos e diagramas de fluxo utilizando contornas de programación gráfica.	Coñece e comprende a sintaxis e a semántica das construccions dun lenguaxe de programación. Desenvolve algoritmos que permitan resolver problemas aritméticos sinxelos	TI	100
CA3.2 - Desenvolver aplicacións sinxelas para computadores, dispositivos ou móbiles, dando solución a problemas definidos cunha actitude emprendedora, perseverante e creativa.	Realiza programas de aplicación nun lenguaxe de programación determinado, aplicándoos a solución de problemas reais Utiliza entornos de programación para diseñar programas que resolvan problemas concretos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Utilización de estruturas básicas de programación. - Uso de datos. Constantes e variables. - Desenvolvemento de aplicacións sinxelas para computadores e/ou dispositivos móbiles mediante contornas de programación gráfica.

UD	Título da UD	Duración
8	Internet e Seguridade.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Protexer os datos persoais e a pegada dixital xerada en Internet, configurando as condicións de privacidade das redes sociais e en espazos virtuais de traballo.	Recoñece e valorar a importancia da identidade dixital, comprende dónde se mostra la identidade dixital en internet e utiliza mecanismos para decidir sobre datos personales na red.	TI	100
CA4.2 - Xestionar contrasinais nos distintos servizos e dispositivos dixitais de uso habitual.	Aplica políticas seguras de utilización de contraseñas para a protección da información personal. Reconoce a importancia de utilizar contraseñas seguras e de configurar navegadores e outras aplicacions para que sexan xestionadas de forma segura.		
CA4.3 - Identificar e saber reaccionar ante situacións que representan unha ameaza na rede escollendo a mellor solución entre diversas opcións e valorando o benestar persoal e colectivo.	Aplica criterios para determinar o nivel de seguridade que proporciona un sitio de internet.		
CA4.4 - Valorar a importancia da protección dos dereitos de autoría, utilizando aplicacións, datos e creacións dixitais de terceiros de xeito ético, respectando as licenzas de utilización.	Realiza actividades con responsabilidade sobre conceptos como a propiedade e o intercambio de información		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Seguridade de dispositivos. Xestión de contrasinais. - Recursos para a protección da información e datos persoais, da identidade e dos contidos dixitais. Configuración en espazos virtuais de traballo. - Seguridade na saúde física e mental: aplicacións ou medidas que deben adoptarse fronte aos riscos e ameazas ao benestar persoal. Opcións de resposta. Situacións de violencia e de risco na Rede. - Uso de recursos e contidos de dominio público ou con licenzas que permitan o seu uso.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Desde o punto de vista metodolóxico, as TIC admiten tratamentos moi diversos, porque serven tanto para integrar as restantes materias do currículo como para afondar en aspectos moi específicos, como a programación ou as comunicacións, sen esquecer que son especialmente indicadas para reflexionar sobre os temas tecnolóxicos e de actualidade.
Esta materia caracterízase pola realización de actividades nas que se desenvolven destrezas técnicas para acceder ás redes de información, que tamén se comparte, e se utilizan aplicacións informáticas de propósito xeral. Neste contexto, a iniciativa, a colaboración e o respecto polas normas de seguridade e polos dereitos dos colectivos relacionados coa cultura ou coa produción de programas informáticos son tan importantes como o dominio dos recursos informáticos e das redes de comunicacións.
A participación pode potenciarse nesta materia mediante a exposición de traballos, a resolución colaborativa de problemas mediante a realización de proxectos informáticos, a utilización colectiva de recursos virtuais ou a procura e a análise de información en internet, aspectos que tamén favorecen a propia aprendizaxe.
Na ensinanza das TIC resulta, daquela, adecuado reflexionar e traballar en grupo procurando solucións a problemas concretos onde se poidan aplicar os coñecementos adquiridos, e buscar información adicional, se se require, para fomentar o espírito emprendedor.
O profesorado terá en conta que se trata dunha materia que combina teoría e práctica dun modo sistemático e constante. O desenvolvemento da mesma debe, polo tanto, alternar explicacións teóricas coa realización de prácticas en todas aquelas partes nas que poidan realizarse.
Tanto o manexo de hardware como o deseño de proxectos de creación audiovisual e multimedia requerirán a organización de grupos de traballo nos que os alumnos e alumnas terán que asumir competencias de responsabilidade no traballo cooperativo. Corresponde ao profesorado coordinar, dinamizar os grupos e buscar solucións que den saída aos problemas que xurdan.
Terase en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe flexibilizando o nivel de resultados dos distintos equipos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aulas Virtuales
Medios audiovisuais (proxector e pantalla)
Cámara de fotos, de vídeo, micrófonos, auriculares para os programas multimedia
Ferramientas de software e aplicacions gratuitas o de libre distribución (Libreoffice, Gimp, Audacity, Sketchup, etc.)
Navegadores(Firefox, Chrome, Edge,...)
Ferramientas online como Prezi.
Ordenadores vellos que no funcionan para desmontaxe/montaxe, así como as ferramentas necesarias para tal fin.

Dado que o nos centro está integrado no proxecto E-Dixgal, os profesores da ESO poden elaborar a sua propia "mochila dixital" seleccionando a través da plataforma dixital os contidos formativos e podendo incorporar os materiais complementarios que desexen, así como contidos de elaboración propia. Nas asignaturas de TICS utilizarase a aula virtual e o Espazo Virtual de Aprendizaxe EVA. O ensino da materia realizarase nas aulas de informática ou na aula que asigne o Centro. O alumnado precisará do seguinte material individual: memoria USB.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial terá como obxectivo avaliar os coñecementos previos do alumnado que se lle supoñen de anos anteriores ou doutras áreas relacionadas, para adaptarse a situación do alumnado e aportar as explicacións necesarias antes de comezar coa introdución de novos conceptos. A avaliación ao inicio de cada bloque poderá consistir na realización dun cuestionario ou preguntas realizadas ao conxunto da clase segundo considere o profesor en relación ao tema a tratar e á situación do alumnado. A avaliación ao inicio do curso consistirá nunha proba escrita con cuestións que permitirán observar as competencias do alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
Peso UD/ Tipo Ins.	**10**	**10**	**14**	**14**	**14**	**14**	**12**
Proba escrita	100	50	0	0	0	0	0
Táboa de indicadores	0	50	100	100	100	100	100

Unidade didáctica	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**12**	**100**
Proba escrita	0	**15**
Táboa de indicadores	100	**85**

Criterios de cualificación:

Parte teórica: 30%
Poderánse efectuar, por escrito e/ou en liña, probas sobre os contidos impartidos por cada un/duas unidades didácticas (según a extensión), realizándose a media aritmética, seguindo os criterios de avaliación marcados en cada unidade didáctica. No caso de que algunha das notas individuais sexa inferior a 3 poderá conlevar unha avaliación suspensa.
No caso de que as probas sexan tipo test, por cada 3 erros restaráse unha resposta correcta. As preguntas non contestadas ni sumarán ni restarán. A proba consideraráse aprobada cando se cumpra:
Respostas correctas - (Respotas erróneas/3) = 50% puntuación máxima
Traballo e actividades: 60%

Se evaluarán as distintas actividades realizadas na aula e na casa, así como o cuaderno do alumno.
Actitude e comportamento: 10%
Tamén será avaliado o bo comportamiento do alumno, o seu interese pola asignatura, o compañerismo o orden e la limpeza na aula, que se medirán mediante observación directa e anotacións no caderno de profesor.
Criterios de calificación xuño:

A nota da avaliación ordinaria de xuño será a media das notas das tres avaliacións.
A materia pode aprobarse en xuño cunha avaliación suspensa sempre e cando a nota de esa avaliación sexa como mínimo dun 3, e a media das tres avaliacións sexa un 5 ou superior.

Criterios de recuperación:

O alumnado que non superara algunha parte da materia con unha nota inferior a 3 ou que teña unha media das tres avaliacións inferior a 5, poderá recuperarla realizando unha proba en xuño.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado que curse 4º de ESO pero teña a materia de Educación Dixital de 3º ESO pendente de superar, ao non
tela superado no ano anterior deberán de realizar as seguintes actividades :
Realización e entrega periódica, de actividades relativas ás unidades didácticas do curso.
- Faranse dúas probas obxectivas parciais no ordenador, en datas por definir. As datas definitivas serán publicadas coa suficiente antelación. Ademais haberá unha proba final.
- Distribúese a materia do curso en dúas, unha para cada proba parcial.
- Todas as probas serán cualificadas sobre un baremo de dez puntos.
- Para o cálculo da cualificación da materia pendente, terase a seguinte consideración:

Media aritmética das probas obxectivas parciais realizadas no ordenador 50% da cualificación.
Actividades realizadas ao longo do curso 50% da cualificación.
- No caso de que o alumno ou alumna non supere a materia deste xeito poderá realizar unha proba obxectiva final no
ordenador en data por definir. Esta proba abranguerá os contidos de toda a materia. En tal caso, darase por superada
a materia nesta proba cando a cualificación sexa igual ou superior a 5.
- A recuperación será coordinada pola xefatura de departamento. O profesor/a que lle imparte clase no curso onde
estea matriculado, fará un seguimento do traballo do alumno/a. No caso de que non estea a cursar ningunha materia
do departamento, será o xefe ou xefa de departamento quen faga o seguimen

6. Medidas de atención á diversidade

ntre outras, contémplanse as seguintes medidas de atención á diversidade:
- Aplicación dos protocolos educativos específicos (TEA, TDAH, etc.) ao alumnado que o requira
- Adecuación da organización e xestión da aula ás

características do alumnado
- Adaptación dos tempos, instrumentos ou procedementos de Avaliación
- Desdobramento de grupos
- Reforzo educativo e apoio con profesorado do departamento
- Programas de enriquecemento curricular (a.a.c.c.)
- Adaptacións curriculares
No caso do alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, seguiranse o establecido no plan específico
personalizado elaborado polo equipo docente baixo a coordinación do profesorado titor

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A comprensión lectora			X					X
ET.2 - A expresión oral e escrita			X					X
ET.3 - A comunicación audiovisual					X	X		
ET.4 - Igualdade efectiva entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Prevención da violencia de xénero o contra personas con discapacidad								X
ET.6 - Evitar os comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación.	X	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Comprensión de lectura: tarefas de clase e proxectos, nas que o alumnado terá que comprender os distintos
enunciados e procurar información para investigar e resolver os problemas plantexados.
Expresión oral e escrita: resolución das tarefas de clase e elaboración de documentación. Farase maior fincapé
no uso do vocabulario e a linguaxe técnica, tamén traballarase técnicas de comunicación de ideas.
Comunicación audiovisual: presentación de proxectos mediante creacións audiovisuais.
Competencia dixital: intrínseca aos contidos propios da materia.
Emprendemento social e empresarial: desenvolvemento de proxectos.
Espírito crítico e científico: procura de información e a investigación nas tarefas e proxectos.
Educación emocional e en valores: contidos sobre seguridade na rede e benestar dixital. O desenvolvemento de
proxectos fomentará o traballo en equipo.
Igualdade de xénero: buscarase o reparto axeitado de roles no traballo colaborativo en grupos á hora de
desenvolver proxectos, evitando nos proxectos os

nesgos de xénero, e aplicando criterios de igualdade.
Creatividade: desenvolvemento de proxectos.
Educación para a saúde: Contidos relacionados co benestar dixital, tan importante para conservar a saúde
emocional na actualidade.
Formación estética: deseño e presentación dos traballos e proxectos.
Educación para a sostibilidade e o consumo responsable: contidos sobre tecnoloxía sostible, respecto pola
propiedade intelectual na elaboración de contidos e aplicación de criterios de sostibilidade.
Respecto mutuo: contidos relacionados coa etiqueta dixital. Este respecto e a cooperación entre iguais serán
fundamentais no traballo en equipo no desenvolvemento de proxectos

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actividades didácticas relacionadas coa materia	Actividades didácticas relacionadas coa materia	X	X	X

Observacións:

Calquera actividade complementaria proposta deberá axudar a reforzar os contidos desdenvolvidos nas distintas
unidades didácticas do curso.
Asemade, cada actividade contará coa aprobación e apoio do Equipo Directivo do centro.
Para cada actividade complementaria indicaranse as seguintes características:
- Obxectivos
- Profesorado responsable.
- Alumnado participante.
- Datas e lugar de celebración.
- Repercusións económicas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Realizouse unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida do alumnado.A selección e temporalización de contidos foi axeitada
Metodoloxía empregada
Facilitáronse ao alumnado estratexias de aprendizaxe: lectura comprensiva, búsqueda de información crítica, redacción de documentación técnica...
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Os recursos e materiais utilizados foron axeitados.
Medidas de atención á diversidade
As medidas de atención á diversidade foron axeitadas para atender ás necesidades de todo o alumnado
As medidas de atención á diversidade foron axeitadas para atender ás necesidades de todo o alumnado
Clima de traballo na aula
O ambiente da clase foi axeitado e produtivo

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Proporcionouse ao alumnado información sobre o seu progreso e calificacións. Existiu coordinación entre os distintos profesores

Descrición:

Farase un seguimento da relación de elementos de avaliación do proceso de ensino e a práctica docente que se
indican.
Nas reunións de departamento, utilizaranse táboas de cotexo baseadas nos indicadores de logro para obter a
información.
A retroalimentación co alumnado farase a través de cuestionarios na aula virtual docentro.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación realizarase periodicamente nas distintas reunións de departamento, e/ou a través do apartado de "Seguimento" da aplicación Proens.
Para cada UD comprobaranse as datas de inicio e final, a correspondencia entre sesións previstas e realizadas e o grado de cumprimento do programado para a unidade.
No caso de detectar problemas realizaranse as propostas de mellora e correccións necesarias.
Ao remate do curso realizarase unha avaliación da programación mediante unha táboa de cotexo, baseada nos indicadores de logro do apartado 8.1 desta programación.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación en Valores Cívicos e Éticos	3º ESO	1	35

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 4

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 5

4.1. Concrecións metodolóxicas 15

4.2. Materiais e recursos didácticos 15

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 16

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 16

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 21

6. Medidas de atención á diversidade 21

7.1. Concreción dos elementos transversais 21

7.2. Actividades complementarias 22

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 23

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 24

9. Outros apartados 24

1. Introdución

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Valores do 3ª curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 156/2022, do 15 de setembro de 2022, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

A materia de valores éticos debe atender a unha formación integral da persoa e afondar no tratamento transversal dos problemas coa finalidade de proporcionar as bases para unha formación autónoma do alumnado nos valores dunha cidadanía plural, dialogante e democrática.

A materia é unha oportunidade para poñer en práctica metodoloxías didácticas activas e contextualizadas que faciliten a participación crítica do alumnado en traballos cooperativos, a realización de tarefas, a aprendizaxe baseada en problemas, o estudo de casos, o traballo por retos, etc., metodoloxías todas elas que lle confiren ao alumnado o papel de axente activo e autónomo na súa propia formación.

Metodoloxicamente prímase o diálogo e o debate como ferramentas, coas taboas de indicadores (con rúbricas de coavalición entre pares) como formato fundamental de avaliación. Dado que a materia ten unha presenza semanal dunha sesión semanal de 50 minutos, semella importante seleccionar moi ben a metodoloxía e os contidos a desenvolver para que a aprendizaxe sexa significativa.
Compre indicar que Valores Éticos contará cun agrupamento de sección bilingüe, onde a lingua vehicular da materia é o idioma inglés. Os alumnos que formaen parte de dito agrupamento serán escollidos en función do seu interese por recibir a materia en inglés e a súa competencia lingüística, coa axuda da xefatura de estudios.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Inquirir e investigar canto se refire á identidade humana e a cuestións éticas relativas ao propio proxecto vital, analizando criticamente información fiable e xerando unha actitude reflexiva respecto diso, para promover o autocoñecemento e a elaboración de formulacións e xuízos morais de maneira autónoma e razoada.	2				1	1-2-3		
OBX2 - Actuar e interactuar de acordo con normas e valores cívicos e éticos, a partir do recoñecemento fundado da súa importancia para regular a vida comunitaria e a súa aplicación efectiva e xustificada en distintos contextos, para promover unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común.	5	3		3		1-2-3-4		1
OBX3 - Entender a natureza interconectada e inter e ecodependente das actividades humanas, mediante a identificación e a análise de problemas ecosociais de relevancia, para promover hábitos e actitudes eticamente comprometidos co logro de formas de vida sustentables.			5		2	1-2-3-4	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Mostrar unha adecuada estima de si mesmo e da contorna, recoñecendo e valorando as emocións e os sentimentos propios e alleos, para lograr unha actitude empática e coidadosa con respecto aos demais e á natureza.	1				1-2-3	1-3		3

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Eu e os demáis	Adentrámonos en aquelo que nos caracteriza como persoas e como nos relacionamos coas persoas do noso entorno. Como se contrúe a nosa identidade.	11	4	X		
2	Os principios que dirixen as nosas accións	Importancia de desenvolver o pensamento crítico, e analizar o papel que a moral e a ética ten nas nosas accións. O público e o privado. A ética e a lei.	11	4	X		
3	A nosa contorna cercana	A familia, os amigos, os compañeiros. A resolución pacífica de conflictos. A tolerancia e o respeto pola diversidade.	11	4	X		
4	Vivir en sociedade	Análise das diversas formas de organización social e política, así como o fenómeno migratorio, a desigualdade social e os retos da convivencia	11	4		X	
5	Vivir en democracia	Como se organizan politicamente as sociedades. Memoria democrática, impostos e responsabilidade fiscal.	11	4		X	
6	Os dereitos humanos	Estudaremos as súas características, evolución histórica até chegar á Declaración Universal. ¿De ónde veñen as leis?	11	4		X	
7	A desigualdade nun mundo global	En que consiste a globalización e as desigualdade que xera entre países e dentro deles.	11	4			X
8	Sostenibilidade e medio ambiente	A nosa relación coa natureza, e como podemos contribuir a facela sostible. Os obxectivos de desenvolvemento sostible.	12	4			X
9	Accións para un mundo mellor	Que podes facer ti para que o mundo sexa un lugar mellor, tendo como referencia movementos, persoas activistas, analizaremos a nosa resposabilidade. A ONGs	11	3			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Eu e os demáis	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Construír e expresar un concepto axustado de si mesmo recoñecendo as múltiples dimensións da súa natureza e personalidade, así como da dimensión cívica e moral desta, a partir da investigación e do diálogo arredor de diversas concepcións sobre a natureza humana.	Expresar de xeito oral ou escrito que capacidades nos caracterizan como humanos e como podemos chegar a coñecernos a nós mesmas.	TI	100
CA1.2 - Identificar, xestionar e comunicar ideas, emocións, afectos e desexos con comprensión e empatía cara ás demais persoas, demostrando autoestima e compartindo un concepto adecuado do que deben ser as relacións con outras persoas, incluíndo o ámbito afectivo-sexual.	Expresar de xeito oral como son as nosas emocións, afectos, desexos cara nós mesmas e as demais persoas		
CA1.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si e das demais persoas, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Reflexionar de xeito oral ou escrito as nosas propias emocións e a nosa propia autoestima en base individual ou en conexión cos demáis		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A natureza humana. - Liberdade e moralidade como características especificamente humanas. - A identidade persoal, o cruzamento de camiños entre a natureza, a crianza e o proxecto vital. - A educación de emocións e sentimentos. - A autoestima persoal. - A igualdade e o respecto nas relacións con outras persoas. - A educación afectivo-sexual.

UD	Título da UD	Duración
2	Os principios que dirixen as nosas accións	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Desenvolver e demostrar autonomía moral mediante a práctica da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso cos demais, arredor de distintos valores e modos de vida, así como a problemas relacionados co exercicio dos dereitos individuais, o uso responsable e seguro das redes, as condutas adictivas e o acoso escolar.	Desenvolver de xeito escrito un dilema moral no que se inclúen conceptos éticos básicos, ser capaz de debatilo no grupo clase.	TI	100
CA1.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si e das demais persoas, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Fai aportacións en pequeno grupo e no grupo clase de xeito respectuoso e aportando información pertinente.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- A ética dentro do conxunto de saberes filosóficos.
- O obxecto da ética.
- A aplicación da ética: a orientación para a resolución de problemas complexos sobre como actuar.
- Análise das accións.
- Os motivos da acción: desexos e razóns.
- A vontade como razón práctica.
- A autonomía da vontade.
- A responsabilidade das accións.
- A ética e as éticas como guías das nosas accións.
- O xuízo moral: as normas, o valor e o valioso, as virtudes, os sentimentos morais.
- Universalismo e pluralismo moral.
- Éticas da felicidade, éticas do deber, éticas da virtude.
- Ética e dereito.
- Semellanzas e diferenzas entre ética e dereito.
- O conflito lexitimidade-legalidade.
- A obxección de conciencia.
- Os dereitos individuais e os deberes cidadáns.
- O debate sobre a liberdade de expresión.
- A ética na sociedade actual.

Contidos
- O problema da desinformación. - A protección de datos e o dereito á intimidade. - O ciberacoso e outras formas de violencia nas redes sociais. - As condutas adictivas.

UD	Título da UD	Duración
3	A nosa contorna cercana	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar, xestionar e comunicar ideas, emocións, afectos e desexos con comprensión e empatía cara ás demais persoas, demostrando autoestima e compartindo un concepto adecuado do que deben ser as relacións con outras persoas, incluíndo o ámbito afectivo-sexual.	Analizar de xeito oral ou escrito os puntos de conctacto cos demáis, as nosas relacións con eles e demostrar saber poñerse no seu lugar	TI	100
CA1.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si e das demais persoas, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Reflexionar de xeito oral ou escrito as nosas propias emocións e a nosa propia autoestima en base individual ou en conexión cos demáis		
CA2.1 - Promover e demostrar unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común, a partir da investigación sobre a natureza social e política do ser humano e o uso e comprensión crítica dos conceptos de lei, poder, soberanía, xustiza, Estado, democracia, memoria democrática, dignidade e dereitos humanos.	Selecciona información axeitada á hora de investigar sobre a natureza social e política do ser humano e a súa complexidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A educación de emocións e sentimentos. - A igualdade e o respecto nas relacións con outras persoas. - A sociedade humana: natureza e orixe. - As estruturas sociais e os grupos de pertenza. - Cooperación e altruísmo fronte a competencia e egoísmo. - A convivencia social.

Contidos
- As virtudes do diálogo e as normas de argumentación. - A resolución pacífica de conflitos. - A empatía cos demais.

UD	Título da UD	Duración
4	Vivir en sociedade	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Promover e demostrar unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común, a partir da investigación sobre a natureza social e política do ser humano e o uso e comprensión crítica dos conceptos de lei, poder, soberanía, xustiza, Estado, democracia, memoria democrática, dignidade e dereitos humanos.	Expresar de xeito oral ou escrito a natureza da soberanía, o que supón un Estado e de que xeito a democracia debe garantir os dereitos humáns.	TI	100
CA2.2 - Fomentar o exercicio da cidadanía activa e democrática a través do coñecemento do movemento asociativo e a participación respectuosa, dialogante e construtiva en actividades de grupo que impliquen tomar decisións colectivas, planificar accións coordinadas e resolver problemas aplicando procedementos e principios cívicos, éticos e democráticos explícitos.	Reflexionar de xeito oral ou escrito sobre os movementos de participación social colectivos e individuáis que poder. Resolver problemas baseados en problemáticas sociáis que impliquen tomar decisións en grupo dun xeito de xeito razoado e respectuoso.		
CA2.3 - Contribuír a xerar un compromiso activo co ben común a través da análise e a toma razoada e dialogante de posición arredor de cuestións éticas de actualidade como a loita contra a desigualdade e a pobreza, o dereito ao traballo, a saúde, a educación e a xustiza, así como sobre os fins e límites éticos da investigación científica.	Analizar de xeito oral ou excrito sobre os dereitos dos cidadáns en base a principios éticos e reflexionar sobre as formas de exclusión e discriminación na sociedad e como afrontalas.		
CA2.4 - Tomar consciencia da loita por unha efectiva igualdade de xénero e do problema da violencia e explotación sobre as mulleres, a través da análise das diversas xeracións e correntes do feminismo e das medidas de prevención da desigualdade, a violencia e a discriminación por razón de xénero e orientación sexual, mostrando igualmente coñecemento dos dereitos LGTBIQ+ e recoñecendo a necesidade de respectalos.	Reflexionar de xeito oral ou escrito sobre a desigualdade de xénero e amosar coñecemento sobre os problemas afrontados polo colectivo LGTBIQ+		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A sociedade humana: natureza e orixe. - As estruturas sociais e os grupos de pertenza.

Contidos
- Cooperación e altruísmo fronte a competencia e egoísmo. - A convivencia social. - As virtudes do diálogo e as normas de argumentación. - A resolución pacífica de conflitos. - A empatía cos demais. - A procura da xustiza social. - A desigualdade económica e a loita contra a pobreza. - A sociedade e a cidadanía plural. - O interculturalismo. - A inclusión social e o respecto pola diversidade e as identidades étnico-culturais e de xénero. - Os dereitos LGTBIQ+.

UD	Título da UD	Duración
5	Vivir en democracia	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Promover e demostrar unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común, a partir da investigación sobre a natureza social e política do ser humano e o uso e comprensión crítica dos conceptos de lei, poder, soberanía, xustiza, Estado, democracia, memoria democrática, dignidade e dereitos humanos.	Expresar de xeito oral ou escrito a natureza da soberanía, o que supón un Estado e de que xeito a democracia debe garantir os dereitos humáns.	PE	20
CA2.2 - Fomentar o exercicio da cidadanía activa e democrática a través do coñecemento do movemento asociativo e a participación respectuosa, dialogante e construtiva en actividades de grupo que impliquen tomar decisións colectivas, planificar accións coordinadas e resolver problemas aplicando procedementos e principios cívicos, éticos e democráticos explícitos.	Reflexionar de xeito oral ou escrito sobre os movementos de participación social colectivos e individuáis que poder. Resolver problemas baseados en problemáticas sociáis que impliquen tomar decisións en grupo dun xeito de xeito razoado e respectuoso.	TI	80
CA2.3 - Contribuír a xerar un compromiso activo co ben común a través da análise e a toma razoada e dialogante de posición arredor de cuestións éticas de actualidade como a loita contra a desigualdade e a pobreza, o dereito ao traballo, a saúde, a educación e a xustiza, así como sobre os fins e límites éticos da investigación científica.	Analizar de xeito oral ou excrito sobre os dereitos dos cidadáns en base a principios éticos e reflexionar sobre as formas de exclusión e discriminación na sociedad e como afrontalas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Contribuír activamente ao benestar social adoptando unha posición propia, explícita, informada e eticamente fundamentada sobre o valor e pertinencia dos dereitos humanos, o respecto pola diversidade etnocultural, a consideración dos bens públicos globais, a percepción do valor social dos impostos.	Analizar e reflexionar de xeito oral ou escrito sobre os diferentes tipos de impostos, a súa importancia e a súa necesidade		
CA2.6 - Contribuír á consecución dun mundo máis xusto e pacífico a través da análise e recoñecemento da historia democrática do noso país e das funcións do estado de dereito e as súas institucións, os organismos internacionais, as asociacións civís e os corpos e forzas de seguridade do Estado, no seu empeño por lograr a paz e a seguridade integral, atender as vítimas da violencia e promover a solidariedade e cooperación entre as persoas e os pobos.	Analizar de xeito oral ou excrito sobre a memoria democrática.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A política. - Conceptos clave: lei, poder, soberanía, xustiza e dignidade. - Formas de Estado e tipos de goberno. - A democracia: principios, procedementos e institucións. - O Estado español como estado social e democrático de dereito. - Valores constitucionais. - A memoria democrática. - A participación democrática: ser cidadáns. - Outras formas de participación social: o asociacionismo e o voluntariado.

UD	Título da UD	Duración
6	Os dereitos humanos	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Promover e demostrar unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común, a partir da investigación sobre a natureza social e política do ser humano e o uso e comprensión crítica dos conceptos de lei, poder, soberanía, xustiza, Estado, democracia, memoria democrática, dignidade e dereitos humanos.	Reflexionar de xeito oral ou escrito sobre a natureza dos dereitos humáns, cales son e a súa historia.	TI	100
CA2.4 - Tomar consciencia da loita por unha efectiva igualdade de xénero e do problema da violencia e explotación sobre as mulleres, a través da análise das diversas xeracións e correntes do feminismo e das medidas de prevención da desigualdade, a violencia e a discriminación por razón de xénero e orientación sexual, mostrando igualmente coñecemento dos dereitos LGTBIQ+ e recoñecendo a necesidade de respectalos.	Reflexionar de xeito oral ou escrito sobre a loita polos dereitos das mulleres e o colectivo LGTBIQ+		
CA2.5 - Contribuír activamente ao benestar social adoptando unha posición propia, explícita, informada e eticamente fundamentada sobre o valor e pertinencia dos dereitos humanos, o respecto pola diversidade etnocultural, a consideración dos bens públicos globais, a percepción do valor social dos impostos.	Reflexionar de xeito oral ou escrito sobre a natureza dos dereitos humanos, cales son e a súa historia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Os dereitos humanos. - Referente moral da democracia e a xustiza social. - Xeracións e historia dos dereitos humanos. - Dereitos da infancia. - Os dereitos económicos, sociais e culturais: o dereito ao traballo, á saúde, á educación e á xustiza. - A procura da xustiza social. - O valor social dos impostos. - A igualdade de xénero. - As diversas ondas e correntes do feminismo. - A prevención da explotación e a violencia contra nenas e mulleres. - A corresponsabilidade nas tarefas domésticas e de coidados.

UD	Título da UD	Duración
7	A desigualdade nun mundo global	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Contribuír a xerar un compromiso activo co ben común a través da análise e a toma razoada e dialogante de posición arredor de cuestións éticas de actualidade como a loita contra a desigualdade e a pobreza, o dereito ao traballo, a saúde, a educación e a xustiza, así como sobre os fins e límites éticos da investigación científica.	Analizar de xeito escrito ou oral as dinámicas negativas que causa a globalización, así como as desigualdades entre persoas, sociedades e países. Reflexionar sobre os fins e os límites éticos da investigación científica.	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A procura da xustiza social. - A desigualdade económica e a loita contra a pobreza. - Globalización económica e bens públicos globais. - O comercio xusto. - Os desafíos da democracia actual. - Os códigos deontolóxicos. - As éticas aplicadas. - Fins e límites éticos da investigación científica. A bioética. - O desafío da intelixencia artificial. - As propostas transhumanistas.

UD	Título da UD	Duración
8	Sostenibilidade e medio ambiente	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Describir as relacións históricas de interconexión, interdependencia e ecodependencia entre as nosas vidas e a contorna a partir da análise das causas e consecuencias dos máis graves problemas ecosociais que nos afectan.	Analizar de xeito oral ou escrito a nosa relación coa Terra e os xeitos polos que o ser humán amenaza o planeta.	TI	100
CA3.2 - Valorar distintas formulacións científicas, políticas e éticas coas que afrontar a emerxencia climática e a crise ambiental a través da exposición e o debate argumental arredor destas.	Investigar de xeito oral ou escrito de que formas podemos adoptar formas de produción ecosostibles, atitudes respectuosas co medio ambiente. Analizar os Obxectivos de Desenvolvemente Sostibles.		
CA3.3 - Promover estilos de vida eticamente comprometidos co logro dun desenvolvemento sustentable, contribuíndo por si mesmo e na súa contorna ao tratamento preventivo dos residuos, a xestión sustentable dos recursos, a mobilidade segura, sustentable e saudable, o comercio xusto, o consumo responsable, o coidado do patrimonio natural, o respecto pola diversidade etnocultural, e o coidado e protección dos animais.	Reflexionar de xeito oral ou escrito sobre hábitos de vida sostibles e adoptar un compromiso coa proteción dos animáis e o planeta.		
CA3.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si mesmo e dos outros, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Analizar de xeito oral ou escrito sobre como nos afecta personalmente a emerxencia climática e como procesamos esa información.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Vida responsable co contorno e protección do medio ambiente.
- Percorrido crítico sobre as diferentes formas de relación do ser humano coa natureza ao longo da historia e a pegada ecolóxica das accións humanas no planeta.
- Empatía e responsabilidade co contorno: interdependencia, interconexión e ecodependencia.
- A protección do medio ambiente e os dereitos para coa natureza: dereitos humanos de terceira xeración.
- Consumo responsable para unha vida sustentable no planeta.
- Os límites do planeta e o esgotamento dos recursos.
- Obxectivos do desenvolvemento sustentable: axenda cara a 2030 para un planeta sustentable.
- Economía sustentable e ecolóxica na globalización, e nova lóxica do crecemento: economía circular e economía azul.
- Hábitos para unha xestión adecuada dos recursos e tratamento preventivo dos residuos. A mobilidade segura, saudable e sustentable.
- Consumo responsable e soberanía alimentaria.
- Propostas científicas e ético-políticas arredor dos problemas ecosociais.

Contidos
- Xustiza ecolóxica. - Ética medioambiental: ecocentrismo, biocentrismo e extensionismo. - Ecofeminismo e ética do coidado. - Protección e dereitos dos animais. - Valores éticos e democráticos como fundamento para unha conduta empática e respectuosa cara aos animais. - O ser humano como animal político: dereitos humanos da solidariedade para unha conduta cos animais baseada en dereitos.

UD	Título da UD	Duración
9	Accións para un mundo mellor	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Contribuír á consecución dun mundo máis xusto e pacífico a través da análise e recoñecemento da historia democrática do noso país e das funcións do estado de dereito e as súas institucións, os organismos internacionais, as asociacións civís e os corpos e forzas de seguridade do Estado, no seu empeño por lograr a paz e a seguridade integral, atender as vítimas da violencia e promover a solidariedade e cooperación entre as persoas e os pobos.	Analizar de xeito oral ou escrito o papel e natureza dos Estados, as Forzas Armadas, os corpos de seguridade e dos organismos para a paz no contexto dun mundo con conflictos armados e violencia.	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A convivencia pacífica e segura. - A guerra, o terrorismo e outras formas de violencia política. - A atención ás vítimas da violencia. - Accións individuais e colectivas en favor da paz. - A contribución do Estado e os organismos internacionais á paz, á seguridade integral e á cooperación. - O dereito internacional e a cidadanía global. - As forzas armadas e a defensa ao servizo da paz. - O papel das ONG e das ONGD na loita pola paz.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As principais cuestións a abordar na materia deberían consistir, respectando sempre os ritmos de aprendizaxe de cada alumno e alumna, na realización de proxectos grupais nos que o propio alumnado teña que resolver conflitos e así desenvolver un fortalecemento da súa autonomía e responsabilidade en coherencia cos valores dunha cidadanía plural, crítica e democrática.

Así mesmo é de especial relevancia que o alumnado coñeza as canles de participación cidadá no marco da sociedade na que vive para que poida desenvolver estilos de vida saudábeis e sustentábeis e sobre todo baseados nunha participación activa e cooperativa na que saiba poñer en práctica os valores comúns e o pensamento crítico que o fornecerá na súa madurez persoal e académica.

Os principios metodolóxicos nos que se basea a materia son a aprendizaxe significativa; isto é partindo dos coñecementos previos do alumnado ser capaces de aprender a aprender e establecer relacións directas entre a materia e a súa realidade. Por outra banda temos a aprendizaxe cooperativa, mediante a cal se desenvolverán proxectos de investigacións, exposicións conxuntas e debates, o que fortalecerá a empatía, as relacións sociais e académicas dentro da aula e no grupo clase. Aprendizaxe mediante o emprego das TICs, parte do traballo de aula será xestionado coa utilización de internet, videos divulgativos, exposicións interactivas, etc, con respecto a este último tipo de aprendizaxe, cómpre salientar a importancia de traballar a busca de información, así como as fake news, e a verificación de fontes á hora de buscar información.

A base do traballo que se fará na materia de valores estará encamiñado á investigación e á aprendizaxe autónoma a través de traballos individuais e grupais nos que desenvolver cuestións pertinentes aos contidos dende un punto de vista creativo e de descobrimento, por iso o xeito máis pertinente de avaliar será coa taboa de indicadores que constará de rúbricas de cada fase do traballo que se desenvolva.
- Rúbrica participación na aula
- Rúbrica traballo escrito individual: caderno diario de aula no que o alumnado reflexionará sobre os temas propostos en cada sesión OU deberes de asignación semanal no que o alumno deba reflexionar sobre unha serie de cuestións explicitamente formuladas e relacionadas cos contidos desenvolvidos na clase
- Rúbrica traballo grupal
- Rúbrica exposición oral

Contribuirase ao Plan TICs coa proxección de vídeos, traballos na aula de informática, clases expositivas empregando presentacións dixitais, avaliacións interactivas.

A materia tamén deberá contribuír a outros plans incluídos no Proxecto Educativo do centro como o Plan de Actividades do Departamento de Orientación, o Plan de Acción Titorial, o Plan de Atención á Diversidade ou o Proxecto Lingüístico de Centro, tendo presente en todo momento a Programación Xeral Anual que se redactou a inicio de curso.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
(No caso de ser empregado polo profesor/a) Caderno persoal a xeito de diario no que o alumnado ha de recoller as reflexións persoais en torno aos temas propostos na aula e a súa reflexión persoal ao longo da semana na aula
(No caso de ser empregado polo profesor/a) Deberes de asignación semanal no que o alumno deba reflexionar sobre unha serie de cuestións explicitamente formuladas e relacionadas cos contidos da clase anterior
Recursos visualizados e/ou lidos sobre novas de actualidade que desperten a reflexión por parte do alumnado sobre os contidos da materia
Bibliografía e libros de consulta
Fichas de actividades de reforzo, ampliación e consolidación

Dotación da aula (encerado dixital, tradicional, mesas, cadeiras, ornenadores Edixgal do alumnado, Aula Virtual do Centro..)

Cada sesión terá lugar nun aula do centro cun ordenador conectado a internet e a pizarra con proxector e son. Os pupitres individuais servirán tanto para o traballo individual como para a formación dos grupos. Os materiais escollidos teñen que ver coa aprendizaxe autónoma que vimos desenvolvendo, por iso os libros de lectura ou consulta xunto coas elaboracións propias que o profesorado pode aportar van ser a base para que o alumnado poida desenvolver o seu traballo dun xeito satisfactorio.

Á hora de desenvolver o traballo de aula, serán as UDs propias elaboradas polo profesorado da materia, as tarefas, traballos, e actividades que o aumnado realice terán como base o caderno persoal, no que se compliarán todas as actividades, reflexións e incluso aportación orais persoais á materia. De non utilizar o caderno de aula como xeito de avaliar o traballo individual, o profesor levará un seguimento e rexistro de tódalas tarefas semanáis que deben ser entregadas polo alumnado reflexionando e razoando unha serie de preguntas formuladas con respecto aos contidos de cada sesión.

Entre os recursos impresos mencionados destacan as fichas de comprensión lectora, os guións de prácticas, as fichas de actividades de consolidación e as actividades de reforzo e de ampliación específicas para cada alumno.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas primeiras dúas semanas de clase levarase a cabo unha avaliación inicial baseada na observación directa do alumnado e a súa participación nunha serie de preguntas formuladas en clase, libres ou en forma de cuestionario, así como no seu nivel de redacción e profundización cunha serie de exercicios iniciáis nos que deberán responder preguntas relacionadas con aspectos da materia, así como xustificar a súa resposta. Isto permitiranos tanto analizar o seú nivel de desenvolvemento lingüistico (oral e escrito) e o súa capacidade de análise de conceptos abstractos, así como os seus coñecementos previos nos conceptos da materia. Isto facilitará información sobre o alumnado de xeito individual, destrezas previas, dificultades de aprendizaxe ou especificidades que haxa que ter en conta á hora de programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación.

Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
Peso UD/ Tipo Ins.	**11**	**11**	**11**	**11**	**11**	**11**	**11**
Proba escrita	0	0	0	0	20	0	0
Táboa de indicadores	100	100	100	100	80	100	100

Unidade didáctica	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**12**	**11**	**100**
Proba escrita	0	0	**2**
Táboa de indicadores	100	100	**98**

Criterios de cualificación:

Ao final de cada avaliación teranse en conta tres porcentaxes:

1. As probas escritas, calquera que sexa o seu formato (traballo de investigación, reflexión persoal no caderno individual, deberes, comentarios de texto...), suporán o 80 % da cualificación global. Estas probas poderán ser individuais ou en grupo, dependendo da naturaleza da mesma. Existirá unha rúbrica que permita avaliar o nivel de desenvolvemento e de logro do alumno no caso de que a proba escrita non teña un resultado puramente numérico. Haberá varias por trimestre e a súa puntuación será acumulativa.
2. As intervencións orais baseadas nunha argumentación clara, coherente, respectuosa das ideas, así como a implicación baseado no esforzo persoal á hora da responsabilidade co traballo diario da materia suporá un 20%.

Á nota de cada avaliación aplícanselles as seguintas regras de redondeo:
1) Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 7 (un 4.7 ou un 4.8 redondéanse ao 5).
2) Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 7 (un 4.6 ou un 4.5 redondéanse ao 4).

3. Garantía de xustiza e transparencia nas probas de avaliación:
Co obxectivo de evitar o fraude e garantir a igualdade de condicións, a xustiza nas cualificacións e a equidade entre o

alumnado, así como de premiar o verdadeiro esforzo e a demostración real das competencias adquiridas, establécese o seguinte protocolo:

1. Medidas preventivas: Ao comezo das probas de avaliación o alumnado deberá gardar na súa mochila ou bolso todos os dispositivos electrónicos (teléfonos móbiles, reloxos intelixentes ou calquera outro sistema similar).

2. Ante a utilización de métodos fraudulentos en probas escritas.

No caso de sospeitar que un alumno ou alumna cometeu fraude durante a realización dunha proba, e de acordo coa presunción de veracidade dos feitos constatados polo profesorado, recollida na RESOLUCIÓN do 5 de xuño de 2025, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa (DOG do 13 de xuño de 2025, Capítulo I, Terceiro, apartado 3), o profesorado tomará medidas de forma inmediata.

En calquera das avaliacións toda proba escrita poderá anularse se existe constancia, mesmo a posteriori, de que o alumno copiou, de que se permitiu que outros copiasen ou se hai indicios claros de ter utilizado medios fraudulentos durante a realización do exame (chuletas, intercambio de exames, uso do teléfono móbil, reprodutores de mp3, smartwatch, miniauriculares ou calquera outro medio dixital). No caso de que existan sospeitas do uso de métodos fraudulentos nas probas escritas o docente poderá someter os exercicios do alumnado á análise de detectores de IA (QuillBot, ZeroGPT, etc).

- No caso de que o alumno sexa pillado in fraganti, retiraráselle o exame e o profesor ou profesora repetirallo de xeito oral inmediatamente.
- Se os indicios de uso de métodos fraudulentos son percibidos durante a realización das probas, o profesor/a poderá formularlle ao alumno/a preguntas de xeito oral de maneira inmediata á entrega da proba, coa finalidade de probar a súa

autoría.

- No caso de non ter sido sorprendido ao alumno ou alumna in fraganti durante a realización da proba, e ante a existencia de indicios claros de fraude (incongruencias na redacción, exhaustividade minuciosa en datos teóricos moi concretos fronte a partes prácticas en branco ou con erros graves, respostas perfectas a cuestións non plantexadas, mesma elección de opcións en varias probas, respostas literais palabra por palabra iguais a documentos en PDF ou webs doadamente localizables en internet -wikipedia, dicionarios, blogs...) quedará a criterio do departamento (reunido en sesión extraordinaria) a decisión de manter ou anular a proba.

No caso da anulación da proba, o profesor/a pode realizala novamente de xeito oral ou escrito. O profesorado das distintas materias poderá, en calquera caso, solicitar por parte do alumnado as aclaracións que considere oportunas para decidir a repetición ou non da proba. A repetición da proba ou de partes da proba realizarase coa presencia doutro docente do departamento didáctico que sexa alleo á materia e/ou estudante. A cualificación da segunda proba oral ou escrita será a definitiva.

Esta situación comunicarase aos titores legais do alumno/a no caso de ser este menor de idade.

No caso de que se puidera demostrar o uso irregular de dispositivos móbiles e/ou o fraude nas probas de avaliación, aplicarase inmediatamente o procedemento corrector dacordo coas NOF do centro (Título II, Capítulo II, Artigo 20., apartado u), sobre o uso de dispositivos móbiles.; e Título III, Capítulo V, Artigo 51, apartado m sobre a falsificación de calquera documento oficial).

Utilización de métodos fraudulentos noutros instrumentos de avaliación.

No caso da presentación de traballos individuais ou grupais nos que se detecte que non foron feitos pola alumna ou alumno senón

por outra persoa, serán cualificados cun 0, ao igual que cando nun traballo se detecta que é un mero copia-pega dalgunha páxina de Internet, ou de calquera outro programa informático, aplicación ou intelixencia artificial.

4. Avaliación e cualificación do alumnado que participe en mobilidades ERASMUS/UNESCO:

Todo o alumnado que faga unha mobilidade de curta ou longa duración terá garantida toda a colaboración e flexibilidade do profesorado para facilitar a súa reincorporación. O profesorado presentará por escrito como xestionará a volta á clase do alumnado, explicando as medidas que vai empregar.

Este Acordo de aprendizaxe incluirá:

• Os contidos que se van esixir (unha vez suprimidos todos aqueles que non sexan esenciais).

• Os materiais necesarios para traballar durante a mobilidade.

• A maneira de avaliar e o momento, sendo imprescindible a coordinación do profesorado para evitar a sobrecarga.

• A prórroga de probas escritas ata que o profesorado sexa quen de transmitir aqueles coñecementos esenciais obxecto da proba e que o/a alumno/a non puido xestionar sen axuda.

• A avaliación mediante outros procedementos como traballos (non só probas obxectivas escritas) que se poidan realizar durante a mobilidade, ou o que considere o/a docente.

Criterios de recuperación:

Cunha avaliación continua e progresiva, iranse aplicando medidas de recuperacións en cada avaliación para facer un seguimento exhaustivo das dificultades que presente o alumnado. Polo tanto, deberanse realizar con novas indicacións aqueles traballos que non acaden un mínimo dun 5. Unha vez feitos de novo, de ser a calificación superior a 5, a calificación pasará a ser positiva e recalcularase immediatamente a nota da materia a efectos do cómputo da nota da avaliación final.

En tanto que a sesión da terceira avaliación parcial coincidirá no tempo coa sesión de avaliación final, o profesorado da materia debe garantir que o alumnado poida ter a posibilidade de recuperar a materia se non acada o mínimo esixido para aprobar segundo indica o apartado de criterios de avaliación. Por tanto, nas últimas tres semanas do curso, comenzando coa primeira semana de xuño, falarase co alumno persoalmente para elaborar un plan de recuperación personalizado para os traballos non superados (ver paragrafo anterior), previsiblemente do terceiro trimestre, pero tamén dos dous anteriores de ser o caso. Todo isto é para garantir que o alumnado ten amplas posibilidades de recuperar esas notas negativas e, polo tanto, poder acadar unha calificación positiva na avaliación final.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Terase en conta o Plan de Reforzo (artigo 51 da Orde do 8 de Setembro 2021 de atención á diversidade). O plan deberá ser elaborado polo profesorado que imparte a materia baixo directrices do departamento co coñcemento da titora ou titor.
O plan deberá ter como referentes os obxectivos da materia e adquisición de competencias.

Realizaráselle ao alumnado unha proposta de traballo completo e individualizado no que se desenvolvan os criterios mínimos exisibles en cada unidade didáctica.
Está proposta será resultado dun seguimento individualizado que se fará do alumnado revisando os traballos entregados por trimestre para poder asignar un novo traballo final.

6. Medidas de atención á diversidade

Para o alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo proporánse medidas de reforzo adaptadas e individualizadas mediante lecturas, vídeos e explicacións individualizadas se así se requiren.
Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Fomento da creatividade e espíritu crítico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Orientación da conduta cara valores democráticos e éticos	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Emprendemento social	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión lectora	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X
ET.4 - Fomento da creatividade e espíritu crítico	X
ET.5 - Orientación da conduta cara valores democráticos e éticos	X
ET.6 - Competencia dixital	X
ET.7 - Emprendemento social	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X
ET.9 - Educación emocional e en valores	X

Observacións:

No ambiente da aula, e en todas as tarefas da materia:
- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

Como noutras materias do Departamento de Filosofia, tanto os contidos como os instrumentos propios da disciplina, son especialmente axeitados para traballar as liñas trasversais do curriculum.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación nas actividades do centro	Participación nas actividades organizadas polos diversos departamentos relacionados coa celebración de diferentes datas de interese, eventos estacionáis e proxectos e campañas de concienciación de temática social, ideolóxica ou cidadá	X	X	X

Observacións:

Se é factible, tentarase a inclusión do alumnado nas actividades programadas polos departamentos de Filosofía, Inglés e Xeografía e Historia para a ESO.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas a partir dos elementos do currículo.
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
Metodoloxía empregada
4. Adecuación da secuencia de traballo na aula.
5. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
6. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
7. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.
8. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación
9. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final
Medidas de atención á diversidade
10. Adecuación do desenvolvementos dos contidos ao ritmo de aprendizaxe do alumnado
Clima de traballo na aula
11. Posta de medidas axeitadas para garantir un clima de respecto e colaboración na clase
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
12. Adecuación da coordinación con outros profesores da mesma materia, así como comunicación cos pais e nais do alumnado

Descrición:

Cada indicador valorarase nunha escala do 1 ao 4, indicando o 1 a menor consecución e o 4 a maior.
Os resultado desta avaliación recolleranse na memoria final de curso e poñerase en coñecemento na reunión do Departamento para poder incorporar melloras en vindeiros cursos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Farase un seguimento a través da aplicación Proens despois de cada unidade didáctica. Estes seguimentos faranse de xeito individual segundo agrupamento.

9. Outros apartados

1. Sección bilingüe na materia de Valores Éticos de 3º da ESO

Neste curso académico 2025-26 contamos coa existencia dunha sección bilingüe na materia de Valores Éticos de 3º da ESO. Como xa quedou reflictido no apartado 1 (introdución) desta programación, a sección bilingüe constará de alumnos procedentes dos diferentes agrupamentos de 3ºESO. A natureza bilingüe da materia a impartir nesta sección non altera en modo algún os obxectivos, competencias, unidades didácticas, contidos transversáis, medidas de atención a diversidade, etc. reflictidas ao longo desta programación.

2. Uso da lingua na sección bilingüe

A lingua vehicular da materia será o inglés, e agárdase que os alumnos o empreguen de cotián nas súas intervencións e as súas producións tanto oráis como escritas. Os traballos, deberes, proxectos e exposicións deberan ser nesta lingua. Isto non é impedimento para que os dous profesores (consultar o seguinte apartado) da materia non poidan empregar a lingua materna do alumno durante a hora de clase, xa sexa para aclarar conceptos complexos, resolver dúbidas o traducir certas palabras. Tendo en conta o caracter altamente abstracto da materia, debemos de ter moito coidado de comprobar o nivel de adquisición dos coñecementos impartidos e aclarar calquera dúbida que poida xordir entre o alumno, adiantándonos e previndo posibles dúbidas.

3. Profesorado na sección bilingüe

O profesor titular da materia na sección bilingüe será Jorge Goldar Diéguez, profesor do departamento de lingua inglesa. O grupo tamén contará coa presenza do auxiliar de conversa inglesa. En tanto que a materia so ten unha carga semanal dunha hora, e a auxiliar de conversa ten unha hora de presenza por grupo, isto supón na práctica a presenza de dous profesores adultos na aula,coas vantaxas que isto implica a nivel de atención aos alumnos. Toda a carga relacionada coa preparación da clase e o cumprimento da programación recairá no profesor titular da materia.

4. Avaliación na sección bilingüe

A pesar de que os criterios e métodos de avaliación na sección bilingüe non varían con respecto aos indicados nesta programación xeral da materia, dada a natureza desta sección teranse en conta certos criterios lingüisticos a hora de avaliar. O alumnado deberá facer os deberes, proxectos e presentacións en lingua inglesa, e a maior correción no seu uso (gramatical, léxica, fonolóxica e de entonación), maior valoración para o alumno. Un baixo nivel de expresión escrita e/ou oral en inglés na materia baixo ningún concepto será un criterio principal a hora de determinar unha avaliación negativa por parte do alumnado, máis si que será tida en conta a hora de calificar positivamente as diferentes tarefas de produción durante o curso académico o que redundará na avaliación final no alumno.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación física	3º ESO	2	70

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 5

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 6

4.1. Concrecións metodolóxicas 28

4.2. Materiais e recursos didácticos 31

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 31

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 32

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 33

6. Medidas de atención á diversidade 34

7.1. Concreción dos elementos transversais 35

7.2. Actividades complementarias 36

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 36

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 37

9. Outros apartados 38

1. Introdución

Programación didáctica para o curso 3º ESO.
O Instituto está situado en Monte Porreiro que é unha urbanización de recente creación cunha poboación maioritariamente urbán e xoven, situada ao leste do núcleo urbano da cidade de Pontevedra da que dista 3km.
Como datos máis relevantes sobre a súa poboación debemos suliñar que esta é máis nova que a media do municipio; dentro da súa diversidade social, ten relevancia a presenza de habitantes de etnia xitana.
Segundo os datos do ISEC, que estuda o Índice Socioeconómico e Cultural, a esta poboación está catalogada como de nivel baixo.
O tipo de alumnado que acude ao centro é fundamentalmente da zona de influencia do Instituto, de Monte Porreiro e Mourente. Tamén temos moito alumnado derivado da Cidade Infantil Príncipe Felipe. É polo tanto moi heteroxéneo, presentando diferentes situacións socio familiares, con una proporción importane de familias desestructuradas e presentando situaciones sociais complexas.
É un alumnado de difícil motivación en moitos casos, polo que a materia de Educacion Física favorece a súa inclusión e socialización.
Os resultados son moi bos en xeral, cunha tasa de aprobados elevada nos pimeiros dous cursos, nos que os suspensos están en relación directa co absentismo escolar, normalmente do alumnado de etnia xitana.
Deste nivel no centro temos 5 grupos en 3º pero en EF, o alumnado de diversificación, xúntanse co grupo de 3ºD.
Características dos grupos:
- Nº de alumnos/as:
3º A: 30 alumnos/as
3º B: 21 alumnos/as
3º C: 9 alumnos/as
O centro conta cunha pista polideportiva na planta -1, un aula de expresión corporal e pistas exteriores.
A contorna do centro ofrece a posibilidade de realizar con facilidade, unha ruta de senderismo pola beira do río e o barrio de Monte
Porreiro conta cun espazo natural chamado O Mirador(a menos de dez minutos do instituto).

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Adoptar un estilo de vida activo e saudable, seleccionando e incorporando intencionalmente actividades físicas e deportivas nas rutinas diarias, a partir dunha análise crítica dos modelos corporais e do rexeitamento das prácticas que carezan de base científica para facer un uso saudable e autónomo do seu tempo libre e así mellorar a calidade de vida.	3		2-5	4	2-4			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Adaptar, con progresiva autonomía na súa execución, as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e destrezas motrices, aplicando procesos de percepción, decisión e execución adecuados á lóxica interna e aos obxectivos de diferentes situacións con dificultade variable, para resolver situacións de carácter motor vinculadas con distintas actividades físicas funcionais, deportivas, expresivas e recreativas e para consolidar actitudes de superación, crecemento e resiliencia ao enfrontarse a desafíos físicos.					4-5		2-3	
OBX3 - Compartir espazos de práctica físico-deportiva con independencia das diferenzas culturais, sociais, de xénero e de habilidade, priorizando o respecto entre os participantes e as regras sobre os resultados, adoptando unha actitude crítica ante comportamentos antideportivos ou contrarios á convivencia e desenvolvendo procesos de autorregulación emocional que canalicen o fracaso e o éxito nestas situacións, para contribuír con progresiva autonomía ao entendemento social e ao compromiso ético nos diferentes espazos en que se participa.	5	3			1-3-5	3		
OBX4 - Practicar, analizar e valorar distintas manifestacións da cultura motriz aproveitando as posibilidades e recursos expresivos que ofrecen o corpo e o movemento, afondando nas consecuencias do deporte como fenómeno social e analizando criticamente as súas manifestacións desde a perspectiva de xénero e desde os intereses económico-políticos que o rodean, para alcanzar unha visión máis realista, contextualizada e xusta da motricidade no marco das sociedades actuais.		3				2-3		1-2-3-4
OBX5 - Adoptar un estilo de vida sostible e ecosocialmente responsable aplicando medidas de seguridade individuais e colectivas na práctica físico-deportiva segundo a contorna e desenvolvendo colaborativa e cooperativamente accións de servizo á comunidade vinculadas á actividade física e ao deporte, para contribuír activamente á conservación do medio natural e urbano.			5			4	1-3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	APRENDEMOS A COIDAR E COÑECER O NOSO CORPO.	Nos bloques de vida activa e saudable e resolución de problemas en situacións motrices, o alumnado comeza coa autonomía a preparar o seu propio adestramento, experimentando diferentes sistemas de traballo. Nesta unidade incluiremos contidos relacionados coa ergonomía en actividades cotiás, a alimentación e a identidade corporal.	15	10	X		
2	INICIÁMONOS NO DEPORTE ALTERNATIVO	Unidade motriz básica de práctica dun deporte alternativopara o desenvolvemento de resolución de problemas en situacións motrices e organización da práctica motriz.	10	8	X		
3	NOS RETAMOS E COLABORAMOS EN DIFERENTES SITUACIÓNS MOTRICES.	Resolución de situacións motrices e retos en diferentes contextos. Valoraranse as posibilidades do entorno próximo, ou mesmo do propio centro educativo.	5	4	X		
4	XOGAMOS CO NOSO MATERIAL	Consideramos o xogo un medio fundamental nesta materia, propoñemos un novo contido relacionado cos xogos malabares e do xogo do pinfuvote, onde a fabricación e preparación do material podría ser un dos centros de interés desta unidade didáctica.	5	6		X	
5	EXPRÉSOME E TRANSMITO	Traballo de técnicas especificas de expresión corporal e práctica de actividades rítmico-musicais. Creación e representación de composicións individuais e colectivas. Danza, mimo, traballo xestual e tamén teatral.	5	6		X	
6	ACROXIMNASIA: CREAMOS XUNTOS	Proposta do traballo de acroximnasia. O traballo colaborativo, a creatividade e o dominio do corpo, combinánse nesta unidade, para darlle protagonismo as aportacións individuais ao conxunto do grupo.	10	6		X	
7	INICIÁMONOS NO DEPORTE INDIVIDUAL.	Unidade motriz básica de práctica dun deporte individual para o desenvolvemento de resolución de problemas en situacións motrices e organización da práctica motriz.	15	6		X	
8	ACTUAMOS ANTE UN ACCIDENTE: RCP E MANIOBRA DE HEIMLICH	Continuidade, reforzo e ampliación dos contidos do bloque de Organización e xestión da actividade física relacionados cos primeiros auxilios, procurando darlle máis protagonismo ao alumnado nas actuacións ante accidentes.	2	2			X
9	PRACTICAMOS DEPORTE E COOPERAMOS	Seguindo coa dinámica de cursos anteriores, traballaranse os contidos de Interacción social e resolución de problemas en situacións motrices.	30	16			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
10	POSIBLIDADES DA CONTORNA: XOGAMOS E CAMIÑAMOS.	O coñecemento da contorna e as posibilidades que ofrece para a práctica de actividade física é unha boa posibilidade de coñecer e practicar todo tipo de xogos: populares, cooperativos, con/sin material...	3	6			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	APRENDEMOS A COIDAR E COÑECER O NOSO CORPO.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Autorregular a práctica de actividade física orientada ao concepto integral de saúde e ao estilo de vida activo, segundo as necesidades e os intereses individuais e respectando a propia realidade e identidade corporal.	Autorregular a práctica de actividade física orientada ao concepto integral de saúde, segundo as necesidades e os intereses individuais e respectando a propia realidade e identidade corporal.	TI	100
CA1.2 - Incorporar de forma autónoma os procesos de activación corporal, autorregulación e dosificación do esforzo, alimentación saudable, educación postural, relaxación e hixiene durante a práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.			
CA1.2.1. - Incorporar de forma autonoma procesos de alimentación saudable e hixiene despois da práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Incorporar de forma autonoma procesos de alimentación saudable e hixiene despois da práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.		
CA1.3 - Adoptar actitudes comprometidas que rexeiten os estereotipos sociais asociados ao ámbito do corporal, ao xénero e á diversidade sexual e os comportamentos que poñan en risco a saúde, contrastando con autonomía e independencia calquera información con base en criterios científicos de validez, fiabilidade e obxectividade.	Adoptar actitudes comprometidas que rexeiten os estereotipos sociais asociados ao ámbito do corporal, ao xénero e á diversidade sexual e os comportamentos que poñan en risco a saúde.		
CA1.4 - Desenvolver e compartir con seguridade a práctica física cotiá manexando recursos e aplicacións dixitais vinculados ao ámbito da actividade física e do deporte.	Desenvolver a práctica física cotiá manexando recursos e aplicacións dixitais vinculados ao ámbito da actividade física e do deporte.		
CA2.2 - Desenvolver e compartir con seguridade a práctica física cotiá manexando recursos e aplicacións dixitais vinculados ao ámbito da actividade física e do deporte.	Desenvolver a práctica física cotiá manexando recursos e aplicacións dixitais vinculados ao ámbito da actividade física e do deporte.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Participar activamente nunha gran variedade de actividades motrices asumindo responsabilidades na organización, xestión e preparación destas.	Participar activamente nunha gran variedade de actividades motrices asumindo responsabilidades na xestión e preparación destas		
CA3.1 - Desenvolver e compartir con seguridade a práctica física cotiá manexando recursos e aplicacións dixitais vinculados ao ámbito da actividade física e do deporte.	Desenvolver a práctica física cotiá manexando recursos e aplicacións dixitais vinculados ao ámbito da actividade física e do deporte.		
CA3.2 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo e asegurar unha participación equilibrada, incluíndo estratexias de autoavaliación e coavaliación tanto do proceso como do resultado.	Desenvolver proxectos motores de carácter individual, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo, incluíndo estratexias de autoavaliación e coavaliación do proceso.		
CA4.1 - Practicar e participar activamente nunha gran variedade de actividades motrices valorando as implicacións éticas das prácticas antideportivas, adoptando estratexias de superación, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	Practicar e participar activamente nunha gran variedade de actividades motrices valorando as implicacións éticas das prácticas antideportivas, adoptando estratexias de superación.		
CA4.3 - Adoptar actitudes comprometidas e conscientes acerca dos distintos estereotipos de xénero e comportamentos sexistas que se seguen producindo nalgúns contextos da motricidade, identificando os factores que contribúen ao seu mantemento e axudando a difundir referentes de distintos xéneros no ámbito físico-deportivo.	Adoptar actitudes comprometidas e conscientes acerca dos distintos estereotipos de xénero e comportamentos sexistas que se seguen producindo nalgúns contextos da motricidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Saúde física: - Control de resultados e variables fisiolóxicas básicas como consecuencia do exercicio físico. - Autorregulación do adestramento. - Alimentación saudable e análise crítica da publicidade. - Educación postural: movementos, posturas e estiramentos ante dores musculares. - Pautas para tratar a dor muscular de orixe retardada. - Ergonomía en actividades cotiás. - Coidado do corpo: quecemento específico autónomo. - Prácticas insás, mitos e falsas crenzas arredor do corpo e da actividade física. - Importancia das medidas e pautas de hixiene en contextos de práctica de actividade física. - Saúde mental: - Exixencias e presións da competición.

Contidos
- Tipoloxías corporais predominantes na sociedade e análise crítica da súa presenza nos medios de comunicación e redes sociais. - Efectos negativos dos modelos estéticos predominantes e trastornos vinculados ao culto insán ao corpo. - Creación dunha identidade corporal definida e consolidada afastada de estereotipos sexistas. - Elección da práctica física: xestión e enfoque dos diferentes usos e finalidades da actividade física e do deporte en función do contexto, da actividade e dos compañeiros e compañeiras de realización. - Preparación da práctica motriz: disposición, mantemento e reparación de material deportivo. - Ferramentas dixitais para a xestión da actividade física. - Prevención de accidentes nas prácticas motrices: - Xestión do risco propio e do dos demais. - Medidas colectivas de seguridade. - Capacidades condicionais: desenvolvemento das capacidades físicas básicas (forza e resistencia). - Sistemas de adestramento. - Autorregulación emocional: control de estados de ánimo e estratexias de xestión do fracaso en situacións motrices. - Capacidades volitivas e de superación. - Deporte e perspectiva de xénero: historia do deporte desde a perspectiva de xénero. - Igualdade no acceso ao deporte. - Estereotipos de competencia motriz percibida segundo o xénero, a idade ou calquera outra característica. - Exemplos de deportistas de Galicia de diferentes sexos, idades e outros parámetros de referencia.

UD	Título da UD	Duración
2	INICIÁMONOS NO DEPORTE ALTERNATIVO	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Incorporar de forma autónoma os procesos de activación corporal, autorregulación e dosificación do esforzo, alimentación saudable, educación postural, relaxación e hixiene durante a práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.		TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2.1. - Incorporar de forma autonoma procesos de alimentación saudable e hixiene despois da práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Incorporar de forma autonoma procesos de alimentación saudable e hixiene despois da práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.		
CA2.2 - Desenvolver e compartir con seguridade a práctica física cotiá manexando recursos e aplicacións dixitais vinculados ao ámbito da actividade física e do deporte.	Desenvolver a práctica física cotiá manexando recursos e aplicacións dixitais vinculados ao ámbito da actividade física e do deporte.		
CA2.3 - Participar activamente nunha gran variedade de actividades motrices asumindo responsabilidades na organización, xestión e preparación destas.	Participar activamente nunha gran variedade de actividades motrices asumindo responsabilidades na xestión e preparación destas		
CA2.4 - Coñecer as normas de seguridade individuais e colectivas valorando a súa importancia e aplicándoas na práctica de actividades motrices, dentro e fóra do centro escolar.	Coñecer as normas de seguridade individuais e colectivas valorando a súa importancia e aplicándoas na práctica de actividades motrices.		
CA3.2 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo e asegurar unha participación equilibrada, incluíndo estratexias de autoavaliación e coavaliación tanto do proceso como do resultado.	Desenvolver proxectos motores de carácter individual e cooperativo establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo, incluíndo estratexias de autoavaliación e coavaliación do proceso.		
CA3.3 - Mostrar habilidades para a adaptación e a actuación ante situacións cunha elevada incerteza, aproveitando eficientemente as propias capacidades e aplicando de maneira automática procesos de percepción, decisión e execución en contextos reais ou simulados de actuación.	Mostrar habilidades para a adaptación e a actuación ante situacións cunha elevada incerteza, aproveitando as propias capacidades e aplicando procesos de percepción, decisión e execución.		
CA3.4 - Evidenciar control e dominio corporal ao empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa, resolvendo problemas en todo tipo de situacións motrices transferibles ao seu espazo vivencial con autonomía.	Evidenciar control e dominio corporal ao empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente, resolvendo problemas en todo tipo de situacións motrices.		
CA4.1 - Practicar e participar activamente nunha gran variedade de actividades motrices valorando as implicacións éticas das prácticas antideportivas, adoptando estratexias de superación, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	Practicar e participar activamente nunha gran variedade de actividades motrices valorando as implicacións éticas das prácticas antideportivas, adoptando estratexias de superación.		
CA4.2 - Relacionarse e entenderse co resto de participantes durante o desenvolvemento de diversas prácticas motrices con autonomía e facendo uso efectivo de habilidades sociais de diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade de competencia motriz, e situándose activamente fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	Entenderse co resto de participantes durante as prácticas con autonomía e facendo uso efectivo de habilidades de diálogo na resolución de conflitos facendo respectar o propio corpo e o dos demais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Adoptar actitudes comprometidas e conscientes acerca dos distintos estereotipos de xénero e comportamentos sexistas que se seguen producindo nalgúns contextos da motricidade, identificando os factores que contribúen ao seu mantemento e axudando a difundir referentes de distintos xéneros no ámbito físico-deportivo.	Adoptar actitudes comprometidas acerca dos estereotipos de xenero e comportamentos sexistas, identificando factores que contribúen ao seu mantemento e difundindo referentes de distintos xéneros.		

  - Coidado do corpo: quecemento específico autónomo.
  - Importancia das medidas e pautas de hixiene en contextos de práctica de actividade física.
- Elección da práctica física: xestión e enfoque dos diferentes usos e finalidades da actividade física e do deporte en función do contexto, da actividade e dos compañeiros e compañeiras de realización.
- Preparación da práctica motriz: disposición, mantemento e reparación de material deportivo.
- Ferramentas dixitais para a xestión da actividade física.
- Prevención de accidentes nas prácticas motrices:
  - Xestión do risco propio e do dos demais.
  - Medidas colectivas de seguridade.
- Respecto ás normas viarias nos desprazamentos activos cotiáns para unha mobilidade segura e sostible.
- Actitude crítica ante barreiras arquitectónicas e obstáculos da contorna que impidan ou dificulten a actividade física autónoma e saudable no espazo público e viario.

Contidos
- O uso da bicicleta como medio de transporte habitual. - Análise e xestión do risco propio e do dos demais nas prácticas físico-deportivas no medio natural e urbano, medidas colectivas de seguridade. - Consumo responsable: uso sostible e mantemento de recursos urbanos e naturais para a práctica da actividade física. - Deseño de actividades físicas no medio natural e urbano. - Coidado e mantemento da contorna próxima como servizo á comunidade durante a práctica de actividade física en contornas naturais e urbanas, facendo un uso sostible e responsable.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A Educación Física na educación secundaria ten un carácter motriz, práctico e vivencial que busca, entre outros obxectivos, incrementar a actividade física efectiva do alumnado.

Os diferentes modelos pedagóxicos constitúen unha ferramenta para materializar un desenvolvemento competencial, polo carácter participativo, creativo e de aprendizaxe que xeran no alumnado.

As situacións de aprendizaxe integran procesos orientados á adquisición da competencia motriz e as competencias clave, enfocándose desde diferentes perspectivas, articulando elementos plurais como: metodoloxías de carácter participativo, o tipo e a intención das actividades expostas, a organización dos grupos, a consolidación dunha autoestima positiva, autonomía, reflexión e responsabilidade ou a creación dunha conciencia de grupo-clase.

A metodoloxía exposta caracterizarase por ser, flexible, activa, integradora, participativa, lúdica, creativa e progresiva.

A continuación, abordamos a proposta metodolóxica a través dalgúns dos seus elementos, como son os estilos de ensino, a organización espazo-temporal, o coñecemento dos resultados/execución, as actividades, a estratexia na práctica e as rutinas.

1. ESTILOS DE ENSINO
Os estilos de ensino móstrannos como se desenvolve a interacción profesor-alumnado no proceso de toma de decisións, e definen o papel de cada un nese proceso.

Na relación ensino-aprendizaxe non se pode considerar que un estilo sexa mellor que outro, xa que ningún deles aseguranos a consecución de todos os obxectivos a traballar na E.F.

Polo tanto, partindo da idea de que non existe un estilo de ensino ideal, chegamos á conclusión de que cada un ten un carácter propio que permite alcanzar obxectivos secundarios específicos deste.

Chegado o momento de decidirse por un determinado estilo de ensino, a súa selección farase en función de cal sexa o máis apropiado para a ensino-aprendizaxe dunha tarefa determinada. Así para as aprendizaxes técnicas e doutros contidos de similares características, utilizaremos estilos máis directivos; mentres que para aprendizaxes tácticas, de expresión corporal, e outros de similares características fomentaremos a creatividade a través de estilos baseados no descubrimento.
Darase o caso de que nunha mesma sesión se varíen os estilos de ensino utilizados dependendo de cada tarefa.

2. ORGANIZACIÓN ESPAZO-TEMPORAL

AGRUPAMENTOS
En canto aos agrupamentos, a súa determinación viranos determinada polas tarefas que desenvolvamos. En principio, contemplamos a utilización de todo tipo de agrupamentos, dende o traballo individual (se é que se pode considerar como un agrupamento) xa que permite a individualización do ensino para adaptarse ao ritmo de

aprendizaxe do alumnado; ata o traballo en grupo clase, cando a importancia do contido o requira xa que favorecen o proceso de socialización, melloran as relacións persoais, o coñecemento mutuo, o respecto polos demais, tolerar os distintos puntos de vista e dominio motriz e melloran o rendemento. Pasando polo traballo por parellas, tríos e en pequeno grupo cando a actividade busque desenvolver a cohesión do grupo, así como a aprendizaxe de habilidades técnicas, entre outras.

UTILIZACIÓN DE ESPAZOS
Para levar a cabo as nosas intencións educativas non reduciremos o noso espazo de actuación á aula e ás instalacións deportivas que se nos asignen, senón que espremeremos ao máximo a utilización dos espazos dispoñibles no centro, co ánimo de descontextualizar o ensino da E.F. das instalacións deportivas, dando a entender ao alumnado a virtualidade do reducionismo ao que se adoita someter á nosa materia, circunscribíndoa unicamente aos espazos "tradicionais". Por exemplo, para a realización de traballos en grupo de revisión bibliográfica, poderemos empregar a biblioteca do centro. Cando a busca de información requira un ámbito maior podemos utilizar a aula de informática para realizar buscas en internet e descubrir o tratamento que se lle dá á materia na rede. Por último tamén podemos utilizar a aula de informática para presentar ao alumnado aplicacións e ferramentas interactivas de autoavaliación da condición física e de adestramento que xa veñen implementadas en soporte informático.

OPTIMIZACIÓN DO TEMPO DE ACTIVIDADE
Para aprender unha tarefa e lograr un nivel de execución aceptable, o alumnado debe dispoñer dun tempo razoable para practicar a devandita actividade un número suficiente de veces.

O tempo que o alumnado dedica exclusivamente á práctica de actividade física é o que se coñece como tempo de actividade real. Para intentar incrementar na medida do posible o tempo de actividade real do alumnado, vanse ter en conta unha serie de consideracións prácticas para tal efecto, que a saber son:
Preparación da clase de educación física. Os preparativos previos á sesión adoitan seguir un protocolo cotián e repetitivo: acceder ao vestiario dende a aula, cambiarse de roupa, ir á pista ou ximnasio, pasar lista, regresar, asearse e volver cambiar de roupa. Para evitar a perda de tempo nesta fase motivaremos previamente o alumnado cara ás tarefas da sesión e limitaremos o tempo de estanza no vestiario.

Eficiencia no tempo dispoñible. O devandito tempo trataremos de optimizalo do seguinte xeito;

a) Claridade e brevidade nas explicacións das tarefas. Focalizaremos a atención nun ou dous aspectos que aseguren certas posibilidades de éxito nos primeiros intentos para non desbordar o alumnado con demasiada información e ademais, conseguir que se motiven polos primeiros éxitos alcanzados. Especial trato dedicaremos ás premisas de respecto mutuo e de seguridade nas tarefas, de cara a que o alumnado aprenda claramente o seu papel na prevención de riscos e na axuda ao compañeiro/a.

b) Rendibilidade na montaxe e recollida do material. Para evitar as perdas de tempo nesta faceta da sesión, aproveitaremos ao máximo os materiais que seleccionemos para a sesión. Ademais, ao inicio da sesión, o alumnado participará da colocación e recollida do material que se vaia utilizar. Naquelas sesións nas que se vaia traballar en circuíto e necesiten moito material, intentaremos na medida do posible, realizar a montaxe previamente á sesión.

c) Eficiencia na formación e transición dos agrupamentos. Para evitar as perdas de tempo que supoñen tanto o establecemento de agrupamentos, como a transición duns a outros, naquelas sesións nas que as actividades de ensino-aprendizaxe demanden continuos cambios de agrupamentos, secuenciaremos as mesmas de tal maneira que vaian seguidas todas as actividades individuais, logo por parellas, logo por cuartetos, etc., aproveitando o agrupamento anterior para facer o seguinte, de ser posible.
x
d) Optimización das partes da sesión. Aínda que diferentes autores propoñen varias divisións das sesións de E.F., podemos dicir que basicamente as sesións de educación física divídense en tres partes, a saber: posta en acción, parte principal e volta á calma. Nos puntos anteriores abordamos as pautas a seguir para evitar as perdas de tempo na parte principal da sesión, centrándonos agora nas outras dúas partes.

Para limitar as perdas de tempo na posta en acción, aproveitaremos esta para explicar o sentido da sesión, relacionala coa sesión previa, e transmitir a maior parte da información necesaria para a súa parte principal.

Na volta á calma, aproveitaremos o tempo de recuperación para recordar os puntos máis importantes traballados na parte anterior, repartiremos, no seu caso, as fichas de avaliación da sesión e motivaremos o alumnado para a sesión seguinte.

3. O COÑECEMENTO DOS RESULTADOS/EXECUCIÓN
Na actualidade ninguén dubida de que o coñecemento dos resultados constitúa un dos aspectos clave dentro do proceso de aprendizaxe motor. A súa importancia vén certificada por múltiples traballos de investigación que coinciden en afirmar o seu extraordinario valor dentro do proceso de aprendizaxe.

A progresión ao longo das etapas educativas debe ir dende un Coñecemento dos Resultados Extrínseco cara a un cada vez máis Intrínseco.

Nesta proposta de Programación, o Coñecemento dos Resultados abranguerá, en función do momento, tres tipos. Así, en certos contidos, como por exemplo os contidos máis técnicos, trataremos de utilizar o Coñecemento dos Resultados Concorrente. Tanto a través dunha transmisión verbal como táctil, procuraremos que o alumnado modele a súa execución técnica no mesmo momento de realizar a acción.

Naquelas situacións, nas que buscamos que a información teña unha incidencia positiva sobre as execucións posteriores, como no caso dun xesto técnico específico, utilizaremos o Coñecemento dos Resultados Inmediato. Nun principio, mediante unha transmisión verbal, e sempre que sexa necesario, a través dunha transmisión táctil ou visual.

E por último, trataremos de aumentar o protagonismo do Coñecemento dos Resultados Intrínseco, atrasando a administración da información durante un tempo, unha vez finalice a tarefa. Este Coñecemento dos Resultados Diferido, é propio da aprendizaxe dos comportamentos tácticos, onde, combinado con Estilos de Ensino baseados na Busca, pretendese proporcionar un maior protagonismo ao alumnado á hora de analizar a información e tomar decisións.

4. ACTIVIDADES

A función das actividades é a de reforzar os contidos, grazas a elas o alumnado adquire os mesmos. Ademais, teñen unha función favorecedora do proceso de socialización.

Polo tanto, para cumprir coa súa función, utilizaremos diferentes tipos de actividades. As actividades de Diagnóstico utilizarémolas principalmente nas primeiras sesións de cada U.D. co obxectivo de levar a cabo a avaliación dos coñecementos previos do alumnado sobre os contidos a desenvolver. As actividades de Desenvolvemento que utilizaremos para desenvolver os contidos centrais das distintas UU.DD. Ligadas a estas actividades virán as de Síntese, nas cales trataremos de conseguir a aplicación dos contidos aprendidos, en situacións reais de práctica. Por último, seguindo a lóxica metodolóxica, levaremos a cabo as actividades de Avaliación, coas que pretenderemos comprobar o nivel de adquisición de contidos desenvolvido polo alumnado. Non debemos esquecer, que dada a heteroxeneidade do alumnado, os ritmos de aprendizaxe son individuais, polo tanto teremos preparados dous tipos máis de actividades; as de Reforzo, que utilizaremos con aquel alumnado cuxo ritmo de aprendizaxe sexa máis lento que o do grupo de referencia; e as de Ampliación, que utilizaremos con aquel alumnado que presenta un dominio importante do contido dende un principio, ou cuxo ritmo de aprendizaxe está por riba do grupo de referencia.

5. ESTRATEXIA NA PRÁCTICA

A estratexia na práctica que utilizaremos dependerá do tipo de contido e da tarefa que deseñaramos, así como do seu obxectivo.
Así por exemplo, para as actividades de avaliación inicial, deseñadas para a primeira sesión de cada U.D., con carácter xeral, a estratexia será de tipo global, onde se implique o maior número de habilidades, fundamentos e coñecementos posible para poder facernos unha idea xeral do nivel de coñecemento inicial do noso alumnado no devandito contido.

Para aquelas tarefas onde o obxectivo perseguido sexa entre outros unha aprendizaxe técnica, a estratexia a utilizar será máis analítica. Por exemplo a aprendizaxe dun xesto técnico, comezará cunha aproximación analítica ao mesmo descompoñéndoo en diferentes partes secuenciadas segundo os segmentos corporais implicados no xesto.

Por último, para os pasos intermedios entre as aprendizaxes máis analíticas e as máis globais, utilizaremos estratexias sintéticas que nos permitan avanzar na aprendizaxe de todo tipo de contidos.

Hai que dicir, que as estratexias utilizadas poden presentarse de forma tanto simultánea como secuencial dentro da

mesma sesión. Así mesmo, pódense utilizar en ambos os dous sentidos, é dicir, podemos partir dunha estratexia global para rematar cunha aprendizaxe máis analítica, ou viceversa, podemos partir dunha estratexia máis analítica para rematar cunha máis global.

6. RUTINAS

Para favorecer o bo funcionamento das sesións, e coa intención de optimizar ao máximo o tempo de práctica efectivo por parte do alumnado que redunde nunha maior aprendizaxe por parte destes, establécense unha serie de rutinas.

Entrada e Saída da aula: A entrada á aula será o máis puntual posible, estableceéndose unha marxe de 5 minutos entre o toque do timbre e a entrada na aula de educación física (pavillón, pista, etc) correspondente. A saída da mesma non se producirá ata que toque o timbre.

Cambio de Roupa: O alumnado, nada máis acceder á instalación que así o requira, procederá sen demora ao cambio da roupa necesaria para realizar a sesión, sempre e cando este sexa necesario.

Hábitos Hixiénicos: Entendemos por aseo o secado da sudoración e o cambio de roupa. Para iso o alumnado contará con 5 minutos.

Recollida do Material: O material utilizado na sesión será recollido polo alumnado participante na sesión.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material dispoñible para levar a cabo o desenvolvemento das unidades didácticas deste curso.
Libro de texto ou material complementario.
Edixgal. Aula virtual/moodle. e cursos dispoñibles na aula.
Outras ferramentas dixitais ou plataformas de aprendizaxe.
Redes sociais, aplicacións.
Material bibliográfico no departamento, biblioteca, outras dependencias do centro, etc...

No Departamento de educación física contamos con un amplio material deportivo para o desenvolvemento das unidades didácticas deste curso.
No nivel de 3º da ESO faremos uso da aula virtual/moodle do IES Luis Seoane, además usaremos ao longo do curso outras ferramentas dixitais (plataformas de aprendizaxe, aplicacións...): genially, QCPR Training, Spotify, Podcasts, iMovie...
Además o departamento en colaboración coa biblioteca do centro irá proponiendo material bibliográfico para o uso e disfrute do noso alumnado.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial desenvolverase ao inicio de cada Unidade Didáctica para comprobar os coñecementos previos que posúe o alumnado sobre os contidos da mesma.
Os procedementos de avaliación poderán ser variados, tanto probas escritas, como observación directa de tarefas específicas nas primeiras sesións, ou mediante cuestionarios orais. O instrumento para a avaliación inicial dependerá do contido da U.D.
Unha vez feita, a persoa docente valorará a necesidade de realizar adaptacións nos diferentes apartados da programación, de ser o caso.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
Peso UD/ Tipo Ins.	**15**	**10**	**5**	**5**	**5**	**10**	**15**
Proba escrita	0	0	0	0	0	0	0
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100

Unidade didáctica	UD 8	UD 9	UD 10	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**2**	**30**	**3**	**100**
Proba escrita	10	0	0	**0**
Táboa de indicadores	90	100	100	**100**

Criterios de cualificación:

A Programación Didáctica consta de 10 UD. As UU.DD. están distribuídas trimestralmente, de tal xeito que a 1,2 e3 impartiranse no primeiro trimestre cun peso total do 28%; a 4,5,6 e7, impartiranse no segundo trimestre cun peso total do 34%, e a 8,9 e 10 impartiranse no terceiro trimestre cun peso total do 40%. No número de sesións asignado a cada UD contémplanse tamén a/as sesións dedicadas á avaliación.

O peso de cada UD estableceuse en función do número de sesións e do contido da mesma.

Para a cualificación de cada Unidade Didáctica teremos en conta, para cada Criterio de Avaliación, os mínimos de consecución establecidos e o seu peso orientativo (establecido en cada UD).

Tendo en conta estes elementos, para a superación de cada unidade didáctica o alumnado deberá acadar os mínimos de consecución establecidos, nun peso orientativo global igual ou superior ao 45%. No caso de detectarse dificultades nalgún alumno ou alumna, adoptaránse as medidas de reforzo educativo necesarias.

A cualificación de cada trimestre, obterase calculando a media aritmética ponderada das cualificacións obtidas en cada UD impartida no trimestre.

A cualificación da avaliación previa á avaliación final da materia, obterase calculando a media aritmética ponderada das cualificacións obtidas en cada avaliación trimestral.

O valor numérico da nota irá dende o 1 ao 10, redondeando á unidade máis próxima, (ata .4 cara abaixo e dende .5 cara arriba), e para considerar superada a U.D., o trimestre e o curso o alumnado debe acadar unha puntuación de 4,5 ou superior.

Para a obtención da nota empregaranse distintos procedementos, tanto probas escritas, traballos na aula virtual como observación directa por parte da persoa docente. As probas escritas poderán ser exames tipo test, de resposta curta ou de desenvolvemento. Tamén poderán solicitarse a realización de todo tipo de traballos: escritos, creación de vídeos...

Ao ser unha materia eminentemente práctica, o procedemento de avaliación máis empregado será a observación directa a través de diversos instrumentos, principalmente rúbricas, listas de cotexo e escalas de valoración, en función dos contidos a desenvolver.

Atención especial require o alumnado que por diferentes motivos (lesións, malestares diversos, etc) non pode seguir o ritmo das sesións ou facer a clase por un período de tempo indeterminado. Ao ser a nosa materia práctica, intentarase que na medida do posible se incorpore ás sesións facendo as adaptacións oportunas. De non ser posible, o alumnado terá que facer traballos na aula virtual e nas clases terá que colaborar na medida das súas posibilidades: árbitro, apoio aos compañeiros, alumno avantaxado, axudante da persoa docente, etc.

Para a avaliación deste alumnado terá que modificarse e ter en conta os traballos presentados, sendo obrigatorios os da aula virtual.

En canto aos instrumentos de avaliación das unidades didácticas, aclarar que o tipo de instrumento establecido é sempre a táboa de indicadores, xa que a nosa materia é eminentemente práctica, e ademais é unha limitación da aplicación. Non obstante, consideramos que dentro desta tipoloxía entran tamén as probas escritas.

En calquera caso, se por analise da persoa docente e /ou o conxunto sa Xunta de Avaliación a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

Criterios de recuperación:

Para recuperar as UU.DD. non superadas: Rematada a UD, proporase ao alumnado que non a superou, actividades de recuperación, supervisadas, cualificadas polo profesorado en sesións de titoría previa cita. Segundo as circunstancias, poderanse propor a realización de probas escritas (exames ou traballos na aula virtual). De non superala, quedará pendente de recuperar, sempre e cando o alumnado non supere o trimestre, neste último caso a UD darase por superada. Para recuperar a avaliación trimestral: O alumnado deberá recuperar so as UU.DD. que non teña superadas. O profesorado proporá actividades de recuperación ao alumnado supervisadas, avaliadas e cualificadas en sesións de titoría previa cita. Segundo as circunstancias poderanse propor ao alumnado a realización de probas escritas (exames ou traballos na aula virtual). Para superar a avaliación final: Ao alumnado con algunha avaliación trimestral non superada, recibirá un plan de recuperación e realizará as actividades propostas no período que vai dende a avaliación previa á avaliación final ata a avaliación final. Esas actividades serán avaliadas e cualificadas por observación directa do profesorado. Transcorrido este período, o alumnado que non recuperou algunha avaliación trimestral, deberá superar nunha proba final extraordinaria os mínimos de consecución non superados. A proba será preferentemente práctica, aínda que para superar algún dos contidos poderanse propor probas escritas (exames ou traballos na aula virtual).

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado de 3º ESO que fora promocionado desde o curso anterior coa materia sen superar deberá seguir un plan de reforzo destinado á súa recuperación e á súa superación. O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia do alumno ou alumna, e baixo as directrices deste departamento didáctico, así como co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.
O plan de reforzo entregarase a cada alumno ou alumna coa materia pendente ao longo do mes de setembro, unha vez iniciado o curso e terá que conter a seguinte información:
- Identificación da alumna ou do alumno.
- Información relevante sobre a materia sen superar.
- Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.

- Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
- Seguimento e avaliación.
- Acreditación da información á familia.

6. Medidas de atención á diversidade

Atendendo á Orde do 8 de setembro que desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, adoptaranse as medidas de carácter ordinario e extraordinario que se consideren oportunas e axeitadas ao alumnado.

Con carácter xeral, para adecuarse aos diferentes ritmos de aprendizaxe e capacidades, contémplanse actividades de reforzo e ampliación con tempos flexibles e aprendizaxe cooperativa en grupos heteroxéneos.

Ademais do diferente ritmo de aprendizaxe do alumnado e o nivel de competencia motriz, os casos máis frecuentes na materia de Educación Física que necesitan unha atención á diversidade son:

Alumnado repetidor (coa materia aprobada / coa materia suspensa). Este alumnado, maioritariamente coa materia superada, pode colaborar co profesorado en actividades de microensinanza participando como alumno avantaxado en determinados contidos. Esa actuación será valorada polo profesorado con táboas de indicadores específicas.

Alumnado con diferente nivel de competencia motriz. Ao alumnado que teña baixo nivel de competencia motriz nos contidos dalgunha/s unidade/é didáctica/s, realizaránselle apoios e reforzos para favorecer tanto a súa práctica como a súa aprendizaxe. De ser necesario e se o considera o profesor, adaptaránselle os tempos e os procedementos de avaliación.

Alumnado lesionado ou incapacitado temporalmente para realizar a práctica. No caso deste alumnado con necesidades educativas especiais poñeranse en marcha os apoios e as atencións educativas específicas necesarias para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe. Nestes casos, asignarase un rol en función da UD que garanta que participe: avaliador, xuíz/árbitro e axudante serán os roles máis utilizados. A avaliación da súa práctica sufrirá modificacións e realizarase a través de táboas de indicadores. A este alumnado, de ser o caso, en función das súas necesidades de atención á diversidade adaptaránselle tanto os tempos como os procedementos de avaliación. En todo caso, terá que traballar na aula virtual da materia.

Alumnado que promociona coa materia sen superar. Neste caso elaborarase un Plan de reforzo adaptado ás súas particularidades. De todos os apartados do plan, destacamos as tarefas para realizar e a súa temporalización, así como os procedementos de seguimento e avaliación.

Por outro lado, no caso do alumnado cun ritmo de aprendizaxe máis lento podemos poñer en marcha:
- Adaptacións metodolóxicas en canto ao estilo de ensinanza: empregar formas de organizar a clase individualizadas, realización de grupos de nivel naquelas actividades que así o requiran, etc...
- Adaptacións metodolóxicas en canto á técnica de ensinanza: comunicar só os aspectos máis importantes do modelo, presentar o modelo de forma máis personalizada. Procurar deseñar actividades diferentes para traballar un mesmo contido...
- Adaptacións metodolóxicas en canto ás estratexias pedagóxicas: apoio verbal, visual, manual, ampliación do tempo para alcanzar un determinado contido (polo que se establecerán progresións máis próximas á súa aptitude física). Reforzo permanente dos logros acadados para elevar a súa autoestima-autoconcepto, creación dun clima na aula na que o alumno/a non tema expresar as súas dificultades. Simplificación das actividades e adaptación das regras de xogo.

En canto ao alumnado cun ritmo de aprendizaxe máis rápido, podemos:
- Plantexar actividades de ampliación que lles permitan profundar nos diversos contidos alcanzando obxectivos superiores.
- Implicar a este alumnado en programas de acción titorial con compañeiros/as que teñan dificultades na súa aprendizaxe.

No caso de ser necesarias medidas extraordinarias de atención á diversidade unha vez esgotadas as de carácter ordinario, seguiranse as indicacións establecidas na normativa vixente, coa colaboración do departamento de orientación do centro.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - COMPRENSIÓN DE LECTURA	X	X					X	X
ET.2 - EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA	X			X	X			X
ET.3 - COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL	X		X	X	X	X	X	X
ET.4 - COMPETENCIA DIXITAL	X				X	X		
ET.5 - EMPRENDEMENTO SOCIAL E EMPRESARIAL				X	X	X		
ET.6 - FOMENTO DO ESPÍRITU CRÍTICO E CIENTÍFICO	X		X	X				X
ET.7 - EDUCACIÓN EMOCIONAL E EN VALORES	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - IGUALDADE DE XÉNERO	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - CREATIVIDADE	X		X	X	X	X		

	UD 9	UD 10
ET.1 - COMPRENSIÓN DE LECTURA	X	
ET.2 - EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA		X
ET.3 - COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL	X	X
ET.4 - COMPETENCIA DIXITAL		X
ET.5 - EMPRENDEMENTO SOCIAL E EMPRESARIAL		X
ET.6 - FOMENTO DO ESPÍRITU CRÍTICO E CIENTÍFICO		X
ET.7 - EDUCACIÓN EMOCIONAL E EN VALORES	X	X
ET.8 - IGUALDADE DE XÉNERO	X	X
ET.9 - CREATIVIDADE		X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Proposta: Senderismo e "traucers" por un día	Realizar senderismo na Illa de Arousa e asistir a un parque de camas elásticas.		X	
Proposta: patinaxe en xeo	Actividade na pista de xeo que se instala en decembro	X		
Participación nas actividades da saúde	Actividades relacionadas cos hábitos saudables.		X	X
Actividade/s multiaventura e multideporte	Actividades na natureza aproveitando a contorna do IES e os seus arre	X		X
Viaxe a Asturias	Actividades en la naturaleza		X	X
Participación no programa de DOAZÓN	Charlas e actividades no centro para dar visibilidade á doazón.			X
Senderismo	Realizar unha ruta de senderismo	X		

Observacións:
As actividades intentaranse repartir nas tres avaliacións e coordenadas co resto de actividades complementarias doutros departamentos. Deixamos a posibilidade de engadir algunha actividade que xurda ó longo do curso.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
TEMPORALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN E DAS UNIDADES DIDÁCTICAS.
DESEÑO E DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES DIDÁCTICAS.
Metodoloxía empregada
RENDEMENTO DO ALUMNADO E RESULTADOS DE APRENDIZAXE
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
MOTIVACIÓN DO ALUMNADO, AMBIENTE NAS SESIÓNS E ACTUACIÓN PERSOAL DA PERSOA DOCENTE.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS DA PROGRAMACIÓN.

Descrición:

O proceso de ensino esixe unha avaliación continua para ir axustando a programación. Esta avaliación permite ir detectando necesidades e buscando o axuste, as correccións precisas e as medidas que se consideren oportunas en cada momento.
Os aspectos a avaliar son os seguintes:

- RENDEMENTO DO ALUMNADO E RESULTADOS DE APRENDIZAXE: Análise dos resultados obtidos na avaliación final.
- TEMPORALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN E DAS UNIDADES DIDÁCTICAS: Mediante unha listaxe de control reflectirase si a temporalización foi axustada e houbo tempo de levar a cabo, tanto as UD como a programación xeral.
- DESEÑO E DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES DIDÁCTICAS: Avaliación de recursos, materiais, actividades, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación. Utilizaranse 2 instrumentos de avaliación: unha enquisa ao alumnado de cada grupo, e unha reflexión persoal do docente baseada na experiencia co grupo e no rexistro diario de clase. O 75% do alumnado, nunha escala de 0 a 5, puntúa con 3 ou máis este apartado.
- MOTIVACIÓN DO ALUMNADO, AMBIENTE NAS SESIÓNS E ACTUACIÓN PERSOAL DA PERSOA DOCENTE: Avaliarase a través dunha enquisa ao alumnado, a través da reflexión persoal da persoa docente baseada no rexistro diario de clase e cun feedback obtido das entrevistas ou titorías coas familias. O 75% do alumnado, nunha escala de 0 a 5, puntúa con 3 ou máis este apartado.
- INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS DA PROGRAMACIÓN: Mediante unha listaxe de control avaliarase si alumnado e familias foron informados en tempo e forma do contido desta programación didáctica a través da páxina web do centro. Ademais o alumnado tivo unha información constante ao longo do curso do relativo ao desenvolvemento da mesma.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación realizarase a través da sección de "Seguimento" da Aplicación PROENS. Nesta sección indicarase a data de inicio e fin da UD, o número de sesións previstas, o número de sesións realizadas, o grao de cumprimento da programación (baixo-medio-alto), as propostas de mellora e calquera observación que se considere oportuna.

- Proponse facer o seguimento e a avaliación da programación nos seguintes prazos:
  - Ao remate de cada UD: avaliarase a eficacia das actividades plantexadas, a consecución de obxectivos por parte do alumnado, as dificultades atopadas, as necesidade de medidas de reforzo, os materiais e recursos empregados, outros instrumentos, etc.
  - Unha vez ao mes, na reunión do departamento, realizarase o seguimento da programación didáctica e estableceranse as medidas correctoras que, de ser o caso, se estimen necesarias.
  - Ao finalizar o trimestre, onde analizaranse as unidades didácticas levadas a cabo, factores favorables e dificultades atopadas na temporalización das mesmas e resultados acadados polo alumnado. No caso de que quedara sen impartir algunha UD, o seu peso repartirase equitativamente entre o resto de UU.DD. impartidas no trimestre.
  - Ao finalizar o curso escolar.

As propostas de mellora reorientarán e modificarán a nova programación, se é o caso, e unha vez discutido no seno do departamento (reorientarán as estratexias para desenvolver contidos, reforzarán aspectos varios, variarán procedementos, etc....) sempre buscando a optimización do proceso e o aproveitamento dos recursos. Estas propostas deberán quedar reflictidas na memoria final do departamento.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación plástica, visual e audiovisual	3º ESO	2	70

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 5

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 6

4.1. Concrecións metodolóxicas 14

4.2. Materiais e recursos didácticos 15

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 17

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 17

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 19

6. Medidas de atención á diversidade 19

7.1. Concreción dos elementos transversais 20

7.2. Actividades complementarias 21

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 22

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 23

9. Outros apartados 24

1. Introdución

Esta materia impártese en todos os centros de Secundaria de Galicia, xa que forma parte da etapa obrigatoria, polo que ten unha gran importancia como substrato dunha curiosidade e interese futuros polas distintas manifestacións plásticas.
A educación artística é unha actividade imprescindible no desenvolvemento das persoas. A experimentación coas artes plásticas, visuais e audiovisuais fomenta a exploración e coñecementos propios e promove a imaxinación así como a capacidade para crear respostas múltiples, en linguaxes propios, a diferentes necesidades. Así mesmo a actividade artística implica un grao alto de interacción co grupo onde o traballo propio e alleo, individual e en grupo, serven para fomentar o debate e aprender a aprender.
O estudo da imaxe nos diferentes medios (a súa historia, as tipoloxías, as técnicas de creación, etc.) convértese nun dos fíos principais da materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual. Foméntase a experimentación e a creación de imaxes bidimensionais e tridimensionais en diferentes medios de xeito que o alumnado tome contacto con técnicas e medios tradicionais así como cos medios tecnolóxicos e dixitais, explorando as cualidades expresivas de cada un deles.
Preténdese que, partindo dunha base común de conceptos, o alumnado traballe e experimente co emprego das diferentes linguaxes visuais e audiovisuais realizando as súas propias producións plásticas e audiovisuais.
É imprescindible que o alumnado adquira os coñecementos e as destrezas básicas para afrontar a análise crítica da imaxe visual e audiovisual como elemento de comunicación. Esta materia colabora amplamente no fomento do espírito crítico do alumnado ante as imaxes con diferentes funcións comunicativas e moi especialmente ante a imaxe publicitaria. Impártese nos cursos de primeiro e terceiro da ESO e dá continuidade á educación artística recibida polo alumnado nas etapas anteriores, facilitándolle ao alumnado: seguir afondando no coñecemento, interpretación e valoración crítica das imaxes en todas as súas funcións; potenciar o coñecemento e o respecto polo patrimonio cultural e artístico e a súa posta en vañlor; poñer en práctica da expresividade propia mediante a realización de producións individuais e colectivas.
Está deseñada a partir de oito obxectivos que saen dos obxectivos xerais da etapa e das competencias que configuran o perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico, en especial dos descritores da competencia en conciencia e expresión culturais, aos que se engaden aspectos relacionados coa comunicación verbal, a dixitalización, a convivencia democrática, a interculturalidade ou a creatividade. Ten un enfoque eminentemente práctico o que leva a que o alumnado se inicie na produción artística sen necesidade de dominar as técnicas nin os recursos, e que vaia adquirindo estes coñecementos en función das necesidades derivadas da súa propia produción.
Os criterios de avaliación e os contidos da materia articúlanse en catro bloques. O primeiro leva por título «Patrimonio artístico e cultural» e inclúe contidos relativos aos xéneros artísticos e ás manifestacións culturais máis destacadas. O segundo, denominado «Elementos formais da imaxe e da linguaxe visual. A expresión gráfica», abrangue os elementos, principios e conceptos que se poñen en práctica nas distintas manifestacións artísticas e culturais como forma de expresión. O terceiro bloque, «Expresión gráfico-plástica e técnica: fundamentos e procedementos», comprende tanto os procedementos gráfico-plásticos como as distintas operacións técnicas ademais dos factores e as etapas do proceso creativo e unha introdución aos sistemas de representación máis importantes. Inclúese tamén unha introdución á xeometría plana e aos sistemas de representación. Por último, o bloque «Imaxe e comunicación visual e audiovisual» incorpora os contidos relacionados coas linguaxes, as finalidades, os contextos, as funcións e os formatos da comunicación visual e audiovisual.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender a importancia que tiveron no desenvolvemento do ser humano algúns exemplos seleccionados das distintas manifestacións culturais e artísticas, amosando interese polo patrimonio como parte da propia cultura, para entender como se converten no testemuño dos valores e das convicción s de cada persoa e da sociedade no seu conxunto, e para recoñecer a necesidade da súa protección e da súa conservación.	1	3			1-3	1-2		1
OBX2 - Explicar as producións plásticas, visuais e audiovisuais propias, comparándoas coas dos seus iguais e con algunhas das que conforman o patrimonio cultural e artístico, xustificando as opinións e tendo en conta o progreso desde a intención ata a realización, para valorar o intercambio, as experiencias compartidas e o diálogo intercultural, así como para superar estereotipos.	1				1-3	1-3		1-3
OBX3 - Analizar diferentes propostas plásticas, visuais e audiovisuais, amosando respecto e desenvolvendo a capacidade de observación e interiorización da experiencia e da satisfacción estética, para enriquecer a cultura artística individual e alimentar o imaxinario propio.	1-2			1	4	1-3		2
OBX4 - Explorar as técnicas, as linguaxes e as intencións de diferentes producións culturais e artísticas, analizando, de forma aberta e respectuosa tanto o proceso como o produto final, a súa recepción e o seu contexto, para descubrir as posibilidades que ofrecen como fonte xeradora de ideas e respostas.	2	3		1-2	3	3		2
OBX5 - Realizar producións artísticas individuais ou colectivas con creatividade e imaxinación, seleccionando e aplicando ferramentas, técnicas e soportes en función da intencionalidade, para expresar a visión do mundo, as emocións e os sentimentos propios, así como para mellorar a capacidade de comunicación e desenvolver a reflexión crítica e a autoconfianza.	1-2				1-3-4	3		3-4
OBX6 - Apropiarse das referencias culturais e artísticas da contorna, identificando as súas singularidades, para enriquecer as creacións propias e desenvolver a identidade persoal, cultural e social.	2			1	3	1		1-3
OBX7 - Aplicar as técnicas, os recursos e as convencións principais das linguaxes artísticas, incorporando de forma creativa as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías, para as integrar e enriquecer o deseño e a realización dun proxecto artístico.	2-3		3	1-5		1-3		4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX8 - Compartir producións e manifestacións artísticas, adaptando o proxecto á intención e ás características do público destinatario, para valorar distintas oportunidades de desenvolvemento persoal.	1		2-3	3	3-5		1-3	4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A xeometría nos obxectos, na arte e na contorna natural.	A xeometría na natureza, na arquitectura e no deseño de obxectos cotiáns. Xeometría plana. Introdución ás tanxencias e enlaces.	15	12	X	X	X
2	A percepción visual. Elementos de configuración visual e a súa organización compositiva.	Introdución aos principios perceptivos, elementos e factores. Posibilidades expresivas e comunicativas dos elementos visuais: elementos básicos, forma, cor e textura. A composición: conceptos de equilibrio, proporción e ritmo aplicados á organización de formas no plano e no espazo.	10	4	X		
3	O proceso creativo.	Factores e etapas do proceso creativo. O esbozo. Elección de materiais e técnicas. a realización a través de operacións plásticas: manipular, reproducir, illar, transformar e asociar.	10	4	X	X	X
4	Técnicas básicas de expresión gráfico-plásticas en dúas dimensións.	Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas. Factores e etapas do proceso creativo. Elección de materiais e técnicas, realización. O esbozo. O proceso creativo a través de operacións plásticas: manipular, reproducir, illar, transformar e asociar.	15	12	X	X	
5	Os xéneros artísticos. Manifestacións culturais e artísticas. Particularidades do patrimonio artístico galego.	Os distintos xéneros artísticos e as manifestacións culturais e artísticas clave ao longo da historia, incluídas as contemporáneas e as pertencentes ao patrimonio local: análise dos seus aspectos formais e do seu contexto histórico. Particularidades do patrimonio artístico galego.	5	2	X		
6	Técnicas básicas de expresión gráfico-plásticas en tres dimensións.	O volume: exemplos e características expresivas.	15	12		X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	Sistema diédrico: vistas.	Introdución aos sistemas de representación. Sistema diédrico: vistas. O esbozo isométrico.	15	12	X	X	X
8	Imaxes visuais e audiovisuais. O cine e a animación.	Lectura e análise da imaxe visual e audiovisual. Imaxe en movemento. O cine e a animación: características, orixe e evolución. Técnicas básicas para a realización de producións audiovisuais sinxelas, de xeito individual ou en grupo. Experimentación en contornas virtuais de aprendizaxe.	15	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A xeometría nos obxectos, na arte e na contorna natural.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes visuais e audiovisuais, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Diferenciar mínimamente as características dos distintos sistemas de representación e da xeometría, así como os seus procedementos en relación ao resultado buscado, analizando o procedemento con interese.	PE	15
CA1.5 - Argumentar a satisfacción producida pola recepción da arte en todas as súas formas e vertentes, compartindo con respecto impresións e emocións, e expresar a opinión persoal de forma aberta.		TI	85
CA1.5.1. - Argumentar e recoñecer os aspectos formais das obras de arte e da natureza en relación ás formas xeométricas.	Saber recoñecer, analizar e argumentar sobre aspectos formais relacionados coa xeometría da nosa contorna.		
CA2.4 - Realizar un proxecto gráfico-plástico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.			
CA2.4.1. - Realizar proxectos gráficos axustándose a tarefa solicitada amosando iniciativa no emprego dos principios xeométricos.	Realizar tarefas prácticas e exercicios de xeometría partindo dos exemplos na natureza e na arte.		
CA3.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias, amosando unha visión persoal.			

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3.1. - Utilizar con creatividade os exemplos xeométricos presentes na contorna, tanto naturais como arquitectónicos, artísticos ou pertencentes ó ámbito do deseño.	Utilizar con fins creativos exemplos xeométricos da nosa contorna e aplicalos a producións novedosas propias.		
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen.	Saber expoñer, dun xeito sinxelo, o proceso de elaboración propio, recoñecendo os erros e as posibilidades de mellora, valorando as posibilidades que a normalización ofrece de desenvolvemento persoal.		
CA4.5 - Recoñecer os diferentes usos e as funcións das producións e das manifestacións visuais e audiovisuais, e argumentar de forma individual ou colectiva as súas conclusións acerca das oportunidades que poden xerar, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade.	Recoñecer os distintos usos e funcións que nos ofrece a xeometría e argumentar acerca das oportunidades que pode xerar cunha actitude aberta e con curiosidade por coñecer a súa importancia na sociedade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- As formas xeométricas na arte e na contorna: xeometría na natureza, a arquitectura e o deseño de obxectos cotiáns. - Posibilidades expresivas e comunicativas dos elementos visuais: elementos básicos, forma, cor e textura. - Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións. Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas. - Imaxes visuais e audiovisuais: lectura e análise.

UD	Título da UD	Duración
2	A percepción visual. Elementos de configuración visual e a súa organización compositiva.	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Expresar minimamente ideas e sentimentos, a través da experimentación coas distintas técnicas, desenvolvendo certa capacidade de comunicación e reflexión crítica.	PE	40
CA2.3 - Explicar, de forma razoada, a importancia do proceso que media entre a realidade, o imaxinario e a produción, superando estereotipos e amosando un comportamento respectuoso coa diversidade cultural.	Explicar o proceso de produción, superando estereotipos, cunha actitude respectuosa coa diversidade cultural.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións culturais e artísticas, establecendo conexións entre elas, e incorporalas con creatividade nas producións propias.	Analizar, de xeito guiado, as características principais dos distintos tipos de linguaxes das diferentes producións artísticas, establecendo conexións entre elas e incorporándoas as producións propias.	TI	60
CA2.4 - Realizar un proxecto gráfico-plástico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	Realizar un pequeno proxecto gráfico-plástico, con certa iniciativa e creatividade, experimentando coas técnicas na xeración de mensaxes propias, axustándose ao solicitado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Posibilidades expresivas e comunicativas dos elementos visuais: elementos básicos, forma, cor e textura. - A percepción visual. Introdución aos principios perceptivos, elementos e factores. - A composición. Conceptos de equilibrio, proporción e ritmo aplicados á organización de formas no plano e no espazo.

UD	Título da UD	Duración
3	O proceso creativo.	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Expresar minimamente ideas e sentimentos, a través da experimentación coas distintas técnicas, desenvolvendo certa capacidade de comunicación e reflexión crítica.	PE	80
CA3.4 - Realizar un proxecto artístico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas de creación gráfico-plástica.	Ser quen de realizar un pequeno proxecto gráfico-plástico, axustándose ao obxectivo proposto, amosando iniciativa no emprego da linguaxe, materiais, soportes e ferramentas gráfico-plásticas.		
No bloque «A enerxía», o alumnado profunda en coñecementos, destrezas e actitudes que adquiriu en 2º de ESO, como as fontes de enerxía e os seus usos prácticos ou os conceptos básicos acerca das formas de enerxía. Inclúense, ademais, saberes relacionados co desenvolvemento social e económico do mundo real e as súas implicacións ambientais.
Por último, o bloque denominado «O cambio» aborda as principais transformacións físicas e químicas dos sistemas materiais e naturais, así como os exemplos máis frecuentes na contorna do alumnado, describindo as súas aplicacións e contribucións á creación dun mundo mellor.
Os 4 bloques repártense en seis unidades didácticas :1.- Destrezas científicas, 2.- O átomo e a táboa periódica, 3. - O enlace químico e formulación, 4.- A reacción química. 5.- Natureza eléctrica da materia, 6.- A enerxía.
A metodoloxía procurará o uso de distintas estratexias metodolóxicas que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan tanto o traballo individual coma o cooperativo e o colaborativo.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender e relacionar os motivos polos que ocorren os principais fenómenos fisicoquímicos da contorna, explicándoos en termos das leis e teorías científicas adecuadas para resolver problemas co fin de aplicalas para mellorar a realidade próxima e a calidade da vida humana.	1		1-2-4		4			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Expresar as observacións realizadas polo alumnado en forma de preguntas, formulando hipóteses para explicalas e demostrando estas hipóteses a través da experimentación científica, a indagación e a procura de evidencias, para desenvolver os razoamentos propios do pensamento científico e mellorar as destrezas no uso das metodoloxías científicas.	1-3		1-2	1	4		1	3
OBX3 - Manexar con soltura as regras e as normas básicas da física e da química no referente á linguaxe da IUPAC, á linguaxe matemática, ao emprego de unidades de medida correctas, ao uso seguro do laboratorio e á interpretación e produción de datos e información en diferentes formatos e fontes, para recoñecer o carácter universal e transversal da linguaxe científica e a necesidade dunha comunicación fiable en investigación e ciencia entre diferentes países e culturas.			4-5	3	2	1		2-4
OBX4 - Utilizar de forma crítica, eficiente e segura plataformas dixitais e recursos variados, tanto para o traballo individual como en equipo, para fomentar a creatividade, o desenvolvemento persoal e a aprendizaxe individual e social, mediante a consulta de información, a creación de materiais e a comunicación efectiva nas diferentes contornas de aprendizaxe.	2-3		4	1-2	3		3	4
OBX5 - Utilizar as estratexias propias do traballo colaborativo, potenciando o crecemento entre iguais como base emprendedora dunha comunidade científica crítica, ética e eficiente, para comprender a importancia da ciencia na mellora da sociedade, as aplicacións e repercusións dos avances científicos, a preservación da saúde e a conservación sostible do ambiente.	5	3	3-5	3	3	3	2	
OBX6 - Comprender e valorar a ciencia como unha construción colectiva en continuo cambio e evolución, na que non só participan as persoas dedicadas a ela, senón que tamén require dunha interacción co resto da sociedade, para obter resultados que repercutan no avance tecnolóxico, económico, ambiental e social.			2-5	4	1-4	4		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Destrezas científicas	Esta unidade didáctica tratarémola como secuencial aínda que os seus CA teñen carácter transversal, polo que deberán ser traballados ao longo de todo o curso. Aínda así, enténdese que merece un primeiro tratamento específico no que se incidirá en: O método científico. Elaboración e confirmación de hipóteses. A argumentación. O sistema internacional de unidades. O traballo experimental. Laboratorios e normas de seguridade.	16	11	X		
2	O átomo e a táboa periódica	Nesta unidade didáctica introdúcese a estrutura atómica e a distribución dos distintos elementos na táboa periódica..	17	12	X		
3	O enlace químico e formulación	Estudaranse os principais compostos químicos, os tipos de enlace que os forman e as súas propiedades. Utilizaranse as regras de nomenclatura IUPAC para nomear substancias simples.	17	13		X	
4	Os cambios. A reacción química	Nesta unidade introdúcese o estudo dos cambios que experimentan os sistemas materiais centrándose na reacción química. Preséntase unha interpretación macroscópica e microscópica das reaccións químicas facendo fincapé na relación da química co medio ambiente, coa tecnoloxía e coa sociedade. Estudarase a lei de conservación da masa e a lei das proporcións definidas e a súa importancia a efectos de validar o modelo atómico-molecular. Rematarase facendo unha análise dos factores que afectan ás reaccións químicas e a súa importancia na resolución de problemas actuais por parte da ciencia.	17	12		X	
5	Natureza eléctrica da materia	Nesta unidade didáctica introdúcese a natureza eléctrica da materia, a electrización dos corpos e a carga eléctrica. Estúdase a corriente eléctrica e a construcción de circuitos eléctricos. Así mesmo, traballarase a lei de Ohm, estudarase a asociación de resistencias en serie e en paralelo e a perda de enerxía eléctrica en forma de calor.	17	11			X
6	Enerxía eléctrica	Nesta unidade didáctica faise unha análise das vías de obtención de enerxía eléctrica e abórdase a cuestión do aforro enerxético e a conservación sostible do medio ambiente.	16	11			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Destrezas científicas	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Seleccionar, de acordo coa natureza das cuestións que se traten, a mellor maneira de comprobar ou refutar as hipóteses formuladas, deseñando estratexias de indagación e procura de evidencias que permitan obter conclusións e respostas axustadas á natureza da pregunta formulada.	Ante unha hipótese formulada deseña unha estratexia de indagación adecuada para comprobala ou refutala.	PE	80
CA1.2 - Aplicar as leis e teorías científicas coñecidas ao formular cuestións e hipóteses sendo coherente co coñecemento científico existente e deseñando os procedementos experimentais ou dedutivos necesarios para resolvelas ou comprobalas.	Formula cuestións científicas e emite hipóteses coherentes co coñecemento científico existente, así como deseña unha estratexia de indagación.		
CA1.3 - Utilizar adecuadamente as regras básicas da física e da química, incluído o uso de unidades de medida, así como as ferramentas matemáticas precisas, conseguindo unha comunicación efectiva con toda a comunidade científica.	Utiliza adecuadamente as regras básicas da física e da química, incluíndo o uso de unidades e ferramentas matemáticas.		
CA1.9 - Recoñecer e valorar, a través da análise histórica dos avances científicos logrados por homes e mulleres de ciencia, que este é un proceso en permanente construción e que existen repercusións mutuas da ciencia actual coa tecnoloxía, coa sociedade e co ambiente.	Coñece feitos e a súa repercusión na sociedade.		
CA1.4 - Poñer en práctica as normas de uso dos espazos específicos da ciencia, como os laboratorios de física e química, asegurando a saúde propia e colectiva, a conservación sostible do ambiente e o coidado das instalacións.	Segue as instruccións do profesorado no uso das instalacións e, en concreto, dos laboratorios.	TI	20
CA1.5 - Utilizar recursos variados, tradicionais e dixitais, mellorando a aprendizaxe autónoma e a interacción con outros membros da comunidade educativa, con respecto aos docentes e aos estudantes e analizando criticamente as achegas de cada participante.	Manexa distintos recursos no seu proceso de aprendizaxe de forma autónoma e/ou en equipo.		
CA1.6 - Traballar de forma adecuada e con medios variados, tradicionais e dixitais, na consulta de información e na creación de contidos, seleccionando con criterio as fontes máis fiables e adecuadas mellorando a aprendizaxe propia e colectiva.	Distingue información fiable atendendo ao método científico e ao informe científico, utilizando libros de texto e/ou buscadores de información en internet.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Establecer interaccións construtivas e coeducativas, emprendendo actividades de cooperación e do uso das estratexias propias do traballo colaborativo, como forma de construír un medio de traballo eficiente na ciencia.	Participa de forma activa e construtiva en actividades en grupo cos seus compañeiros e compañeiras.		
CA1.8 - Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos que involucren o alumnado na mellora da sociedade e que creen valor para o individuo e para a comunidade.	Participa de forma activa e guiada en proxectos de aprendizaxe e servizo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Metodoloxías da investigación científica: identificación e formulación de cuestións, elaboración de hipóteses e comprobación experimental destas.
- Traballo experimental e emprendemento de proxectos de investigación: estratexias na resolución de problemas e no desenvolvemento de investigacións mediante a indagación, a dedución, a procura de evidencias e o razoamento lóxico-matemático, facendo inferencias válidas das observacións e obtendo conclusións.
- Diversas contornas e recursos de aprendizaxe científica como os laboratorios ou as contornas virtuais: materiais, substancias e ferramentas tecnolóxicas.
- Contornas e recursos de aprendizase científica: Os laboratorios (Materiais, substancias)
- Contornas e recursos de aprendizase científica: Contornas virtuais (Ferramentas tecnolóxicas)
- Normas de uso de cada espazo, asegurando e protexendo así a saúde propia e comunitaria, a seguridade nas redes e o respecto cara ao ambiente.
- Normas de uso de cada espazo, asegurando e protexendo así a saúde propia e comunitaria e o respecto cara ao medio ambiente.
- Normas de seguridade nas redes.
- A linguaxe científica: unidades do sistema internacional de unidades e os seus símbolos. Ferramentas matemáticas básicas en diferentes escenarios científicos e de aprendizaxe.
- Estratexias de interpretación e produción de información científica utilizando diferentes formatos e diferentes medios: desenvolvemento do criterio propio baseado no que o pensamento científico achega á mellora da sociedade para facela máis xusta, equitativa e igualitaria.
- A cultura científica: o papel de científicos e científicas nos principais fitos históricos e actuais da física e da química no avance e na mellora da sociedade.

UD	Título da UD	Duración
2	O átomo e a táboa periódica	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar e comprender fenómenos fisicoquímicos cotiáns relevantes relacionados coa composición e estrutura de sistemas materiais, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	Comprende fenómenos fisicoquímicos cotiáns relevantes relacionados coa composición e estrutura de sistemas materiais. Asociado aos contidos C2.1.1., C2.1.2 (radioactividade) e C2.1.3 (semiconductores).	PE	80
CA2.2 - Resolver problemas fisicoquímicos relacionados coa composición e coa estrutura de sistemas materiais, utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.	Resolve problemas asociados cos subcontidos C2.1.1, C2.1.2, C2.1.3,		
CA2.6 - Recoñecer e valorar, a través da análise histórica do desenvolvemento do modelo atómico e da ordenación de elementos na táboa, que a ciencia é un proceso en permanente construción.	Recoñece o desenvolvemento histórico dos modelos atómicos e da ordenación dos elementos na táboa periódica.		
CA2.3 - Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos relacionados con sistemas materiais a partir de cuestións ás que se poida dar resposta a través da indagación, da dedución, do traballo experimental e do razoamento lóxico-matemático, diferenciándoas das pseudocientíficas.	Observa, formula hipóteses e aplica a experimentación, a indagación e a procura de evidencias.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estrutura atómica: desenvolvemento histórico dos modelos atómicos, existencia, formación e propiedades dos isótopos e ordenación dos elementos na táboa periódica. - Desenvolvemento histórico dos modelos atómicos. - Existencia, formación e propiedades dos isótopos. Isótopos radioactivos. - Ordenación dos elementos na táboa periódica.

UD	Título da UD	Duración
3	O enlace químico e formulación	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar e comprender fenómenos fisicoquímicos cotiáns relevantes relacionados coa composición e estrutura de sistemas materiais, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	Comprende fenómenos fisicoquímicos cotiáns relevantes relacionados coa composición e estructura de sistemas materiais. Asociado aos contidos C2.2.1 e C2.2.2	PE	80
CA2.2 - Resolver problemas fisicoquímicos relacionados coa composición e coa estrutura de sistemas materiais, utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.	Resolve problemas asociados aos contidos C2.2.1, C2.2.2, C2.2.3		
CA2.4 - Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa á composición e estrutura de sistemas materiais, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema.	Interpreta e produce datos en forma de textos, táboas, gráficas, informes, esquemas, modelos e símbolos entre outros.		
CA2.5 - Utilizar adecuadamente os símbolos dos elementos químicos e as fórmulas das substancias máis importantes, as regras de formulación e nomenclatura, facilitando unha comunicación efectiva con toda a comunidade científica.	Formula e nomea substancias simples e compostos binarios mediante as regras de nomenclatura da IUPAC,		
CA2.3 - Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos relacionados con sistemas materiais a partir de cuestións ás que se poida dar resposta a través da indagación, da dedución, do traballo experimental e do razoamento lóxico-matemático, diferenciándoas das pseudocientíficas.	Observa, formula hipóteses e aplica a experimentación, ou a indagación, na procura de evidencias.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Principais compostos químicos: a súa formación e as súas propiedades físicas e químicas, valoración das súas aplicacións. Masa atómica e masa molecular. - Formación dos principais compostos químicos: Tipos de enlace. - Propiedades físicas e químicas e aplicacións dos principais compostos químicos. - Significado e determinación de masa atómica e masa molecular. - Nomenclatura: participación dunha linguaxe científica común e universal formulando e nomeando substancias simples, ións monoatómicos e compostos binarios mediante as regras de nomenclatura da IUPAC.

UD	Título da UD	Duración
4	Os cambios. A reacción química	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Identificar e comprender os cambios físicos e químicos cotiáns relevantes relacionados coa natureza eléctrica da materia e da enerxía, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	Identifica e comprende cambios físicos e químicos cotiás relevantes. Asociado ao contido C4.1 (os cambios).	PE	80
CA4.2 - Resolver problemas sobre cambios fisicoquímicos utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.	Resolve problemas utilizando as leis e teorías adecuadas e expresando correctamente os resultados. Asociado ao subcontido C4.2.1 e ao contido C4.3 (axustes, estequiometría uso de modelos).		
CA4.3 - Recoñecer na contorna inmediata situacións problemáticas reais relacionadas fundamentalmente cos cambios químicos e describilas, así como emprender iniciativas nas que a física e a química poden contribuír á súa solución, analizando criticamente o seu impacto na sociedade.			
CA4.3.1. - Recoñecer na contorna inmediata situacións problemáticas reais relacionadas fundamentalmente cos cambios químicos e describilas, así como analizando criticamente o seu impacto na sociedade.	Detecta situacións problemáticas relacionadas cos cambios químicos e descríbeas propoñendo solucións. Asociado ao subcontido C4.2.2 (impacto ambiental do CO2, dos óxidos de xofre, etc.).		
CA4.4 - Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de cambios físicos e químicos a partir de cuestións ás que se poida dar resposta a través da indagación, da dedución, do traballo experimental e do razoamento lóxico-matemático, diferenciándoas das pseudocientíficas.	Observa e formula hipóteses e aplica a experimentación, a indagación e a procura de evidencias. Asociado aos contidos C4.3, C4.4 e ao subcontido C4. 2.1.		
CA4.5 - Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa aos cambios físicos e químicos dun proceso fisicoquímico concreto, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema.	Interpreta e produce textos, gráficas, táboas, informes, fórmulas modelos e símbolos entre outros. Asociado ao contido C4.4 e ao subcontido C4.2.2. (industria e progreso).		
CA4.3 - Recoñecer na contorna inmediata situacións problemáticas reais relacionadas fundamentalmente cos cambios químicos e describilas, así como emprender iniciativas nas que a física e a química poden contribuír á súa solución, analizando criticamente o seu impacto na sociedade.		TI	20
CA4.3.2. - Emprender iniciativas nas que a física e a química poden contribuír a solucionar problemáticas reais relacionadas fundamentalmente cos cambios químicos.	Detecta situacións problemáticas relacionadas cos cambios químicos e descríbeas propoñendo solucións. Asociado ao contido C4.2.2.		
CA4.6 - Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos respecto a cambios físicos e químicos que involucren o alumnado na mellora da sociedade e que creen un valor individual e colectivo.	Emprende iniciativas para contribuir á solución de problemas relacionados cos cambios químicos. Asociado ao subcontido C4.2.2.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Os sistemas materiais: análise dos diferentes tipos de cambios que experimentan relacionando as causas que os producen coas consecuencias que teñen. - Interpretación macroscópica e microscópica das reaccións químicas: explicación das relacións da química co ambiente, coa tecnoloxía e coa sociedade. - Interpretación macroscópica e microscópica das reaccións químicas: uso de modelos, axustes. - Explicación das relacións da química co medio ambiente, coa tecnoloxía e coa sociedade. - Lei de conservación da masa e lei das proporcións definidas: aplicación destas leis como evidencias experimentais que permiten validar o modelo atómico-molecular da materia. - Factores que afectan as reaccións químicas: predición cualitativa da evolución das reaccións, entendendo a súa importancia na resolución de problemas actuais por parte da ciencia.

UD	Título da UD	Duración
5	Natureza eléctrica da materia	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Identificar e comprender fenómenos fisicoquímicos cotiáns relevantes relacionados coa natureza eléctrica da materia e da enerxía, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.		PE	80
CA3.1.1. - Identificar e comprender fenómenos fisicoquímicos cotiáns relevantes relacionados coa natureza eléctrica da materia , a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	Comprende fenómenos fisicoquímicos cotiáns relacionados coa natureza eléctrica da materia. Asociado ao contido C3.1.1. (Fenómenos electrostáticos)		
CA3.2 - Resolver problemas fisicoquímicos relacionados coa natureza eléctrica da materia e da enerxía, utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.			
CA3.2.1. - Resolver problemas fisicoquímicos relacionados coa natureza eléctrica da materia, utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.	Resolve razoadamente problemas relacionados coa natureza eléctrica da materia utilizando as teorías e as leis adecuadas e expresando correctamente os resultados. Asociado ao contido C3.2		
CA3.4 - Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos relacionados coa natureza eléctrica da materia e coa enerxía a partir de cuestións ás que se poida dar resposta a través da indagación, da dedución, do traballo experimental e do razoamento lóxico-matemático, diferenciándoas das pseudocientíficas.	Describe fenómenos relacionados coa natureza eléctrica da materia, coa enerxía e os circuitos. Asociado aos contidos C3.1 e C3.2.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa á natureza eléctrica da materia e da enerxía nun proceso fisicoquímico concreto, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema.		TI	20
CA3.5.1. - Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa á natureza eléctrica da materia nun proceso fisicoquímico concreto, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema.	Interpreta e produce datos en forma de textos, táboas, gráficas, informes, esquemas, símbolos e modelos entre outros.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Natureza eléctrica da materia: electrización dos corpos. - A carga eléctrica. - Corrente eléctrica. Cargas en movemento a través dun condutor. Condutores e illantes. - Enerxía eléctrica: obtención. Circuítos eléctricos. - Circuítos eléctricos. Lei de Ohm - Construción de circuitos con asociación de resistencias en serie e en paralelo.

UD	Título da UD	Duración
6	Enerxía eléctrica	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Identificar e comprender fenómenos fisicoquímicos cotiáns relevantes relacionados coa natureza eléctrica da materia e da enerxía, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.		PE	80
CA3.1.2. - Identificar e comprender fenómenos fisicoquímicos cotiáns relevantes relacionados coa natureza eléctrica da enerxía, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	Comprende fenómenos fisicoquímicos cotiáns relativos á enerxía eléctrica. Asociado ao contido C3.2 (centrais eléctricas, transformación de enerxía eléctrica, máquinas eléctricas, etc.)		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Resolver problemas fisicoquímicos relacionados coa natureza eléctrica da materia e da enerxía, utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.			
CA3.2.2. - Resolver problemas fisicoquímicos relacionados coa enerxía eléctrica, utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.	Resolve problemas referidos á enerxía eléctrica utilizando as leis e as teorías adecuadas, e expresando correctamente os resultados. Asociado ao subcontido C3. 2.3 (potencia e enerxía).		
CA3.3 - Recoñecer na contorna inmediata situacións problemáticas reais na obtención de enerxía eléctrica e describilas, así como emprender iniciativas nas que a física e a química poden contribuír á súa solución, analizando criticamente o seu impacto na sociedade.			
CA3.3.1. - Recoñecer na contorna inmediata situacións problemáticas reais na obtención de enerxía eléctrica e describilas analizando criticamente o seu impacto na sociedade.	Detecta na contorna inmediata situacións problemáticas na reais na obtención de enerxía eléctrica e descríbeas propoñendo solucións. Asociado aos contidos C3.2 e C3.3.		
CA3.5 - Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa á natureza eléctrica da materia e da enerxía nun proceso fisicoquímico concreto, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema.			
CA3.5.2. - Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa á enerxía eléctica nun proceso fisicoquímico concreto, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema.	Interpreta e produce datos en forma de táboas, gráficos, textos, informes, esquemas, modelos e símbolos, entre outros. Asociado ao contido C3.3		
CA3.3 - Recoñecer na contorna inmediata situacións problemáticas reais na obtención de enerxía eléctrica e describilas, así como emprender iniciativas nas que a física e a química poden contribuír á súa solución, analizando criticamente o seu impacto na sociedade.		TI	20
CA3.3.2. - Emprender iniciativas nas que a física e a química poden contribuír á solución de situacións problemáticas reais na obtención de enerxía eléctrica.	Emprende iniciativas para contribuir á solución de problemas relacionados coa obtención da enerxía eléctrica. Asociado aos contidos C3.2 e C3.3		
CA3.6 - Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos en canto á enerxía que involucren o alumnado na mellora da sociedade e que creen un valor individual e colectivo.	Emprende iniciativas para contribuir á solución de problemas relacionados coa obtención de enerxía eléctrica.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Detectar na contorna as necesidades tecnolóxicas, ambientais, económicas e sociais máis importantes que demanda a sociedade, entendendo a capacidade da ciencia para darlles solución sostible a través da implicación de todos os cidadáns.	Detecta na contorna a necesidade do aforro enerxético e da conservación do medio sostible ambiente.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Enerxía eléctrica: obtención. Circuítos eléctricos. - Enerxía eléctrica: obtención. Unidades de enerxía. Potencia eléctrica. - Transformación da electricidade en movemento, luz, son, calor... Máquinas eléctricas. - O aforro enerxético e a conservación sostible do ambiente.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Acorde coas liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe recollidas no decreto que desenvolve o currículo na Comunidade Autónoma de Galicia, porase atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo ao detectar dificultades e no uso de distintas estratexias metodolóxicas que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan tanto o traballo individual coma o cooperativo e o colaborativo.
Formarán parte da metodoloxía a realización de proxectos significativos para o alumnado, de tarefas de carácter experimental, así como situacións-problemas formuladas cun obxectivo concreto que o alumnado debe resolver facendo un uso axeitado dos distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores. Tamén terán relevancia a resolución colaborativa e cooperativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Polo tanto, o enfoque que se lle dea a esta materia debe incluír un tratamento experimental e práctico que amplíe a experiencia dos alumnos e alumnas.
Cómpre ter en conta que a construción da ciencia e o desenvolvemento do pensamento científico durante todas as etapas da formación do alumnado debe partir da formulación de cuestións científicas baseadas na observación directa ou indirecta do mundo en situacións e en contextos habituais. A explicación, a partir do coñecemento, da procura de evidencias, da indagación e da correcta interpretación da información que a diario chega ao público en diferentes formatos e a partir de diferentes fontes, precisa unha adecuada adquisición das competencias correspondentes.
Polo dito, as unidades didácticas buscarán incluir: enunciados de coñecemento que permitan aplicar un proceso de argumentación en base ás probas dispoñibles, prácticas de laboratorio así como experiencias en contornos virtuais.
Concederáselle especial importancia á presentación dos resultados obtidos, que se axustará ao que é habitual nas comunicacións científicas, e serán compartidos co resto da aula utilizando diferentes estratexias. Desta forma traballarase transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e a competencia dixital.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula habitual e laboratorio equipado.
Recursos didácticos do programa E-Dixgal, material dixital seleccionado, material de laboratorio, material de papelería.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante os primeiros días do mes de setembro realizarase unha recompilación da información relevante sobre o alumnado matriculado na materia:
- Cualificacións do curso anterior (especialmente na materia de Física e química de 2º ESO).
- Materias pendentes ou en repetición.
- Necesidades educativas especiais ou análogas.
- Outros aspectos de importancia que poidan afectar o proceso de aprendizaxe.

Nos primeiros días lectivos poderase facer unha proba escrita ou desenvolver algunha tarefa que permita medir o nivel competencial do alumnado conforme a criterios de avaliación de 2º de ESO. Prestarase especial atención aos resultados do alumnado de nova incorporación ao centro.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**16**	**17**	**17**	**17**	**17**	**16**	**100**
Proba escrita	80	80	80	80	80	80	**80**
Táboa de indicadores	20	20	20	20	20	20	**20**

Criterios de cualificación:

En cada unha das tres avaliacións realizaranse dúas probas escritas. Para cada avaliación teranse en conta os seguintes criterios de cualificación:
Realización de probas escritas: a media ponderada da nota obtida nas probas representará o 80% da nota da avaliación.
O 20% restante obterase a partir de exercicios de aula, cuestións, problemas, proxectos de investigación e/ou informes de actividades prácticas no laboratorio.
A cualificación final da materia será a media ponderada das notas obtidas nas tres avaliacións do curso.

Considerarase superada a materia se esa media é igual ou superior a 5.
Nos casos nos que o alumnado obteña na nota final unha cualificación con decimais, seguiranse os seguintes criterios:
Decimais menores a 5 serán redondeados ao enteiro inferior (exemplo: 7,2 correspóndelle un 7 na avaliación).
Decimais iguais ou maiores a 5 serán redondeados ao enteiro superior (exemplo: 7,6 correspóndelle un 8 na avaliación).

Criterios de recuperación:

O alumnado que non supere algunha ou algunhas das avaliacións parciais terá a posibilidade de realizar unha proba escrita de recuperación. Esa proba farase nos primeiros días da seguinte avaliación ou antes da avaliación final no caso de ser a terceira avaliación a non superada. Para considerarse superada esa avaliación, a media ponderada da nota obtida nesta proba (80% da nota da avaliación) e a nota resultante dos exercicios e tarefas de aula, proxectos de investigación e/ou informes de actividades prácticas no laboratorio (que xa se tiña obtida na avaliación correspondente e que se manterá) (20% da nota da avaliación) deberá ser igual ou superior a 5.
Nos casos nos que o alumnado obteña na nota final unha cualificación con decimais, seguiranse os seguintes criterios:
Decimais menores a 5 serán redondeados ao enteiro inferior (exemplo: 7,2 correspóndelle un 7 na avaliación).
Decimais iguais ou maiores a 5 serán redondeados ao enteiro superior (exemplo: 7,6 correspóndelle un 8 na avaliación).

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

A materia dividirase en dúas partes e farase un exame de cada unha delas nas datas que estableza o Equipo Directivo. Ademais, o alumnado deberá entregar unha serie de actividades referidas a cada unha das dúas partes da materia (con data límite a mesma de cada exame).
Crearase un curso no Edixgal, onde se irá subindo o material necesario para preparar a materia e, mediante o cal, se poderán entregar as tarefas propostas. As tarefas tamén se poderán entregar en man á profesora responsable da materia.
O alumnado terá á súa disposición, cando así o solicite, unha reunión de seguimento semanal coa profesora responsable a realizar nun dos recreos.
Os criterios de cualificación que se lles aplican ás probas e ao plan de traballo serán: Probas escritas: 70% Actividades entregadas ao longo do curso: 30%
Se o alumno ou alumna non aproba a primeira parte da materia, deberá examinarse de toda a materia na segunda data de exame, así como entregar as actividades que non entregara na primeira data.
A nota final da materia será a media ponderada das notas obtidas en cada parte. No caso de que o alumno ou alumna non superase a primeira parte da materia e se examine na segunda data de todo, a nota final será a media ponderada da nota obtida nesta proba final e as actividades entregadas ao longo do curso.

6. Medidas de atención á diversidade

Procurarase a adecuada atención á diversidade no marco do modelo de Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA). Por tanto, desenvolverase o currículo atendendo aos tres principios fundamentais que guían o DUA:
- Proporcionar múltiples formas de representación.
- Proporcionar múltiples formas de acción e expresión.
- Proporcionar múltiples formas de implicación.

PAUTA 1. Percepción.
1.1.- Ofrecendo diferentes formas de presentación.
1.2.- Ofrecendo alternativas á información auditiva.
1.3.- Ofrecendo alternativas á información visual.
PAUTA 2. Linguaxe, expresións matemáticas e símbolos.
2.1.- Clarificando vocabulario e símbolos. (Pre-ensinar o vocabulario e os símbolos, proporcionar descricións de texto alternativas aos mesmos, etc.).
2.2.- Clarificando sintaxe e estruturas. (Clarificar a sintaxe non familiar a través de alternativas tales como estruturas previas, modelos moleculares, etc.).
2.3.- Facilitando a descodificación de textos, notacións matemáticas e símbolos. (Permitir o acceso a representacións múltiples de notación; por exemplo, fórmula e modelo molecular).

2.4.- Promovendo a comprensión entre diferentes idiomas.
2.5.- Ilustrando a través de múltiples medios.
PAUTA 3. Comprensión.
3.1.- Activando ou substituíndo coñecementos previos.
3.2.- Destacando ideas principais e relacións.
3.3.- Guiando o procesamento da información, a visualización e a manipulación. (Eliminar elementos distractores, proporcionar múltiples formas de aproximarse ao obxecto de estudo).
3.4.- Maximizando a transferencia e a xeneralización. (Integrar ideas novas dentro de contextos xa coñecidos, proporcionar situacións que permitan a xeneralización da aprendizaxe).
II. Proporcionar múltiples formas de acción e expresión.
PAUTA 4. Interacción física.
Optimizando o acceso ás ferramentas e os produtos e tecnoloxías de apoio.
PAUTA 5. A expresión e a comunicación.
5.1.- Usando múltiples medios de comunicación.
5.2.- Usando múltiples ferramentas para a construción e a composición. (Usar correctores ortográficos, proporcionar calculadoras, páxinas web de formulación, etc.).
PAUTA 6. As funcións executivas.
6.1.- Guiando o establecemento adecuado de metas.
6.2.- Apoiando a planificación e o desenvolvemento de estratexias.
6.3.- Facilitando a xestión de información e recursos.
6.4.- Aumentando a capacidade para facer un seguimento dos avances.
III. Proporcionar múltiples formas de implicación.
PAUTA 7. Opcións para captar o interese.
7.1.- Minimizando a inseguridade e as distraccións. (Crear un clima de apoio, reducir os niveis de incerteza creando rutinas de clase, variando os niveis de estimulación sensorial para que a aprendizaxe poida ter lugar).
PAUTA 8. Opcións para manter o esforzo e a persistencia.
8.1.- Resaltando a relevancia das metas.
8.2.- Variando as esixencias e os recursos para optimizar os desafíos. (Diferenciar o grao de complexidade con que poden completar as tarefas, proporcionar ferramentas alternativas, facer fincapé no proceso, etc.) .
8.3.- Fomentando a colaboración e a comunidade.
8.4.-Utilizando o feedback. (Proporcionar feedback que saliente o esforzo, que sexa informativo e non competitivo, que fomente a perseveranza, etc.).
PAUTA 9. Opcións para a autorregulación.
9.1.- Promovendo expectativas e crenzas que optimicen a motivación.
9.2.- Facilitando estratexias e habilidades para afrontar problemas da vida cotiá.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora e expresión escrita, mediante a busca de información, lectura de textos, interpretación de gráficas, táboas, etc.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A expresión oral traballarase en presentacións sobre diferentes temáticas así como en pequenos debates e similares.	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.3 - Competencia dixital e comunicación audiovisual traballarase mediante o uso do programa E-Dixgal, a produción de informes, a presentación de traballos, a busca de información en internet...	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Emprendemento, especialmente no deseño de experiencias e proxectos de investigación, así como na proposta de hipóteses e a comprobación destas, na capacidade de liderado do grupo.	X	X	X	X	X	X
ET.5 - O fomento do espírito crítico e científico é consubstancial á materia e trabállase na totalidade desta, especialmente nos exercicios de argumentación fronte a distintos enunciados a partir das probas dispoñibles.	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores, mediante a relación entre os membros da comunidade educativa, atendendo ao alumnado desde a empatía e a comprensión, fomentando o respecto nas actuacións que se leven a cabo, co cumprimento das normas...	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Igualdade de xénero, no día a día mediante o trato igualitario entre os membros da comunidade educativa independentemente do seu xénero e establecendo interaccións coeducativas. A linguaxe será non sexista e coidarase, neste aspecto, a redacción e selección dos textos. Subliñar a contribución das mulleres á ciencia.	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Á creatividade élle de aplicación o indicado para o fomento do espírito crítico e científico e para o emprendemento.	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conferencias	Valorarase a posibilidade de asistencia a conferencias, talleres ou outras actividades de interese científico que poidan xurdir ao longo do curso.		X	

Observacións:
Valorarase a posibilidade de asistencia a conferencias, talleres ou outras actividades de interese científico que poidan xurdir ao longo do curso.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
1.-Adecuación de obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado. Usando como indicador de logro o éxito académico e ponderando entre 1 e 4 segundo: 1(<40%)2(<60%, >40%) 3 (<80%, >60%) e 4 (>80%)
2.-Aprendizaxes acadadas polo alumnado. Usando como indicador de logro o éxito académico, ponderando entre 1 e 4 segundo: 1(<40%)2(<60%, >40%) 3 (<80%, >60%) e 4 (>80%).
3.-As medidas de atención á diversidade dentro da aula. Usando como indicador de logro a porcentaxe de medidas de atención á diversidade aplicadas e ponderando entre 1 e 4 segundo: 1(<40%)2(<60%, >40%) 3 (<80%, >60%) e 4 (>80%)
4.-Desenvolvemento da programación didáctica. Usando como indicador de logro o grao de desenvolvemento e adecuación daquela e ponderando entre 1 e 4 segundo: 1 (desenvolveuse < 90% e menos de 3 nalgún dos anteriores ítems); 2 (desenvolveuse o 100% e menos de 3 en dous dos anteriores ítems); 3 (desenvolveuse > 90% e 3 ou máis nos anteriores ítems); 4 (desenvolveuse o 100% e máis de 3 nos anteriores ítems).
5.-Organización da aula para executar as programacións. Usando como indicador a accesibilidade do alumnado, conforme ao que se recolle no apartado de descrición, e ponderando entre 1 e 4 segundo a porcentaxe de respostas afirmativas: 1(<50%), 2(<75%, >50%), 3 (<90%, >75%), 4(>90%)
6.-Aproveitamento dos recursos dispoñibles no centro e no contorno para desenvolver as programacións. Usando como indicador o aproveitamento de recursos medido conforme ao que se recolle no apartado de descrición e ponderando entre 1 e 4 segundo o número de respostas afirmativas: 1, 2, 3 e 4.
7.-Procedementos de avaliación do alumnado. Usando como indicador a eficacia da retroalimentación e ponderando entre 1 e 4 segundoa porcentaxe de respostas afirmativas: 1(<40%)2(<60%, >40%) 3 (<80%, >60%) e 4 (>80%).
8.-Coordinación do profesorado. Usando como indicador a coordinación do profesorado e ponderando entre 1 e 4 segundo o número de respostas afirmativas: 1(<2), 2 (2), 3(3) e 4(4).

Descrición:

5-ORGANIZACIÓN DA AULA PARA DESENVOLVER AS PROGRAMACIÓNS
Responder SI ou NON aos seguintes ítems.
ÍTEMS
1.-ACCESIBILIDADE FÍSICA NA AULA
1.1.-Todo o alumnado pode participar en calquera actividade sen atopar dificultades físicas?
1.2.-Todo o alumnado pode coller e manipular obxectos comodamente (uso de material escolar, informático, etc.)?
1.3.-Todo o alumnado pode participar nas actividades na clase ou ter o material necesario sen que llo impidan

problemas económicos?
1.4.-As actividades deséñanse para que o alumnado con problemas de saúde poida participar?
2.-ACCESIBILIDADE SENSORIAL
2.1.-Todo o alumnado pode acceder sen dificultades, a través dos sentidos, á información necesaria para realizar actividades, manipular obxectos e desprazarse polas contornas?
2.3.-No caso de que algún alumno ou alumna teña problemas de hipoacusia, cegueira, baixa visión, daltonismo, hipersensibilidades sensoriais, tipo táctil..., téñense en conta as súas necesidades no deseño de actividades na aula?
3.-ACCESIBILIDADE COGNITIVA
3.1.-O alumnado entende as actividades, comprende o que pasa na aula e sabe utilizar os materiais necesarios para realizar esas actividades?
3.2.-O deseño e contido da actividade trata de eliminar calquera posible parcialidade?
3.3.-O alumnado sabe o que vai facer e o que se lle vai a pedir?
3.4.-O tempo/horario e as actividades a realizar están visibles?
3.5.-Todo o alumnado pode comunicarse na clase sen ningún problema ocasionado por descoñecemento das linguas vehiculares?
4.-ACCESIBILIDADE EMOCIONAL
4.1.-O alumnado síntese capaz de realizar as actividades que se propoñen na clase?
4.2.-No caso de ter algún alumno ou alumna con historia de fracaso escolar, téñense en conta as súas necesidades no deseño das actividades de aula?
4.3.-No caso de que algún alumno ou alumna estea vivindo unha situación que poida supor unha barreira emocional para a aprendizaxe, tense en conta a súa situación no desenvolvemento das actividades de aula?
4.4.-Todo o alumnado coñece as normas de convivencia na aula?
4.5.-Hai procedementos de resolución de conflitos?
4.6.-Cóntase con espazos e actividades periódicas que permitan a participación de todo o alumnado?
6.-APROVEITAMENTO DE RECURSOS DISPOÑIBLES NO CENTRO E NO CONTORNO PARA DESENVOLVER AS PROGRAMACIÓNS.
Responder SI ou NON aos seguintes ítems, aportando as evidencias e/ou propostas de mellora (estas últimas son obrigatorias se a resposta é NON). Entre outras evidencias deberase ter en conta as respostas do alumnado aos ítems.
ÍTEMS
1.-Utilízase o aula virtual?
2.-Utilízase a biblioteca?
3.-Utilízanse os laboratorios?
4.-Colabórase co club de ciencias, de lectura ou similares?
7.-PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN DO ALUMNADO
Responder SI ou NON aos seguintes ítems.
ÍTEMS
1.-Ao comentar o exercicio, exposición, etc. que fixo o alumno/a sinálase tanto o que fixo ben como os erros cometidos?
2.-Os comentarios e a frecuencia en proporcionar retroalimentación axústanse a cada alumno/a en particular?
3.-Téntase que a retroalimentación sexa o máis inmediato posible para o alumnado con menor competencia nesa tarefa?
4.-Ao sinalar un erro indícase en que se equivocou e dáse algunha pista de como resolvelo correctamente?
5.-Cando o alumnado o necesita, exemplifícase o proceso paso a paso?
6.-Realízanse frecuentemente actividades de autoavaliación e coavaliación na corrección de exercicios?
7.-En ocasións pídeselle opinión ao alumno ou alumna acerca de que comentarios ou apoios sobre a súa tarefa lle axudan máis?
8.-Anímase ao alumno/a a que reflexione ao realizar un exercicio/tarefa preguntándose que teño que facer, como estou ao facer e como o fixen?
8.-COORDINACIÓN DO PROFESORADO
Responder SI ou NON aos seguintes ítems.
ÍTEMS
1.-Deséñanse tarefas interdisciplinarias?
2.-Analízase e chégase a acordos sobre a forma de avaliar criterios de avaliación que sexan comúns a diferentes materias?
3.-Analízase e chégase a acordos sobre a forma de tratar os elementos transversais?
4.-Hai outro tipo de acordos entre o profesorado dos cursos e lévanse a cabo?

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación didáctica será un punto a tratar nas reunións periódicas do departamento. O resultado de dito seguimento realizarase e actualizarase no apartado correspondente da aplicacións "Proens".
Para cada unidade didáctica analizaranse o número de sesións previstas e o número de sesións realizadas, así como o seu grao de cumplimento (baixo, medio, alto).
Serán especialmente importantes as reunións posteriores ás sesións de avaliación. Nestas reunións farase unha avaliación do éxito da implementación da programación utilizando a información recollida nas sesións de avaliación, además da recollida nesta aplicación.
En función da análise realizada faranse as correspondentes propostas de mellora.
Finalizado o curso, tendo en consideración os resultados da avaliación do proceso de ensino e práctica docente, estableceranse as propostas de modificación da programación de cara ao seguinte curso, que serán recollidas na memoria final do departamento.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua castelá e literatura	3º ESO	3	105

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 5

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 5

4.1. Concrecións metodolóxicas 28

4.2. Materiais e recursos didácticos 28

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 29

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 29

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 30

6. Medidas de atención á diversidade 31

7.1. Concreción dos elementos transversais 31

7.2. Actividades complementarias 32

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 32

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 33

9. Outros apartados 33

1. Introdución

O IES Luís Seoane está situado na urbanización de Monte Porreiro pertencente á cidade de Pontevedra. Nel impártense, en réxime de diúrno e nocturno, ciclos; ademais de ESO y BACH en diúrno. O IES concibe a educación como servizo público ao que teñan acceso todos os cidadáns en condicións de equidade e xustiza. Unha educación asentada en valores compartidos e na consecución de obxectivos consensuados, que axuden a superar as barreiras físicas, intelectuais e socioeconómicas, que promova a igualdade de xénero, que se asente na cultura do esforzo e da cooperación e que sirva para aprender a vivir xuntos.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
CA2.3 - Rexistrar e analizar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e consolidar o seu progreso, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	Rexistrar, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando con axuda, as estratexias básicas para superar esas dificultades e consolidar o seu progreso.		
CA1.4 - Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximo á experiencia do alumnado co fin de describir, narrar e informar, en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, e control, compensación e cooperación básicas.	Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público.	TI	25
CA1.7 - Planificar, participar e colaborar de maneira activa, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores.	Seleccionar e aplicar coñecementos e estratexias para producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas mostrando respecto.		
CA1.8 - Seleccionar, organizar e utilizar de forma guiada estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, resumir, colaborar, debater e resolver problemas.	Seleccionar, organizar e utilizar de forma guiada estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns, e propondo con axuda vías de solución a aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación.	Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns.		
CA3.2 - Valorar criticamente en relación cos dereitos humanos e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira, favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e cos valores democráticos.	Valorar criticamente en relación cos dereitos humanos e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira.		
CA3.3 - Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Aplicar estratexias para apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.
- Estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.
- Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás.
- Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións, consellos e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e as emocións; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obriga e a prohibición; expresar argumentacións sinxelas; realizar hipóteses e suposicións; expresar a incerteza e a dúbida; reformular e resumir.
- Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero, a función textual e a estrutura.
- Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas habituais.
- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación, sistema escolar e formación.
- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.
- Convencións ortográficas de uso común e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos.
- Convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e

Contidos
- terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc. - Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados. - Ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.)¿para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira. - Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio. - Estratexias de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas. - Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe). - Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos. - A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, como fonte de información, e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal. - Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira. - Aspectos socioculturais e sociolingüísticos de uso común relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e ás relacións interpersoais; convencións sociais de uso común; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, normas, actitudes, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira. - Estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos. - Estratexias de uso común de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Os seis módulos do Student's Book comezan cunha páxina introdutoria que presenta un novo tema mediante fotos e un elemento dixital, ademais de describir brevemente os obxectivos do módulo e o proxecto ao que conduce. Os módulos divídense en tres seccións. As dúas primeiras seccións desenvólvense até chegar a unha actividade que subministra a linguaxe e a información necesaria para levar a cabo unha tarefa comunicativa, a miúdo con mediación. A terceira sección presenta máis linguaxe e ofrece oportunidades de interacción a través da produción de tarefas orais e escritas. Subminístranse dous textos por módulo, baseados en material auténtico. Tamén se presentan tres grupos de vocabulario temático contextualizado en cada módulo que subministran oportunidades engadidas da lectura e actividades de reciclaxe para revisar o vocabulario aprendido con anterioridade e asegurar o repaso e o enriquecemento constantes. Os exercicios interdisciplinares e culturais están integrados nos propios módulos, subministrando unha maneira natural de salientar unha ampla gama de habilidades para a vida, como o pensamento crítico, a reflexión, as habilidades dixitais e aprender a aprender, xunto coas competencias lingüísticas.

A gramática, que cobre todos os requisitos do novo currículo oficial, preséntase nun contexto real tanto no oral como no escrito. Ao final do libro está a sección The Grammar Lab, que contén cadros gramaticais presentados de maneira clara e tamén exercicios engadidos para practicar e ampliar contidos.

Tamén se subministran unha gran variedade de tarefas comunicativas que permiten aos alumnos/as practicar a linguaxe funcional útil en distintas situacións da vida real; cada módulo inclúe un vídeo con actividades para practicar a comprensión e produción oral. O apartado de pronuncia céntrase nas dificultades habituais dos alumnos/as á hora de pronunciar as palabras e frases en inglés. Tamén hai actividades engadidas de comprensión e expresión oral en todos os módulos que desenvolven destrezas lingüísticas produtivas para axudar aos alumnos/as a comunicarse de maneira eficaz no mundo real. Os contidos da guía de escritura están coidadosamente estruturados módulo a módulo para practicar as destrezas de escritura básicas e ofrecer axuda á hora de realizar as tarefas.

Os proxectos colaborativos ou as situacións de aprendizaxe atópanse ao final de cada módulo e, a través da realización dunha tarefa significativa, axudan a desenvolver as habilidades comunicativas, de planificación, de investigación, sociais e de mediación. O proxecto pode realizarse en papel ou en formato dixital e subminístrase unha guía paso a paso para cada unha destas opcións. Todos os proxectos, así como todas as tarefas do Student¿s Book, inclúen criterios para permitir a avaliación entre alumnos/as.

Digital Options atópase ao longo de todo o libro e permite unha aprendizaxe dinámica e constante coa axuda de distintas ferramentas (consulta a páxina xiv).

Tamén hai tres seccións de repaso no Student's Book. Estas inclúen exercicios de repaso do vocabulario e a gramática, unha páxina para pór en práctica as habilidades adquiridas e unha páxina de literatura.

A sección Reading Options, páxinas que compoñen unha sección de cultura e temas transversais, aparece ao final do Student¿s Book. Nela relaciónase o inglés con outras materias do currículo escolar e introdúcese aos estudantes a unha ampla variedade de aspectos culturais do mundo de fala inglesa e do mundo en xeral. Cada páxina inclúe un vídeo que presenta contidos interesantes e auténticos cun nivel adecuado, así como actividades de comprensión.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais de consulta de elaboración propia
Libro de texto Options 3 Student's Book.
Libro de exercicios Options 3 Workbook.
Recursos audiovisuais auténticos
Digital Options.
Materiais impresos e dixitais de Options 3 All-in-One Pack.
Plataformas virtuais de aprendizaxe

Os materiais e recursos utilizados serán variados, en formato analóxico e dixital. O seu deseño será inclusivo para adaptarse á diversidade do alumnado, respectando os prinicipios DUA e terán un enfoque comunicativo e comprensivo. Poderán ser de creación propia, elaborados a través de ferramentas dixitais como as dispoñibles nas plataformas virtuais de apredizaxe corporativas ou de outras ferramentas. Asemade, poderán obterse en webs especializadas no ensino do inglés, sempre que sexan de dominio público ou teñan licenza creative commons.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial desenvolverase mediante a realización dunha serie de procedementos que permitirán determinar as fortalezas e carencias que poida ter o alumnado ao principio de curso. Algún destes serán os empregados neste curso:
1. Realización dunha proba escrita de escolla múltiple, preguntas de completar e preguntas de resposta curta destinada a analizar os coñecementos previos do alumno sobre gramática e vocabulario
2. Realización dunha proba escrita de comprensión lectora
3. Realización dunha proba de expresión escrita
4. Realización dunha proba de comprensión oral
O profesor encargarase de analizar con especial atención os resultados dos alumnos repetidores e novas incorporacións ao centro.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
Peso UD/ Tipo Ins.	**4**	**15**	**17**	**15**	**17**	**15**	**17**
Proba escrita	75	75	75	75	65	75	75
Táboa de indicadores	25	25	25	25	35	25	25

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**100**
Proba escrita	**73**
Táboa de indicadores	**27**

Criterios de cualificación:

A avaliación nesta materia é continuada e progresiva.
O primeiro trimestre terá un peso do 20% da cualificación final.
O segundo trimestre terá un peso do 30% da cualificación final.
O terceiro trimestre terá un peso do 50% da cualificación final.

A cualificación trimestral conformarase coa seguinte ponderación:
1. COMPRENSIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2 + CA 1.3): 45%
Instrumentos de avaliación: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar, preguntas de relacionar e de resposta curta.
Listening: 15%
Reading: 15%
Use of English: 15%

2. PRODUCIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.4 + CA1.5 + CA1.6): 35%
Instrumentos de avaliación: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar, preguntas de relacionar e de resposta curta, rúbricas/guía de corrección.
Speaking: 10%
Writing: 10%
Use of English: 15%
3. INTERACCIÓN (CA1.7 + CA1.8): 5%
Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.
4. MEDIACIÓN (CA1.9 + CA1.10): 5%
Instrumentos de avaliación: Tradución dun texto.
5. PLURILINGÜISMO E REFLEXIÓN SOBRE A APRENDIZAXE (CA2.1 + CA2.2 + CA2.3): 5%
Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección. Learning diary
6 INTERCULTURALIDADE (CA3.1 + CA3.2 + CA3.3): 5%
Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.
En cada unha das avaliacións so se calculará a media se todas as destrezas correspondentes intrumentos de avaliación acadan ou superan o 30% da nota máxima.
A cualificación final obterase calculando a media ponderada dos tres trimestres indicada con anterioridade. A avaliación será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5.
Por outra banda, a participación activa e con aproveitamento no clube de lectura durante os tres trimestres, mencionado no apartado de actividades complementarias (7.2), será cualificado cunha mellora da nota da terceira avaliación de ata un máximo de 0.5 puntos, empregando unha rúbrica como instrumento de avaliación. Este incremento na cualificación final nunha suporá a diferencia entre un aprobado e un suspenso, de forma que o alumno/a deberá ter máis dun 5 na terceira avaliación para poder aplicar esta mellora da nota.

Criterios de recuperación:

Dado o carácter continuado e progresivo da materia, non existirán recuperacións de cualificacións negativas dos dous primeiros trimestres. Unha cualificación negativa tanto no primeiro trimestre coma no segundo trimestre poderá ser recuperada cunha nota igual ou superior a 5 no terceiro trimestre, sen necesidade de repetir probas.

Logo das tres avaliacións trimestrais, o alumnado que non obteña unha cualificación positiva terá a oportunidade de recuperar a materia realizando unha proba final de comprensión oral e escrita e produción escrita ou tarefas específicas a criterio do departamento, tendo en conta a diversidade do alumnado. So será preciso recuperar as destrezas non superadas na última avaliación, conservando o alumnado cada nota acadada aprobada en cada destreza particular.
1. COMPRENSIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2 + CA 1.3): 45%
Instrumentos de avaliación: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar, preguntas de relacionar e de resposta curta.
Listening: 15%
Reading: 15%
Use of English: 15%
2. PRODUCIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.4 + CA1.5 + CA1.6): 35%
Instrumentos de avaliación: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar, preguntas de relacionar e de resposta curta, rúbricas/guía de corrección.
Speaking: 10%
Writing: 10%
Use of English: 15%
3. INTERACCIÓN (CA1.7 + CA1.8): 5%
Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.
4. MEDIACIÓN (CA1.9 + CA1.10): 5%
Instrumentos de avaliación: Tradución dun texto.Rúbricas/ guía de corrección.
5. PLURILINGÜISMO E REFLEXIÓN SOBRE A APRENDIZAXE (CA2.1 + CA2.2 + CA2.3): 5%
Instrumentos de avaliación: Learning diary. Rúbricas/guía de corrección.
6 INTERCULTURALIDADE (CA3.1 + CA3.2 + CA3.3): 5%
Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

A cualificación final obterase calculando a media ponderada dos tres trimestres indicada con anterioridade. A avaliación será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado coa materia pendente deberá seguir un protocolo de recuperación durante os dous primeiros trimestres, baseado na realización de boletíns nos que se traballen as distintas competencias. A persoa docente do curso actual titorizará e fará o seguimento de dito protocolo de recuperación. Estes boletíns, dos que se firmará a súa entrega, terán un peso do 10% da nota e a/as probas escritas o 90%.
Outra vía para a recuperación destas materias é obter unha cualificación positiva na segunda avaliación do curso actual implica a recuperación da materia pendente. Do mesmo xeito, o alumnado poderá superar a materia pendente superando a do curso actual.
O alumnado que non acade unha cualificación positiva na segunda avaliación nin na terceira avaliación do curso actual, terá a oportunidade de superar a materia pendente nas probas específicas de recuperacion cuxas datas son marcadas pola dirección do centro nos meses de febreiro e maio, tendo en conta a diversidade do alumnado.

COMPRENSIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2 + CA 1.3): 30%
Instrumentos de avaliación: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar e preguntas de relacionar.
PRODUCIÓN ESCRITA (CA1.5 + CA1.6): 10%
Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.
INTERACCIÓN (CA 1.6 + CA 1.7): 5% (interacción escrita)
Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.
MEDIACIÓN (CA 1,8 + CA 1.9): 5% (traducción)
Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.
INTERCULTURALIDADE (CA 3.1 + CA3.2 + CA 3.3): 10%
Instrumentos de avaliación: Boletíns que conteñen actividades tipo :Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar e preguntas de relacionar, textos de comprensión oral e escrita sobre aspectos culturais dos países de fala inglesa.
PLURILINGÜISMO (CA 2.1 + CA 2.2 + CA 2.3): 40% (gramática e vocabulario)
Instrumentos de avaliación: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar e preguntas de relacionar.

6. Medidas de atención á diversidade

Como punto de partida, tivemos en conta catro ámbitos de diversidade:

- A capacidade para aprender a aprender
Cada alumno/a ten a súa propia capacidade para aprender cousas e retelas sen que isto sexa sinónimo da súa capacidade intelectual, e todos son capaces de acadar un nivel mínimo independentemente do ritmo de traballo que poida ter cada un. Tales son os aspectos que consideramos na investigación inicial e en todo o desenvolvemento do curso.

Así o reflicten as actividades do Student's Book e do Workbook, pois, a través dunha reciclaxe continua de estruturas e vocabulario, ofrecen, por unha banda, amplas oportunidades de reforzo aos alumnos/as con menos capacidade e, por outra, facilitan a ampliación de materia aos que teñen máis nivel.

- A motivación para aprender
A motivación do alumno/a para aprender é moi complexa, sobre todo tratándose dun idioma, pois depende de varios factores: por unha banda, do historial de éxito ou de fracaso que tivera até ese momento e, por outra, do proceso de aprendizaxe que seguira. Isto influirá notabelmente tanto no nivel de motivacións individuais como na forma máis lóxica e funcional de presentarlles todos os contidos.

Para levar a cabo a escolma dos temas incluídos neste curso realizamos unha ampla investigación, abranguendo non só o punto de vista do profesor/a a través de cuestionarios, senón tamén o dos alumnos/as, para así adaptalos ás súas idades, experiencias e contorna.

- Os estilos de aprendizaxe
Existen toda clase de estudos sobre os diversos estilos de aprendizaxe á hora de estudar un idioma.

Como é ben sabido, os alumnos/as poden ser impulsivos ou reflexivos cando se enfrontan ás súas tarefas escolares. Uns poden reaccionar moi rapidamente e, porén, necesitar varios intentos para asimilar unha idea, mentres que outros poden traballar concienciudamente e aprender máis amodo, obtendo o mesmo resultado. Este factor tívose en conta sistematicamente. Por exemplo, á hora de ensinar as estruturas gramaticais, incluíronse no Student's Book breves explicacións e exemplos coa estrutura gramatical concreta, seguidos de exercicios, para pór en práctica a gramática aprendida. Isto compleméntase con táboas gramaticais na sección Grammar Lab (ao final do Student's Book) e no apéndice gramatical do Workbook, que lles axudan a aprender e repasar o presentado paso a paso, en especial a aqueles que non usen tanto o estilo sintético ao aprender. Así pois, á hora de presentar as estruturas e as funcións, en todas as unidades tivéronse en conta os distintos modos de aprendizaxe.

Tamén se prestou unha atención especial á ¿modalidade sensorial preferente¿ dos alumnos/as (visual, auditiva ou quinesiolóxica), isto é, ás posíbeis maneiras de levar á práctica o aprendido.

- Os intereses dos alumnos/as

O esforzo en aprender un idioma varía moito duns alumnos/as a outros, dependendo do seu interese e/ou necesidade de facelo. Por iso, incluímos unha gran variedade de temas, intentando que sexan de interese para a maioría, e ofrecemos materiais para atender aos distintos niveis de coñecemento e estilos de aprendizaxe. Hai actividades graduadas de menor a maior dificultade e de maior a menor control tanto no Student¿s Book coma no Workbook. Ao final do Student¿s Book incluímos un apéndice con rúbricas para que os alumnos/as se avalíen entre eles, un apéndice con táboas gramaticais engadidas e exercicios, un apéndice de pronuncia con exercicios engadidos e unha listaxe de verbos irregulares, e ao final do Workbook un glosario, así como un apéndice gramatical e unha guía de escritura na lingua materna dos alumnos/as para os que necesiten apoiarse máis na presentación teórica.

No Workbook inclúese unha gran variedade de exercicios graduados para practicar máis a gramática e o vocabulario, ademais dun ditado, unha sección de comprensión, un exercicio de tradución inversa, e expresión escrita e actividades para que os alumnos/as máis avanzados practiquen cada punto nun nivel máis elevado. Por último, tamén se inclúen catro páxinas de repaso por módulo (Check Your Progress e Competences Check) que permiten atender á diversidade. Ademais, os alumnos/as poderán atopar na web www.burlingtonbooks.es/Options3 as gravacións en formato mp3 dos textos do Student¿s Book, así como os exercicios de comprensión oral coas súas transcricións e os ditados do Workbook.

Con este método preséntase a ferramenta Digital Options, que inclúe diferentes ferramentas para axudar á aprendizaxe dos estudantes: Vocabulary Presentation e Grammar Presentation permiten aos estudantes preparar as leccións de vocabulario e gramática antes de asistir á clase. Vocabulary and Grammar Review conta con exercicios autocorrixíbeis para practicar o vocabulario e a gramática estudados no Student¿s Book e cobre todos os requisitos do novo currículo oficial. Shuffle Game, que se pode xogar online de maneira individual, ofrece unha práctica engadida de vocabulario e gramática. Record Yourself Dialogue and Activity ofrece multitude de actividades para practicar linguaxe funcional. Project Options subministra axuda e recursos para facer os proxectos online do Student¿s Book. Digital Options Video permite aos alumnos/as acceder aos vídeos para que poidan velos na casa. O Learning Management System (LMS) online permite aos profesores/as seguir o traballo de cada estudante. Wordlist Plus ofrece aos alumnos/as a posibilidade de traballar con listaxes interactivas de palabras no teléfono móbil e permítelles practicar e consolidar o vocabulario no momento que queiran.

O Teacher¿s Manual ofrece tamén actividades opcionais de reforzo e ampliación, outras de comprensión oral, corrección de erros e información sociocultural e interdisciplinar engadida, ademais de continuas suxestións ao profesor/a sobre como dividir a súa axuda segundo as distintas necesidades da clase.

O Teacher¿s All-in-One Pack ofrece un exame de diagnóstico que se recomenda facer ao comezo de curso para ver o nivel dos alumnos/as, así como exercicios de repaso para que revisen os puntos nos que atoparon maior dificultade. Ademais ofrece dezaoito exames (un por cada sección dos módulos A, B e C), seis exames para os módulos con tres niveis de dificultade, tres exames trimestrais con tres niveis de dificultade, dous finais e catro exames para avaliar as competencias específicas de comprensión e produción oral e escrita (Competences Test), para poder elixir o máis axeitado segundo a capacidade de cada alumno/a. E ademais inclúe follas de traballo (Extra Resources), que se

dividiron da seguinte maneira:

¿ Extra Practice: subministran práctica engadida co mesmo nivel que o presentado na unidade.
¿ Extension: enfocadas a que os alumnos/as máis avanzados poidan ampliar os coñecementos adquiridos dunha maneira máis significativa e motivadora.

O profesor/a tamén dispón de recursos dixitais, que inclúen: Interactive Whiteboard Materials, coas versións dixitais enteiramente interactivas do Student¿s Book e o Workbook para facilitar as clases e a corrección; Test Factory and Other Editable Resources, con todo o material do Teacher¿s All-in-One Pack en formato editábel; Burlington ESO Grammar Factory, para xerar exames de práctica gramatical automaticamente ou para preparalos persoalmente; e Burlington ESO Culture Bank, con materiais culturais especialmente adaptados ao nivel dos estudantes.

PROTOCOLO DE SEGUIMENTO DO ALUMNADO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO:

Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso

En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

a) Identificación da alumna ou do alumno.

b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.

c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.

d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.

e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.

f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.

g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Comprensión de lectura.	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.		X	X	X	X	X	X
ET.4 - A competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.5 - A educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A igualdade de xénero.			X	X	X		
ET.7 - A creatividade.		X	X	X	X	X	X
ET.8 - A educación para a saúde					X		X
ET.9 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais.	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.				X		X	
ET.11 - O emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - O fomento do espírito crítico e científico		X	X	X	X	X	X

Observacións:

As unidades de aprendizaxe caracterízanse por desenvolver proxectos contextualizados na vida real, polo que se tratan todos os elementos transversais recollidos no currículo ao longo de todo o curso.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a competencia dixital e o respecto mutuo e a cooperación entre iguais son elementos transversais presentes en todas as nosas unidades, pois as dúas primeiras son aspectos esenciais na aprendizaxe das linguas, e as dúas últimas son inherentes ao traballo colaborativo para crear un produto que precisa do concurso das TIC.

A educación emocional e en valores, a igualdade de xénero, a creatividade, a educación para a saúde, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o emprendemento social e empresarial e o fomento do espírito crítico e científico son elementos tratados en determinadas unidades do curso.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Club de lectura	Club de lectura en lingua inglesa organizado pola auxiliar de conversa asignada durante o curso. Terá lugar durante os recreos.	X	X	X
Participación en programas europeos	Algúns alumnos de 3º ESO participarán nos programas europeos ERASMUS + do que forma parte o centro escolar	X	X	X
Teatro	Estase a valorar a participación do alumnado de 3 ESO na visualización dunha representación teatral en inglés		X	
Club Erasmus+	Este curso escolar temos prevista a creación dun Club Erasmus ao que se poderá unir todos aqueles alumnos/as que así o desexen co obxectivo de fomentar o coñecemento sobre Europa e os valores do programa Erasmus+	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Libro de lectura	Leremos o libro "All About ireland" durante o curso.	X	X	X
Concurso pósters	Concurso de póster de Samaín /Halloween	X		
Black Mirror	Cine para 3º e 4º		X	
The European Odyssey	Obra de teatro organizada por Afundación en Pontevedra		X	
Literary Figures	Concurso de disfraces		X	
Auxiliar de conversa	Persoa falante nativa do idioma	X	X	X
Visita ao Museo do Videoxogo	Visita cultural	X		
Actividade con Charo Pita	Charla e contacontos	X		

Observacións:
Ao longo do curso estas actividades poderánse ver ampliadas ou modificadas por outras a proposta do departamento, atendendo ás necesidades do alumnado, para non lles privar de oportunidades didácticas que poidan xurdir durante o ano escolar que non estaba ofertadas ao comezo do curso.
Durante a celebración de Samaín, proporase un concurso para fomentar a creatividade do alumnado. Consistirá en elaborar un póster coa temática de Samaín (Samhain, Halloween).
Durante o mes de marzo, farase unha excursión a Vigo para ver un capítulo en versión orixinal da serie Black Mirror no cine. O prezo da excursión é de 9.5 por alumno.
A data da vista ao Museo do Videoxogo de Cangas e a actividade con Charo Pita está aínda por determinar.
A auxiliar de conversa visitará as aulas para falar de aspectos culturais co alumnado, quen terá a oportunidade de escoitar e falar cun nativo.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Presento actividades para detectar os coñecementos previos de cada unidade.
Metodoloxía empregada
Reviso e corrixo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela.
Proporciono información aos alumnos/as sobre o seu desempeño nas actividades e proxectos propostos, ofrecéndolle pautas para mellorar.
Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou de outro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento das explicacións e actividades propostas.
Presento actividades individuais e grupais encamiñadas á adquisición dos obxectivos.

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Fomento a animación á lectura e estratexias de comprensión escrita.
Incorporo as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe.
Medidas de atención á diversidade
Emprego actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas.
Propoño actividades de reforzo e ampliación para os alumnos/as que o necesiten.
Emprego distintas estratexias metodolóxicas para responder aos distintos ritmos de aprendizaxe.
Clima de traballo na aula
Emprego distintos procedementos e instrumentos de avaliación en función das características dos grupos e dos alumnos/as.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Informo ao alumnado e ás familias dos progresos e dificultades.

Descrición:

Profesorado e alumnado, ao termo de cada trimestre, responderán a un cuestionario con estes indicadores coa fin de avaliar a práctica docente do proceso de aprendizaxe.

O grao de consecución será:

Sempre
Ás veces
Nunca

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da programación do departamento é necesaria para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación debe ser continua e levarase a cabo ao longo de todo o curso nas reunións de departamento, o que permitirá facer os axustes necesarios para conseguir a mellora dos resultados obtidos.

Nas reunións mensuais os membros do departamento analizarán e valorarán o proceso de ensino-aprendizaxe: o ritmo ao que se desenvolve a programación, as posibles causas que dificultan o seu normal desenvolvemento, a consecución ou non dos obxectivos marcados, etc. Ademais, nestas reunións de departamento farase un seguimento detallado da marcha do curso e o cumprimento da programación. Na reunión do departamento posterior ás sesión de avaliacións analizaranse os resultados obtidos polo alumnado, indagando nas causas que puideron existir cando estes resultados non sexan satisfactorios e reflexionando sobre como melloralos.

O seguimento da pogramación farase tamén a través da aplicación PROENS ao remate de cada unidade didáctica, referenciando cada elemento relevante nas mesmas (temporalización, secuenciación, grao de cumprimento e propostas de mellora).

Nas reunións de final de curso previas á memoria final do departamento analizarase a idoneidade ou non da metodoloxía utilizada, da secuenciación prevista, dos materiais didácticos utilizados, da adecuación dos criterios de avaliación, da contribución á adquisición das competencias clave, etc.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	3º ESO	3	105

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 4

3.1. Relación de unidades didácticas 6

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 8

4.1. Concrecións metodolóxicas 29

4.2. Materiais e recursos didácticos 30

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 32

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 33

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 34

6. Medidas de atención á diversidade 36

7.1. Concreción dos elementos transversais 38

7.2. Actividades complementarias 39

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 39

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 41

9. Outros apartados 42

1. Introdución

Esta programación está deseñada para os dous grupos de 3º ESO do IES Luís Seoane, compostos por un total de 51 alumnos e alumnas. A materia será impartida pola mesma docente.

As nosas decisións programáticas obedecen ao grande obxectivo educativo e social de conseguir e consolidar falantes para o galego. Neste sentido, a materia de Lingua Galega en 3º de ESO continúa as liñas dos cursos anteriores na etapa coa novidade do achegamento á historia da literatura galega. Preténdese mellorar a eficacia comunicativa do alumnado na produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal e pola outra, favorecer un uso ético da linguaxe.

Tendo en conta que a aprendizaxe da lingua progresa en espiral, os contidos deste nivel non son significativamente diferentes aos de cursos anteriores, senón que a diferenza radica no grao de profundidade coa que son tratados.

Os criterios de avaliación e os contidos distribúense en catro bloques.

En primeiro lugar, «As linguas e os seus falantes» recolle diferentes aspectos sociolingüísticos, facendo fincapé na diversidade lingüística e no desenvolvemento dunha actitude de respecto e aprecio pola lingua, carente de prexuízos de índole idiomática.

O segundo bloque, «Comunicación» abarca os saberes implicados na comunicación oral e escrita e a alfabetización informacional e mediática.

O terceiro bloque, «Educación literaria» procura consolidar o hábito lector do alumnado, incrementar a súa capacidade para interpretar textos literarios e realizar un achegamento ao contexto histórico-cultural e a literatura comprendida entre a Idade Media e comezos do século XX.

O cuarto e último bloque, «Reflexión sobre a lingua», pretende acometer a aprendizaxe sistemática da gramática a través de procesos de indagación.

Alén dos contidos lingüísticos, sociolingüísticos e literarios que inclúe a programación da materia de Lingua Galega e Literatura deste curso, cómpre tamén salientar a incorporación de nocións básicas doutras linguas como o catalán e o portugués, especialmente este último. Non obstante, o profesorado poderá alterar a orde de contidos se o considera convenientemente para o mellor desenvolvemento das aulas.

Este fomento do ensino/aprendizaxe do portugués está en consonancia coa Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, e coas directrices da Unión Europea relativas ao coñecemento das variedades lingüísticas próximas e, de modo especial, ás transfronteirizas que presentan vínculos históricos e estruturais tan evidentes como acontece co galego e o portugués. A coñecida tamén como Lei Valentín Paz Andrade incide nesta idea ao establecer que «a lingua propia de Galicia, polo feito de ser intercomprensible co portugués, outórgalle unha valiosa vantaxe competitiva á cidadanía galega» e prosegue, «por iso debemos dotarnos de métodos formativos e comunicativos que nos permitan desenvolvernos con naturalidade nunha lingua que nos é moi próxima e nos concede unha grande proxección internacional».

A proposta didáctica que se presenta para 3º de ESO está articulada arredor de nove unidades didácticas (en cada unidade didáctica trataráne contidos dos catro bloques), tres por trimestre. As devanditas unidades están articuladas segundo a Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

A escolla das obras de lectura obrigatoria propostas para cada trimestre obedece aos seguintes criterios que se lles aplican ás obras que se len ao longo da etapa:

- A inclusión de obras representativas do noso corpus literario.

- A inclusión de autoras e autores con obra salientable de xeito que non se repita ningún.

- A inclusión de temáticas actualizadas e atractivas para o noso alumnado que promovan a defensa de valores socioculturais e éticos (igualdade, dereitos humanos, benestar animal, conciencia ambiental...).

- A non repetición de temas.

Os libros de lectura propostos para o curso actual son adecuados ao nivel do alumado e haberá unha lectura obrigatoria por trimestre.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística da Península Ibérica e do mundo, analizar a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, do portugués, catalán e éuscaro) e as características dialectais do galego para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos, valorar a diversidade e crear vínculos socioafectivos coa lingua galega.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma, avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras, e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social e cultural da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Ondas do mar de Vigo	Na unidade 1 principiamos o curso coa avaliación inicial. Realizaremos unha primeira lectura e posterior comentario de texto. Veremos as funcións da linguaxe.Analizaremos as propiedades textuais. Acentuación. Unidades lingüísticas. Iniciaremos o estudo do desenvolvemento histórico social de galego e portugués na Idade Media. Facilitaremos a comprensión da progresión cronolóxica cun cadro cronolóxico da historia da lingua galega e outro da historia da lingua e da literatura medievais galega, portuguesa e castelá. Tras o estudo do desenvolvemento histórico social de galego e portugués, xa estaremos en condicións de realizar unha panorámica por toda a literatura medieval. Procuraremos que a literatura sexa entendida como unha forma de divertimento o mesmo que o é hoxe. Centrarémonos na lírica amorosa: cantigas de amigo e amor (recoñecemento das características temáticas e formais da cantiga medieval).	10	14	X		
2	Foi un día Lopo jograr	Na segunda unidade realizaremos unha nova lectura e posterior comentario de texto. Analizaremos o texto narrativo e os seus elementos. Acento diacrítico. A estrutura da palabra e a súa clasificación. Veremos como se formou a lingua galega. No tocante á literatura centrarémonos nas cantigas de escarnio e maldicir e os xéneros menores.	10	12	X		
3	O cabalo de Troia	Na terceira unidade analizaremos o texto descritivo. O substantivo. Repasaremos o uso das maiúsculas e minúsculas. Iniciarémonos no estudo da sociolingüística co estudo das linguas da Península Ibérica. Concluiremos o estudo da literatura medieval achegándonos ás Cantigas de Santa María e a prosa medieval.	10	12	X		
4	O pranto da Frouseira	Coa unidade 4, comezaremos o segundo trimestre achegándonos ao desenvolvemento social e cultural dos	10	11		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	O pranto da Frouseira	Galego Medio e do Rexurdimento. Repasaremos o emprego dos signos de puntuación. O adxectivo. E comentaremos as poucas mostras que conservamos da literatura dos séculos escuros.	10	11		X	
5	A casamenteira	Na quinta unidade continuaremos coa literatura de inicios do século XIX: o Prerrexurdimento para logo centrarnos no rexurdimento. Por outra banda veremos a estrutura dun texto expositivo. Analizaremos os diferentes tipos de determinantes, facendo especial fincapé nos valores especiais deles. Achegarémonos tamén o mundo da lusofonía e o estudo das relacións semánticas.	10	11		X	
6	A xustiza pola man	Na sexta unidade, tras o estudo do desenvolvemento histórico social dos Séculos Escuros e do Rexurdimento estamos en condicións de afrontar o estudo da figura de Rosalía de Castro e a súa trascendencia literaria e social na nosa cultura. Veremos como se fai un texto argumentativo. Estudaremos o pronome persoal facendo fincapé nos erros máis comúns. Repasaremos o uso de h, b e v. E comentaremos as variedades do galego, especialmente nas variedades xeográficas.	10	11		X	
CA2.8 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora, argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica, e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisión e corrección dos propios textos	PE	70
CA3.1 - omprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	O alumnado, como mínimo, realiza ,tras a lectura íntegra da obra literaria indicada, unha analise apropiada do volume seguindo as indicacións proporcionadas polo profesorado da materia.		
CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado, como mínimo, pon en relación a obra de Pondal coa literatura da época.		
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Explicar os textos lidos e analizar as súas partes		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc.).	O alumnado deberá empregar os adverbios, preposicións e conxuncións con corrección gramatical e ortográfica.		
CA1.3 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural e lingüística a partir da análise da diversidade lingüística do centro escolar e da contorna social próxima, e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas.	O alumnado comentará a súa opinión persoal despois da lectura dun dos prexuízos explicados no libro de Nuñez Singala 'En galego por que non?'.	TI	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado expoñerá a súa opinión sobre o prexuízo asignado pola profesora		
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado.	Planifica a redacción de textos atendendo a situación comunicativa		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado comprende e analiza un texto de Pondal aplicando un modelo de comentario previamente traballado na aula.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos e interferencias.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital e riscos de desinformación, noticias falsas, manipulación e vulneración da privacidade na rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audien-cia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.
- Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: cooperación conversacional e cortesía lingüística. Es-coita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. Procedementos explicativos básicos. A aposición.
- Mecanismos de cohesión. Conectores textuais distributivos, de orde, contraste, explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de procesadores de texto e correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora.
- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.

Contidos
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmar-cando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e move-mentos artísticos. - Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incor-poración progresiva da metalinguaxe específica. - Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifes-tacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e lingua-xes. Elementos de continuidade e d - Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos anali-zados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lec-turas que promovan a defensa do - Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropia-ción e oralización implicados. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramáticas, en formato físico ou electrónico, para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
9	Máxina ou a filla espúrea	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural e lingüística a partir da análise da diversidade lingüística do centro escolar e da contorna social próxima, e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas.	O alumnado deberá identificar e definir os conceptos de bilingüísmo e diglosia	PE	70
CA2.4 - Comprender, valorar criticamente e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Comprende e interpreta o sentido global de diferentes textos escritos		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc.).	Recoñecer as principais funcións sintácticas		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	O alumnado, como mínimo, localiza posibles manipulacións en contidos procedentes dos medios de comunicación.	TI	30
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	O alumnado realiza por escrito unha reflexión coherente sobre as posibles manipulacións nas canles de transmisión de información.		
CA2.9 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	O alumnado, como mínimo, analiza satisfactoriamente a significación dos elementos non verbais en mensaxes publicitarias.		
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Creación dun texto literario imitando a un dos tres grandes autores do Rexurdimento.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos e interferencias.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital e riscos de desinformación, noticias falsas, manipulación e vulneración da privacidade na rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da informa-ción relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Va-loración da forma e do contido do tex
- Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: cooperación conversacional e cortesía lingüística. Es-coita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consul-ta e de procesadores de texto e correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha prese-lección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e move-mentos

Contidos
- artísticos. - Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropia-ción e oralización implicados. - Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.). - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Relación entre os esquemas semántico e sintáctico das oracións coordinadas. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramáticas, en formato físico ou electrónico, para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
10	As nosas lecturas	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Comprende e valora o sentido global e a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade.	PE	70
CA2.4 - Comprender, valorar criticamente e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Comprende e interpreta o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos de certa complexidade.		
CA3.1 - omprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Comprende e interpreta o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos de certa complexidade.		
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crea textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.8 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora, argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica, e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os textos propios de maneira autónoma e fai propostas de mellora.	TI	30
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	Comparte a experiencia da lectura en soportes diversos		
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Establece de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da informa-ción relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Va-loración da forma e do contido do tex
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consul-ta e de procesadores de texto e correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha prese-lección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora.
- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e move-mentos artísticos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Antes de comezar cada unidade, segundo a indicación do pedagogo galego, Miguel Vázquez Freire, trataranse de pescudar na aula os coñecementos previos do alumnado, para relacionalos progresivamente cos novos contidos que se impartan, só así se poderá conseguir unha aprendizaxe significativa e construtiva na que os novos coñecementos e o proceso de aprendizaxe estean relacionados co desenvolvemento psicolóxico, o ritmo evolutivo e as capacidades e contidos adquiridos previamente polas alumnas e alumnos. De calquera xeito, é preferible aprender poucos conceptos e facelo de xeito rigoroso e non moitos de maneira superficial, como sucede coa aprendizaxe memorística significativa.

Tamén se proporán preguntas que supoñan un revulsivo para as/os estudantes e que incrementen a súa atención por medio da interacción co/coa docente. É moi relevante para o profesor/a a premisa de ensinar a aprender segundo a cal, a aprendizaxe é un proceso que se desenvolve ao longo da vida, por iso correspóndelle á/ao docente ir dotando o seu alumnado dunha progresiva autonomía que lle permita "aprender a aprender", a buscaren por si mesmos a información que teñen ao seu alcance para que o día de mañá saiban desenvolverse. Por outra banda, é preciso sinalar que sería moi efectivo crear unha liña metodolóxica comúnao longo de toda a etapa, para evitar cambios ou desaxustes bruscos na/o alumna/o ao mudar de curso.

Sabemos que o desenvolvemento intelectual pode ser acelerado mediante o emprego de determinadas estratexias didácticas, por iso, a metodoloxía de ensino en Lingua Galega e Literatura tratará de ser o máis activa posible e alternará traballos individuais con traballos cooperativos que melloren os vínculos entre o alumnado e mesmo favorezan as relacións interculturais, por suposto, incluíndo na mesma liña a ensinanza por competencias. Segundo a Teoría de Intelixencias Múltiples de Gardner existen diferentes estilos de aprendizaxe, por conseguinte, tratarase na medida do posible de atender os diferentes ritmos para que todo o alumnado vaia adquirindo os coñecementos básicos.

Outra cuestión a ter en conta é o traballo da oralidade, pois en boa parte dos casos o uso da lingua polos rapaces e rapazas queda relegado a unha práctica ritual forzada polas clases de Lingua Galega e as outras materias que se imparten obrigatoriamente en galego. Por outra parte, somos moi conscientes de que a propia actitude do profesorado inflúe na motivación e rendemento do alumnado, pois como sinalou Jurjo Torres Santomé na súa teoría sobre o currículo oculto, en moitos aspectos, os valores transmitidos informalmente dende as aulas poden ter efectos moito máis determinantes e poderosos que os contidos curriculares explícitos. Teremos isto en conta para que non se produza ningún tipo de desaxuste na conformación do autoconcepto nin na traxectoria académica do alumnado.

LIÑAS DE ACTUACIÓN NO PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE:

-O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e que promovan o traballo en equipo.
-A realización de tarefas complexas, de xeito que o alumnado teña que mobilizar un amplo conxunto de recursos e saberes para afrontar con éxito as diferentes situacións comunicativas e sexa quen de responder aos retos da sociedade do século XXI, que require persoas cultas, críticas e ben informadas.
-O deseño de proxectos significativos para o alumnado, baseados en contextos recoñecibles, que teñan en conta, se for posible, as súas vivencias particulares e o reforzo do seu compromiso co desenvolvemento sostible, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática. A análise do sexismo na publicidade, a comparación de escenas de películas, a elaboración de trípticos... servirían como exemplos que hai que seguir.

-O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta e a súa capacidade para se relacionar cos demais, estimulando o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.
Alén diso, o traballo colaborativo en proxectos debe potenciar que cada persoa teña os seus tempos e os seus espazos de recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade de contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

-A énfase na atención á diversidade, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en practica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades ou de tarefas de ampliación para aquel alumado que precise afondar máis nos contidos.

-Uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento. A adquisición destas destrezas pode acadarse a través da lectura de distintos tipos de textos, da súa comprensión e da reflexión arredor deles.
-O desenvolvemento gradual e progresivo dos obxectivos e dos contidos de maneira que, alén de incrementar a dificultade dos procesos e situacións comunicativas, tamén se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma.

-A potenciación da reflexión interlingüística, centrada especialmente na lingua galega e portuguesa. Buscamos a intercomunicación nos dous idiomas con actividades que favorezan a adquisición doutras habilidades que, como a mediación, poden resultar moi útiles na futura traxectoria profesional da mocidade galega. Con este fin, os centros educativos, a través do profesorado de Lingua Galega, o equipo de dinamización da lingua galega, a biblioteca ou outros departamentos así como a través de programas internacionais, poderán promover actuacións que, de xeito presencial ou virtual, propicien os intercambios lingüísticos entre o alumnado galego e lusófono (encontros, concursos, festivais...).

-Traballo interdisciplinario e a coordinación con outros departamentos e equipos do centro, especialmente co equipo de dinamización da lingua galega e o equipo de biblioteca como mellor vía para promover actuacións tanto de xeito presencial como virtual: saídas didácticas, exposicións, espectáculos...

-A proposta de lectura de obras que, alén de ampliar os ámbitos de coñecemento do alumnado e de melloraren o seu nivel de capacidade verbal, promovan a defensa de valores socioculturais e éticos (dereitos humanos, conciencia ambiental, benestar animal...).

-A recomendación de lecturas en soportes variados, enmarcando as obras nos xéneros literarios e evitando a memorización descontextualizada dun conxunto de características, autores e títulos de obras.

-A énfase nas estratexias que fomenten a oralidade e as competencias activas co fin de que o alumnado adquira os recursos necesarios para se expresar correctamente nunha ampla variedade de situacións comunicativas (espontáneas ou planificadas) e de contextos (formais e informais). Entre o amplo abano de actuacións que contribúen ao desenvolvemento desta destreza, están o cinema, as dramatizacións e representacións teatrais, a radio coas súas múltiples posibilidades (informativos, publicidade, teatro radiofónico...), a música (rap, poemas musicados...) e todo tipo de iniciativas en formato audiovisual.
-O cultivo da sensibilidade estética e cultural do alumnado para que sexa quen de apreciar a beleza das obras literarias e para fomentar o enriquecemento do seu acervo cultural e das súas posibilidades de expresión, a través, por exemplo, da realización de exposicións, comentarios, adaptacións audiovisuais de relatos etc.

-O desenvolvemento da competencia dixital en lingua galega a través das TIC e o coñecemento de recursos dixitais que faciliten a procura de información, a revisión dos textos e a súa posterior divulgación, sempre respectando os dereitos da propiedade intelectual.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Beltrán Carballeira, Ramón X. (2019). Manual práctico de galego. Baía Edicións.
Callón Torres, Carlos Manuel (2022) O libro negro da lingua galega . Edicións Xerais de Galicia.
Castro, Rosalía de (2019) Escritos feministas. Fundación Rosalía de Castro.
Cunha, Celsa & Cintra, Lindley (2017). (7ª Ed.). Nova gramática do português contemporâneo de acordo com a nova ortografía. Lexikon Editora Digital.
Dicionario Xerais castelán-galego de usos, frases e sinónimos (2007) Edicións Xerais de Galicia.

Dosil, Benxamín (2015). Escrita doada: consellos para redactar ben. Edicións Xerais de Galicia.
Dosil, Benxamín (2021). Manual de uso da lingua galega. Edicións Xerais de Galicia.
Feixó Cid, Xosé G. (2021). Gramática da lingua galega. Síntese práctica (6ª Edición). Edicións Xerais de Galicia.
Fernández Salgado, Benigno (Dir.) (2004). Dicionario Galaxia de usos e dificultades da Lingua Galega. Galaxia.
Freixeiro Mato, Xosé Ramón (1998-2003). Gramática da Lingua Galega (Volumes I-II-III e IV,) A Nosa Terra.
Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2013). Estilística da Lingua Galega. Edicións Xerais de Galicia.
Gómez Sánchez, Anxo e Queixas Zas, Mercedes (2001) Historia xeral da literatura galega. A Nosa Terra.
Gran Dicionario Xerais da lingua (2009), VV AA, 2 tomos. Edicións Xerais de Galicia.
López Viñas, Xoán; Lourenço Módia, Cilha & Moreda Leirado, Marisa (2011). (2ª Ed. Corrixida). Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión. Baía Edicións.
Méndez Álvarez, Mª Xesús (2004). Ortografía da Lingua Galega. Edicións Xerais de Galicia.
Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, 2003 (edición revisada) RAG/ILG
Novo Folgueira, Paulino (1999). Dicionario de uso para a comunicación. Edicións Xerais de Galicia.
Pena Sánchez, Xosé Ramón (2002) Historia da literatura medieval galego-portuguesa. Sotelo Blanco.
Pena Sánchez, Xosé Ramón (2013) Historia da literatura galega I. Das orixes a 1853. Edicións Xerais de Galicia.
Pena Sánchez, Xosé Ramón (2014) Historia da literatura galega II. De 1853 a 1916. O Rexurdimento. Edicións Xerais de Galicia.
Queixas Zas, Mercedes (2016) De pergamiños, follas voandeiras e libros ao .gal. Breve historia da literatura galega. Edicións Xerais de Galicia.
Regueira, Xosé Luís (2010). Dicionario de pronuncia da lingua galega. A Coruña: Real Academia Galega.
Rosales Cereijo, Manuel (2002). A linguaxe literaria. Guía de recursos para a análise textual. Edicións Xerais de Galicia.
Torres Santomé, Jurjo (1995). O Curriculum oculto. Porto Editora
Vilagrasa Grandia, Albert (2018). A punt 1. Publicacions de l`Abadia de Montserrat. Bastons Vilallonga, Núria, Bernardó Fernández, Cristina, Comajoan Colomé, Llorenç (2011). Gramàtica Pràctica del català. Teide
WEBS
Aulas Galegas.Galego (https://aulasgalegas.org/category/linguas/galego/)
Casa de Rosalía. Fundación Rosalía de Castro (https://rosalia.gal/)
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (22 de agosto de 2022). Base de datos da Lírica Profana Galego-Portuguesa. (http://bernal.cirp.gal/ords/f?p=MEDDB3:2)
Dicionario castelán-galego. Rinoceronte Editora (https://rinoceronte.gal/dicionario/)
Dicionario de pronuncia da lingua galega (http://ilg.usc.es/pronuncia/)
Dicionario da Real Academia Galega (http://www.realacademiagalega.org/dicionario#inicio.do)
Dicionario visual interactivo (www.edu.xunta.es/contidos/dicionariovisual/dicionario.html)
Rosalía de Castro - A Casa de Rosalía de Castro. Lista de Spotify que recolle versións musicadas da obra de Rosalía de Castro (https://open.spotify.com/playlist/2SJGaDUGMjdcBouKLBSjiw?si=da61844b3ee1403b)

Fundación Curros Enríquez (http://www.currosenriquez.es/)
Historia da Literatura Galega. AS-PG (http://literaturagalega.as-pg.gal/)
Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLG), RAG / ILG, Galaxia (http://www. realacademiagalega.org/recursos-volg)

As aulas e a biblioteca son os lugares en que o alumnado ten ao seu alcance a maioría dos recursos e materiais do centro. A biblioteca ofrece, ademais, obras de lectura, libros de texto,
mapas, revistas, xornais e recursos dixitais para consultar información, realizar traballos de investigación etc. En resumo, dispoñemos de:
- Medios audiovisuais: ordenadores, pantallas dixitais, canón, impresoras, tablets...
- Recursos dixitais: dicionarios en liña, xornais dixitais e acceso a diversos portais da lingua (Portal da Lingua Galega, Portal das Palabras), blogs, aplicacións etc.
- Material bibliográfico: libros de lectura, libros de texto e de consulta, dicionarios en papel, xornais, revistas, mapas etc.
Ao alumnado, ao carecer de libro físico, subiráselle o material á aula virtual ou á aula EDIXGAL, que poderá ser de elaboración propia ou baseado nos libros de Lingua e Literarura Galega 3ºESO (Baía Edicións e Xerais); en todo caso, o alumnado deste curso pertence ao programa EDIXGAL.
Tamén se debe contemplar, tal como se especifica no artigo 78 da Orde do 8 de setembro de 2021, a necesidade de materiais axeitados para a atención á diversidade. O centro dispón dunha equipación adecuada para todo o alumnado, mesmo para aquel que teña dificultades de accesibilidade ás súas instalacións (cadeiras de rodas, elevadores, escada rolante, muletas etc.). Se se precisa algún outro material complementario adaptado a este tipo de alumnado, será solicitado á Consellería a través dos informes correspondentes.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial, cuxo fin é diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado, efectuarase nas primeiras sesións do curso.

Será, xunto coa información obtida a través do Departamento de Orientación e da consulta do expediente académico da alumna ou alumno no XADE, unha ferramenta esencial para que o profesorado poida coñecer o nivel académico do alumnado nas distintas competencias, co fin de poder adaptar o seu proceso de ensinanza e a súa proposta didáctica a ese nivel.
Alén diso, a avaliación inicial constitúe un factor preventivo esencial na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan e, nos casos en que for necesario, para demandar da xefatura do Departamento de Orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.

Esta proba, que poderá partir dun texto literario, xornalístico, etc. constará das seguintes partes:
- Comprensión escrita. O alumnado deberá contestar a preguntas pechadas sobre o contido dun texto escrito.

- Produción escrita. O alumnado realizará unha pequena composición escrita sobre o contido e/ou temática do audio ou vídeo proposto.

Á parte disto, a proba incluirá diversas cuestións relacionadas coa reflexión sobre a lingua, sociolingüística, literatura e hábitos lectores referidos ao aprendido no nivel ou etapa anterior.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
Peso UD/ Tipo Ins.	**10**	**10**	**10**	**10**	**10**	**10**	**10**
Proba escrita	70	70	70	70	70	70	70
Táboa de indicadores	30	30	30	30	30	30	30

Unidade didáctica	UD 8	UD 9	UD 10	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**10**	**10**	**10**	**100**
Proba escrita	70	70	70	**70**
Táboa de indicadores	30	30	30	**30**

Criterios de cualificación:

Coa vontade de desenvolver un proceso de ensino-aprendizaxe competencial nesta programación apostouse por unha didáctica que lle dese importancia ao desenvolvemento de actitudes centradas na utilización da lingua oral. Tendo en conta isto, as porcentaxes nos instrumentos de avaliación repártense do seguinte xeito:
As probas escritas serán valoradas co 70% en cada avaliación. As obras de lectura contarán un 10% e serán avaliadas a través dunha proba escrita. Haberá unha proba oral por avaliación que contará un 10% da nota e que será avaliada a través dunha táboa de indicadores. O restante 10% será dedicado a traballos, pequenos proxectos e participación, avaliados a través dunha táboa de indicadores.
No Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no artigo 12 establécese: "Nas clases de lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá, usarase, respectivamente, o galego e o castelán, tanto por parte do alumnado como do profesorado".
Así, a única lingua vehicular permitida é a lingua galega. O incumprimento deste artigo por parte dun alumno ou alumna no desenvolvemento das sesións de clase suporá unha penalización do 10% da cualificación global, é dicir, provocará a non obtención de puntuación no apartado de oralidade da materia.
O alumnado desenvolverá as probas escritas en lingua galega, no caso das probas de avaliación escritas, ademais dos criterios de cualificación específicos de cada proba, aplicarase unha penalizacion de nota por incorreccións lingüísticas que no caso de 3ºESO non superará 1 punto de rebaixa.
No caso de que en calquera proba ou traballo se detecte o emprego de calquera método fraudulento (copia, plaxio, a utilización de algún recurso electrónico non autorizado...) a nota desa proba ou traballo será dun cero.

O alumnado da ESO ten dereito a tres sesións de avaliación parciais e unha final.
- Cualificación trimestral:
A nota de cada trimestre corresponderase coa cualificación das actividades de avaliación das unidades didácticas abranguidas nel aplicando a ponderación da nota correspondente entre elas. Traballaremos, en cada trimestre, cunha porcentaxe de 70% e 30%, desagregada como segue: 70% probas escritas, 10% traballo diario, 10% práctica oral en galego e 10% libro de lectura. Aplicarase aproximación ao enteiro superior se o decimal é 7 ou superior. No caso de que o decimal sexa inferior a 7 a

aproximación será ao enteiro anterior.

Cualificación final:
Para o cálculo da cualificación final do curso, farase a media aritmética das notas medias das 3 avaliacións parciais.
Para superar a materia, o alumnado deberá ter unha media aritmética de cualificación de 5 puntos ou superior. A nota ordinaria de cada avaliación parcial e da final poderase arredondar á alza, sempre é cando a cifra decimal sexa igual ou superior a 0.7 e sempre que o/a alumno/a demostre interese e esforzo na materia; se é inferior redondearase aproximándose á unidade.

Criterios de recuperación:

A todo o alumnado se lle ofrecerá a posibilidade de recuperar as avaliacións suspensas dentro do propio curso.
Recuperación trimestral:
Para facilitar a recuperación das avaliacións non superadas, procederase do seguinte xeito:
A recuperación dunha avaliación realizarase na avaliación seguinte mediante unha proba escrita valorada sobre 7, o 30% restante da nota corresponderase cos criterios de avaliación establecidos (10% lectura, 10% oralidade e 10% traballo diario) e explicados no apartado anterior.
Se rematado o primeiro trimestre houber algún alumno ou alumna con cualificación negativa fixaríase unha data para a recuperación do 70% da nota da proba escrita que se realizaría no mes de xaneiro.
Para a recuperación do segundo trimestre o proceso de recuperación sería o mesmo ca no primeiro trimestre, a proba escrita, cun valor do 70% da nota trimestral, realizaríase despois do período non lectivo posterior ao segundo trimestre (Semana Santa).
No caso de que un alumno ou alumna teña que recuperar o terceiro trimestre esta proba escrita (cun valor do 70% da nota trimestral) realizaríase antes da data fixada para a avaliación final ordinaria.
Despois de cada recuperación dunha avaliación, a nota que contará será a máis alta (a obtida na avaliación ou na recuperación). En caso de ter modificado a nota, esta non aparecerá reflectida no XADE, aínda que será a única válida para facer as medias finais. No caso de que un alumno ou alumna non asista á proba de recuperación trimestral quedaría para o cálculo trimestral a primeira nota obtida nese trimestre, a nota da avaliación.
Como xa se comentou anteriormente, nos criterios de avaliación, para o cálculo da cualificación final do curso, farase a media aritmética das notas medias das 3 avaliacións trimestrais ou parciais. Para superar a materia, o alumnado deberá ter unha media aritmética de cualificación de 5 puntos ou superior. A nota final poderase arredondar á alza, sempre e cando a cifra decimal sexa igual ou supeior a 7 e sempre que o alumno ou a alumna demostre interese e esforzo na materia, no caso de que o decimal sexa inferior a 7 a aproximación será ao enteiro anterior.
Se unha vez realizadas as recuperacións trimestrais houber algún alumno ou alumna que non obtén unha cualificación ordinaria superior a 5 poderá realizar unha proba final de recuperación antes da avaliación final. No caso de que o alumno ou alumna non aprobe esta proba (valorada sobre 10 puntos), a materia estará suspensa.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo dúas sesións de avaliación parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias pendentes, se for o caso, en colaboración coa xefa de departamento. A última destas sesións coincidirá coa avaliación final do período ordinario ou segundo estableza Xefatura de Estudos.
En primeiro lugar, seguirase o disposto no Artigo 51. da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación que alude ao Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar e que dita o seguinte:

1. O alumnado de educación secundaria obrigatoria que se promova de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

2. O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teña pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do

profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

3. O plan de reforzo debe incluír, cando menos:

a) Identificación da alumna ou do alumno.

b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.

A alumna ou alumno e os seus familiares ou titores legais serán informados polo profesor/a da materia dos contidos do plan de reforzo e, máis concretamente, dos requisitos necesarios para aprobar a materia pendente. Desta información quedará constancia por escrito no departamento.

c) Currículo para desenvolver, con especificacióndos criterios de avaliación. Serán os establecidos na PD, coas oportunas modificacións, se for necesario.

d) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento. Os recursos materiais son: computador portátil, impresora, libros de consulta, dicionarios dixitais ou en papel. Empregarase a aula virtual, ABALAR e/ou Edixgal outros medios dixitais.

e) Tarefas para realizar, coa debida temporalización. O alumnado deberá realizar para a súa preparación as actividades propostas de cada unidade, que deberá entregar ao profesor/a do curso no que se atope actualmente para seren corrixidas, ao tempo que poden consultar dúbidas.

f) Seguimento e avaliación. O seguimento deste tipo de alumado establecerase a través de actividades, traballos, probas e reunións presenciais. Atenderase a través de medios telemáticos (aula virtual, programas específicos, ABALAR e outros medios dixitais).

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

Para a avaliación do alumnado que ten materias pendentes débense ter en conta os contidos impartidos na materia no curso anterior. Polo tanto, o plan de reforzo de materias pendentes deberá elaborarse considerando esas aprendizaxes e competencias non adquiridas.

Para demostrar que adquiriron os mínimos de consecución e as aprendizaxes imprescindibles para superar a materia, deberán realizar dúas probas extraordinarias, sendo na segunda na que se pode recuperar a materia non recuperada na primeira.

Teranse en conta estes aspectos:

-O alumnado pendente deberá superar os mínimos de consecución marcados na programación do curso no que estea suspenso.
A realización das actividades do plan de reforzo en forma e prazo pode eximir a/o alumna/o de realizar a proba escrita se o profesor/a o considera oportuno, de non ser así, terá que realizar os exames.

As porcentaxes que se aplicarán serán as seguintes: 30% (entrega de boletín) + 70% (proba escrita). Se non está entregado o boletín, a proba escrita suporá o 100% da cualificación.
A superación da materia nun curso superior, significará o aprobado da materia suspensa no nivel inferior.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

Segundo o artigo 49 da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, as administracións educativas asegurarán os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado».

A partir da avaliación inicial do alumnado, proporanse as correspondentes actuacións de seguimento e atención ao alumnado, tanto as medidas ordinarias como extraordinarias. Faranse actividades especificamente deseñadas para cada caso. Así, en concreto, o plan específico personalizado para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, obrigado polo artigo 52 da Orde do 8 setembro de 2021 de atención á diversidade incluirá os seguintes apartados:

a) Identificación da alumna ou do alumno.

b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.

c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.

d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.

e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.

f) Se for o caso, oferta de medidas extraordinarias.

g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, se for necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

Aínda que no momento da elaboración desta PD non se coñece a natureza dos alumnos e alumnas que cursarán esta materia, e aínda pendentes da avaliación inicial, logo de analizar os informes do centro de procedencia e da información facilitada polo/a orientador/a, espérase contar cun alumno con TDAH ao que se lle vai aplicar o Protocolo de Consenso sobre TDAH na Infancia e na Adolescencia nos Ámbitos Educativo e Sanitario que se concreta nas seguintes actuacións:

O alumno con TDAH debe estar nunha aula con bo clima de traballo e, se for posible, na que non coincida con alumnado con problemáticas semellantes. Estará sentado cerca da mesa do profesorado e ao lado de compañeiras ou compañeiros que lle sirvan de modelo de tranquilidade, de orde e de axuda. Contará cunha axenda que o axudará na súa organización. Evitarase a proximidade a portas, xanelas, papeleiras e lugares de maior tránsito, así como estímulos sonoros ou visuais.

Implementaranse outras medidas como:

-Alternar actividades teóricas con traballo práctico.

-Antes de empezar unha actividade, explicarase en que consiste de xeito claro e sinxelo, e asegurarase de que a entendeu todo o alumnado.

CA3.2 - Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas.	Valorar as diferentes obras musicais en función da textura musical.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais. - Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade.

Contidos
- Elementos básicos da linguaxe musical: parámetros do son, intervalos. Tonalidade: escalas musicais, a armadura e os acordes básicos. Texturas. Formas musicais ao longo dos períodos históricos e na actualidade. - Técnicas de improvisación guiada e libre. - A propiedade intelectual e cultural: formulacións éticas e responsables. Hábitos de consumo musical responsable. - Ferramentas dixitais para a creación musical. Secuenciadores e editores de partituras. - Compositoras e compositores de cada período da historia da música desde unha perspectiva igualitaria e aberta, atendendo á composición na Comunidade Autónoma de Galicia.

UD	Título da UD	Duración
2	INTERVALOS	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Analizar e recoñecer diferentes tipos de intervalos e escalas naturais.	PE	95
CA1.4 - Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Recoñecer nas partituras os elementos musicais traballados dos intervalos.	TI	5

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza. - A partitura. Identificación e aplicación de grafías, lectura e escritura musical. - Elementos básicos da linguaxe musical: parámetros do son, intervalos. Tonalidade: escalas musicais, a armadura e os acordes básicos. Texturas. Formas musicais ao longo dos períodos históricos e na actualidade.

UD	Título da UD	Duración
3	ALTERACIÓNS	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Coñecer e identificar o uso das alteracións propias e accidentais, así como a implicación da armadura da clave	PE	95
CA1.4 - Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Recoñecer nas partituras os elementos musicais traballados dos intervalos.	TI	5

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza. - A partitura. Identificación e aplicación de grafías, lectura e escritura musical. - Elementos básicos da linguaxe musical: parámetros do son, intervalos. Tonalidade: escalas musicais, a armadura e os acordes básicos. Texturas. Formas musicais ao longo dos períodos históricos e na actualidade.

UD	Título da UD	Duración
4	HISTORIA DA MÚSICA	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Coñecer os períodos históricos da historia da música dentro da cronoloxía da cultura occidental, así como a orixe etimolóxica do nome asignado, instrumentos e formas de grafía musical.	PE	100
CA1.3 - Explicar, con actitude aberta e respectuosa, as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural.	Coñecer a consideración estética que se asignaba á música en cada período.		
CA1.6 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto.	Coñecer a consideración estética que se asignaba á música en cada período.		
CA2.3 - Relacionar manifestacións musicais e dancísticas de distintos contextos e momentos históricos, recoñecendo a súa influencia sobre a música e a danza actuais.	Coñecer os períodos históricos da historia da música dentro da cronoloxía da cultura occidental, así como a orixe etimolóxica do nome asignado, instrumentos e formas de grafía musical.		
CA3.1 - Recoñecer os aspectos comúns de expresións musicais e dancísticas de épocas e culturas anteriores, valorando a súa proxección sobre a música e a danza actuais.	Coñecer os períodos históricos da historia da música dentro da cronoloxía da cultura occidental, así como a orixe etimolóxica do nome asignado, instrumentos e formas de grafía musical.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas.	Coñecer a consideración estética que se asignaba á música en cada período.		
CA3.3 - Expoñer, de forma atenta e respectuosa, as funcións asignadas a determinadas producións musicais e dancísticas, recoñecendo a súa conexión cos aspectos máis importantes do seu contexto histórico, social e cultural.	Coñecer a consideración estética que se asignaba á música en cada período.		
CA3.4 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto.	Coñecer a consideración estética que se asignaba á música en cada período.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza. - Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións. - Mitos, estereotipos e roles de xénero transmitidos a través da música e da danza. - A partitura. Identificación e aplicación de grafías, lectura e escritura musical. - Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións.

UD	Título da UD	Duración
5	FORMAS MUSICAIS	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Recoñer o vocabulario necesario básico para a indentificación das formas musicais.	PE	100
CA1.3 - Explicar, con actitude aberta e respectuosa, as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural.	Coñecer o contexto polo que / para que /do que xurden as formas musicais		
CA2.3 - Relacionar manifestacións musicais e dancísticas de distintos contextos e momentos históricos, recoñecendo a súa influencia sobre a música e a danza actuais.	Recoñecer os trazos propios das formas musicais evolucionadas ao longo do tempo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Recoñecer os aspectos comúns de expresións musicais e dancísticas de épocas e culturas anteriores, valorando a súa proxección sobre a música e a danza actuais.	Recoñecer o conxunto de elementos que forman cada unha das formas musicais tratadas		
CA3.2 - Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas.	Coñecer o contexto polo que / para que /do que xurden as formas musicais		
CA3.4 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto.	Recoñer o vocabulario necesario básico para a indentificación das formas musicais. Recoñecer o conxunto de elementos que forman cada unha das formas musicais tratadas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza.
- Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións.
- Repertorio vocal, instrumental ou corporal individual ou grupal de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas.
- Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións.
- Compositoras e compositores de cada período da historia da música desde unha perspectiva igualitaria e aberta, atendendo á composición na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Principais composicións musicais de cada período histórico.

UD	Título da UD	Duración
6	LINGUAXE MUSICAL	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Interpreta correctamente os exercicios atendendo ao ritmo, as notas e á continuidade do solfeo.	TI	100
CA2.5 - Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Interpreta correctamente os exercicios atendendo ao ritmo, as notas e á continuidade do solfeo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
- Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza. - A partitura. Identificación e aplicación de grafías, lectura e escritura musical. - Elementos básicos da linguaxe musical: parámetros do son, intervalos. Tonalidade: escalas musicais, a armadura e os acordes básicos. Texturas. Formas musicais ao longo dos períodos históricos e na actualidade.

UD	Título da UD	Duración
7	PRÁCTICA MUSICAL	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Interpretar correctamente o ritmo, afinación, dicción do texto, movemento, empaste e musicalidade das obras propostas, tendo en conta a necesidade de coidar a saúde cunha técnica postural correcta e un gusto musical axeitado.	TI	100
CA1.6 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto.	Interpretar correctamente o ritmo, afinación, dicción do texto, movemento, empaste e musicalidade das obras propostas, tendo en conta a necesidade de coidar a saúde cunha técnica postural correcta e un gusto musical axeitado.		
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.	Interpretar correctamente o ritmo, afinación, dicción do texto, movemento, empaste e musicalidade das obras propostas, tendo en conta a necesidade de coidar a saúde cunha técnica postural correcta e un gusto musical axeitado.		
CA2.5 - Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Interpretar correctamente o ritmo, afinación, dicción do texto, movemento, empaste e musicalidade das obras propostas, tendo en conta a necesidade de coidar a saúde cunha técnica postural correcta e un gusto musical axeitado.		
CA2.6 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración.	Interpretar correctamente o ritmo, afinación, dicción do texto, movemento, empaste e musicalidade das obras propostas, tendo en conta a necesidade de coidar a saúde cunha técnica postural correcta e un gusto musical axeitado.		
CA2.7 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais como colaborativas, empregando medios musicais e dancísticos, así como ferramentas analóxicas e dixitais.	Paricipar nas tarefas coa actitude correcta necesaria e sendo consciente da importancia de cada participante no grupo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.8 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, valorando as achegas do resto dos integrantes do grupo e descubrindo oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	Paricipar nas tarefas coa actitude correcta necesaria e sendo consciente da importancia de cada participante no grupo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Concertos, actuacións musicais e outras manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas. - Normas de comportamento básicas na recepción musical e escénica: respecto e valoración. - A partitura. Identificación e aplicación de grafías, lectura e escritura musical. - Principais xéneros musicais e escénicos do patrimonio cultural, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Repertorio vocal, instrumental ou corporal individual ou grupal de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas. - Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións. - Proxectos musicais e audiovisuais: emprego da voz, do corpo, dos instrumentos musicais, dos medios e das aplicacións tecnolóxicas. - Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia require unha metodoloxía maiormente práctica mesturada coa aprendizaxe teórica. Para traballar a parte práctica e produción musical usaranse tanto metodoloxías cooperativas e colaborativas (interpretación de orquestra escolar) como individuais (interpretación solista).
No tratamento dos contidos teóricos da materia buscarase un aprendizaxe ordeado: a base e observar e rexistrar e poñer en práctica a información de forma sistemática para construir coñecemento.
Ademáis do anterior, as directrices metodolóxicas a seguir nesta programación son as seguintes:
- A asimilación dos distintos bloques de contidos, combinará a práctica coa teorización.
- A planificación do ensino faise en base a relacionar a experiencia da música a través da interpretación, da creación e da escoita activa de distintas propostas artísticas coa sabiduría teórica.
- Os criterios de avaliación están directamente relacionados cos obxectivos propostos, é dicir, superar con éxito os criterios de avaliación amosa o grao de adquisición destes obxectivos por parte do alumnado.
- Diseñaranse diferentes situacións de aprendizaxe que incluirán procedementos diversos para traballar os contidos, e sempre partindo dunha visión global, onde os novos coñecementos aprendidos completen e conecten cos coñecementos previos do alumnado e teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe que coexisten no contexto da aula, así como a atención á diversidade, propoñendo sempre mecanismos de reforzo para as dificultades que se detecten.
- Terase en conta e farase destacable a través dos contidos transversais a importancia da relación entre a materia de Música e outras materias: estableceranse relacións coas Matemáticas (por exemplo a través das proporcións do ritmo, da estrutura musical, das calidades físicas do son); coas linguas (a través da simbiose entre texto, idioma e melodía); coa Historia (para entender os contextos de creación das diferentes obras e expresións musicais universais); coa Tecnoloxía (a través do manexo de diferentes ferramentas dixitais para escribir, manipular o son e compoñer); coa Educación Plástica, Visual e Audiovisual (por compartir competencias de índole artística)...

- Potenciarase os conceptos de "equipo", onde cada membro asume a súa responsabilidade de aportar ao grupo as destrezas e capacidades onde destaca positivamente, ao mesmo tempo que pode beneficiarse da colaboración do resto do alumnado cando as súas destrezas e habilidades aínda están nun nivel básico de desenvolvemento.
- Potenciarase o concepto de "clase segura" onde o erro existe, convive co éxito como base de aprendizaxe e se acepta sempre como información de que un aspecto musical necesita máis práctica e esforzo (nunca como crítica).
-Promoverase nas distintas unidades o traballo en equipo e a capacidade emprendedora, dada a natureza grupal e creativa desta materia, realizando proxectos colaborativos entre o alumnado, onde se poidan aplicar técnicas de reforzo da autoestima, da autonomía, da reflexión e da meditación sobre o grao de responsabilidade de cada un no conxunto do proxecto.
- Utilizaranse distintos tipos de actividades segundo a natureza das unidades: actividades introductorias ou de presentación dos contidos para descubrir os coñecementos previos do alumnado, actividades de motivación ou descubrimento, de desenvolvemento e consolidación, de avaliación, de reforzo e recuperación e de ampliación dos contidos nos casos que sexa necesario.
- Por último destacar os principios metodolóxicos nos que se basea esta programación como son a práctica e a motivación, a interrelación entre contidos e materias, a aprendizaxe significativa e funcional, a creatividade, a atención personalizada, a actitude analítica, a socialización e a autoestima.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Instrumentos dotación de aula Orff, pequena percusión
Aula virtual
Programa de edición de partituras
Materiais do Repositorio Abalar
Programas edición de audio
Ukelele
Apuntamentos de información
Carteis e paneis informativos
Audiovisuais diversos
Teclados e instrumentos de corda e percusión diversos.
Partituras diversas.
Libros e textos de información
Páxina web www.atrilcoral.com
Páxina web www.musescore.com

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A Avaliación inicial terá por obxecto averiguar os coñecementos musicais e dancísticos que aprendeu e lembra o alumnado do curso anterior.
Con estas actividades comprobaremos as destrezas adquiridas en anteriores cursos.
1. Realizaranse exercicios en en círculo de interpretación rítmica e percusión corporal no que se exploren as destrezas psicomotrices, de tono muscular, de coordinación visomotriz e auditivomotriz. Esta actividade será realizada por imitación. Con esta tarefa comprobaremos as destrezas motrices aplicadas á rítmica, á memoria motriz, ao sentido do pulso ou á capacidade de escoita para adecuarse ao conxunto.
2. Realizaranse exercicios en en círculos de interpretación vocal no que se exploren as destrezas vocais e o oído externo do alumnado. Esta actividade será realizada por imitación. Con esta tarefa comprobaremos as destrezas motrices aplicadas á afinación, resanza e nivel de escoita para adecuarse ao conxunto.
3. Realizaranse exercicios de lectura rítmica e melódica, e interpretación de pequenas partituras (4/8 compases). Con esta actividade avaliaremos o grao de interiorización rítmico-melódico e a capacidade de interpretación dos códigos da linguaxe musical.
Con estas actividades de avaliación o alumnado informaranos sobre os coñecementos previos que posúe e o grao de asimilación. Para avaliar as actividades prácticas usaremos a visualización da profesora, xa que coñece a todo o alumnado do curso pasado. A profesora anotara as anomalías, dificultades e excelencias detectadas na ficha do alumnado que forma parte do seu caderno do profesorado.
En alumnado de recente incorporación ao instituto, farase ademais unha proba escrita cos contidos traballados en 2º de ESO, así coma unha entrevista persoal sobre a bagaxe musical do alumnado.
Á luz dos resultados da avaliación inicial decidiremos aplicar a programación tal e como foi deseñada ou realizar as correspondentes e necesarias adaptacións.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
Peso UD/ Tipo Ins.	2	5	5	10	10	34	34
Proba escrita	0	95	95	100	100	0	0
Táboa de indicadores	100	5	5	0	0	100	100

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Proba escrita	30
Táboa de indicadores	70

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación serán os seguintes:
a) En cada trimestre se abordará a docencia e cualificación de TRES partes:
1.- Teoría
2.- Linguaxe Musical
3.- Práctica Musical
b) A parte de Teoría valórase mediante unha proba escrita feita na clase. No primeiro trimestre engádese unha Unidade Didáctica que se avalía con traballos entregados a través da Aula Virtual. Estes traballos, ademais de ser puntuables para a nota do trimestre, son ao mesmo tempo, as tarefas que se lembrarán ao alumnado como se realizan os exames prácticos do curso.
c) A parte de Linguaxe Musical e Práctica Musical valórase mediante probas gravadas e entregadas polo alumnado exclusivamente a través da Aula Virtual.
d) Cada unha das partes da materia (Teoría, Linguaxe Musical e Práctica Musical) valórase sobre 10 puntos. A final de cada trimestre, a nota do boletín será a obtida da media aritmética destas tres partes.
e) Teoría:
1.- Unidades Didácticas: 1.- Textura (primeiro trimestre); 2. Intervalos (primeiro trimestre); 3.- Alteracións (primeiro trimestre); 4.- Historia da Música (segundo trimestre). 5.- Formas musicais (terceiro trimestre).
2.- Exame escrito: un exame por trimestre de realización na aula. Constará de preguntas tipo test, redacción, análise, cubrir os ocos, verdadeiro/falso... Execpción no caso da Unidade didáctica 1, que se valorará ata 1 punto da nota teórica do primeiro trimestre. Consistirá en 4 achegas audiovisuais diferentes (a través da aula virtual) repartidas en 2 momentos diferentes dos meses de setembo e outubro.
3.- O exame teórico será adaptado segundo os casos de necesidades educativas especiais ou atención á diversidade especificados e acordados co departamento de orientación e os informes pertinentes presentados polas familias.
4.- A puntuación do exame teórico será sobre 10 puntos. A nota mínima que debe obter o alumnado para que se lle faga media co resto das partes é de 2'5.
f) Linguaxe Musical (Unidade Didáctica 6):
1.- Valórase mediante un exame audiovisual individual por trimestre realizado e entregado a través da Aula Virtual. Constará de tres partes: ritmo, notas e solfeo.
2.- En casos de alumnado con necesidades educativas especiais, o profesorado poderá adaptar, axudar a realizar e/ou entregar o exame nos tempos de recreo ou en momentos puntuais previamente acordados entre ambas partes.
3.- A corrección desta proba será a través dunha táboa de rúbricas. Son as seguintes:

- 1.- Mantén o pulso e amosa precisión rítmica e métrica (30% da nota).
- 2.- Le notas e signos musicais fluidamente (30% da nota).
- 3.- Solfea correctamente (40% da nota).

4.- O exame estará dispoñible unha semana na Aula Virtual para que o alumnado poida estudialo, realizalo e entregalo no prazo e no lugar correcto. Só en casos xustificados e previo aviso, se poderá entregar o exame fóra do prazo ou lugar establecido.
5.- A puntuación do exame de Linguaxe Musical será sobre 10 puntos. A nota mínima que debe obter o alumnado para que se lle faga media co resto das partes é de 2'5.
6.- O alumnado coidará que os exames que envía estean gravados con boas condicións de luz e silencio ambiental para que se poidan ver, escoitar e corrixir perfectamente os exames.
g) Práctica Musical (Unidade Didáctica 7):
1.- Valórase mediante un exame audiovisual individual por trimestre realizado e entregado a través da Aula Virtual. Constará dun único exercicio que inclúa todas os elementos musicais pedidos. No caso de que a Práctica Musical estea interpretada por instrumental Orff (de propiedade do centro), os exames serán feitos en grupo e gravados pola profesora no contexto da aula de Música.
2.- En casos de alumnado con necesidades educativas especiais, o profesorado poderá adaptar, axudar a realizar e/ou entregar o exame nos tempos de recreo ou en momentos puntuais previamente acordados entre ambas partes.
3.- A corrección desta proba será a través dunha táboa de rúbricas.
Se a proba é instrumental:

- 1.- Demostra precisión rítmica (25 % da nota)
- 2.- Interpreta correctamente as notas/moventos (25 % da nota)
- 3.- Escoita e empasta co acompañamento proposto (25 % da nota)
- 4.- Amosa continuidade e musicalidade na interpretación (25 % da nota)

Se a proba é vocal a capella:

- 1.- Demostra precisión rítmica (20% da nota)
- 2.- Afina as notas (20% da nota)

- 3.- Escoita e empasta co acompañamento proposto (20% da nota)
- 4.- Amosa continuidade e musicalidade na interpretación (20% da nota)
- 5.- Reproduce correctamente o texto das obras musicais (20% da nota)

Se a proba é vocal con coreografía, percusión corporal ou instrumentos:

- 1.- Demostra precisión rítmica (20% da nota)
- 2.- Afina as notas (20% da nota)
- 3.- Escoita e empasta co acompañamento proposto (20% da nota)
- 4.- Amosa continuidade e musicalidade na interpretación (20% da nota)
- 5.- Reproduce correctamente a parte motriz das obras musicais (20% da nota)

Se a proba é dancística, coreográfica ou con movemento:

- 1.- Coordina os movementos ao pulso da música ou segundo a consigna (25 % da nota)
- 2.- Implica as partes do corpo/elemento rítmico correcto (25 % da nota)
- 3.- Executa os movementos con precisión (25 % da nota)
- 4.- Exhibe elegancia e claridade nos movementos (25 % da nota)

4.- O exame estará dispoñible unha semana na Aula Virtual para que o alumnado poida estudialo, realizalo e entregalo no prazo e no lugar correcto. Só en casos xustificados e previo aviso, se poderá entregar o exame fóra do prazo ou lugar establecido.
5.- A puntuación do exame de Práctica Musical será sobre 10 puntos. A nota mínima que debe obter o alumnado para que se lle faga media co resto das partes é de 2'5.
6.- O alumnado coidará que os exames que envía estean gravados con boas condicións de luz e silencio ambiental para que se poidan ver, escoitar e corrixir perfectamente os exames.
h) A nota de cada trimestre obterase coa media aritmética das tres partes, Teoría, Linguaxe Musical e Práctica Musical. En caso de que nalgún trimestre non se poida realizar a proba dalgunha destas partes (enfermidade do alumnado, competicións deportivas prolongadas fóra da provincia, tempo extra asinado ádocencia doutras partes...), a media aritmética farase coas partes que si se puideron avaliar. Nos casos nos que o alumnado non poida facer unha das partes por motivos persoais, será necesario que a familia avise ao profesorado da situación, e mesmo se lle poderá esixir xustificante (médico, deportivo...) que confirme esta situación.
i) O aprobado da materia, trimestral e final, acádase cunha puntuación mínima de 5 obtida da media aritmética de todas as probas realizadas.
l) No primeiro, segundo e terceiro trimestre, NON PODERÁ APROBAR NINGÚN ALUMNO/A QUE NON SE PRESENTE OU ENTREGUE ALGUNHA DAS PARTES DOS EXAMES, independentemente de que a media das outras partes sexa de 5 ou máis de 5. Nestes casos, o alumnado recibirá unha puntuación entre 0 e 4 no boletín.
m) Para a NOTA DE FINAL DE CURSO, os exames que non foron entregados no seu trimestre ou nas recuperacións ofertadas substituíranse por 0. Así farase unha media con todas as notas de todas as probas obtidas en cada trimestre. Independentemente de que un alumno obteña unha media superior, se non entregou algunha parte dos exames, a nota final do seu boletín será de máximo de 5 puntos. En caso de non superar o 5, o alumnado non superará a materia.
n) O redondeo EN CADA TRIMESTRE só se fai cando o decimal é X'9 (por exemplo nota 8,9, de media: nota do boletín 9; nota 8,8 de media: nota do boletín 8).
o) O redondeo para establecer a NOTA FINAL DE CURSO, faise a partir do decimal X'5 (por exemplo nota 8,5 de media: nota do boletín: 9; nota 8,4 de media: nota do boletín 8).

Criterios de recuperación:

O alumnado que suspenda o primeiro e/ou o segundo trimestre terá que facer a recuperación das partes suspensas a principios do terceiro trimestre. A terceira avaliación será recuperada a finais de curso, momento que se aproveitará para facer unha última recuperación final global para todo o alumnado que teña algún trimestre suspenso. Os exames non entregados contarán como 0 só ao final do curso.No primeiro, segundo e terceiro trimestre é imprescindible entregar todas as probas para aprobar a materia.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

En caso de que un alumno/a suspenda a materia de Música e promocione igualmente a 4º, poderá recuperala mediante dúas posibilidades:
POSIBILIDADE 1: Materia dividida en dous parciais, cada un deles cun boletín de traballo e exame.
POSIBILIDADE 2: Exame único final (sen boletín de traballo).
POSIBLIDADE 1: MATERIA DIVIDIDA EN DOUS PARCIAIS (BOLETÍN + EXAME):
a) O alumnado coa materia suspensa recibirá no mes de outubro o primeiro boletín de traballo; no mes de febreiro o segundo boletín de traballo. Estes incluíran unha parte teórica, unha parte de linguaxe musical e unha parte de práctica musical (tarefas de interpretación musical).
b) A parte de teoría constará tanto da información de apuntes como dunha batería de exercicios que deberá completar. A parte de Linguaxe Musical constará dunha serie de 5 exercicios para interpretar con ritmo, notas e solfeo. A parte de práctica musicla incluirá 4 exercicios de canto (con ou sen danzas, percusións corporais...), coreografías ou percusións.
c) Cada unha destas partes valórase sobre 10 puntos de forma independente e farán media entre ellas. A nota media obtida vai supoñer o 60% da nota en cada parcial.
d) A profesora entregará ao alumnado o primeiro boletín de traballo no mes de outubro. O segundo boletín será entregado no mes de marzo. O alumnado terá oito semanas en cada período para realizalos e e devolverllos á profesora en papel e por aula virtual segundo corresponda . A profesora corrixirá os boletíns no prazo dunha semana.
e) O día establecido por Xefatura de Estudos, o alumnado realizará os exames correspondentes, que estarán constituídos por preguntas extraídas dos boletíns de traballo. A nota deste exame ponderará un 40% da nota en cada parcial.
f) A nota final da materia será a media aritmética entre as notas obtidas no primeiro e no segundo parcial.
f) É imprescindible entregar os boletíns de traballo dentro dos prazos para poder acollerse a esta modalidade (non entregar un boletín de traballo supón un 0 na ponderación do 60% desa parte). En caso de non entregar algún dos boletíns, o alumnado perderá o dereito á esta opción e deberá examinarse de toda a materia no exame do segundo parcial na data establecida por Xefatura de estudos.
POSIBILIDADE 2: EXAME ÚNICO FINAL (SEN BOLETÍN DE TRABALLO)
O alumnado que (a) non se presentara ao primeiro parcial; (b) non entregara o primeiro boletín de traballo; (c) non entregara o segundo boletín de traballo (independentemente da nota do primeiro parcial); (d) suspendera o primeiro parcial pese a entregar o boletín, terá que presentarse a un exame final global con toda a materia. A data do exame será anunciada por Xefatura de Estudos ao longo do curso. A nota deste exame supón o 100% da nota na ponderación da materia.
REDONDEO NOTA FINAL: A nota mínima que debe acadar un alumno/a despois da ponderación final é de 4,5. Por debaixo desta nota considerarase a materia suspensa.

6. Medidas de atención á diversidade

Prestaremos especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, ofrecendo diferentes formas de organización dos espazos e tempos da clase, e metodoloxías variadas que permitan a todo o alumnado seguir as explicacións e actividades propostas.
O obxectivo fundamental é asegurar a normalización, inclusión e non-discriminación deste alumnado coa fin de que poida acceder a unha educación de calidade con igualdade de condicións.
Para garantir un apoio adecuado a este alumnado é fundamental establecer canles de colaboración entre o diverso profesorado que intervén na súa educación, e organizar os recursos persoais e materiais do centro coa fin de desenvolver actividades encamiñadas á inserción e promoción.
Estudiaranse as circunstancias concretas de cada caso, con especial atención ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, tendo en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, establecendo as liñas educativas a seguir e garantindo así os apoios necesarios. Para elo, a función da coordinación entre docentes, alumnado e familias é fundamental a través da titoría e da propia comunicación coa familia.
Poderanse realizar medidas curriculares e organizativas ofrecendo entre outros, programas de reforzo además de medidas de apoio personalizado para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, e para aqueles que permanezan un ano máis no mesmo curso, coa fin de permitir a todo o alumnado o desenvolvemento das competencias clave previsto no perfil de saída e a consecución dos obxectivos xerais da educación secundaria obrigatoria, así como alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais.
Con todo, para a atención á diversidade do alumnado de educación secundaria obrigatoria estarase ao disposto na

lexislación vixente na Comunidade Autónoma de Galicia.
Algunhas posibles ferramentas para organizar a atención á diversidade serían:
1. Utilizar materiais variados en ditas actividades: escritos, audiovisuais, etc.
2. Aplicar diversas técnicas e metodoloxías para explicar un mesmo contido.
3. Manter o contacto permanente con este alumnado a través de entrevista persoal e titorías coas familias para saber que parte da asignatura cóstalles máis seguir.
4. Ofrecerlle tempo extra para asimilar as explicacións (por exemplo algún recreo a semana para consultar dúbidas) e para resolver probas específicas.
5.- Traballar coordinadamente co Departamento de Orientación, sobre todo co profesorado de Pedagoxía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X		X
ET.2 - Creatividade	X						X
ET.3 - Autonomía	X	X	X			X	X
ET.4 - Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial	X					X	X
ET.5 - Igualdade entre sexos	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Consumo responsable: fomento do espírito crítico	X			X	X		X
ET.7 - Respeto mutuo: educación emocional e en valores	X			X	X		X
ET.8 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X		X
ET.9 - Competencia dixital e comunicación audiovisual	X			X		X	X

Observacións:

- Comprensión lectora: Traballarase principalmente través dos textos para aprender os contidos teóricos.
- Creatividade: traballarase a través da composición de exercicios e pezas propias de percusión corporal, uso de tecnoloxías, creación de letras, improvisación...
- Autonomía: traballarase de actividades de improvisación, creación de contidos e proxectos propios tanto a nivel individual como grupal.
- Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial: Actividades que implican creación de proxectos grupais.
- Igualdade entre sexos:Utilización de obras de diversos estilos e épocas compostas tanto por homes como por mulleres, fomentando especialmente o repertorio composto por mulleres e intérpretes femininas. Realización das diferentes tarefas independentemente do xénero.
- Consumo responsable: fomento do espírito crítico. A través da comprensión dos elementos que conforman a música e dos distintos estilos e xéneros musicais o alumnado conformará unha opinión obxectiva e crítica e isto contribuirá a fomentar un consumo musical responsable
- Respecto mutuo: educación emocional e en valores. Actividades musicais grupais nas que é primordial respectar as producións musicais dos demáis e axudarse mutuamente para conseguir un son de conxunto.
- Expresión oral e escrita: A través da redacción de textos explicativos e traballos de exposición oral como por exemplo explicar os parámetros que conforman o son, a forma dunha canción, a importancia do silencio na nosa saúde e nas nosas vidas, etc.
- Competencia dixital e comunicación audiovisual:a través da creación de músicas con ferramentas dixitais e de eventos musicais que engloben non so música e danza, senón tamén propostas audiovisuais que as acompañen, creando así unha performance global.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actuación a final de curso, ben na propia Aula ou Salón de Actos.	As pezas musicais traballadas ao longo do curso executaranse en privado na propia aula ou en público a fi nal de curso no Salón de Actos do centro..			X
Obradoiro de canto coral de música gospel	Propiciarase a asistencia do grupo a un concerto didáctico, para poñer en práctica as normas de comportamento aprendidas na clase, así como vivr a experiencia de escoitar música en directo.		X	

Observacións:

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Ben ou acadado
Metodoloxía empregada
Ben ou acadado

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Ben ou acadado
Clima de traballo na aula
Ben ou acadado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Ben ou acadado
Outros
Adecuación de todas as tarefas docentes ao tempo laboral real do profesorado
Dificultade para impartir a docencia ante o comportamento cada vez máis disruptivo do alumnado

Descrición:

A programación é un documento aberto e susceptible de cambios segundo observemos os procedementos que funcionan e os que non. Debe revisarse cada ano coa fin de adaptala mellor á realidade das aulas. A posta en práctica de dita programación é o que nos permite mellorala, recollendo a través dos procedementos de avaliación da propia programación e da práctica docente, a información necesaria para reformala. O proceso de avaliación da propia programación e da práctica docente realízase dentro do Departamento coa información recollida polos docentes sobre diferentes aspectos do desenvolvemento da mesma. Algúns dos ítems a contemplar para avaliar a propia programación e a práctica docente mediante rúbrica son os seguintes:
- Comprobarción dos obxectivos propostos: se estes se adaptan ao curso correspondente, se se poden acadar coas unidades propostas, a porcentaxe de alumnado que consegue ditos obxectivos, etc.
- Idoneidade das unidades didácticas propostas: se hai correlación entre obxectivos, contidos e criterios de cualificación nestas, a correción da temporalización. e se contribúen realmente a acadar as competencias clave.
- Utilidade materiais didácticos empregados: comprobar se o alumnado os entende, se son variados, se están adaptados para o alumnado con necesidades educativas específicas e de apoio educativo, se inclúen TIC, etc.
- Valoración dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación: se son útis e precisos, se os instrumentos de avaliación inclúen métodos cualitativod e cuantitativos, se se inclúen procedementos de recuperación, etc.
- Adecuación real do tempo laboral semanal dos docentes para o desenvolvemento da programación. Existe un abuso na cantidade de tarefas que debe realizar o profesorado e a numerosísima ratio de alumnado por profesor/a. Para poder abordar as tarefas, cada xornada laboral debe ter un mínimo de entre 12 e 14 horas, e non sempre 60 horas de traballo á semana son suficientes (incluíndo fins de semana, festivos e vacacións).
- Dificultade para impartir a docencia ante o comportamento cada vez máis disruptivo do alumnado. É sorprendente a presencia de comportamentos e actitudes pouco sociais, antisociais ou directamente disruptivas nun maior de alumnado por aula, facendo que a tarefa docente sexa cada vez máis reducida, máis difícil e ingrata.
- Tido en conta o anterior, elaboración de propostas de mellora.
Os ítems anteriores avaliaranse mediante os indicadores ben ou acadado, mal ou non acadado e regular ou mellorable no caso de que sexa acadado pero que se poida revisar e mellorar.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para o seguimento da programación, avaliación desta e propostas de melloras utilizaremos unha táboa de indicadores considerando os ítems expostos no punto anterior: "avaliación do proceso de ensino e práctica docente" , valorando para cada un deses ítems o grao de consecución e facendo propostas de mellora naqueles puntos que se observen carencias. Así o procedemento de seguimento e avaliación da programación e da práctica docente farase mediante táboas de indicadores.
A partir da análise dos datos extraídos destes procedementos de seguimento, faranse as correspondentes propostas de mellora.
Dito seguimento farase trimestralmente acordando en reunión de departamento os cambios a introducir na programación a través da aplicación proens de cara ao ano seguinte, incluída a adaptación das excesivas tarefas

laborais ao tempo real laboral dos docentes.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Oratoria	3º ESO	3	105

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 4

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 5

4.1. Concrecións metodolóxicas 10

4.2. Materiais e recursos didácticos 12

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 13

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 13

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 14

6. Medidas de atención á diversidade 14

7.1. Concreción dos elementos transversais 15

7.2. Actividades complementarias 17

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 18

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 20

9. Outros apartados 22

1. Introdución

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Oratoria de 3º curso de educación secundaria obrigatoria, ten como referencia o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. No uso da autonomía que proporciona a dita normativa, a través desta programación didáctica adáptase o currículo da materia de Oratoria á realidade deste centro e a do seu alumnado no 3º curso.

Nas interaccións sociais de cada día, debemos escoitar, falar, participar, debater, decidir, comprender, defender e, en última instancia, convencer a alguén de algo. Trátase dunha habilidade social básica e de presenza central, constante e manifesta na nosa vida cotiá. Polo tanto, ser unha persoa con competencia comunicadora pode marcar unha diferenza substancial tanto nas relacións persoais coma no éxito da propia carreira académica e profesional.

Por outra banda, falar en público é hoxe unha actividade que adopta formas e usa canles moi variadas: as redes sociais, as reunións de traballo, a actividade académica, os medios de comunicación, as xuntanzas políticas, os discursos comerciais, os colectivos culturais, as congregacións informais etc. Tal diversidade e amplitude de situacións fan que as tradicionais disciplinas da oratoria e a súa inseparable retórica acaden no noso tempo unha proxección práctica particularmente tanxible.

No contexto normativo actual, a materia de Oratoria está chamada a ocupar nos últimos cursos da educación secundaria obrigatoria un posto central no progreso curricular do alumnado. As oito competencias que definen a aprendizaxe permanente e os obxectivos curriculares asociados no seu caso adquiren aquí unha presencia concreta, explícita e concluínte, debido á natureza transversal da propia actividade oratoria.

Así, a materia de Oratoria preséntase como un soporte amplo e sólido para o desenvolvemento integral do alumnado nun momento moi preciso da súa formación: expoñer ideas e debater opinións son trazos de madurez individual que poderán ser desenvolvidos nos seguintes niveis educativos e que se proxectarán nunha vida colectiva tamén máis rica e ampla, como se espera dunha sociedade democraticamente avanzada.

Esta programación didáctica e o traballo na aula tentarase vertebrar arredor dun conxunto de situacións de aprendizaxe contextualizadas, significativas e relevantes para que, ao termo do curso, se consigan traballar de maneira proporcionada todos os contidos incluídos no currículo. Ao mesmo tempo, Esta programación didáctica adáptase aos grupos de alumnado nos distintos niveis desde diferentes enfoques para desenvolver o proceso de ensino e aprendizaxe que nesta programación didáctica se propón: dun lado, tendo en conta as necesidades educativas de cada alumna e de cada alumno así como a diversidade que presenten; doutro lado, en relación ao número de alumnado presente en cada grupo e as posibilidades en canto a espazos e recursos dos que dispón o departamento didáctico e o centro.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Aprender a falar en público para participar na mellora da vida colectiva, para configurar a propia traxectoria académica, profesional e vital, e para fortalecer unha imaxe propia positiva ante nós mesmos e ante os demais.	1-5	1-3	4	3	1	2		
OBX2 - Coñecer os fundamentos da oratoria clásica e a súa relación coa retórica e a práctica do debate.	2-4							1-2

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Recoñecer e analizar os distintos discursos persuasivos propios da nosa realidade social e os seus ámbitos de difusión: a prensa, a política, a publicidade e as relacións persoais.	1-2	1	1-2			1	3	1-2-3-4
OBX4 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia.	2-3			1	4	1-3-4		
OBX5 - Desenvolver as destrezas propias da comunicación oral: a competencia lingüística, as competencias sociais e cívicas e o sentido da iniciativa.	1-5	1-2-3	3-4		1-3	2	1	3
OBX6 - Empregar axeitadamente os distintos códigos verbais e non verbais propios do discurso persuasivo.	1	1-3			1-4-5	1-3	2-3	3-4
OBX7 - Empregar distintos soportes e ferramentas tecnolóxicas e informáticas en apoio do discurso persuasivo.	3			1-2-3-4-5	4			4
OBX8 - Recoñecer e empregar a capacidade persuasiva da palabra conservando unha base ética sólida e rexeitando usos perversos ou contrarios á convivencia.	5	3	2-3-4-5	4-5	2	1-2-3-4	1-3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A arte da retórica	Preténdese que o alumnado coñeza as bases da retórica e, a través de exemplos significativos, se familiarice cos tipos de discurso persuasivo e os seus ámbitos de difusión.	20	21	X		
2	Que cambios precisa o ensino?	Búscase o protagonismo das alumnas e dos alumnos para levar a cabo unha experiencia transformadora nas aulas. Ademais de desenvolver as habilidades comunicativas para convencer o resto do grupo sobre os cambios necesarios no proceso de ensino-aprendizaxe, promóvese tanto o pensamento crítico como unha	25	28	X	X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Que cambios precisa o ensino?	actitude proactiva e resiliente.	25	28	X	X	
3	A redución das desigualdades	Cada grupo deberá elaborar e presentar un proxecto cun impacto social relevante que dea resposta a unha problemática da contorna. Deste xeito, traballaranse tamén elementos transversais do currículo para que este acade ser axente de cambio positivo que promova a inclusión e desenvolva a capacidade de liderado do alumnado.	25	28		X	
4	Desenvolvemento sostible xa!	Desenvolverase un proxecto para construír un mundo mellor para as persoas e para o propio planeta. Con ese compromiso, traballarase en equipo para investigar e sintetizar as ameazas, expoñer os retos, dialogar, falar en público, convencer e, sobre todo, escoitar. Haberá un debate final para escoller entre todo o grupo a mellor proposta.	30	28			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A arte da retórica	21

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Coñecer as bases fundamentais da oratoria.	Informar como xurdiu a oratoria coa finalidade de dotar as persoas dunha ferramenta eficaz para desenvolver as súas capacidades e confrontar ideas de xeito construtivo.	PE	60
CA1.4 - Comprender discursos persuasivos de diferentes tipos, identificando o propósito, a tese e os distintos tipos de argumentos.	Identificar, nos textos dos medios de comunicación e do ámbito académico, a intención persuasiva e a tese diferenciando, como mínimo, os argumentos obxectivos dos emocionais.		
CA1.6 - Elaborar argumentos e contraargumentos en situacións hipotéticas dadas. Identificar as falacias.	Aportar cando menos un argumento pertinente de apoio e outro de refutación ante unha tese dada.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Relacionar a práctica da oratoria coa preceptiva retórica e co debate dialéctico.	Recoñecer as principais técnicas persuasivas que relacionan a oratoria con outras disciplinas, como son a retórica e a dialéctica.	TI	40
CA1.3 - Identificar as partes do proceso oratorio, encamiñado á persuasión.	Identificar as partes dun proceso retórico: inventio, dispositio, elocutio, memoria e actio.		
CA1.5 - Valorar a forma e o contido de textos persuasivos, avaliando a súa calidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada.	Valorar a concisión, a claridade e o impacto das mensaxes persuasivas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- As partes da retórica: inventio, dispositio, elocutio, memoria e actio. - A intención comunicativa nas mensaxes persuasivas. - A argumentación como factor clave: tipos de argumentos. - Tipos de discurso persuasivo e os seus ámbitos de difusión: os medios de comunicación social, a publicidade, a política e as relacións persoais.

UD	Título da UD	Duración
2	Que cambios precisa o ensino?	28

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Organizar as ideas nunha estrutura ordenada e eficaz.	Diferenciar con claridade no seu discurso a introdución, o desenvolvemento e a conclusión.	PE	60
CA3.4 - Redactar o discurso con corrección lingüística, creatividade e eficacia persuasiva.	Elaborar un discurso claro, breve e eficaz no que se faga uso dos procedementos retóricos propios do tipo de texto presentado tomando en consideración que os erros lingüísticos non poderán comprometer a comprensión da mensaxe.		
CA3.5 - Realizar o proceso de revisión do texto.	Utilizar con soltura os correctores lingüísticos e os dicionarios para revisar os textos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Adaptar a creación e o deseño do discurso ás características do contexto comunicativo.	Adaptar o discurso á persoa receptora, a canle, a temática e o contexto.	TI	40
CA3.3 - Empregar recursos propios da argumentación.	Utilizar premisas, teses e siloxismos para defender que cambios precisa o proceso de ensino-aprendizaxe.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Adecuación do discurso ao contexto. - Axuste do discurso ao modelo textual ou xénero elixido. - Adaptación ao tempo e á canle de comunicación. - Estrutura do discurso: introdución, desenvolvemento e conclusión. Disposición das ideas. - Recursos argumentativos: premisas, teses e siloxismos. - Claves para deseñar mensaxes altamente eficaces: claridade e brevidade. - Procedementos retóricos. Características estilísticas. - Coherencia e cohesión. - Corrección lingüística. - Proceso de revisión. Uso de correctores lingüísticos.

UD	Título da UD	Duración
3	A redución das desigualdades	28

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Organizar as ideas nunha estrutura ordenada e eficaz.	Diferenciar no discurso propio con claridade a introdución, o corpo argumentativo e a conclusión, organizando os argumentos atendendo a unha orde lóxica.	PE	30
CA3.4 - Redactar o discurso con corrección lingüística, creatividade e eficacia persuasiva.	Elaborar un discurso claro, breve e eficaz no que se faga uso dos procedementos retóricos propios deste tipo de textos tomando en consideración que os erros lingüísticos non poderán comprometer a comprensión da mensaxe.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Localizar, seleccionar e contrastar a información procedente de diferentes fontes para afondar no coñecemento do tema do discurso, mediante a documentación e a investigación.	Aplicar con corrección os criterios de selección das fontes documentais.	TI	70
CA2.4 - Calibrar a fiabilidade e a pertinencia da información.	Escoller con adecuación os contidos lóxicos pertinentes (datos, citas...).		
CA2.5 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais para a procura da información.	Diferenciar entre informacións e opinións sendo respectuosa ou respectuoso coa protección de datos de carácter persoal e coa propiedade intelectual.		
CA3.1 - Adaptar a creación e o deseño do discurso ás características do contexto comunicativo.	Adaptar o seu discurso á persoa receptora, á canle, á temática e ao contexto.		
CA3.3 - Empregar recursos propios da argumentación.	Utilizar argumentos de autoridade, ad populum, analoxías, exemplificacións e datos obxectivos que avalen as súas opinións.		
CA3.5 - Realizar o proceso de revisión do texto.	Utilizar con soltura os correctores lingüísticos e os dicionarios para revisar os textos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Tipos de fontes documentais. Criterios de selección.
- Selección das ideas. Tipos de contidos: contidos lóxicos (datos, teorías, citas etc.) e contidos emocionais (anécdotas, imaxes, vídeos etc.).
- Estratexias de procura e selección das ideas máis adecuadas en función da intención comunicativa e dos elementos da comunicación
- Adecuación do discurso ao contexto.
- Axuste do discurso ao modelo textual ou xénero elixido.
- Adaptación ao tempo e á canle de comunicación.
- Estrutura do discurso: introdución, desenvolvemento e conclusión. Disposición das ideas.
- Claves para deseñar mensaxes altamente eficaces: claridade e brevidade.
- Estratexias para captar a atención e a benevolencia da audiencia.
- Procedementos retóricos. Características estilísticas.
- Coherencia e cohesión.
- Corrección lingüística.
- Proceso de revisión. Uso de correctores lingüísticos.

UD	Título da UD	Duración
4	Desenvolvemento sostible xa!	28

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar e manexar fontes documentais.	Diferenciar as fontes primarias das secundarias manexando con pericia as fontes orais, escritas, audiovisuais, gráficas e, nomeadamente, Internet.	TI	100
CA2.2 - Localizar, seleccionar e contrastar a información procedente de diferentes fontes para afondar no coñecemento do tema do discurso, mediante a documentación e a investigación.	Aplicar correctamente os criterios de selección das fontes documentais.		
CA2.3 - Diferenciar información e opinión.	Distinguir os contidos lóxicos dos emocionais (anécdotas, imaxes...).		
CA2.4 - Calibrar a fiabilidade e a pertinencia da información.	Escoller con adecuación os contidos lóxicos pertinentes (datos, citas...).		
CA2.5 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais para a procura da información.	Diferenciar entre informacións e opinións sendo respectuosa ou respectuoso coa protección de datos de carácter persoal e coa propiedade intelectual.		
CA3.6 - Desenvolver estratexias mnemotécnicas do discurso.	Facer uso do guión e das TIC como elemento de apoio (non protagonista).		
CA3.7 - Memorizar o discurso deixando espazo para a improvisación e a espontaneidade.	Preparar un discurso de ata dous minutos de duración sobre a súa proposta para un desenvolvemento sostible adaptándose ao tempo de exposición.		
CA4.1 - Aprender a falar en público, en contextos formais e informais, de forma individual ou en grupo.	Expresarase con naturalidade, empatía e asertividade.		
CA4.2 - Potenciar as emocións positivas na exposición perante o público e controlar a conduta asociada ás emocións negativas.	Transmitir confianza controlando, na medida do posible, o nerviosismo cando se fale en público.		
CA4.3 - Pronunciar con corrección, claridade e expresividade.	Pronunciar correctamente, cun volume audible e a un ritmo pausado, manexando as pausas e os silencios.		
CA4.4 - Empregar a linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e a eficacia do discurso.	Coidar a expresión facial evitando os tics.		
CA4.5 - Utilizar programas informáticos e audiovisuais para o deseño de presentacións co fin de potenciar o significado e a expresividade do discurso.	Utilizar unha ferramenta de presentacións para crear unha presentación que apoie a súa proposta para promover o desenvolvemento sostible.		
CA4.6 - Recoñecer e asumir as regras de interacción comunicativa e cortesía lingüística.	Practicar, mediante o debate, a escoita activa entendendo, refutando, persuadindo e respectando sempre as normas de interacción e cortesía lingüísitca.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Tipos de fontes documentais. Criterios de selección. - Documentación e investigación. Alfabetización mediática. - Selección das ideas. Tipos de contidos: contidos lóxicos (datos, teorías, citas etc.) e contidos emocionais (anécdotas, imaxes, vídeos etc.). - Estratexias de procura e selección das ideas máis adecuadas en función da intención comunicativa e dos elementos da comunicación - Xestión da información desde un punto de vista crítico que respecte os principios de propiedade intelectual. - Análise crítica para previr a posverdade e non dar validez unicamente á información afín coas ideas propias. - Técnicas de memorización do discurso: elaboración e uso do guión, elementos de apoio. - Interiorización do discurso. - Habilidades de comunicación non verbal e xestual. - Xestión emocional para falar en público (entusiasmo, confianza, asertividade, empatía e seguridade). - Xestión das emocións negativas (medo escénico, ansiedade, nerviosismo e inseguridade). - Dicción: pronuncia, volume, ritmo, ton, modulación, intensidade, pausas e silencios. - Quinésica. Linguaxe corporal: expresión facial, xestos, tics. - Proxémica: espazo escénico. - Naturalidade fronte á artificiosidade. - Soportes informáticos e audiovisuais para apoiar o discurso. - O debate como ferramenta idónea para practicar a argumentación e a escoita activa: entender, refutar e persuadir respectando as normas de interacción e a cortesía lingüísitca.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A intervención educativa da materia de Oratoria debe desenvolver de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que faciliten ao alumnado a consecución dos obxectivos da materia así como unha axeitada adquisición das competencias clave. Este enfoque metodolóxico require partir, polo tanto, do nivel competencial previo do alumnado para acadar unha aprendizaxe significativa, eficaz, funcional e aplicable á realidade máis próxima dos e das estudantes.

Trátase de deseñar unha metodoloxía activa, baseada fundamentalmente na dimensión investigadora do alumnado e na toma de decisións responsables, asentadas no pensamento crítico e reflexivo, a través da proposta de actividades que precisen dun proceso de descubrimento e análise progresivamente autónomos, así como do razoamento e a resolución lóxica de problemas. De aí a importancia de empregar métodos diferenciados para dar acollida e resposta aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorecendo e fomentando a capacidade de aprender por si mesmo. Atenderase, polo tanto, á diversidade a través de propostas individualizadas en función das necesidades detectadas: dinámicas de reforzo educativo dentro e fóra da aula ordinaria, actividades específicas para abordar as destrezas nas que se observen maiores dificultades (expresión oral e escrita, comunicación, resolución de problemas, razoamento lóxico...) etc.

Para que esta metodoloxía acade a efectividade desexada é imprescindible outorgarlle un carácter interdisciplinar, relacionando a materia de Oratoria con outras disciplinas do currículo, traballando de maneira conxunta as competencias clave e dotando o alumnado da capacidade lingüística que lle permita amosar, relacionar e extrapolar

de forma coherente, cohesionada e adecuada os coñecementos adquiridos noutras materias. A colaboración transversal cos distintos departamentos do centro educativo, co equipo de dinamización da lingua galega e coa biblioteca escolar constituirá un apoio importante para mellorar a asimilación de capacidades e coñecementos sobre a comunicación. Todos eles, de xeito coordinado, deberán contribuír a mellorar os procesos de produción e recepción oral, escrita e multimodal, así como a alfabetización informacional.

As accións concretas favorecen a creación e organización de proxectos colaborativos e significativos para o alumnado. Neste sentido, o deseño de tarefas cooperativas basearase en contextos auténticos e recoñecibles que teñan en conta as vivencias particulares do alumnado, potenciando que cada estudante, dentro do grupo, dispoña dos tempos e espazos necesarios para o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade para contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

En relación a todo o anterior, proporase o traballo na aula a partir das seguintes concrecións metodolóxicas:

1) Deseño de actividades a partir de textos extraídos do ámbito persoal, social e académico do alumnado. Estas tarefas, diversificadas e organizadas por niveis de dificultade, permitirán o traballo competencial e favorecerán o desenvolvemento do pensamento crítico e creativo.

2) Distribución flexible dos espazos, sempre que sexa posible, propiciando o traballo colaborativo a través de distintos tipos de agrupamentos. Así:

- o gran grupo é axeitado para a posta en común e corrección de tarefas, a identificación dos coñecementos previos do alumnado á hora de iniciar unha nova unidade didáctica, a revisión e síntese final, os debates, a realización de exposicións orais ou multimedia ou o visionado de recursos audiovisuais;
- os pequenos grupos son idóneos para o desenvolvemento de proxectos de investigación;
- o traballo por parellas enriquece as exposicións orais e as actividades de creación propia;
- finalmente, as actividades individuais son aplicables ás probas escritas, ás actividades de reforzo ou á lectura interior.

3) Utilización de recursos para mellorar a oralidade a través de actividades contextualizadas en situacións reais e próximas ao alumnado, mediante o emprego de audios, vídeos e recreación de conversas veraces que poidan producirse na contorna do alumnado. Proporase, así, unha ampla variedade de situacións comunicativas espontáneas e planificadas e de contextos formais e informais, co fin de abordar desde un punto de vista eminentemente práctico os distintos rexistros, elementos e principios da comunicación.

4) Creación de textos escritos pertencentes aos ámbitos persoal, social e académico, seguindo as distintas fases da construción textual: a planificación das ideas a través dun borrador, determinando o propósito comunicativo e a persoa destinataria; a redacción; a revisión e a edición final, incidindo na corrección formal (puntuación, ortografía, estruturas gramaticais, ampliación de vocabulario e presentación).

5) Creación de textos con intención persuasiva a partir de modelos dados ou de discursos non literarios (reportaxes, crónicas, columnas, artigos de opinión...).

6) Emprego de dicionarios impresos e dixitais, propiciando o seu uso como unha forma de ampliar o caudal léxico do alumnado e para resolver as súas dúbidas lingüísticas.

7) Manexo dos recursos propios das tecnoloxías da información e a comunicación para a procura de datos, a realización de traballos multimedia, a consulta da prensa dixital e a creación de espazos virtuais con material didáctico integrado.

8) Utilización dos fondos, servizos e recursos da biblioteca escolar como espazo creativo de aprendizaxe e construción de novos coñecementos a través da consulta de libros, dicionarios, xornais, materiais audiovisuais, potenciando tamén a lectura autónoma, fundamentada no enriquecemento cultural e a interrelación entre as distintas áreas do saber.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Documentos e recursos elaborados ou facilitados pola persoa docente
Escolma de textos variados orais, escritos e multimodais en diversos formatos e soportes
Actividades interactivas, animacións, vídeos e espazos dixitais para a construción de novas aprendizaxes
Recursos e aplicacións informáticas e multimedia
Materiais de investigación e consulta
Boletíns con actividades de reforzo, ampliación e recuperación
Emprego do debate como ferramenta que estimula o seu interese e a súa capacidade para reflexionar, relacionar, consolidar coñecementos, respectar opinións e extraer conclusións

A selección dos materiais que integran a programación didáctica da materia de Oratoria debe adaptarse ao modelo de intervención educativa proposto. Neste sentido, deberá dar resposta á adecuación ao contexto do centro, a correspondencia cos obxectivos trazados, a coherencia cos contidos e temas transversais estudados e o seu grao de adquisición e dificultade e os criterios de avaliación definidos para cada curso. Ademais, debe abarcar unha grande variedade de actividades individuais e grupais que poñan en práctica os conceptos e procedementos estudados e aborden axeitadamente a atención á diversidade na aula. Finalmente, todos os recursos utilizados presentarán unha claridade expositiva que favoreza a inmediata comprensión oral e escrita por parte do alumnado.

Así pois, a proposta metodolóxica para a materia de Oratoria supón o emprego dunha grande variedade de textos orais, escritos e multimodais procedentes de diversas tipoloxías e situacións comunicativas para a súa análise crítica.

O achegamento do alumnado á realidade na que vive a través da interpretación textual outorga á materia unha dimensión funcional innegable. Por iso convén traballar tamén con discursos extraídos dos xéneros xornalísticos, que aproximen ao alumnado á comprensión de temas de actualidade e lle permita ser crítico co contexto que o rodea.

O emprego de fichas de traballo, actividades interactivas, animacións, vídeos e aplicacións multimedia permiten o reforzo, a consolidación e o afondamento das aprendizaxes adquiridas, a escoita activa, a empatía e o debate a través de tarefas competenciais próximas á realidade do alumnado. Favorece tamén a investigación sobre temas de actualidade e problemas reais e a activación de estratexias e mecanismos de comprensión lectora a partir de textos de diferente tipoloxía, posto que implica a procura de información, a interpretación e relación dos datos obtidos, e a reflexión sobre o contido e a forma.

O visionado de material audiovisual sentará as bases do coloquio posterior e servirá para afondar nos contidos abordados en cada unidade didáctica, ademais de propiciar o traballo investigador, grupal e por proxectos proposto nalgunha das unidades didácticas da materia.

O emprego das TIC constitúe un recurso ineludible, pois actúa como ferramenta fundamental para a obtención de información, a súa transformación en coñecemento propio e a difusión dos resultados de proxectos e de traballos de investigación.

En definitiva, os contidos da materia integraranse na aula a través de unidades didácticas que favorecerán a transversalidade e a interdisciplinariedade por medio da planificación, a análise e o emprego de estratexias baseadas na resolución de problemas tales como os principios de dedución e indución ou a comprobación da viabilidade da solución proposta á situación descrita. Será necesario tamén o desenvolvemento de actitudes como o rigor, a perseverancia, a cooperación e a responsabilidade entre os distintos membros dos grupos de traballo para provocar o rexeitamento de estereotipos, xerar debate, construír un pensamento crítico sólido, definido e individual, e motivar os cambios necesarios para o promover o avance social.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante os primeiros días do mes de setembro, preferiblemente antes do comezo da actividade lectiva, realizarase un rexistro de información relevante sobre o alumnado matriculado na materia en relación aos seguintes aspectos:

- Cualificacións do curso anterior.
- Materias pendentes ou, no seu caso, repetición de curso.
- Necesidades educativas especiais ou análogas.
- Outros aspectos de importancia que poidan afectar ao proceso de aprendizaxe.

Na primeira semana de clase, haberá unha proba escrita que recabará datos para esta avaliación inicial. A proba constará de dúas partes:

- comentario de texto: permitirá avaliar especificamente a capacidade de comprensión e expresión escrita;
- cuestionario tipo test: centrarase en contidos curriculares básicos do resto de materias para o nivel de 2º de educación secundaria obrigatoria, en especial en materias que teñan maior relación coa oratoria.

A reunión de avaliación inicial co equipo docente e o Departamento de orientación, así como a información aportada pola persoa titora do grupo, axudará a completar a información recollida e poñela en común.

Unha vez analizada toda a información, adoptaranse decisións sobre os seguintes aspectos:

- Respecto ao currículo: deseñar adaptacións curriculares e reforzos nos casos necesarios.
- Respecto á forma de traballar na aula: organizar grupos, distribuír o material...
- Respecto a aspectos organizativos: distribuír as unidades didácticas, organización da avaliación...

En calquera caso, durante a primeira sesión de cada unidade didáctica o profesorado avaliará a situación de partida de todo o alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**20**	**25**	**25**	**30**	**100**
Proba escrita	60	60	30	0	**34**
Táboa de indicadores	40	40	70	100	**66**

Criterios de cualificación:

CUALIFICACIÓN POR AVALIACIÓN:

O grao de consecución dos criterios de avaliación das distintas unidades da materia establecerase ponderando tresvariables:

- Probas escritas (30%)
- Traballo (30%) Pode consistir nun traballo escrito ou en producción oral, que se puntuará mediante rúbricas.
- Traballo de aula (40%) Terase en conta o traballo diario do alumno, a participación nas diversas actividades

propostas, o traballo individual dentro dos traballos en grupo, as producciónsorais, etc.
O redondeo farase a partir de 0,75
No caso das probas escritas, as faltas de ortografía penalizarán 0,10 por falta ata un máximo de 1,5 puntos.
A nota final da asignatura obterase facendo a media aritmética das tres avaliacións.

Criterios de recuperación:

A avaliación non é continua. No caso de suspender unha avaliación, farase unha proba de recuperación escrita ao comezo do seguinte trimestre. No caso de recuperar a avaliación, esa sera a nota coa que se calculará a media final da asignatura.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non aplica nesta asignatura.

6. Medidas de atención á diversidade

Atendendo á Orde do 8 de setembro que desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, adoptaranse as medidas de carácter ordinario e extraordinario que se consideren oportunas e axeitadas ao alumnado.

Con carácter xeral, para adecuarse aos diferentes ritmos de aprendizaxe e capacidades, contémplanse actividades de reforzo e ampliación con tempos flexibles e aprendizaxe cooperativa en grupos heteroxéneos. No caso de ser necesarias medidas extraordinarias de atención á diversidade unha vez esgotadas as de carácter ordinario, seguiranse as indicacións establecidas na normativa vixente, coa colaboración do departamento de orientación do centro.

As aulas reflicten a diversidade da sociedade na que vivimos. O recoñecemento da diversidade do alumnado constitúe un principio fundamental que debe rexer toda acción educativa. Unha das finalidades da educación é asegurar a igualdade de oportunidades de todas as alumnas e todos os alumnos expoñendo os medios para evitar o fracaso escolar e o risco de abandono do sistema educativo.

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a acadar os obxectivos e as competencias establecidas para a etapa da educación secundaria obrigatoria e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

As medidas de atención á diversidade deben atender ao principio de inclusión educativa. Isto supón recoñecer a lexitimidade das diferenzas de todas as persoas, asumíndoas como un valor que enriquece o contexto educativo. Este principio establece que todas e todos os estudantes, sexa cal sexa a súa condición persoal, dispoñan na súa contorna educativa das condicións necesarias de acceso a unha formación integral que lles outorgue experiencias de aprendizaxe significativas.

Neste sentido, faise preciso establecer medidas, metodoloxías e compoñentes que permitan ao profesorado abordar con garantías a diversidade das súas aulas. O plan de atención concretarase nos seguintes elementos:

- Combinación de metodoloxías e fíos condutores das unidades didácticas, vinculados ao desenvolvemento emocional do alumnado e a súa integración no grupo. Uso de métodos diferenciados que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorezan a capacidade de aprender por si mesmo.
- Diversidade de agrupamentos e tarefas propostos, articulación de itinerarios diferenciados e combinación de linguaxes e soportes orientados a satisfacer as esixencias de aprendizaxe de cada alumna ou cada alumno e a permitir o seu desenvolvemento individual.
- Deseño de programas específicos de reforzo e ampliación destinados a mellorar as posibilidades de alcanzar os obxectivos da etapa.

- Realización de proxectos significativos para o alumnado. O deseño de tarefas e proxectos de traballo deben basearse en contextos auténticos e recoñecibles para resultar significativos e deben ter en conta as vivencias particulares do alumnado (como, por exemplo, os oficios locais, as materias primas e a toponimia). Alén diso, o traballo colaborativo en proxectos debe potenciar que cada adolescente teña os seus tempos e os seus espazos de protagonismo e o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade de contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
- O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta, a súa expresión e a súa capacidade para relacionarse co resto de persoas. A través do diálogo e da interacción entre o alumnado, contribuirase a desenvolver a capacidade de participar activamente nun equipo, a reflexión sobre as propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.
- A resolución de problemas e conflitos en colaboración e a toma de decisións baseadas en xuízos morais, co fin de contribuír á adquisición das competencias necesarias para seguir os procesos de pensamento, utilizar o razoamento e analizar criticamente os problemas sociais e históricos.
- A gradación da aprendizaxe. O desenvolvemento das capacidades e dos contidos deberá facerse dun xeito gradual e progresivo, de maneira que se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma. A gradación entre cursos non se establece principalmente mediante a distribución diferenciada de contidos, senón en función da diferente complexidade dos textos, das habilidades de comprensión ou expresión requiridas, da metalinguaxe necesaria para a reflexión sobre os usos ou do grao de autonomía do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - A educación emocional	X	X	X	X
ET.2 - A comprensión da lectura	X	X	X	X
ET.3 - A expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.4 - A comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.5 - A competencia dixital			X	X
ET.6 - A creatividade			X	X
ET.7 - O emprendemento social e empresarial	X	X	X	X
ET.8 - O espírito científico	X	X	X	X
ET.9 - O espírito crítico	X	X	X	X
ET.10 - A educación en valores	X	X	X	X
ET.11 - A educación para a saúde	X	X		
ET.12 - A educación afectivo-sexual	X	X		
ET.13 - A igualdade de xénero			X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.14 - A igualdade entre mulleres e homes		X	X	X
ET.15 - A evitación de comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero			X	X
ET.16 - O emprego dunha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista			X	X
ET.17 - A formación estética				X
ET.18 - A conciencia e formación sobre o cambio climático				X
ET.19 - A educación para a sustentabilidade				X
ET.20 - A educación para o consumo responsable				X
ET.21 - A prevención e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social	X	X	X	X
ET.22 - Os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito	X	X	X	X
ET.23 - O respecto mutuo	X	X	X	X
ET.24 - A cooperación entre iguais	X	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais que se recollen neste curso para esta materia son aqueles que o proceso de ensino e aprendizaxe de todas as materias debe incluír (elementos transversais 1 a 10) pero tamén doutros que deben ser incluídos ao longo da etapa (elementos transversais 11 a 24). A este respecto, a materia de Oratoria pretende e permite dar cabida a todos estes elementos debido ao carácter da mesma e ao enfoque que se lle pretende dar.

Ao longo do curso haberá momentos nos que se traballen de forma específica e teranse en conta, por exemplo, á hora de seleccionar os materiais cos que se traballará (sexa en formato texto, imaxes ou contidos audiovisuais); tamén no deseño das actividades que o alumnado porá en práctica, na organización dos equipos de traballo, na orientación dos debates que xurdan etc. Non obstante, haberá elementos transversais que teñan presencia ao longo de todo o curso como a cooperación, o respecto mutuo, a resolución pacífica de conflitos... e sempre que sexa preciso traballar puntualmente neles así se fará.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Parlamento Xove	Competición de investigación e debate sobre un tema formulado.	X	X	X
Do texto á representación	Traballo da dramatización como un dos mellores medios para introducir o alumnado no mundo da literatura e da oralidade.	X		
Elaboración e gravación dun noticiario	Actividade para desenvolver as competencias do alumnado relacionadas con aspectos como a competencia mediática e informacional.		X	
O xogo dos oficios	Xogo práctico para que o alumnado empregue a mímica na e a xesticulación no seu proceso comunicativo.			X
Anuncio publicitario	Práctica para que o para que o alumnado empregue a persuasión na información que prepara e trasmite.			X

Observacións:

En relación ás actividades propostas, que terán un carácter máis ou menos permanente ao longo do curso, sinalar:

- Parlamento Xove, no marco do Plan Proxecta +, propón a participación nunha competición na que os diversos equipos inscritos investigarán e debaterán sobre un tema formulado pola organización da mesma. O alumnado poderá observar a importancia da oratoria na defensa dos seus argumentarios.

- Do texo á representación propón a uso da dramatización como un dos mellores medios para introducir o alumnado no mundo da literatura e da oralidade. Esta actividade consiste en converter un texto literario de carácter narrativo nun texto con estrutura dramática, conferindo trazos teatrais aos elementos que conforman o texto narrativo. O alumnado deberá crear unha historia coa súa trama, personaxes, tempo e espazo para logo transformala nun texto dramático baseado no diálogo, que deberá ser representado na aula.

- Respecto ao noticiario, o alumnado elaborará e gravará un noticiario, actividade na que desenvolverá as súas competencias en aspectos como a competencia mediática e informacional. Ademais, a selección de noticias realizada polo propio alumnado espertará máis interese entre o resto e afianzará unha dinámica de traballo en equipo. Estudarase a estrutura da noticia e farase de reporteiras/os e de investigadoras/es. A clase dividirase en grupos para que cada un deles expoña una noticia de actualidade en diferentes ámbitos (político, deportivo, cultural, económico, social). Unha vez elaborada a noticia, a actividade consistirá na súa gravación en vídeo e na súa exposición ao resto da clase (cada un dos membros do grupo encargarase dunha parte do traballo: gravación, investigación, exposición dos contidos, música de fondo etc).

- No xogo dos oficios, o profesorado repartirá unhas cartoliñas nas que figuren certas definicións. O alumnado deberá crear e inventar un oficio partindo desta descrición. A continuación, realizará unha exposción oral na que utilice tamén a mímica, sen citar o nome do oficio inventado. O resto do alumnado intentará acertar de que oficio se trata, realizando as preguntas oportunas.

- Co anuncio publicitario búscase que o alumnado persuada ao resto da compañeiras e de compañeiros para que merque o produto ou servizo que están a publicitar, indicando por que é especial e como mellorará a súa vida de telo adquirido.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Realízanse as actividades complementarias programadas.
Aplicáronse os procedementos e os criterios de avaliación establecidos na programación didáctica.

Metodoloxía empregada
Os contidos e actividades de cada unidade didáctica parten dos coñecementos previos do alumnado, vinculándose cos seus intereses e necesidades, e favorecen a construción progresivamente autónoma de novas aprendizaxes.
Aplicáronse estratexias de aprendizaxe como a lectura comprensiva, a procura de información significativa, a planificación do traballo, o desenvolvemento de técnicas de síntese, análise e redacción...
Infórmase o alumnado, ao comezo de cada unidade didáctica, sobre os obxectivos propostos, as competencias que se van desenvolver, as actividades que se realizarán e os instrumentos e os criterios de avaliación.
Ao inicio de cada unidade didáctica, realízase unha introdución sobre o tema e as actividades de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado ao respecto.
Ao comezo do desenvolvemento de cada unidade, proporciónase ao alumnado un cadro sinóptico ou mapa conceptual do tema para orientalo sobre a evolución do seu proceso de ensino-aprendizaxe.
As actividades propostas son variadas en canto á súa tipoloxía e sistema de traballo (individual, por parellas, en pequeno grupo, en gran grupo), favorecendo a adquisición das competencias clave.
Aplicouse a metodoloxía didáctica establecida na programación.
Desenvolvéronse actividades e estratexias potenciadoras da oralidade, co fin de que o alumnado adquirise os recursos necesarios para expresarse correctamente e con eficacia nunha ampla variedade de situacións comunicativas (espontáneas ou planificadas) e de contextos (formais e informais).
Empréganse os materiais e os recursos didácticos programados.
Utilizáronse diferentes instrumentos de avaliación (probas, traballos individuais e en grupo, exposicións orais, redaccións, proxectos de investigación...).
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Explícanse e corríxense na aula as actividades levadas a cabo nas distintas unidades didácticas.
A planificación e a distribución do tempo asignado a cada tarefa son axeitadas.
Motivación do alumnado, ambiente nas sesións e actuación persoal da persoa docente
Aprovéitase o interese do alumnado por un tema determinado para utilizalo como centro de interese.
Medidas de atención á diversidade
Empregáronse recursos e materiais didácticos variados (impresos, dixitais, audiovisuais, aplicacións informáticas de carácter educativo...).
Desenvolvéronse as medidas de atención á diversidade necesarias aos alumnos e as alumnas que así o requeriron.
Lévanse a cabo medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, propoñendo novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados.
Deséñanse e aplícanse actividades de ampliación e afondamento para o alumnado que acade de maneira significativa os obxectivos propostos.
Desenvolvéronse procedementos e actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspensa.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Realízase unha coordinación periódica co resto do profesorado do grupo.
Infórmase periodicamente ás familias do progreso académico do alumnado.

Descrición:

O proceso de ensino esixe unha avaliación continua para ir axustando a programación. Esta avaliación debe permitir detectar necesidades e buscar o axuste, as correccións precisas e as medidas que se consideren oportunas en cada momento.

Propóñense uns aspectos da programación e do procedemento de ensino-aprendizaxe e uns indicadores, que a persoa docente pode avaliar, escollendo os instrumentos que considere máis axeitados (cuestionarios, listaxes de control ou rexistro de datos, entrevistas, observador externo... ou ben comparar a experiencia con outras compañeiras e compañeiros docentes). Nesta proposta poden suprimirse puntos e engadirse outros que a persoa docente considere.

A persoa docente realizará unha avaliación do proceso de ensino e da súa propia práctica docente, polo menos, unha vez ao mes. Deixarase constancia da dita avaliación así como das posibles modificacións ou propostas de mellora nas correspondentes actas mensuais de departamento.

Xunto co anterior, de ser posible, farase unha avaliación trimestral dos indicadores de logro sinalados, de cara a ter unha información concreta e fiable sobre o proceso do ensino e a practica docente. Empregaranse diferentes instrumentos de avaliación (enquisas, listas de control, actas de avaliación...) e os resultados obtidos se incluirán, no seu caso, nas correspondentes actas de departamento.

A enquisa ao alumnado realizarase cara o remate do 3º trimestre e incluirá, cando menos, dous bloques de preguntas: un para avaliar o proceso de ensino e outro para avaliar a práctica docente. Os resultados desta avaliación se incorporarán á memoria final do departamento.

En todo caso, non se debe perder de vista que a avaliación da práctica docente debe favorecer a análise, a reflexión e o debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:

- A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.
- A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.
- A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.
- A inclusión e atención á diversidade como resposta educativa á totalidade do alumnado para promover a consecución do éxito escolar.
- A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación é indispensable para avaliar procedementos, as actividades levadas a cabo e os resultados alcanzados polo alumnado, e así facer as modificacións que se consideren oportunas para finalmente reflexionar acerca das posibles propostas de mellora. O coñecemento dos resultados obtidos neste proceso de seguimento e avaliación tamén establecerá un novo punto de partida de cara ao próximo curso e cara a unha nova intervención docente.

A programación didáctica da materia de Oratoria estará á disposición da comunidade educativa do centro e, ademais, a comezos de curso, proporcionarase ao alumnado un extracto da mesma cos seus puntos esenciais: obxectivos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, materiais didácticos e sistema de recuperación.

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación Proens o que permitirá realizar os necesarios axustes no proceso de ensino e aprendizaxe para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado de cara á consecución dos obxectivos establecidos. Todo isto, debidamente xustificado, figurará tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia e axudará na proposta de programación didáctica que se concrete para o seguinte curso.

A avaliación da programación realizarase a través dos seguintes indicadores de logro:

- A programación didáctica elaborouse de maneira coordinada coa colaboración de todas as persoas integrantes do departamento.

- A programación didáctica especifica e completa as decisións adoptadas na concreción curricular fixada no proxecto educativo de centro.
- Os criterios de avaliación establecidos valoran con efectividade a consecución dos obxectivos propostos.
- Os procedementos e os instrumentos de avaliación axústanse aos criterios de avaliación indicados.
- As actividades desenvoltas adáptanse á metodoloxía didáctica programada.
- A programación didáctica contempla e manexa con eficacia os recursos e os materiais necesarios para favorecer a adquisición dos contidos e os obxectivos.
- A programación didáctica organiza axeitadamente os espazos e os tempos destinados á realización das actividades previstas.
- A programación didáctica inclúe actividades de reforzo, ampliación e recuperación adecuados ao perfil, as características e as necesidades do alumnado.
- A programación didáctica é revisada ao longo do curso e inclúense nela as modificacións pactadas e realizadas.
- A programación didáctica adáptase ao contexto escolar do centro educativo.

Así mesmo, realizarase o seguimento de cada unidade didáctica a través da aplicación Proens, estipulando e modificando, de ser o caso, a data de inicio e final da explicación de cada unha delas, o número de sesións dedicadas ao seu desenvolvemento, especificando as previstas ao comezo e as realizadas finalmente, así como o grao de cumprimento dos obxectivos indicados.

Este procedemento terá en conta os seguintes puntos:

1. Analizarase regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso. Terase en conta, cando menos, informar sobre o seguinte:

- Unidades didácticas: datas de inicio e fin, número de sesións previstas e realizadas.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Analizaranse as dificultades atopadas no alumnado. Valorarase se os resultados son positivos (continuarase na mesma liña de traballo) ou negativos (realizaranse propostas de mellora).

3. Realizaranse propostas de mellora. Revisaranse as necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, adaptación curricular etc.) tomando como referencia a información obtida de aplicar indicadores como:

- O ofrecemento ao alumnado, de forma individualizada, das explicacións que precise.
- A elaboración das actividades atendendo ás dificultades observadas.
- A proposta de probas de avaliación de distinta dificultade.
- O comentario co alumnado dos erros máis significativos dos traballos realizados.

4. Os instrumentos que se empreguen serán variados, entre os que poden estar:

- Folla de rexistro onde ir anotando os aspectos máis cuantificables.
- Diario de aula.
- Rúbrica de autoavaliación que facilite cuantificar o grao de consecución de aspectos concretos;
- Estatísticas de resultados.
- Cuestionarios e enquisas ao alumnado.

As propostas de mellora da programación didáctica derivarán da análise da efectividade da mesma e dos resultados académicos obtidos nas distintas avaliacións e examinados nas reunións de departamento celebradas ao longo do curso, cuxo contido quedará reflectido nas actas correspondentes. Ademais, na memoria final, contemplaranse as propostas de mellora, vinculadas especialmente á adaptación da metodoloxía, materiais e recursos empregados para favorecer a consecución dos obxectivos establecidos.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	3º ESO	1	35

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 3

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 4

4.1. Concrecións metodolóxicas 6

4.2. Materiais e recursos didácticos 6

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 6

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 7

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 7

CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico.	Realiza un exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando o seu coñecemento sobre os tipos de poboamento que hai en España e Galicia e como evolucionaron, así como cales son os problemas que presentan.		
CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes.	Realiza con certa soltura a proposta dun traballo, identificando e describindo aceptablemente as principais características do espazo natural, rural e urbano da súa contorna.	TI	20
CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Expón con certa soltura, despois da súa elaboración, un traballo sobre os problemas do despoboamento rural e o crecemento das cidades e a súa relación co medio ambiente.		
CA3.7 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre.	Realiza con certa soltura un informe sobre o seu compromiso coa contorna e o poboamento humano indicando os retos futuros e explicando con certa claridade o influxo económico e laboral no poboamento.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O global e o local. A investigación en ciencias sociais. O estudo multicausal e a análise comparada do espazo natural, rural e urbano. A súa evolución en España e Galicia e os retos de futuro. - Análise e interpretación de conceptos espaciais: localización, escala, conexión e proximidade espacial. - Métodos de investigación no ámbito da xeografía e da historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico. - Os ciclos e réximes demográficos. O reto demográfico en España e Galicia: Envellecemento e políticas demográficas. Cambios dos modos de vida e dos modelos de organización social. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o Estado do benestar.

UD	Título da UD	Duración
4	Organización política das sociedades e ordenamento normativo autonómico, constitucional e supranacional.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e da análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando saber e comprender que tipos de rexímenes existen, as diferenzas entre monarquía e república e como se organiza o Estado español.	PE	80
CA2.6 - Coñecer, valorar e exercitar responsabilidades, dereitos e deberes e actuar en favor do seu desenvolvemento e a defensa dos valores constitucionais e democráticos.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando saber e comprender cales son as características fundamentais dun sistema democrático en antítesis a un ditatorial.		
CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario, diverso, intercultural e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os obxectivos de desenvolvemento sustentable.	Realiza un exercicio escrito no que indica certas institucións do Estado e de asociacións que promoven un mundo máis seguro e unha mellor convivencia.		
CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación.	Realiza con certa soltura a proposta de traballo, identificando e describindo aceptablemente o concepto estado, os tipos de estado, os rexímenes e a organización territorial do mesmo.	TI	20
CA3.4 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.	Realiza con certa soltura a proposta de traballo na que plasma a importancia do sentido cívico, o respecto polas diferenzas e opinións do resto de persoas e sobre o recoñecemento da muller.		
CA3.6 - Contribuír ao benestar individual e colectivo a través do deseño, exposición e posta en práctica de iniciativas orientadas a promover un compromiso activo cos valores comúns, a mellora da contorna e o servizo á comunidade.	Realiza con certa soltura a proposta de traballo, identificando e describindo os problemas de convivencia que hai na súa contorna e as solucións que proporía para a súa solución.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico. - Análise e interpretación de conceptos espaciais: localización, escala, conexión e proximidade espacial. - Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas - Organización política das sociedades. Ordenamento normativo autonómico, constitucional e supranacional como garante do desenvolvemento de dereitos e liberdades para o exercicio da cidadanía. Cidadanía europea e cosmopolita. - Diversidade social e multiculturalidade. Integración e cohesión social. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión.

UD	Título da UD	Duración
5	Actividade económica e sectores produtivos. Axentes económicos. A economía globalizada e o desenvolvemento sostible.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando saber e comprender cales son as características económicas de España e Galicia.	PE	80
CA3.3 - Entender e afrontar, desde un enfoque ecosocial, problemas e desafíos pasados, actuais ou futuros das sociedades contemporáneas tendo en conta as súas relacións de interdependencia e ecodependencia.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando saber e comprender como evolucionou a actividade económica, os axentes económicos e os retos do futuro.		
CA2.5 - Idear e adoptar, cando sexa posible, comportamentos e accións que contribúan á conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana, a través do respecto a todos os seres vivos, mostrando comportamentos orientados ao logro dun desenvolvemento sustentable das devanditas contornas, e defendendo o acceso universal, xusto e equitativo aos recursos que nos ofrece o planeta.	Realiza con certa soltura a proposta de traballo sobre a necesidade dun aproveitamento do medio respectuoso recoñecendo que obxectivos do desenvolvemento sostible hai que cumprir.	TI	20
CA3.2 - Realizar propostas que contribúan ao logro dos obxectivos de desenvolvemento sustentable, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	Realiza con certa soltura a lectura de gráficas, mapas e imaxes sobre as actividades económicas e a súa incidencia no medio e determina cal dos obxectivos de desenvolvemento sostible se deben cumprir ao respecto.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre.	Realiza con certa soltura a proposta de traballo, identificando e describindo como se distribúe a riqueza económica e o traballo e achega algunha solución ao desigual reparto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estruturas económicas no mundo actual: unha economía globalizada. Os sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia, a súa transformación e evolución. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados. A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos. - Implicación na defensa e protección do ambiente. Acción e posición ante a emerxencia climática. - Emprego e traballo na sociedade da información, aprendizaxe permanente e ao longo de toda a vida. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o Estado do benestar.

UD	Título da UD	Duración
6	Paisaxes humanizadas e os sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico.	Realiza un exame escrito no que identifica bastantes características da paisaxe de Galicia, España e Europa e indica algúns condicionamentos para a actividade económica.	PE	80
CA2.8 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e da análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar os sectores produtivos de Galicia, España e a Unión Europea e as potencialidades agrícolas de España e Galicia en relación á Unión Europea.		
CA3.3 - Entender e afrontar, desde un enfoque ecosocial, problemas e desafíos pasados, actuais ou futuros das sociedades contemporáneas tendo en conta as súas relacións de interdependencia e ecodependencia.	Realiza con corrección o exercicio escrito sobre a evolución dos sectores produtivos e os retos de futuro e como estes van ligados ao cambio no medio natural.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Realiza con certa soltura unha proposta de traballo na que expón as características da zona onde vive e as actividades económicas da súa contorna e como condiciona o medio á economía.	TI	20
CA2.5 - Idear e adoptar, cando sexa posible, comportamentos e accións que contribúan á conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana, a través do respecto a todos os seres vivos, mostrando comportamentos orientados ao logro dun desenvolvemento sustentable das devanditas contornas, e defendendo o acceso universal, xusto e equitativo aos recursos que nos ofrece o planeta.	Realiza con certa soltura un informe sobre como poder aproveitar o medio de Galicia, España e a Unión Europea que sexa respectuoso co desenvolvemento sostible.		
CA3.2 - Realizar propostas que contribúan ao logro dos obxectivos de desenvolvemento sustentable, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	Realiza con certa soltura gráficas e mapas nos que se plasmen as zonas por sectores de produtividade e tamén fai, entende e explica suficientemente os datos dunha gráfica temática.		
CA3.7 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre.	Realiza con certa soltura a proposta de traballo identificando, por exemplo, o abandono de certos sectores económicos e a tendencia á terciarización e as repercusións no mundo laboral.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Obxectivos de desenvolvemento sustentable. Emerxencia climática e sustentabilidade. Relación entre factores naturais e antrópicos. Modificacións, efectos e ameazas na Terra e a contorna próxima de España e Galicia. Os avances tecnolóxicos e a conciencia ecosocial. - O global e o local. A investigación en ciencias sociais. O estudo multicausal e a análise comparada do espazo natural, rural e urbano. A súa evolución en España e Galicia e os retos de futuro. - Estruturas económicas no mundo actual: unha economía globalizada. Os sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia, a súa transformación e evolución. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados. A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos. - Interpretación do territorio e da paisaxe. Do éxodo rural á concentración urbana. O problema do despoboamento rural no ámbito estatal e autonómico. Ordenación do territorio e transformación do espazo. A importancia do espazo público. A pegada humana e a protección do medio natural. - Implicación na defensa e protección do ambiente. Acción e posición ante a emerxencia climática. - Emprego e traballo na sociedade da información, aprendizaxe permanente e ao longo de toda a vida. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o Estado do benestar.

UD	Título da UD	Duración
7	Os Sistemas económicos. A distribución desigual dos recursos e do traballo nun mundo globalizado.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe e comprende cales son sectores económicos e cal é o da súa contorna.	PE	80
CA1.6 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e da análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe cal é o reparto dos diferentes sistemas económicos no mundo indicando trazos e características e o reparto do traballo.		
CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando síntese interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflictan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando saber e comprender a evolución dos sistemas económicos e interpretándoos medianamente algunha fonte de información.		
CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da historia e da xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Elabora un traballo, informe ou resumo sobre os sistemas económicos e a súa evolución e permanencia no tempo sendo quen de establecer certas relacións co mundo globalizado co dominio dunha economía liberal.	TI	20
CA3.7 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre.	Realiza con certa soltura a proposta de traballo, identificando e describindo aceptablemente o reparto desigual do traballo e relacionándoo cos movementos poboacionais.		
CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario, diverso, intercultural e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os obxectivos de desenvolvemento sustentable.	Realiza con certa soltura a proposta de traballo sobre a función do Estado nas crises económicas e a tendencia dos sistemas económicos pola globalización.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Cultura mediática. Técnicas e métodos das ciencias sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e síntese, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica. - Dilemas e incertezas ante o crecemento, a empregabilidade e a sustentabilidade. - Métodos de investigación no ámbito da xeografía e da historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos. - Emprego e traballo na sociedade da información, aprendizaxe permanente e ao longo de toda a vida. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o Estado do benestar.

UD	**Título da UD**	**Duración**
8	A poboación e o poboamento en España e en Galicia. Diversidade social, multiculturalidade e igualdade de xénero.	9

Criterios de avaliación	**Mínimos de consecución**	**IA**	**%**
CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes.	Enumera algunhas das características da poboación mundial e de España e Galicia propoñendo certas solucións aos ditos problemas.	PE	80
CA1.5 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e da igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.	Realiza unha entrevista simulada sobre a discriminación social das minorías e das mulleres e achegando tamén algunhas solucións para evitalas.		
CA1.6 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e da análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando saber e comprender os descritores da poboación e as características poboacionais de España e, en concreto, de Galicia.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social, e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.	Traballa en equipo e achega ideas con certa claridade para elaborar un traballo sobre a violencia de xénero e os problemas das minorías e tamén elabora entrevistas simuladas a colectivos de mulleres.	TI	20
CA3.6 - Contribuír ao benestar individual e colectivo a través do deseño, exposición e posta en práctica de iniciativas orientadas a promover un compromiso activo cos valores comúns, a mellora da contorna e o servizo á comunidade.	Elabora con certa claridade un informe, tras a recollida de datos na súa contorna, sobre a procedencia da poboación expresando iniciativas para a súa integración.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Análise e interpretación de conceptos espaciais: localización, escala, conexión e proximidade espacial.
- Dilemas e incertezas ante o crecemento, a empregabilidade e a sustentabilidade.
- Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas
- Diversidade social, etnocultural e de xénero. Migracións, multiculturalidade e mestizaxe en sociedades abertas. Historia e recoñecemento do pobo xitano e outras minorías étnicas do noso país. España, país de migrantes. Novas formas de identificación cultural.
- Os ciclos e réximes demográficos. O reto demográfico en España e Galicia: Envellecemento e políticas demográficas. Cambios dos modos de vida e dos modelos de organización social.
- Interpretación do territorio e da paisaxe. Do éxodo rural á concentración urbana. O problema do despoboamento rural no ámbito estatal e autonómico. Ordenación do territorio e transformación do espazo. A importancia do espazo público. A pegada humana e a protección do medio natural.
- Diversidade social e multiculturalidade. Integración e cohesión social. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión.

UD	Título da UD	Duración
9	O século da Razón. Transformación política. Da servidume á cidadanía.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación.	Ordena en certa medida as etapas históricas entendendo como se escribe a historia e sendo capaz de indicar algunha fonte para facer historia.	PE	80

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da historia e da xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Responde cun nivel de suficiencia adecuado ás cuestións presentadas no exame sobre o Antigo Réxime e as súas características políticas, económicas e sociais.		
CA2.2 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da historia e da xeografía.	Realiza con certo nivel de coñecemento un exame escrito sobre o concepto de Ilustración e sinala algunha das súas críticas ao Antigo Réxime e os seus medios de difusión.		
CA2.4 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Realiza no exercicio escrito cun nivel suficiente un comentario histórico guiado sobre os cambios políticos e económicos derivados da Ilustración.		
CA2.6 - Coñecer, valorar e exercitar responsabilidades, dereitos e deberes e actuar en favor do seu desenvolvemento e a defensa dos valores constitucionais e democráticos.	Redacta e expón o legado das correntes ilustradas na actualidade indicando algunha institución do Estado e as características das democracias e demostrando o valor do sistema constitucional e democrático.	TI	20
CA3.3 - Entender e afrontar, desde un enfoque ecosocial, problemas e desafíos pasados, actuais ou futuros das sociedades contemporáneas tendo en conta as súas relacións de interdependencia e ecodependencia.	Expresa con certa claridade as permanencias da Ilustración na actualidade plasmando nun resumo ou informe o valor do presente en función dos cambios producidos no século XVIII.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico. - Cultura mediática. Técnicas e métodos das ciencias sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e síntese, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica. - Métodos de investigación no ámbito da xeografía e da historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico. - As fontes históricas como base para a construción do coñecemento sobre o pasado contemporáneo. Contraste entre interpretacións de historiadores. - A transformación política dos seres humanos: da servidume á cidadanía. Transicións, revolucións e resistencias: permanencias e cambios na época contemporánea. A conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea. Orixe, evolución e adaptación dos sistemas liberais en España e no mundo a través das fontes. - Organización política das sociedades. Ordenamento normativo autonómico, constitucional e supranacional como garante do desenvolvemento de dereitos e liberdades para o exercicio da cidadanía. Cidadanía europea e cosmopolita.

Contidos
- O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial.

UD	Título da UD	Duración
10	As Revolucións burguesas. A Revolución industrial e a mentalidade capitalista dunha nova organización social de clases.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da historia e da xeografía.	Realiza con certo nivel de desempeño unha liña de tempo na que se representen os procesos revolucionarios da época: revolución americana, francesa, etapa de Napoleón, revolución industrial...	PE	80
CA2.4 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Explica dun xeito suficiente o concepto de revolución burguesa citando algúns obxectivos políticos revolucionarios en contraposición co Antigo Réxime.		
CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando síntese interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflictan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Fai unha enumeración dos motivos que conduciron ás Revoltas facendo un exercicio escrito suficientemente comprensible.		
CA3.3 - Entender e afrontar, desde un enfoque ecosocial, problemas e desafíos pasados, actuais ou futuros das sociedades contemporáneas tendo en conta as súas relacións de interdependencia e ecodependencia.	Responde de xeito sucinto ás preguntas sobre o proceso de independencia das colonias americanas e da revolución francesa identificando a ideoloxía liberal e nacionalista como ideas que teñen pervivencia no presente.		
CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario, diverso, intercultural e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os obxectivos de desenvolvemento sustentable.	Contesta cunha certa claridade a cuestións sobre a organización do estado, institucións e poderes do estado, democracia e constitución, expresando e recoñecendo o valor destas institucións.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes.	Expresa, despois da súa propia pescuda, cal é o significado de termos históricos como revolución, burguesía, capitalismo, democracia, constitución, absolutismo etc.	TI	20
CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Realiza con certa soltura unha presentación en posters, ppt... cunha exposición sobre un personaxe (home ou muller) da época e sobre o papel das mulleres nos procesos revolucionarios.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico. - A transformación política dos seres humanos: da servidume á cidadanía. Transicións, revolucións e resistencias: permanencias e cambios na época contemporánea. A conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea. Orixe, evolución e adaptación dos sistemas liberais en España e no mundo a través das fontes. - A industrialización en Europa, España e Galicia. Transicións, revolucións, permanencias e cambios na nova orde mundial. Nacemento dunha nova sociedade. - Organización política das sociedades. Ordenamento normativo autonómico, constitucional e supranacional como garante do desenvolvemento de dereitos e liberdades para o exercicio da cidadanía. Cidadanía europea e cosmopolita. - Diversidade social e multiculturalidade. Integración e cohesión social. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión. - O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial.

UD	Título da UD	Duración
11	A chegada dunha nova dinastía en España. Uniformismo e reformismo borbónico. Crise do Antigo Réxime en España e Galicia ata 1814.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da historia e da xeografía.	Elabora con certa autonomía escalas cronolóxicas dos feitos acaecidos no século XVIII en España e no resto do territorio europeo extraendo as súas propias conclusións.	PE	80

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Identifica algunhas características básicas da Ilustración española e galega explicando algunhas reformas político-administrativas do século XVIII e, de forma xeral, a Guerra de Independencia.		
CA3.3 - Entender e afrontar, desde un enfoque ecosocial, problemas e desafíos pasados, actuais ou futuros das sociedades contemporáneas tendo en conta as súas relacións de interdependencia e ecodependencia.	Explica dun xeito comprensible as reformas económicas acometidas polos Borbóns extrapolando a súa influenza na actualidade no senso de establecer relacións entre o estado uniformista e o estado descentralizado.		
CA3.5 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e da igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.	Identifica, cun certo grao de comprensión, os trazos que conformaron a España e a Galicia contemporáneas enumerando algunhas características da diversidade social e cultural que conforman o país.		
CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación.	Realiza con certa soltura unha pescuda de información sobre que é unha dinastía averiguando que reis españoles houbo antes do século XVIII.	TI	20
CA1.6 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e da análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	Fai un resumo tras a lectura, visualización e proxección dunha breve reseña histórica de España antes do XVIII, de xeito suficiente e comprensible e recoñecendo trazos identitarios.		
CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Realiza case sen axuda da persoa docente tarefas propostas sobre a España e Galicia do século XVIII como cuestionarios, test, relación de termos...		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Cultura mediática. Técnicas e métodos das ciencias sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e síntese, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica.
- As fontes históricas como base para a construción do coñecemento sobre o pasado contemporáneo. Contraste entre interpretacións de historiadores.
- A chegada a España dunha nova dinastía, uniformismo e reformismo borbónico. Crise do Antigo Réxime en España e Galicia ata 1814. O reformismo ilustrado en Galicia.

Contidos
- Organización política das sociedades. Ordenamento normativo autonómico, constitucional e supranacional como garante do desenvolvemento de dereitos e liberdades para o exercicio da cidadanía. Cidadanía europea e cosmopolita. - Diversidade social e multiculturalidade. Integración e cohesión social. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión. - O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial.

UD	Título da UD	Duración
12	Os movementos artísticos. As artes na época da Ilustración. Rococó, Neoclasicismo, Romanticismo. A figura de Goya.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Coñecer os obxectivos de desenvolvemento sustentable, realizando propostas que contribúan ao seu logro, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e doutras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	Expresa con certa seguridade, despois de identificalos, os diferentes estilos artísticos da época (comparando dúas imaxes, recoñece e numera algún elemento artístico que os diferenza).	PE	80
CA2.4 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Clasifica con certa seguridade as características do Rococó, do Neoclasicismo e do Romanticismo enumerando algún exemplo existente en España e en Galicia e relacionándoo cos feitos históricos.		
CA2.8 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e da análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	Recoñece, a grandes trazos, a vida e obra de Goya amosando certo coñecemento das súas obras e do significado da Carga dos Mamelucos e os Fusilamentos do 3 de maio e relacionándoos coa Invasión Napoleónica.		
CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Realiza con certa soltura un traballo sobre os movementos artísticos: Rococó, Neoclasicismo e Romanticismo incorporando os nomes de mulleres artistas e xulgando o por que do seu relegamento.	TI	20
CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando síntese interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflictan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Realiza, con certo grao de seguridade, unha síntese sobre o valor da arte e a súa relación co contexto empregando alguha cita que recolla a influencia de Goya en pintores posteriores.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas - Métodos de investigación no ámbito da xeografía e da historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico. - As fontes históricas como base para a construción do coñecemento sobre o pasado contemporáneo. Contraste entre interpretacións de historiadores. - O nacemento das novas expresións artísticas e culturais ata a metade do século XIX e a súa relación coas artes clásicas. A personalidade independente de Goya. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial. - O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O punto de partida para establecer a concreción metodolóxica desta programación didáctica sitúase nos principios pedagóxicos recollidos no Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, así como nas liñas de actuación para o proceso de ensino e aprendizaxe da materia de Xeografía e Historia recollidas nas orientacións pedagóxicas do correspondente currículo.

Coa intención de facilitar a aprendizaxe do alumnado e permitirlle, en combinación co resto de materias, o logro dos obxectivos desta materia, unha adecuada adquisición das competencias clave e a consecución dos obxectivos de etapa, seguirase, por regra xeral, un enfoque metodolóxico eminentemente práctico e activo, segundo o seguinte esquema:

- Presentación ao alumnado dos contidos que se van desenvolver na unidade didáctica correspondente a través da proposta de actividades encamiñadas a detectar os coñecementos previos que sobre estes posúen. Isto realizarase a través dunha avaliación inicial que poderá ser levada a cabo ben mediante a resolución dun pequeno cuestionario ben a través da formulación ao grupo-clase dunha serie de preguntas a resolver de forma oral e que permita axustar o nivel competencial inicial do alumnado e ter en conta a atención a súa diversidade e individualidade.
- Exposición dos contidos propios de cada unidade didáctica, abordados desde unha perspectiva cronolóxica ou máis transversal en función dos obxectivos didácticos perseguidos e das situacións de aprendizaxe propostas. Procurarase que esta non se limite á explicación por parte da persoa docente, permitindo que en certos momentos sexa o propio alumnado o que se familiarice cos contidos a través da lectura do libro de texto, da síntese (resumos, esquemas...) da información proporcionada ou da realización de tarefas introdutorias.
- A impartición de cada bloque de contidos completarase coas correspondentes actividades de desenvolvemento a eles asociadas. Ademais da indispensable labor de corrección das tarefas propostas, desempeñarase o necesario papel de guía, resolvendo as dúbidas que puidesen xurdir a medida que o alumnado profunda nos contidos expostos. A aquel alumnado ao que se lle detecte algún tipo dificultade no proceso de asimilación dos contidos proporcionaránselle as oportunas actividades de reforzo, mentres que a aquel que amose unha maior axilidade á hora de asimilalos, proporáselle a realización de actividades de ampliación, dotadas dun maior grao de complexidade.
- A realización de proxectos en situacións reais que contextualicen a aprendizaxe e a conecten cos problemas actuais e os retos do presente. Isto, na medida en que a materia incorpora campos temáticos, recursos e procedementos de diferentes áreas de coñecemento, facilitará formular estratexias interdisciplinares que permitan que o alumnado perciba a aprendizaxe desde unha perspectiva conxunta, relacional e global evitando unha visión compartimentada das materias que cursa.

Se ben será necesario que en certos momentos o alumnado realice o seu traballo de xeito individual, fomentarase o traballo en equipo organizando a aula de referencia de modo que se permitan outros agrupamentos (en parellas, pequenos agrupamentos...), sendo así posible a aplicación de técnicas como a coavaliación ou o uso de estruturas de aprendizaxe cooperativa, sen esquecer como o gran grupo pode favorecer igualmente o intercambio de ideas entre o alumnado.

As liñas de actuación metodolóxica no proceso de ensino e aprendizaxe da materia de Xeografía e Historia que permitan o logro dos obxectivos e unha adecuada adquisición das competencias poden xirar sobre as seguintes propostas:

- A materia pode abordarse desde unha perspectiva cronolóxica ou máis transversal, en función dos obxectivos didácticos e as situacións de aprendizaxe propostas; pódense priorizar contidos e ir ao esencial para poder traballalos dun xeito operativo, práctico e comprensible.
- O propio carácter da materia, que incorpora campos temáticos, recursos e procedementos de diferentes áreas de coñecemento, favorece estratexias interdisciplinares como o traballo por proxectos incluso ao longo dos catro cursos da etapa; isto permitirá que o alumnado perciba a aprendizaxe dende unha perspectiva global, evitando unha visión compartimentada das materias.
- O interese do alumnado aumentará ao ver a aplicación das aprendizaxes, polo tanto, é conveniente contextualizalas e conectalas cos problemas actuais e retos do presente, xa que facilita dotar aos contidos de interese, funcionalidade e utilidade, e permite crear escenarios diversos nos que desenvolver iniciativas e proxectos en situacións reais, comprometéndose coa contorna e a comunidade.
- O desenvolvemento das competencias será o eixe vertebrador da didáctica docente, e, por tal motivo, o enfoque metodolóxico das clases debe ser eminentemente práctico e activo poñendo ao alumnado no reto de resolver as tarefas que se lle propoñen seguindo a máxima de que se aprende facendo. Unha vantaxe da Xeografía e Historia é que o alumando adoita a ter coñecementos previos por experiencias vividas, polo que é preciso aproveitalas para favorecer que siga construíndo a súa aprendizaxe actuando o profesorado de guía e propiciador do progreso dos saberes..
- É recomendable establecer unha diversificación dos itinerarios de aprendizaxes, así como a aplicación de criterios de flexibilidade que permitan poñer en acción propostas e iniciativas educativas que favorezan a inclusión. Isto favorecerá a motivación e a participación activa do alumnado e detectar os progresos individuais e grupais sen fixarse só nos resultados. En relación a isto, o profesorado poderá facer emprego de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos, o que vai permitir reforzar a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Diversificar metodoloxías, ademais de romper coa rutina, vai axudar a que o docente teña maior perspectiva de coñecemento do alumnado nas diferentes facetas e detectar as dificultades de aprendizaxe que aparezan e, se fora o caso, poñer en práctica os mecanismos de reforzo axeitados.
- Tamén é conveniente o uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.
- Outro aspecto a ter en conta son as dinámicas de grupo xa que a aprendizaxe entre iguais é moi efectiva. Poden propoñerse tarefas a desenvolver de xeito individual, pequeno grupo ou gran grupo buscando o maior rendemento do alumnado e unha maior interactuación entre eles. Posteriormente, coa posta en común do traballado estableceríase un diálogo moi enriquecedor para a comprensión dos contidos.
- O emprego de mecanismos como a formulación de interrogantes, tormenta de ideas, debates, recreación de feitos, asembleas.... facilitan o intercambio de información, o desenvolvemento crítico e a creación dun criterio persoal ou xuízo de valor que conduce á madurez e desenvolvemento dos estudantes.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto da materia establecido polo Departamento didáctico de xeografía e historia (E-DIXGAL)
Material elaborado pola persoa docente e dispoñible na aula virtual do centro
Caderno ou cartafol de traballo do alumnado
Fichas fotocopiables
Materiais informáticos

Material audiovisual (cine, documentais etc.)
Xogos históricos e/ou de carácter xeográfico
Mapas históricos e/ou xeográficos
Novelas históricas, novelas gráficas, comics, prensa e publicacións etc.
Material funxible

Aproveitarase a gran dispoñibilidade de recursos existente no ámbito das ciencias sociais:

- O libro de texto dixital será un importante apoio para o alumnado xa que aglutina todas as unidades que se van traballar ao longo do curso e tamén ofrece diversas e numerosas actividades a desenvolver. Non obstante, débese ter en conta que non debe determinar a función da persoa docente nin a súa metodoloxía, polo que o profesorado determinará e xestionará o seu uso.
- Ademais do libro de texto empregarase material complementario, elaborado e /ou seleccionado pola persoa docente, dispoñible na aula virtual do centro.
- O alumnado deberá ter un caderno ou cartafol de traballo onde recollerá as tarefas da materia. Dito caderno ou cartafol será unha mostra máis do seu traballo e do seu progreso.
- Farase un uso razoable e responsable das tecnoloxías da información e a comunicación a través dos recursos do centro.

En definitiva, deben empregarse diferentes materiais didácticos coa finalidade de diversificar non só a metodoloxía didáctica senón tamén de atender ás especificidades do alumnado.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante os primeiros días do mes de setembro, preferiblemente antes do comezo da actividade lectiva, realizarase un rexistro de información relevante sobre o alumnado matriculado na materia en relación aos seguintes aspectos:

- Cualificacións do curso anterior.
- Materias pendentes ou, no seu caso, repetición de curso.
- Necesidades educativas especiais ou análogas.
- Outros aspectos de importancia que poidan afectar ao proceso de aprendizaxe.

Ao longo das dúas primeiras clases valorarase en persoa ao alumnado. Será fonte de información relevante a propia presentación en clase na que se comentan os métodos de estudo de cada quen, as debilidades e fortalezas, os gustos... En canto aos aspectos curriculares pasarase un cuestionario sobre contidos básicos do que se vai traballar na aula e contidos de cursos anteriores: este cuestionario servirá tanto para valorar os coñecementos previos do alumnado como tamén para facer unha presentación da materia. En función das características do alumnado contemplarase tamén algunha proba sobre algunha competencia concreta: comprensión lectora e expresión escrita, análise dalgún documento (por exemplo un mapa ou unha gráfica)...

A reunión de avaliación inicial co equipo docente e o Departamento de orientación, así como a información aportada pola persoa titora do grupo, axudará a completar a información recollida e poñela en común.

Unha vez analizada toda a información, adoptaranse decisións sobre os seguintes aspectos:

- Respecto ao currículo: deseñar adaptacións curriculares e reforzos nos casos necesarios.
- Respecto á forma de traballar na aula: organizar grupos, distribuír o material...
- Respecto a aspectos organizativos: distribuír as unidades didácticas, organización da avaliación...

En calquera caso, durante a primeira sesión de cada unidade didáctica o profesorado avaliará a situación de partida de todo o alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
Peso UD/ Tipo Ins.	**5**	**5**	**5**	**10**	**10**	**10**	**10**
Proba escrita	80	80	80	80	80	80	80
Táboa de indicadores	20	20	20	20	20	20	20

Unidade didáctica	UD 8	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**10**	**10**	**10**	**10**	**5**	**100**
Proba escrita	80	80	80	80	80	**80**
Táboa de indicadores	20	20	20	20	20	**20**

Criterios de cualificación:

1. Instrumentos de avaliación:
Por unidades didácticas estableceuse o peso que se lle dá aos instrumentos de avaliación: o 80% do peso para probas escritas e o 20% do peso para as táboas de indicadores.
A probas escritas, de formato variado (liñas do tempo, preguntas curtas, comentarios dirixidos de textos, mapas e/ou gráficos, etc.) puntuaranse nunha escala de 1 a 10; sempre se especificará o valor de cada pregunta, entendendo que se está contestada correctamente levará a puntuación máxima e, de non ser así, a puntuación variará en función das rúbricas establecidas. A cualificación dos exames (probas escritas) será o resultado da suma total da puntuación acadada en cada cuestión (cada pregunta de exame levará a puntuación no mesmo). Realizaranse un mínimo de dúas probas escritas por trimestre.
A táboa de indicadores comprenderá todas as tarefas que se encomenden ao alumnado: traballo de aula, tarefas trimestrais individuais ou grupais, lecturas voluntarias, etc. Para a corrección destas tarefas empregaranse a/as rúbrica/s establecida/as en cada unha delas.

A competencia comunicativa escrita e oral nas probas de avaliación
A competencia lingüística do alumnado, que inclúe a coherencia, cohesión, adecuación, corrección ortográfica e o uso preciso do vocabulario específico da materia, valorarase en todas as probas escritas a través das rúbricas de avaliación correspondentes. Neste sentido, os erros lingüísticos poderán supor unha minoración proporcional na puntuación final, de acordo cos criterios establecidos e comunicados previamente polo profesorado. Este criterio tamén se recollerá nas rúbricas das táboas de indicadores.

2. Cualificacións trimestrais e cualificación final:
A nota de cada avaliación resultará de aplicar a seguinte fórmula ás cualificacións acadadas por cada alumna e por cada alumno:
Nota de avaliación = [(Media probas x 80) + (Media rúbricas táboas de indicadores x20)] / 100.

Unha vez realizadas as correspondentes operacións, de ser o caso, aplicarase o redondeo tendo en conta que cando o decimal sexa igual ou superior a 7 o redondeo farase á alza ao número natural inmediatamente superior; e, pola

contra, cando sexa inferior a 7, redondearase ao número natural inmediatamente inferior. Deste xeito, un 4.7 redondearase a 5., e un 4.5 redondearase a 4.
A avaliación considerarase superada cando a cualificación sexa de 5 puntos ou superior (tendo tamén en conta as normas de redondeo indicadas con anterioridade). No caso de resultar unha avaliación negativa levarase a cabo un plan de recuperación durante o resto de trimestres.

Para a cualificación final de curso terase en conta a cualificación obtida en cada unha das avaliacións e o peso porcentual que se indicou para as unidades didácticas para cada avaliación (a media das tres avaliacións):
Nota final = [(Nota 1ª aval. x 33'33) + (Nota 2ª aval. x 33'33) + (Nota 3ª aval. x 33'33)] / 100.

Unha vez realizadas as correspondentes operacións, de ser o caso, aplicarase o redondeo tendo en conta que cando o decimal sexa igual ou superior a 7 o redondeo farase á alza ao número natural inmediatamente superior; e, pola contra, cando sexa inferior a 7, redondearase ao número natural inmediatamente inferior.
Considerarase que o alumno/a superou a materia cando a nota trimestral sexa igual ou superior a 5.0.

3. Garantía de xustiza e transparencia nas probas de avaliación:

Co obxectivo de evitar o fraude e garantir a igualdade de condicións, a xustiza nas cualificacións e a equidade entre o alumnado, así como de premiar o verdadeiro esforzo e a demostración real das competencias adquiridas, establécese o seguinte protocolo:

1. Medidas preventivas: Ao comezo das probas de avaliación o alumnado deberá gardar na súa mochila ou bolso todos os dispositivos electrónicos (teléfonos móbiles, reloxos intelixentes ou calquera outro sistema similar).

2. Ante a utilización de métodos fraudulentos en probas escritas.

No caso de sospeitar que un alumno ou alumna cometeu fraude durante a realización dunha proba, e de acordo coa presunción de veracidade dos feitos constatados polo profesorado, recollida na RESOLUCIÓN do 5 de xuño de 2025, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa (DOG do 13 de xuño de 2025, Capítulo I, Terceiro, apartado 3), o profesorado tomará medidas de forma inmediata.
En calquera das avaliacións toda proba escrita poderá anularse se existe constancia, mesmo a posteriori, de que o alumno copiou, de que se permitiu que outros copiasen ou se hai indicios claros de ter utilizado medios fraudulentos durante a realización do exame (chuletas, intercambio de exames, uso do teléfono móbil, reprodutores de mp3, smartwatch, miniauriculares ou calquera

outro medio dixital). No caso de que existan sospeitas do uso de métodos fraudulentos nas probas escritas o docente poderá someter os exercicios do alumnado á análise de detectores de IA (QuillBot, ZeroGPT, etc).

- No caso de que o alumno sexa pillado in fraganti, retiraráselle o exame e o profesor ou profesora repetirallo de xeito oral inmediatamente.
- Se os indicios de uso de métodos fraudulentos son percibidos durante a realización das probas, o profesor/a poderá formularlle ao alumno/a preguntas de xeito oral de maneira inmediata á entrega da proba, coa finalidade de probar a súa autoría.
- No caso de non ter sido sorprendido ao alumno ou alumna in fraganti durante a realización da proba, e ante a existencia de indicios claros de fraude (incongruencias na redacción, exhaustividade minuciosa en datos teóricos moi concretos fronte a partes prácticas en branco ou con erros graves, respostas perfectas a cuestións non plantexadas, mesma elección de opcións en varias probas, respostas literais palabra por palabra iguais a documentos en PDF ou webs doadamente localizables en internet -wikipedia, dicionarios, blogs...) quedará a criterio do departamento (reunido en sesión extraordinaria) a decisión de manter ou anular a proba.

No caso da anulación da proba, o profesor/a pode realizala novamente de xeito oral ou escrito. O profesorado das distintas materias poderá, en calquera caso, solicitar por parte do alumnado as aclaracións que considere oportunas para decidir a repetición ou non da proba. A repetición da proba ou de partes da proba realizarase coa presencia doutro docente do departamento didáctico que sexa alleo á materia e/ou estudante. A cualificación da segunda proba oral ou escrita será a definitiva.

Esta situación comunicarase aos titores legais do alumno/a no caso de ser este menor de idade.

No caso de que se puidera demostrar o uso irregular de dispositivos móbiles e/ou o fraude nas probas de avaliación, aplicarase inmediatamente o procedemento corrector dacordo coas NOF do centro (Título II, Capítulo II, Artigo 20., apartado u), sobre o uso de dispositivos móbiles.; e Título III, Capítulo V, Artigo 51, apartado m sobre a falsificación de calquera documento oficial).

Utilización de métodos fraudulentos noutros instrumentos de avaliación.
No caso da presentación de traballos individuais ou grupais nos que se detecte que non foron feitos pola alumna ou alumno senón por outra persoa, serán cualificados cun 0, ao igual que cando nun traballo se detecta que é un mero copia-pega dalgunha páxina de Internet, ou de calquera outro programa informático, aplicación ou intelixencia artificial.

4. Avaliación e cualificación do alumnado que participe en mobilidades ERASMUS/UNESCO:
Todo o alumnado que faga unha mobilidade de curta ou longa duración terá garantida toda a colaboración e flexibilidade do profesorado para facilitar a súa reincorporación.
O profesorado presentará por escrito como xestionará a volta á clase do alumnado, explicando as medidas que vai empregar. Este Acordo de aprendizaxe incluirá:
• Os contidos que se van esixir (unha vez suprimidos todos aqueles que non sexan esenciais). Na materia de Xeografía e Historia 3º ESO a integridade dos contidos serán considerados esenciais.
• Os materiais necesarios para traballar durante a mobilidade.
• A maneira de avaliar e o momento, sendo imprescindible a coordinación do profesorado para evitar a sobrecarga).
• Prorrogaranse as probas escritas ata que o profesorado sexa quen de transmitir aqueles coñecementos esenciais obxecto da proba e que o/a alumno/a non puido xestionar sen axuda.
• A avaliación poderá complementarse mediante outros procedementos como traballos e tarefas que se poidan realizar durante a mobilidade, en función do que considere o/a docente.
No caso da materia de Xeografía e Historia 3º ESO, tratarase de que os instrumentos para avaliar ao alumnado que retorne dunha mobilidade ERASMUS/UNESCO sexan idénticos, na medida do posible, aos empregados para avaliar ao grupo ordinario. Deste xeito, terán o mesmo peso: as probas escritas un 80% e as táboas de indicadores (traballos de investigación, debates, presentacións orais, etc.) un peso do 20%.

Criterios de recuperación:

En relación aos criterios de recuperación da materia para aquel alumnado que non supere algún ou todos os trimestres, o criterio inicial será o de que a alumna ou o alumno só terá que recuperar aquel trimestre non superado e non repetir todas as aprendizaxes xa acadadas. Polo tanto, a partires desta premisa, establécense dúas liñas de actuación:

CRITERIOS DE RECUPERACIÓN DOS TRIMESTRES
O alumnado poderá recuperar a súa cualificación trimestral a través dunha proba de recuperación trimestral que terá lugar a final de curso (probablemente en maio), seguindo as indicacións que o profesorado faga chegar a cada alumna e a cada alumno.
O alumnado que non supera unha avaliación trimestral recibirá as indicacións oportunas do profesorado a través dun plan de recuperación específico; unha vez acadada unha mellor cualificación, o profesorado a comunicará á alumna

ou o alumno e á persoa titora na xunta de avaliación correspondente e a tomará en conta para realizar o recálculo da cualificación do trimestre e, en especial, recálculo que será o referente á hora de realizar a avaliación final da materia.
De xeito extraordinario, e sempre baixo o criterio do docente, poderán admitirse tarefas adicionais para mellorar as cualificacións. Estas deberán seguir estritamente as indicacións do profesorado e axustarse aos criterios xerais de cualificación da materia (en concreto, ás rúbricas de avaliación das táboas de indicadores).

CRITERIOS DE RECUPERACIÓN AO FINAL DE CURSO SOBRE O TOTAL DA MATERIA

O alumnado que pese a recibir un plan específico de recuperación da materia para superar os trimestres suspensos non acade unha cualificación positiva poderá presentarse a unha nova proba de recuperación global, nas datas que indique o profesorado. Para preparar esa proba indicaranse as tarefas que se deben realizar que, de forma xeral, serán as que non se superaron en cada trimestre. O peso da cualificación desta proba sobre a nota final do curso será do 80%, sendo o 20% restante a nota media das tarefas entregadas ao longo do curso (táboa de indicadores). Estas tarefas, no caso de non acadar a cualificación mínima, poderán volver ser entregadas o día da proba de recuperación global.

A materia enténdese superada cando se acada unha cualificación igual ou superior a 5 puntos (aplicaranse os criterios de redondeo sinalados con anterioridade).

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

SEGUIMENTO PERIÓDICO:

O alumnado con esta materia pendente poderá recuperala seguindo un plan de reforzo destinado á súa recuperación e á súa superación ao que terá acceso, preferiblemente, a través da aula virtual do centro. Tendo en conta as necesidades do alumnado, os materiais dixitais poderán ser complementados cun caderno de actividades en formato físico ou dixital. O profesorado poderá realizar un seguimento continuo do plan e do alumnado a través da aula virtual, ou mediante reunións presenciais.

A persoa docente encargada de realizar o seguimento do plan de reforzo será a persoa que lle imparta docencia no curso actual (non será a persoa que imparte docencia no nivel que a/o alumna/o teña sen superar).

A cualificación de cada trimestre e a cualificación final de curso será decidida no Departamento de xeografía e historia segundo as indicacións acordadas pola persoa xefa do dito departamento e a valoración que realice a persoa que se encargue de facer o seguimento do plan de reforzo. É importante que se cumpran as instrucións dadas polo profesorado en canto a formato (caderno, carpeta, traballos soltos, dixital...) técnicas, materiais etc., e que sexan entregados nas datas indicadas, xa que non se recollerán fóra da data sinalada. Os traballos conterán unha indicación na que se recolla a valoración que cada un deles terá na cualificación final.

Seguindo as directrices fixadas, o alumnado con materia pendente recibirá ao inicio de curso un boletín de tarefas coas que traballar as competencias básicas e os contidos curriculares da materia. Estes traballos, que será sempre guiado e orientado pola persoa docente, entregarase de xeito progresivo en cada avaliación e suporá un 20% da nota de cada trimestre e do final de curso. O outro 80% acadarase a través da realización dunha proba escrita. Esta dividirase en dúas pequenas probas en xaneiro e maio, cuxas datas serán concretadas pola xefatura de estudos do centro.
A nota final da avaliación ordinaria de xuño calcularase coa media das notas das dúas probas escritas e a media das notas dos dous bloques de tarefas entregados en xaneiro e maio. Para facer media e realizarase, no seu caso, o correspondente redondeo, seguindo as indicacións recollidas no elemento 5.2 desta programación didáctica.

6. Medidas de atención á diversidade

Atendendo á Orde do 8 de setembro que desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, adoptaranse as medidas de carácter ordinario e extraordinario que se consideren oportunas e axeitadas ao alumnado.

Con carácter xeral, para adecuarse aos diferentes ritmos de aprendizaxe e capacidades, contémplanse actividades de reforzo e ampliación con tempos flexibles e aprendizaxe cooperativa en grupos heteroxéneos. No caso de ser necesarias medidas extraordinarias de atención á diversidade unha vez esgotadas as de carácter ordinario, seguiranse as indicacións establecidas na normativa vixente, coa colaboración do departamento de orientación do centro.

As aulas reflicten a diversidade da sociedade na que vivimos. O recoñecemento da diversidade do alumnado constitúe un principio fundamental que debe rexer toda acción educativa. Unha das finalidades da educación é asegurar a igualdade de oportunidades de todas as alumnas e todos os alumnos expoñendo os medios para evitar o fracaso escolar e o risco de abandono do sistema educativo.

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a acadar os obxectivos e as competencias establecidas para a etapa da educación secundaria obrigatoria e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

As medidas de atención á diversidade deben atender ao principio de inclusión educativa. Isto supón recoñecer a lexitimidade das diferenzas de todas as persoas, asumíndoas como un valor que enriquece o contexto educativo. Este principio establece que todas e todos os estudantes, sexa cal sexa a súa condición persoal, dispoñan na súa contorna educativa das condicións necesarias de acceso a unha formación integral que lles outorgue experiencias de aprendizaxe significativas.

Neste sentido, faise preciso establecer medidas, metodoloxías e compoñentes que permitan ao profesorado abordar con garantías a diversidade das súas aulas. O plan de atención concretarase nos seguintes elementos:

- Combinación de metodoloxías e fíos condutores das unidades didácticas, vinculados ao desenvolvemento emocional do alumnado e a súa integración no grupo. Uso de métodos diferenciados que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorezan a capacidade de aprender por si mesmo.
- Diversidade de agrupamentos e tarefas propostos, articulación de itinerarios diferenciados e combinación de linguaxes e soportes orientados a satisfacer as esixencias de aprendizaxe de cada alumna ou cada alumno e a permitir o seu desenvolvemento individual.
- Deseño de programas específicos de reforzo e ampliación destinados a mellorar as posibilidades de alcanzar os obxectivos da etapa.
- Realización de proxectos significativos para o alumnado. O deseño de tarefas e proxectos de traballo deben basearse en contextos auténticos e recoñecibles para resultar significativos e deben ter en conta as vivencias particulares do alumnado (como, por exemplo, os oficios locais, as materias primas e a toponimia). Alén diso, o traballo colaborativo en proxectos debe potenciar que cada adolescente teña os seus tempos e os seus espazos de protagonismo e o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade de contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
- O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta, a súa expresión e a súa capacidade para relacionarse co resto de persoas. A través do diálogo e da interacción entre o alumnado, contribuirase a desenvolver a capacidade de participar activamente nun equipo, a reflexión sobre as propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.
- A resolución de problemas e conflitos en colaboración e a toma de decisións baseadas en xuízos morais, co fin de contribuír á adquisición das competencias necesarias para seguir os procesos de pensamento, utilizar o razoamento e analizar criticamente os problemas sociais e históricos.
- A gradación da aprendizaxe. O desenvolvemento das capacidades e dos contidos deberá facerse dun xeito gradual e progresivo, de maneira que se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma. A gradación entre cursos non se establece principalmente mediante a distribución

diferenciada de contidos, senón en función da diferente complexidade dos textos, das habilidades de comprensión ou expresión requiridas, da metalinguaxe necesaria para a reflexión sobre os usos ou do grao de autonomía do alumnado.

Prestarase especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital, sen prexuízo do desenvolvemento doutras medidas de atención á diversidade que se poidan establecer. A saber:

- Establecemento de reforzos educativos para alumnado que non sexa capaz de acadar o grao de dominio suficiente expresado nos mínimos esixibles da materia por causas non imputables á falta de estudo ou esforzo.
- Coordinación co Departamento de orientación a fin de axustarse as necesidades daquel alumnado que curse a presente materia cunha adaptación curricular individualizada e supervisión do seu traballo na aula.
- Establecemento de protocolos específicos en resposta ás necesidades específicas do alumnado (TDAH...).

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A educación emocional	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A comprensión da lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A comunicación audiovisual							X	X
ET.5 - A competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - O emprendemento social e empresarial			X		X	X	X	
ET.8 - O espírito científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - O espírito crítico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - A educación en valores						X	X	X
ET.11 - A educación para a saúde						X	X	X
ET.12 - A educación afectivo-sexual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - A igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.14 - A igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.15 - A evitación de comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.16 - O emprego dunha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.17 - A formación estética	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.18 - A conciencia e formación sobre o cambio climático	X	X			X	X	X	
ET.19 - A educación para a sustentabilidade	X	X			X	X	X	
ET.20 - A educación para o consumo responsable	X	X			X	X	X	
ET.21 - A prevención e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social	X	X		X			X	X
ET.22 - Os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito		X		X			X	X
ET.23 - O respecto mutuo		X		X			X	X
ET.24 - A cooperación entre iguais		X		X			X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - A educación emocional	X	X	X	X
ET.2 - A comprensión da lectura	X	X	X	X
ET.3 - A expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.4 - A comunicación audiovisual	X			X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.5 - A competencia dixital	X	X	X	X
ET.6 - A creatividade	X	X	X	X
ET.7 - O emprendemento social e empresarial				
ET.8 - O espírito científico	X	X	X	X
ET.9 - O espírito crítico	X	X	X	X
ET.10 - A educación en valores	X	X	X	X
ET.11 - A educación para a saúde	X	X	X	X
ET.12 - A educación afectivo-sexual	X	X	X	X
ET.13 - A igualdade de xénero	X	X	X	X
ET.14 - A igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X
ET.15 - A evitación de comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero	X	X	X	X
ET.16 - O emprego dunha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista	X	X	X	X
ET.17 - A formación estética	X	X	X	X
ET.18 - A conciencia e formación sobre o cambio climático				
ET.19 - A educación para a sustentabilidade				
ET.20 - A educación para o consumo responsable				
ET.21 - A prevención e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.22 - Os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito	X	X		
ET.23 - O respecto mutuo	X	X		
ET.24 - A cooperación entre iguais	X	X		

Observacións:
Os elementos transversais que se recollen neste curso para esta materia son aqueles que o proceso de ensino e aprendizaxe de todas as materias debe incluír (elementos transversais 1 a 10) pero tamén doutros que deben ser incluídos ao longo da etapa (elementos transversais 11 a 24). A este respecto, a materia de Xeografía e Historia pretende e permite dar cabida a todos estes elementos debido ao carácter da mesma e ao enfoque que se lle pretende dar.

Ao longo do curso haberá momentos nos que se traballen de forma específica e teranse en conta, por exemplo, á hora de seleccionar os materiais cos que se traballará (sexa en formato texto, imaxes ou contidos audiovisuais); tamén no deseño das actividades que o alumnado porá en práctica, na organización dos equipos de traballo, na orientación dos debates que xurdan etc. Non obstante, haberá elementos transversais que teñan presencia ao longo de todo o curso como a cooperación, o respecto mutuo, a resolución pacífica de conflitos... e sempre que sexa preciso traballar puntualmente neles así se fará.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Obradoiro sobre migracións	Organización dun obradoiro en colaboración coa ONG SOS Racismo.	X		
Visita a espazos nos que se desenvolven actividades empresariais	Visitas guiadas tanto ao porto exterior de Vigo como a factoría Stellantis Vigo (ou similar, nos arredores de Pontevedra)		X	
Visita guiada na cidade de Santiago ou Pontevedra	Organización dun obradoiro activo de descubrimento do patrimonio artístico de Santiago de Compostela, ou ben da cidade de Pontevedra.			X
Charlas sobre mundo actual (globalización, desigualdade, valores democráticos, dereitos humanos, conflitos políticos, xenocidio palestino,etc.).	Asistencia e participación en coloquios sobre temas cívicos, económicos ou políticos.	X	X	X

Observacións:

Todas as actividades propostas son especialmente motivadoras, facilitan a socialización do alumnado, e permiten afondar nos contidos do currículo.

Establécense tres fases na preparación e desenvolvemento destas actividades complementarias:

- Unha fase previa na que se proporcionará información ao alumnado, e na que se propondrán tarefas a desenvolver durante a actividade.
- Unha segunda fase, durante a actividade propiamente dita, durante a cal o alumnado deberá recoller datos e observacións.
- Unha fase final, xa na aula, de feed-back, para valorar a experiencia e facer propostas de mellora.

En relación ás actividades propostas, que terán un carácter máis ou menos permanente ao longo do curso, sinalar:

- O centro solicitará un dos obradoiros que organiza a ONG SOS Racismo no que se tratará de que o alumnado visibilice as dificultades relacionadas coas migracións actuais.
- A visita ao porto de Vigo e á factoría Stellantis Vigo achegará ao alumnado a moitos dos contidos traballados no presente curso. Proponse a súa realización de forma conxunta co Departamento de tecnoloxía do centro educativo.
- As charlas de persoas especialistas que desenvolvan estudos ou teñan coñecementos relacionados cos contidos da materia de Xeografía e Historia que se traballen neste curso sobre a situación do mundo actual terán lugar ao longo do curso e dependerán sempre das posibilidades e dispoñibilidade de persoas con este perfil dispostas a compartir os seus coñecementos co alumnado.

- A visita guiada a Santiago de Compostela permitirá continuar afondando no coñecemento da mesma así como a organización dun obradoiro activo de descubrimento do patrimonio artístico que nela existe.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Avalía cualificando segundo o establecido na programación didáctica
Revisa a programación e o seu cumprimento de xeito periódico
Metodoloxía empregada
Emprega materiais diversos propoñendo actividades tamén diversas e máis creativas
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Concentra a maior parte do traballo do alumnado na aula e non na casa
Medidas de atención á diversidade
Planifica as sesións modificándoas atendendo ás necesidades ou intereses do alumnado
Adecúa a metodoloxía ás unidades didácticas e ás circunstancias específicas
Adecúa todos os elementos do proceso de ensino e aprendizaxe ás necesidades do alumnado
Aplica os protocolos establecidos no centro e metodoloxías flexibles para cada caso

Clima de traballo na aula
Promove hábitos de traballo colaborativos
Fomenta un bo clima de traballo na aula
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Emprega as canles de comunicación establecidas polo centro coas familias
Responde con dilixencia á solicitude de informes por parte da persoa titora e do equipo directivo

Descrición:

A persoa docente realizará unha avaliación do proceso de ensino e da súa propia práctica docente. Deixarase constancia da dita avaliación así como das posibles modificacións ou propostas de mellora na memoria final do departamento.

Xunto co anterior, de ser posible, farase unha avaliación trimestral dos indicadores de logro sinalados, de cara a ter unha información concreta e fiable sobre o proceso do ensino e a practica docente. Empregaranse diferentes instrumentos de avaliación (enquisas, listas de control, actas de avaliación...) e os resultados obtidos se incluirán, no seu caso, na memoria final do departamento.

A enquisa ao alumnado realizarase cara o remate do 3º trimestre e incluirá, cando menos, dous bloques de preguntas: un para avaliar o proceso de ensino e outro para avaliar a práctica docente. Os resultados desta avaliación incorporaranse á memoria final do departamento.

En todo caso, non se debe perder de vista que a avaliación da práctica docente debe favorecer a análise, a reflexión e o debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:

- A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.
- A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.
- A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.
- A inclusión e atención á diversidade como resposta educativa á totalidade do alumnado para promover a consecución do éxito escolar.
- A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación é indispensable para avaliar procedementos, as actividades levadas a cabo e os resultados alcanzados polo alumnado, e así facer as modificacións que se consideren oportunas para finalmente reflexionar acerca das posibles propostas de mellora. O coñecemento dos resultados obtidos neste proceso de seguimento e avaliación tamén establecerá un novo punto de partida de cara ao próximo curso e cara a unha nova intervención docente.

A programación didáctica da materia de Xeografía e Historia estará á disposición da comunidade educativa do centro e ademais, a comezos de curso, proporcionarase ao alumnado un extracto da mesma cos seus puntos esenciais: obxectivos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, materiais didácticos e sistema de recuperación.

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación Proens o que permitirá realizar os necesarios axustes no proceso de ensino e aprendizaxe para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado de cara á consecución dos obxectivos establecidos. Todo isto, debidamente xustificado, figurará tamén na memoria final da materia e axudará na proposta de programación didáctica que se concrete para o seguinte curso.

A avaliación da programación realizarase a través dos seguintes indicadores de logro:

- A programación didáctica elaborouse de maneira coordinada coa colaboración de todas as persoas integrantes do departamento.
- A programación didáctica especifica e completa as decisións adoptadas na concreción curricular fixada no proxecto educativo de centro.
- Os criterios de avaliación establecidos valoran con efectividade a consecución dos obxectivos propostos.
- Os procedementos e os instrumentos de avaliación axústanse aos criterios de avaliación indicados.
- As actividades desenvoltas adáptanse á metodoloxía didáctica programada.
- A programación didáctica contempla e manexa con eficacia os recursos e os materiais necesarios para favorecer a adquisición dos contidos e os obxectivos.
- A programación didáctica organiza axeitadamente os espazos e os tempos destinados á realización das actividades previstas.
- A programación didáctica inclúe actividades de reforzo, ampliación e recuperación adecuados ao perfil, as características e as necesidades do alumnado.
- A programación didáctica é revisada ao longo do curso e inclúense nela as modificacións pactadas e realizadas.
- A programación didáctica adáptase ao contexto escolar do centro educativo.

Así mesmo, realizarase o seguimento de cada unidade didáctica a través da aplicación Proens, estipulando e modificando, de ser o caso, a data de inicio e final da explicación de cada unha delas, o número de sesións dedicadas ao seu desenvolvemento, especificando as previstas ao comezo e as realizadas finalmente, así como o grao de cumprimento dos obxectivos indicados.

Este procedemento terá en conta os seguintes puntos:

1. Analizarase regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso. Terase en conta, cando menos, informar sobre o seguinte:

- Unidades didácticas: datas de inicio e fin, número de sesións previstas e realizadas.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Analizaranse as dificultades atopadas no alumnado. Valorarase se os resultados son positivos (continuarase na mesma liña de traballo) ou negativos (realizaranse propostas de mellora).

3. Realizaranse propostas de mellora. Revisaranse as necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, adaptación curricular etc.) tomando como referencia a información obtida de aplicar indicadores como:

- O ofrecemento ao alumnado, de forma individualizada, das explicacións que precise.
- A elaboración das actividades atendendo ás dificultades observadas.
- A proposta de probas de avaliación de distinta dificultade.
- O comentario co alumnado dos erros máis significativos dos traballos realizados.

4. Os instrumentos que se empreguen serán variados, entre os que poden estar:

- Folla de rexistro onde ir anotando os aspectos máis cuantificables.
- Diario de aula.
- Rúbrica de autoavaliación que facilite cuantificar o grao de consecución de aspectos concretos;
- Estatísticas de resultados.
- Cuestionarios e enquisas ao alumnado.

As propostas de mellora da programación didáctica derivarán da análise da efectividade da mesma e dos resultados académicos obtidos nas distintas avaliacións e examinados nas reunións de departamento celebradas ao longo do curso, cuxo contido quedará reflectido nas actas correspondentes. Ademais, na memoria final, contemplaranse as propostas de mellora, vinculadas especialmente á adaptación da metodoloxía, materiais e recursos empregados para favorecer a consecución dos obxectivos establecidos.

9. Outros apartados